FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2021

6

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Edita:
Fundación Rosalía de Castro

Imprime
Gráficas Lasa, S.L.
Padrón

ISSN: 2530-3813
Depósito legal: C135-2016

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº6 · 2021

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS
REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Edita
Fundación Rosalía de Castro
Casa de Rosalía

Director
Xosé Luís Axeitos

Consello de Redacción
Anxo Angueira
Xosé Carlos Beiró
Lydia Fontoira
María Pilar García Negro

Comité Científico
Xosé Ramón Barreiro †
Luís Cochón
Catherine Davies
Carme Fernández Pérez-Sanjulián
María Xesús Lama
Aurora López
Kathleen N. March
Marina Mayoral
Xosé Luís Méndez Ferrín
Camiño Noia
Andrés Pociña
María do Cebreiro Rábade Villar
Francisco Rodríguez
Ana R. Fischer
Dolores Vilavedra

follasnovas.rosalia.gal
revistafollasnovas@rosalia.gal

I. ARTIGOS

10 Unhas liñas para Alejandra Murguía. Algúns aspectos sobre o seu papel de compiladora de literatura de tradición oral e artista

Patricia Carballal Miñán

36 O epistolario do enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa a Manuel Murguía (1866-1873)

Xosé A. Fraga Vázquez

58 Notas sobre o desempeño como xuíz en Cambados do poeta precursor Xoán Manuel Pintos

Emilio Xosé Ínsua

120 Reivindicación de dona Teresa de Castro, nai moi querida por Rosalía

Aurora López | Andrés Pociña

132 As *Rimas populares de Galicia* de Manuel Murguía á luz do conservado no fondo Said Armesto

Diego Rodríguez González

II. TEXTOS E DOCUMENTOS

160 O derradeiro artigo de Curros Enríquez

Xosé Luís Axeitos

182 Un novo documento para a historia da Casa da Matanza

Ana Acuña

192 Recuperación da pía bautismal de Santa María de Dodro onde foran bautizados Gala e Ovidio

Anxo Angueira Viturro

III. RECENSIÓNS

198 *Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro*

Lydia Fontoira Suris

V. VARIA

204 *Follas novas* e a data do nacemento de Rosalía de Castro

Lydia Fontoira Suris

208 *Ou ti!, roxa estrela*: interpretación astronómica dun verso de Rosalía

Martin Pawley | Xabier Pérez Couto

212 "Rosalía abríu a fiestra"

Margarita Viso Soto

VI. CASA DE ROSALÍA

224 Xardíns, plantas e monumentos onomásticos rosalianos en Galicia e alén das fronteiras

Carlos Rodríguez Dacal

236 Un ano moi especial

Fundación Rosalía de Castro

Nótulas do Consello de Redacción

Na madrugada do pasado 17 de marzo de 2021 faleceu na Coruña o profesor Xosé R. Barreiro Fernández, persoa que mantivo desde tempo inmemorial unha especial relación coa Fundación Rosalía de Castro. Era membro do seu padroado, cargo que acababa de renovar, formaba parte do comité científico da revista *Follas Novas*, da que era colaborador, e é coautor do epistolario matrimonial Murguía-Castro. Precisamente a súa última intervención pública, organizada pola Fundación, tivo lugar en Padrón con ocasión da presentación do tomo III desta obra.

Moi probablemente sexa a monumental biografía histórica de Murguía (*Murguía, 2012*) a obra que mellor reflicte a poética historiográfica do profesor Barreiro onde os dous xéneros memorialísticos por excelencia, historia e relato de vida, se complementan superando unha antagonía ancestral.

Pero amais de ser a primeira gran biografía histórica de Galicia a obra *Murguía* reclama a nosa atención pola orixinalidade das fontes empregadas para a súa elaboración: datos sociolóxicos, economía familiar e social, datos antropolóxicos, círculo de sociabilidade política e medios de comunicación, o problema científico na Universidade etc., etc. iluminando un período difícil da nosa historia tratando episodios e cuestións básicas na formación de Galicia como nación, un dos fíos condutores que vertebran a súa praxe historiográfica.

Precisamente no ano 1923 será o centenario da morte de Manuel Murguía ao que dedicaremos atención singular na nosa revista. Nos seis anos transcorridos desde o nacemento de *Follas Novas* foron numerosas as aportacións e lecturas enriquecedoras da obra de Rosalía de Castro que se sucederon nas súas páxinas e noutros medios literarios e culturais que sempre celebramos con entusiasmo compartido. A próxima aparición dunha colección de Anexos da nosa revista, que ofrecemos tamén a posibles colaboradores, quere ser unha contribución máis de traballo e esperanza para o futuro dos estudos rosalianos.

I. ARTIGOS

Unhas liñas para Alejandra Murguía. Algúns aspectos sobre o seu papel de compiladora de literatura de tradición oral e artista

PALABRAS CHAVE

Alejandra Murguía, mulleres artistas, compiladoras de literatura, literatura de tradición oral

RESUMO

Esta aproximación pretende abrir dúas liñas de investigación sobre Alejandra Murguía (Santiago de Compostela 1859 - A Coruña, 1937): o seu labor como transmisora e compiladora de literatura de tradición oral e a súa carreira artística, breve, chea de obstáculos e interrompida drasticamente polas cargas derivadas da súa condición feminina. Ao tempo, pretende ser unha vindicación da súa figura á luz dos estudos sobre mulleres e unha reflexión sobre os discursos da arte e a historia da literatura hexemónicos, que a miúdo obviaron e menosprezaron os desempeños femininos.

KEYWORDS

Alejandra Murguía, women artists, compilers of literature, traditional oral literature

ABSTRACT

This approach aims to open two lines of research on Alejandra Murguía (Santiago de Compostela 1859 - A Coruña, 1937): her work as transmitter and compiler of oral tradition literature and her artistic career, short, filled with obstacles and drastically interrupted by the charges derived from their feminine condition. At the same time, it aims to be a vindication of her figure in the light of women's studies and a reflection on the hegemonic discourses of art and the history of literature, which often ignored and belittled female performances.

Patricia Carballal Miñán
Universidade da Coruña
patricia.carballal@udc.es

ARTIGO

A máis de século e medio do seu nacemento, apenas hai escritas algunhas liñas sobre Alejandra Martínez Castro (coñecida como Alejandra Murguía) que non transparenten dúas variables: ou ben centrárense no seu papel de coidadora sen vindicar este rol –que por ter sido historicamente adxudicado ás mulleres nunca contou con relevancia social a pesar das reclamacións históricas do feminismo[1]– , ou ben supeditaren o seu labor intelectual á axuda dos demais. Deste xeito, a súa educación artística aparece relegada á axuda ao seu irmán Ovidio ou ao seu pai, a busca de textos de literatura de tradición oral apréciase en tanto é útil para Manuel Murguía e os seus contactos intelectuais e os seus coidados pasan desapercibidos a pesar de ser un constante apoio da súa nai e do seu pai, nomeadamente deste último cando Rosalía de Castro falece e Alejandra ocúpase da familia até o punto de facer importantes renuncias na súa vida profesional e persoal, tal e como veremos.

[1] Rosa Cobo (2012: 115) sinala que, ao tempo que Rousseau reivindicaba o concepto de igualdade, advertía: "Para que los varones puedan ocuparse del cumplimiento de la voluntad general en la asamblea, las mujeres deben dedicarse a tiempo completo al marco doméstico-familiar". Porén, como indicaría máis tarde a pensadora feminista Mary Wollstonecraft -seguidora crítica das ideas do filósofo francés-, as funcións femininas asociadas ao ámbito privado e centradas na familia e no coidado "son ideológicamente legitimadas por el contractualismo patriarcal sobre la base de una ontología femenina inferior a la masculina" (Cobo Bedía 2012: 119).

O obxectivo destas liñas non é construír unha "narrativa heroica" sobre Alejandra –ao xeito que Isabel Burdiel considera que se escriben moitas das biografías de mulleres (2015: 344) –, senón sumar algúns feitos sobre a súa vida e sobre o seu labor intelectual e artístico, recollidos polos/as especialistas na familia Murguía Castro, para apreciarmos mellor o seu traballo, nunca debidamente estudado, e convertela nun suxeito histórico (Bolufer 2015: 207-208). Ao tempo, reconstruír a súa biografía individual e situar as súas achegas literarias e históricas constitúe tanto un diálogo crítico cos discursos da historia da arte e da literatura galega en clave de xénero como un acto político, xa que permite contemplar a súa vida a carón da de tantas outras mulleres invisibilizadas e silenciadas (Beard 2018), que deben ser debidamente vindicadas.

Algúns datos da infancia de Alejandra Murguía

Como é sabido, Alejandra foi a primeira dos fillos do matrimonio entre Rosalía de Castro e Manuel Murguía. O seu nome, Alejandra Teresa, rende homenaxe ao seu padriño, o vigués Alejandro Chao –a quen Murguía prometera poñerlle o seu nome ao/á primeiro/a fillo/a que tivese[2]– e á súa avoa materna, Teresa Castro (Lama 2018: 302). O seu nacemento tivo lugar en Santiago o 18 de maio de 1959, sete meses despois do casamento dos seus pais[3]. Segundo recolle Barreiro Fernández (2010: 216), o matrimonio Murguía Castro e a súa primeira filla, acompañados da nai de Rosalía e de dúas criadas, trasládanse a vivir pronto á cidade da Coruña, onde pasan uns meses mentres Manuel Murguía asume a dirección de *El Diario de la Coruña*. Porén, en decembro dese ano, cando cesa de dirixir o xornal, a familia instálase novamente en Santiago, cidade na que dona Teresa Castro aluga unha casa na Rúa do Vilar[4]. Alí coida da pequena Alejandra incluso cando os seus pais se desprazan por mor dos seus quefaceres laborais, primeiro a Vigo e logo a Madrid. No ano 1861 vai vivir con elas Rosalía de Castro, a quen avoa e neta foran buscar a Madrid para acompañala na súa viaxe de volta a Galicia, que resultou ser longa e penosa

[2] Aurelio Aguirre, descoñecedor deste feito, tamén lle fixera chegar a Manuel Murguía o seu interese neste sentido, se ben apuntaba explicitamente: "espero que me hagáis (si no hay inconveniente) padrino del primer varón y si no pudiese ser ponle al menos el nombre de tu verdadero amigo Aurelio" (Barreiro Fernández 2020: 95).

[3] Barreiro Fernández advertía ao respecto: "Disto resulta que Rosalía casou embarazada de dous meses, pero de ningunha maneira o matrimonio foi celebrado, e moito menos apurado, polo feito de estar embarazada Rosalía, xa que como dixemos a decisión procede do mes de marzo ou abril" (2010: 205).

[4] José María Moar nun artigo do 1 de xuño de 1920 titulado "Negra Sombra" e publicado en *El Compostelano* comenta: "En el Padrón del 61, inscriptas en la Rúa del Villar, 20, 2º, está la madre de Rosalía, Teresa Castro, soltera, natural de Padrón, de 50 años, con 30 de residencia en Santiago, y sus criadas, nativas del mismo: María Martínez y Josefa Puig, de 50 y 25 años, y Alejandra Murguía, de igual naturaleza que estas y edad, dos años".

para a nena, como lle relata a escritora nunha cara ao seu marido: "la niña vino con un cólico, que le pasó porque Dios lo quiso, pues con nada pudimos acudirle; pero como es tan fuerte, sanó sin remedio alguno" [5].

Sete meses despois, o 24 de xuño de 1862, falece dona Teresa Castro (Barreiro Fernández 2010: 261). A familia múdase novamente de casa, á compostelá rúa do Mercado Vello número 7, "nunha zona máis humilde, aínda que non deixan de ter dúas criadas, María Martínez, que xa formaba parte da familia, e unha mociña, Piedad Noya, que os acompañou durante varios anos" (Barreiro Fernández 2010: 251). A partir desta data e durante os anos seguintes, Rosalía de Castro coida da nena a pesar de proseguir co seu traballo intelectual, seguramente botando en falta a axuda da súa nai que constituíra un importante apoio material (Lama 2017: 309). Mentres Murguía continúa en Madrid (volvendo a pasar temporadas estivais en Galicia), a escritora envíalle nas súas cartas recordos e saudades de Alejandra. Así, nunha misiva datada en 1863 por Barreiro Fernández e Axeitos (2005: 19) coméntalle: "La pequeña sigue buena y me pregunta siempre cuándo vienes". E, noutra, escríbelle: "Recibe toda mi alma y besos de tu pequeñita que quiere que le traigas una virgen vestida de sol y calzada de la luna. Poca cosa" (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 19).

A primeira infancia de Alejandra Murguía transcorre, pois, na cidade compostelá, na que tamén vivía a súa familia paterna, coa que Rosalía de Castro mantiña algunha tensión, derivada das difíciles relacións de Murguía co seu pai, Juan Martínez[6]. Mais, paradoxalmente, Alejandra atenúa os roces, xa que, como apuntaba Barreiro Fernández na biografía do historiador coruñés, Juan Martínez "era un home duro para os fillos, aínda que como lles sucede a moitos pais era brando e cariñosísimo cos netos" (2005: 73). Efectivamente, as cartas que se conservan entre o pai de Manuel Murguía e a súa primeira neta testemuñan este agarimo. Así, no ano 1869, cando Alejandra xunto coa súa nai, vai vivir a Simancas[7] (onde Manuel Murguía tomara posesión da súa praza, concedida polo ministro de Fomento Ruíz Zorrilla), Juan Martínez escríbelle puntualmente á súa neta. Nas súas cartas nárralle sucesos acaecidos aos seus coñecidos e

[5] Carta datada o 16 de decembro de 1861 en Santiago (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 18).

[6] Así, por exemplo, a escritora maniféstalle nunha carta ao seu esposo sobre a tía paterna deste último: "Tu tía Teresa está ahí, pues al pasar por allí la niña la vio, pues la llamó ella y le dijo que me diese un recadito, y que no venía por aquí porque estaba sola la tía Pepa. Yo no salgo, pero aunque así no fuera no iría a verla". Noutra misiva, datada por Axeitos e Barreiro Fernández en maio de 1867 (2005: IV, 30), Rosalía dille a Murguía "Ninguna contestación tuve de Joaquina, y no quiero mandarle más a la niña, a no ser que tú mandes otra cosa. Que se lo coman y se lo guisen todo". (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 30). Joaquina [Peña], era unha serventa da casa de Juan Martínez e pasaría máis tarde a axudar ao matrimonio Murguía Castro no seu traslado a Simancas (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 57, nota 17).

[7] A pequena Aura (nacida o 7 de decembro de 1868) quedara ao coidado das dúas serventas da familia, Ramona e Piedad Noya, ata que esta última a levou a Simancas.

coñecidas ("murió la madre de tu criada María"[8]), mándalle cartos polo seu santo[9], envíalle sementes de flores para que as plante na primavera castelá[10], fálalle do tempo e das celebracións santiaguesas (o Entroido, a Semana Santa, as festas estivais), imaxínaa de volta a Galicia nun comezo de verán no que abonda a froita ("¡Quien te diera aquí metiendo esos pequeñitos dientes en tanto albérchigo y fresa como tengo (...)!"[11]) e preocúpase pola súa saúde ("Cuydado con el Sarampión que no es nada bueno para los niños"[12]).

Alejandra Murguía –que chega a Simancas con 10 anos de idade– é quen de manter a correspondencia co seu avó e contestarlle, mentres el permanece pendente dos avances na capacitación lectoescritora da súa primeira neta. Na primeira das cartas que lle envía pídelle que lle responda "porque al mismo tiempo te ejercitas, y escribirás cada vez mejor"[13] e incluso lle dá consellos a este respecto: "Cuando escribas, mejor hazlo con cachaza y bien largo, que con eso te ejercitas y cada vez escribirás mejor"[14]. Ademais, a través destes documentos coñecemos que a pequena xa se interesaba polo debuxo, que será unha constante na súa vida, como máis adiante veremos.

Outros datos desta época desvélannos, amais, outro dos intereses de Alejandra Murguía, sobre o que tamén profundaremos: a cultura de tradición oral. Ao parecer, durante a estadía en Simancas, a moza (que convive cos seus proxenitores e a súa irmá de poucos meses) recolleu dous singulares arrolos que o seu pai lle enviou ao estudoso e folclorista andaluz Francisco Rodríguez Marín. No tomo V da súa obra de 1883 *Cantos populares españoles* transcríbense precedidos da seguinte nota:

> Siguen dos canciones de cuna, recogidas en Simancas por la hija mayor de mi ilustrado amigo Murguía, canciones que él, con su acostumbrada bondad, me ha remitido, y que no quiero dar á conocer sin extractar la explicación que las acompañaba. Entrambas se cantan á dos voces, una que contesta á la otra. El origen de esta especie de diálogo no lo adivino, á no ser que sean imitación de ciertos dramas

---

[8] Carta de Juan Martínez datada en Santiago o 16 de febreiro de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 197).

[9] Carta de Juan Martínez a Alejandra, datada, simplemente, como "Hoy 17". (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 198).

[10] Carta de Juan Marínez a Alejandra datada o 26 de marzo de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 198).

[11] Carta de Juan Martínez datada en Santiago o 28 de xuño de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 200).

[12] Carta de Juan Martínez a Alejandra datada en Santiago o 27 de xuño de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 201).

[13] Carta de Juan Martínez datada en Santiago o 16 de febreiro de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 197).

[14] Carta de Juan Martínez datada en Santiago o 4 de xuño de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 200).

litúrgicos, parecidos al que todavía se conserva (en cierto modo) en las funciones de Semana Santa en Santiago (Rodríguez Marín 1883: 9) [15].

Tamén Manuel Murguía no seu artigo "Romance de Silvana", publicado o 24 de marzo de 1878 en *El Eco de Galicia*, ao falar dunha versión asturiana desta peza recollida por Amador de los Ríos, apunta: "Parece que la versión asturiana es común a Castilla; nuestra hija al menos lo aprendió en Simancas, aunque con algunas variantes del publicado por el claro autor de la *Historia de la literatura española*".

1. A educación de Alejandra Murguía

Na infancia da filla máis vella de Rosalía de Castro albíscanse tanto o seu interese pola literatura tradicional (que ocupará un lugar central na cultura familiar dos Murguía Castro durante anos) como as súas inclinacións artísticas. Non obstante, non conservamos, até o de agora, datos sobre a súa formación regrada, máis alá de que Pereira Bueno, afirma que se educou formalmente na Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela para incrementar a súa formación artística (2004:175)[16].

No entanto, é lóxico pensar que tanto a súa nai coma o seu pai manifestasen interese pola súa formación, dado que a educación foi un tema incluído no quefacer intelectual de ámbolos dous, aínda que dende parcelas diferenciadas. Manuel Murguía, quen nunca se detivo a analizar a cuestión da educación feminina dende ningunha postura crítica

[15] I *(Un rey moro tenía una cautiva cristiana, y esta / cantaba, mientras dormía un niño:).* / 1ª voz. Cuando yo era niña, / Al campo salía / Tras las mariposas; / Cual ellas corría. / Cuando yo era niña, / Por el campo andaba / Tras las mariposas; / Cual ellas volaba. / Por el campo fui, / Rosales sembré, / Espinas cogí. / Ea! ea! ea! / Que no soy tan fea; / Y si lo soy, si lo soy, que lo sea. / Eh, eh, eh. / Si yo soy fea, ¿qué le importa á usté? / Duérmete, niño, duérmete. / *(El rey, que estaba escuchando, contesta:)* / 2ª. Te quiero, niña mia; / Te quiero, duerme. / Más que a las flores que nacen / En el campo y el viento mueve. / Más que al arroyo / Del prado verde / Te quiero, niña mía; / Duerme. / Quéreme, sí; / Como al arroyo / Te quiero a ti. / 1ª. voz Nazarena soy, / Nazarena fui; / Si soy nazarena, / No soy para ti / Al run, run, mi vida. / Así dormía su Niño / Santa María / Y al ron, ron *(¿a-la-ro-ro?)* / Dormía la Virgen / Al Niño Dios. / Allí arriba en el monte Calvario, / Matitas de oliva, matitas de olor, / Restañaban la sangre de Cristo / Cuatro gilgueritos y un ruiseñor (2) / Nazarena soy (etc.)

II 1ª voz. Eres paloma blanca / Como la nieve; / Pósate en el río y bebe. / 2ª voz. Traigo el ala morada, / Color de lirio. / 1ª voz. Por Dios, blanca paloma, / Vénte conmigo, *(bis)* / Traes el ala herida, / Paloma blanca. / 2ª voz. No traigo el ala herida; / Que traigo el alma. / 1ª voz. Tienes alas moradas, / Color de lirio; / Por Dios, blanca paloma, / Vente conmigo. / 2ª voz. Soy sola, sola, *(bis)* / Sola y sin dueño. / 1ª voz. Calla, blanca paloma; [/] Me haces llorar. / Yo te daré alas / Para volar. / Solita, sin amores / Y en pueblo ajeno. / Soy sola, sola, / Sola y sin dueño. / 1ª voz. Calla, blanca paloma; / Me haces llorar. / Yo te daré las alas / Para volar.

[16] Se ben, non achega a procedencia documental deste dato.

ou achegamento histórico, é autor de *La primera luz. Libro de lectura para uso de las Escuelas de primeras letras de Galicia*, que viu a luz significativamente en 1859, o ano de nacemento da súa primoxénita. Se ben Barreiro Fernández (2000) apuntaba que seguramente as necesidades económicas do matrimonio estaban detrás da súa redacción, o libriño, declarado "texto para las escuelas del Reino" e que está destinado a formar, por primeira vez, unha xeración galega consciente do feito diferencial do país, foi dedicado á súa primoxénita, a quen converte en receptora directa:

> Y tú, hija mía, venida ayer a este valle de lágrimas; tú, en quien pienso al escribir este libro, aprende, hija de mi alma, a amar a esta Galicia infortunada, en donde han nacido tus padres y en donde has visto la primera luz. Para ti escribo estas páginas; benditos sean tus dulces ojos, benditos sean tus labios puros como la sonrisa de tu madre, cada vez que leas y pronuncies estas palabras que escribo pensando en ti, oh, tu, la hija más amada! (Murguía 1868: 9-10).

Pola súa parte, Rosalía de Castro si prestou atención, ao longo da súa obra, á cuestión da desigualdade feminina, ben estudada polo fecundo e vizoso corpus crítico co que contamos hoxe en día. No que respecta á educación das mulleres, a situación era certamente precaria, se temos en conta que se cara a 1860 a taxa de alfabetización en Galicia representaba un 17,07% no conxunto da poboación, "entre os homes o devandito indicador abranguía ó 32,97%, mentres que entre as mulleres soamente ó 3,86%, cunha diferenza, pois, entre os dous xéneros de 29,11 puntos" (Peña Saavedra e Fernández González 2000: 42). Por outra banda, o pensamento maioritario sobre a educación feminina da época e sobre a percepción das mulleres con formación intelectual era moi negativo e prexuizoso, como escribe Rosalía en *Las literatas*, texto publicado en 1866, durante a infancia de Alejandra:

> Si vas a la tertulia y hablas de algo de lo que sabes; si te expresas siquiera en un lenguaje algo correcto, te llaman bachillera, dicen que te escuchas a ti misma que lo quieres saber todo. Si guardas una prudente reserva, ¡qué fatua!, ¡qué orgullosa!, te desdeñas de hablar como no sea con literatos. Si te haces la modesta y por no entrar en vanas disputas dejas pasar inadvertidas las cuestiones con que te provocan, ¿en dónde está tu talento?; ni siquiera sabes entretener a la gente con una amena conversación (Castro 1960: 1538) [17].

Estas afirmacións, que, se ben non deben ser lidas unicamente como espello propio da autora pero sobre as que, como opina Kathleen N. March, "no parecería apropiado

[17] Asemade, neste texto tamén pon de manifesto a desigualdade da formación feminina, contrapoñéndoa á dos homes: "Pero... ¿Cómo creer que *ella* pueda escribir tales cosas? Una mujer a quien ven todos los días, a quien conocen desde niña, a quien han oído hablar, y no andaluz, sino lisa y llanamente como cualquiera, ¿puede discurrir y escribir cosas que a *ellos* no se les ha pasado nunca por las mientes, y eso que han estudiado y saben filosofía, leyes, retórica y poética, etc?... (Castro 1960: 1538).

querer rechazar todo elemento autobiográfico" (1994: 220), desvelan a dura percepción que a sociedade contemporánea tiña das mulleres formadas e que a propia Rosalía tamén sufriu. Ademais, constitúense como a toma de posición dunha muller letrada que reclama con firmeza o espazo público da literatura á vez que denuncia o rexeitamento social da súa profesión intelectual (García Negro 2010). Tras a súa lectura, é razoable pensar que a escritora –bastante máis implicada no coidado de Alejandra que o seu home– estivese comprometida coa súa educación e tentase tamén equilibrar as fendas da escasa formación prevista para as nenas da época, achegándolle á súa filla os recursos derivados das redes culturais (humanas e materiais) coas que contaban ela e o seu marido.

2. Alejandra Murguía e a literatura de tradición oral

Como xa referimos, o paso por Simancas da filla maior de Rosalía de Castro, ofrécenos o retrato dunha pequena interesada por desenvolver as súas destrezas artísticas, que le e escribe con fluidez[18], e imbuída precozmente nas actividades culturais dos seus pais. A este respecto, non parece estraño que Alejandra Murguía participase na recollida de literatura de tradición oral na cidade castelá, xa que os seus pais eran activos defensores, compiladores e valedores deste tipo de cultura inmaterial durante a infancia da súa primeira filla.

En 1863, Rosalía de Castro dá ao prelo a que sería a obra fundacional da literatura galega, *Cantares gallegos*. Como observa Domingo Blanco Pérez, con esta obra "a poesía popular galega adquire cidadanía no mundo literario e acada o punto máis alto na estima do público letrado" (1994: 85-86). Non era a primeira vez que Rosalía se interesaba pola etnoliteratura. Juan Naya fala de catro pregos manuscritos nos que recada romances, oracións, vilancicos, refráns e varios cantares recollidos na comarca padronesa pero tamén en Simancas, que dan conta do seu interese polas manifestacións culturais populares[19]. Pero con *Cantares gallegos* asenta sobre a literatura demótica dúas cuestións fundamentais: a primeira, o seu precedente como base para a *textificación* do idioma e da literatura galega escrita (Axeitos Valiño 2019). E a segunda, a súa reescritura en clave feminina, que permite expandir e intervir o universo popular dos poemas (Angueira 2008), ao tempo que enlaza coa tradición oral da canción de muller. Deste xeito a lírica popular é tratada

[18] Nas dúas cartas que a nena envía aos seus pais mentres está en Santiago co seu avó durante o inverno en 1871 (datadas o 27 de novembro e o 2 de decembro), pode apreciarse como Alejandra é capaz de manter unha comunicación epistolar con facilidade. Barreiro Fernández e Axeitos comentan: "Sorprende, por exemplo, no carteo entre Murguía e o seu fillo Ovidio, a escasa formación escolar deste último, que o pai se esforza en corrixir, non sempre con éxito. Contrasta esta escasa formación escolar de Ovidio coa das súas irmás, Alexandra e Aura, que se expresan con maior desenvoltura e maior dominio epistolar" (2005: IV, 14).

[19] Se ben, atribúe o labor de pescuda de textos populares á axuda do seu marido; xuízo impecablemente refutado por Anxo Angueira nos seus traballos de 2002, 2008 e 2011.

por Rosalía para construír un libro de poemas polifónico, no que as personaxes femininas se resignifican e as voces das mulleres excluídas dos circuítos cultos asoman para ser molladas en tinta.

Manuel Murguía contribúe tamén a revalorizar a etnoliteratura, mais dende un punto de vista moi afastado do da súa cónxuxe. Para el, as composición populares constitúen unha "fonte importante para a historia de Galicia" (Blanco Pérez 1994: 90), en consonancia coas ideas románticas da época, que asumían estas manifestacións "naturais" como un dos feitos diferenciais da cultura propia dos pobos. Alejandra, e este respecto, é sempre reivindicada polo seu pai como portadora deste tipo de saber dende a súa primeira infancia e, en diversos escritos, defenderá o seu papel, primeiro como transmisora e intérprete e logo como eficaz compiladora. Así, cando o 24 de marzo de 1878, Manuel Murguía publica o devandito "Romance de Silvana", en *El Eco de Galicia* da Habana, apunta:

> El romance de Silvana, lo tenemos, así como las variantes, de nuestra hija. Oyóselo bien niña, hará ocho o diez años, a una anciana del país de Laje, que le enseñó este y otras más que enriquecen la presente colección. Acercábase la buena vieja, cuando se le recitaba, a los ochenta años; y si se supone que debió aprenderlo en su juventud, puede decirse que era ya popular en el país a que nos referimos, a mediados del pasado siglo[20].

Tamén no seu traballo "El Folk-Lore gallego" editado en *Los lunes de El Imparcial* o 28 de outubro de 1881 (un dos moitos referidos a este tema ao que comezara a prestar interese xa dende as páxinas de *El Museo Universal*), narra:

> El sol de una tarde de agosto iluminaba con sus últimos rayos el encendido ocaso; oíanse a mi alrededor todos los ruidos de la cercana población y los de la campiña. El incesante chillido de innumerables gorriones se mezclaba al de la presa del molino y el de la corriente del Breamo. Mi hija, corriendo tras de las palomas, entonaba el infantil romance, y sus canciones de siempre las campesinas, que en medio de un mar de hojas separaban de las ramas, recién cortadas, las judías, que iban echando en las grandes cestas que las esperaban codiciosas. Luz, aire, perfume y rumores, todo consonaba con la índole de mi trabajo, y parecía ayudarme en él, misteriosamente.
>
> Pero esto fue un momento. Allá abajo, en la vieja Compostela, y dos años después, al compás soñoliento de las campanas, y más atrás el *mayo* cantaba en las calles, en donde se copiaron los primeros versos, hijos de la musa popular, y donde, recogidos de los labios de seis años de mi siempre amada Alejandra, pasaron a la imprenta, entre otros, aquel bello romance que empieza:
>
> Ábrem´as portiñas,
> Ábreme o postigo,
> Dáme d´o teu lenzo,
> Ay, meu ben, que veño ferido.

[20] Efectivamente, nunha carta datada o 19 de maio de 1909, Murguía relátallo a Said Armesto, quen pensaba recompilar romances nesta vila coruñesa (Groba González 2011: 120).

No mesmo texto, ademais, redunda no importante labor da súa filla e da propia Rosalía de Castro como transmisoras de etnoliteratura (e etnomúsica), incide na relevancia destas manifestacións tradicionais e indica como Alejandra comezou a aprecialas e recollelas:

> ...no fue mi madre, que hablaba otra lengua y era de otras tierras, sino la esposa y la hija, las que interrogando sus recuerdos, hacían posible esta obra, por completo de la patria. Y bajo el techo en que la primera había escrito, bien joven todavía, los *Cantares gallegos*, recordaba su hija los romances, los cuentos, las tradiciones que ella había aprendido, el cielo sabe dónde y por qué, para hacer con ellos su presente de amor al padre que tanto ama, y a su Galicia, que tan locamente ama ella también.
>
> Mas como la niña ignoraba entonces el valor e importancia de tales cosas, no abrió por entonces todo el tomo de sus recuerdos; fue preciso que faltaran tiempos, y que una circunstancia especial la pusiese en condición de prestar a su país y a sus gentes tan gran servicio. Fue bajo el cielo de Coimbra, que visitábamos para conocer el arte portugués, cuando, leyendo el *Romancero*, publicado por Teóphilo Braga, me dijo: "¡Si de esto tenemos nosotros mucho!". Y desde aquel momento, recordando lo que ya tenía olvidado juntamente con las alegrías de la niñez, cuyos límites acababa apenas de traspasar, evocó en su memoria y en su corazón lo que parecía dormido en ella para siempre. Hoy uno, mañana otro, fue apuntando romances, cantigas, adagios, adivinanzas, juegos de niños, cuentos, tradiciones, en una palabra, todo un mundo que venía a la vida y al conocimiento de los hombres.

Ademais, Murguía converte o labor de memoria e de compilación de Alejandra en modélico para a conformación do proxectado Folk-Lore Gallego que programaba constituír (Barreiro Fernández 2010: 626-636), e destaca o papel das transmisoras e intérpretes destas pezas na conformación identitaria de Galicia[21]:

> ¡Y cuántas como ella en Galicia podrán hacer igual servicio a su patria! ¡Cuántas, prestándole la poderosa ayuda de sus recuerdos estarán en el caso de enriquecer el desconocido tesoro de nuestra producción popular! ¡Qué poderoso auxilio el suyo para el naciente Folk-Lore, si se lograse interesarlas en esta obra de regeneración! Pues eso recuerdo que hicieron los míos, para ver si hay quien les sigue y quien quiera alistarse gloriosamente bajo la bandera blanca del país, cuyo pasado quiere evocar y dar a conocer a todos el Folk-Lore Gallego.

E, coidadoso, dá sempre a referencia de Alejandra como compiladora, como no caso do romance que cita a romaxe de Santa Minia (recollido no artigo "Nuestro Folk-Lore" publicado en *Almanaque Gallego para 1916* en Buenos Aires), cuxa transcrición vai seguida da seguinte nota:

> Aun cuando el romance no está completo, bien deja comprender que se trata de dos enamorados que se despiden. Lo que llegó hasta nosotros se refiere a las romerías y santuarios más famosos cuando se

[21] Se ben Murguía recae no tópico das mulleres cantoras de Galicia, xa apuntado por Sarmiento, é certo que as informantes que aparecen no *Cancioneiro Musical Galego* de Casto Sampedro, son maioría de mulleres (Groba González 2011). Nas escolmas de literatura de tradición oral galega adoita repetirse unha mesma pragmática da recollida na que o compilador e estudoso é un home e a intérprete unha muller.

> compuso. Lo tenemos gracias a la buena memoria de nuestra hija mayor, niña entonces de siete años, a quien se lo recitó una sirvienta natural de Arzúa, hacia el año de 1868[22].

Sobre as dúbidas que proxecta J. L. Forneiro (2001, 2017) sobre a veracidade de que Alejandra Murguía fose quen realmente recollera composicións populares de nena, caben varias alegacións. Nalgúns casos, coma nas cancións de berce recollidas en Simancas, semella moito máis probable que fosen escoitadas, aprendidas e mesmo apuntadas por Alejandra que polo seu pai. Evidentemente, e pola súa condición feminina, Alejandra acompañaría e mesmo coidaría da súa irmá Aura –que era apenas un naipelo cando foi a Simancas–, xunto coa súa nai, as súas serventas e, se cadra, algunhas outras mulleres desta vila, coas que probablemente se relacionasen. Posiblemente, estas últimas contribuirían a incrementar o corpus familiar de cancións de berce para calmar ou durmir a pequena da casa (parece estraño que Manuel Murguía tratase directamente coas transmisoras, que poderían sentirse intimidadas pola súa condición de varón mesmo de intelectual). Outras veces, as cancións sonlle transmitidas a Alejandra Murguía cando outras mulleres coidan dela. Nunha carta do seu pai a Said Armesto, o primeiro cóntalle ao estudoso pontevedrés, que quería facer unha recolla de etnotextos en Laxe:

> Es posible que hallases algo, pero te advierto que los recogidos por mí, mejor dicho por Alejandra, los obtuvo esta en Santiago hacia el año 1865 y 66, de una vieja de cerca de ochenta años natural de aquella población (Laje). Esta vieja era madre de una criada que teníamos y la mandaban con Alejadra á paseo y ella se iba á ver á su madre quien por entretener á la chiquilla le recitaba los citados romances (Carta de M. Murguía a V. Said con data do 19 de maio de 1909 en Groba González 2011: I, 120).

Por outro lado, é a propia primoxénita de Rosalía de Castro a que dá fe da súa afección. Nunha carta a Casto Sampedro (do que falaremos nas seguintes liñas), declaráralle:

> ...a pesar de mi carencia absoluta de conocimientos musicales, no soy ajena a la música de mi país y cantos regionales por los que desde muy niña mostré predilección. Lo mismo me sucedió con los castellanos, y he dado mucho en ese sentido (Carta remitida por Alejandra Murguía Castro con data do 14 de novembro de 1920 a Casto Sampedro e reproducida en Groba González 2011: I, 104).

O labor de Alejandra Murguía como compiladora e transmisora de pezas tradicionais, musicadas as máis das veces, non foi soamente apreciado polo seu pai, senón tamén

[22] González Reboredo sinala que "na Galicia da segunda metade do seculo XIX, igual que no resto de Europa, medra con forza unha preocupación por recoller a tradición oral propia do labrego, o mariñeiro, a criada/criado ou artesán, os que se consideraba que mantiñan moi vellos saberes, merecedores de seren arquivados e divulgados antes de que as novas formas da sociedade urbano-industrial acabasen con eles" (2014: 76).

polos citados Víctor Said Armesto e Casto Sampedro. O musicólogo Xavier Groba González, nos seus estudos sobre o *Cancioneiro Musical Galego* deste último, destaca, que se ben a filla máis vella do matrimonio Murguía Castro non tiña coñecementos musicais, chegou a converterse "nunha excepcional informante-colaboradora" para Casto Sampedro:

> Fue ella quien facilitó la versión de O Figueiral editada con el nº. 191 que, como se recuerda en el CMG, *fue recitado y cantado por la Srta. Alejandra Murguía, quien dice haberlo oído con frecuencia, cuando niña, a una labradora natural de [Melide] (Coruña)* que prestaba servicio en casa de sus padres en Iria, Padrón. *Efectivamen*te, Sampedro la transcribía "al oído" y por ella conoció también versiones de la música editada en los nos. 41, 187, 188, 316 y quizás también una del alalá nº16. Además, Doña Alejandra proporcionó información sobre la *Alborada de Rosalía de Castro*, la Alborada de Veiga, y sobre las aptitudes y aficiones musicales de su madre (Groba González 2011: I, 166).

De feito, na investigación de Groba González sobre a inxente Colección Sampedro custodiada no Museo de Pontevedra (da que o *Cancioneiro Musical Galego*, publicado en 1942 por Filgueira Valverde, constitúe só unha pequena parte), documenta "dezaseis rexistros achegados aos que lles une un par de temas instrumentais" da filla de Manuel Murguía: 0044. "Alalá de Caldas de Reis"; 0128. "Alá riba n´a riveira"; 0144. "Cantinela [con retrouso] de Sada"; 0160. Pseudo-romance, "Canción d´o Figueiral"; 0202. Romance novelesco estrófico, "Santa Irene"; 0204. Romance novelesco histórico [El ciego raptor], "O cego andante"; 0252. Cantar de cegos de Mondoñedo; 0265. "Véndem´os bois e véndem´as vacas"; 0554. Infantís, romances [Santa Catalina]; 0565. Muiñeira vella, tamén de Barcala; 0613. Muiñeira vella, de Caldas de Reis; 0655. Punto de Jota; 0687. Borrador do Alalá "Folliñas da carballeira"; 0703. Borrador, propia de oficios, costureiras; 0704. Borrador, canto de Nadal e 0716. Borrador, agarradiño "Barcarola de Miño" (Groba González 2011: II).

Así mesmo, Alejandra Murguía colaborou tamén co estudoso e catedrático pontevedrés Víctor Said Armesto, con quen Manuel Murguía intercambiara abondosa información relativa á lírica tradicional. O pai de Alejandra planeaba publicar un volume que se titularía *Rimas populares de Galicia* (Blanco Pérez 1994). Pero o segundo, relataba Barreiro Fernández (2010: 398-399):

> ...non estaba moi seguro da súa obra. As precisións metodolóxicas que lle fixo Milá y Fontanals e a coidadosa publicación de *Rimas Populares* noutros idiomas nos que se elaboraban familias de romances e cantares para desentrañar un posible texto orixinal, as contaminacións que se advertían e non só entre poemas populares galegos senón tamén con outros casteláns e portugueses sobre o mesmo tema, a falla de garantías nas transcrición feitas por amigos e admiradores que lle enviaban material para o libro, todo isto debeu pesar en Murguía. Foi el sen dúbida, o que orientou a Said Armesto a investigar na literatura popular galega e comprendeu que o futuro catedrático da Universidade Central estaba máis

dotado de recursos metodolóxicos que el mesmo. *E iso explica que decidise pasarlle todo o material acumulado para que fose Said Armesto quen realizase esta obra*.

Mais este finou prematuramente en 1914 sen publicar este material, que soamente viu a luz de maneira parcial cando en 1997 Domingo García-Sabell editou o volume *Poesía Popular Gallega*, de Víctor Said Armesto. Nesta edición, ademais de varias pezas líricas recollidas por Manuel Murguía, aparecían tres romances achegados por Alejandra: "La vuelta del marido", "O Infante Farol" e a "Canción do Figueiral". Hoxe en día, consérvanse no arquivo da Fundación Barrié de la Maza 16 follas manuscritas achegadas por Alejandra (cuxa caligrafía identifica, por vez primeira Diego Rodríguez González neste mesmo número da revista *Follas Novas*), que suman novas pezas proporcionadas por Manuel Murguía a Víctor Said Armesto: "Nosa señora da Barca", "As fillas do Rey Ferino" e "Jesucristo está sentado a beira da fonte crara" –que García-Sabell indica como recollidos por Manuel Murguía (1997: 278 e 351) –, "Gaiferos de Mormaltán" e "Gastan os camariñáns". Estes documentos, alén de varias cartas cruzadas entre Said Armesto, Manuel Murguía e a súa filla primoxénita, testemuñan non só que o interese pola cultura popular formaban parte das inquietudes adultas de Alejandra Murguía senón tamén do aprecio de Víctor Said por ela como informante, colaboradora e compiladora de pezas etnopoéticas.

Por último, queremos constatar tamén a presenza de dous pregos manuscritos de Alejandra Murguía conservados no arquivo da Real Academia Galega. Un deles –identificado por Diego Rodríguez González (2017)– contén tres composicións poéticas tradicionais, posiblemente recollidas en Lestrove (topónimo escrito na marxe superior dereita). No outro (do que existe unha copia na exposición da Casa-Museo Rosalía de Castro) transcríbense oito refráns.

2.1 O corpus etnopoético de Alejandra Murguía

Referirémonos aquí ao corpus citado que consideramos como recompilado por Alejandra Murguía neste primeiro achegamento e que é susceptible de ser incrementado en futuras investigacións bibliográficas e arquivísticas. Para o estudo das pezas, tomaremos como guía os achegamentos feitos por Zipes (2014) e Sanfilippo (2017, 2019), que afondaron nas características dos etnotextos executados e recompilados por mulleres ou transmitidos entre elas, e que desvelan toda unha serie de trazos específicos, presentes tanto na construción de voces femininas como na elaboración de personaxes e de escolla de temáticas, e que cremos que poden resultar útiles para as etnopezas (neste caso poéticas) atesouradas por Alejandra Murguía.

A este respecto, xa sinalamos que as mostras memorizadas pola filla primoxénita de Rosalía de Castro foron interpretadas por mulleres. Neste corpus, xa que logo, aparecen pezas enunciadas por estas en situacións de coidado infantil (os arrolos, por exemplo), que, por un lado fan visible este tipo de traballo feminino e, por outro, redundan en que

as interaccións derivadas foron –e son– fértiles na comunicación de etnotextos polo carácter lúdico, cultural e mesmo educativo dos mesmos.

Por outro lado, nas pezas poéticas recollidas agroma toda unha polifonía de voces femininas que fai lembrar a conseguida por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*. Parece que Alejandra, influenciada pola praxe dos seus pais na valorización e recolla de literatura de tradición oral, enlaza nomeadamente co pensamento da súa nai en canto a poñer por escrito as voces das mulleres infrarrepresentadas na cultura oficial. Así, se atendemos á pragmática das pezas líricas que analizamos, dúas delas son enunciadas integramente por personaxes femininos ("Alá riba n´a riveira"e "Cantinela con retrouso de Sada", que abondan tamén na expresión do amor feminino) e en dez delas estas voces altérnanse con outras ("Canción d´o Figueiral", "Jesucristo está sentado a beira da fonte crara", "As fillas do Rey Ferino", "O cego andante", "La vuelta del marido", "Romaxe de Santa Minia", "Romance de Silvana", "Borrado, propia de oficios, costureiras" e as dúas cancións de berce recollidas en Simancas).

Ademais, o corpus presta unha marcada atención a asuntos que atinxen as mulleres e que van dende o canto de independencia de Blanca Rosa en "La vuelta del marido" ou o traballo feminino (por exemplo, en "Borrado, propia de oficios, costureiras") á representación das súas problemáticas. Para alén disto, hai un tema que sobresae sobre os demais e que ocupa unha parte central da recolla: a violencia exercida contra as mulleres polos homes. Chama a atención que tres das pezas recollidas redunden no *leitmotiv* do rapto e privación de liberdade femininos, presente no primeiro dos arrolos publicados por Francisco Rodríguez Marín, e nos romances "O cego andante" e "Canción d´o Figueiral". Están tamén presentes a violencia sexual do incesto do "Romance de Silvana" e o asasinato de mulleres, tema central en "Santa Irene", no "Romance de Santa Catalina" (que Alejandra Murguía transmite a Casto Sampedro, sen letra pero que noutras versións cantadas conta o seu martirio) e en "As fillas do Rey Ferino".

O universo feminino aparece tamén nas pezas de carácter haxiográfico: "Romaxe de Santa Minia" e "Nosa señora da Barca". De feito, soamente os dous documentos manuscritos conservados no arquivo da Real Academia Galega e os textos "Véndem´os bois e véndem´as vacas", "Folliñas da carballeira", "O Infante Farol", "Gaiferos de Mormaltán" e "Gastan os camariñáns" obvian as temáticas que teñen que ver coas mulleres, malia que no último poema citado refírese a afouteza das camariñás.

Parece, pois, relevante, non ignorar o labor demolóxico de Alejandra e consideralo á luz do que poida achegar en canto a recoñecer parte da cultura oral feminina. Por outro lado, pensamos que achegarnos a esta parcela da súa vida tamén é interesante por canto revela datos sobre a súa educación familiar e sobre a cultura familiar compartida por Manuel Murguía e Rosalía de Castro, da que Alejandra tamén foi partícipe.

3. O labor artístico de Alejandra Murguía

A través do epistolario que Juan Martínez intercambia coa súa neta, coñecemos que a nena tiña inclinacións artísticas durante a súa infancia. Co tempo, estas habelencias chegarían a formar parte dun desempeño profesional remunerado, pero abruptamente interrompido pola morte da súa nai e polo seu papel de coidadora principal da familia. Hoxe en día, resulta dificultoso acceder á súa obra, apenas conservada, esquecida e insuficientemente inventariada. Porén, e como ocorre con outras tantas mulleres artistas, pensamos que é de xustiza vindicar o seu rol, situala nas coordenadas culturais do seu tempo e inscribila na narrativa que hoxe considera as peculiaridades femininas no devir da arte galega.

Cabe dicir que as dificultades para o desempeño do labor estético da filla máis vella de Manuel Murguía non se explican soamente polas súas propias circunstancias biográficas, senón que foron comúns ás súas contemporáneas, que, en numerosísimas ocasións deberon deter ou obviar o seu labor profesional polas pesadas cargas familiares que asumían. As mulleres artistas apenas puideron acceder a ensinanzas regradas ou a obradoiros de colegas. Foron excluídas das academias, tiveron que ver como se menosprezaban os xéneros que desempeñaban e sufriron a hostilidade e a ignorancia cara ás súas obras que, moitas veces, foron asignadas ou atribuídas aos varóns do seu entorno ou directamente consideradas anónimas (Navarro 2020 e De Diego 2020). O seu rol artístico foi a maioría das veces considerado como utilitario, en tanto resultaba funcional para os membros masculinos da súa familia (no caso de Alejandra Murguía, o seu desempeño estético considérase ancilar do traballo do seu pai e do seu irmán Ovidio). Así, e como sucedeu coa obra da filla primoxénita de Rosalía de Castro, a obra de numerosas pintoras, escultoras, debuxantes, fotógrafas, bordadoras e outras artistas quedou esquecida e relegada ao interior do fogar, case sempre como un adorno máis.

3.1 A formación artística de Alejandra Murguía

As ensinanzas artísticas na Galicia da época que viu nacer a Alejandra Murguía eran, en termos xerais, precarias. Varias voces críticas, entre elas a do seu pai, denunciaban as trabas para aqueles que quixesen formarse en Belas Artes, ocasionadas polo atraso histórico e económico do país que repercutía nas limitacións educativas:

> Algo son las academias de dibujo, porque son un esfuerzo, pero no bastan. Faltan museos donde se eduque el gusto, donde se aprenda a ver, y mientras tanto no se haga público, es soñar creer que vamos a tener artistas (*La Joven Galicia* 29/04/1860, en Pereira Bueno 2004:16).

Con todo, a formación artística para as nenas era aínda moito máis deficiente e cumpría coas prerrogativas relativas á educación feminina da época: estar diferenciada do currículo ofertado aos varóns, non posuír unha finalidade profesional e supeditarse

ao que se concibía como labores do belo sexo. A Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, na que parece que Alejandra Murguía recibiu formación (Pereira Bueno 2004:175), foi o primeiro dos centros galegos que se ocuparon de ofrecer unhas mínimas ensinanzas de debuxo para o alumnado feminino dende o curso 1835 até 1844. Despois dun parón, "a Escuela de Dibujo volverá en 1886 a ofertar ás mulleres unha serie de disciplinas específicas: debuxo de adorno dividido en dúas clases: na primeira ensinaranse as figuras e adornos xeométricos, flores, arabescos e demais con aplicación ao bordado; na segunda adorno con mestura do natural" (Pereira Bueno 2004: 26). Co paso dos anos, as ensinanzas ampliáronse, pero así a todo, a proposta da Real Sociedad, alicerzada na copia e na imitación máis que no estudo ao natural e cunha orientación supeditada ao bordado –quefacer artístico menosprezado polo seu desempeño exclusivamente feminino (Alcaraz Frasquet 2014)– era a todas luces deficiente e en ningún caso foi equiparable á disposta para o alumnado masculino.

Porén, parece que Alejandra recibiu un constante apoio familiar. Rosalía de Castro estaba ao corrente das artistas do momento e semella moi plausible que animase a súa filla primeira a pintar e debuxar, pese ás dificultades e as inxustizas ás que se vían expostas as artistas femininas e que tamén denunciou na súa obra. No prólogo a *La hija del mar*, publicado o mesmo ano do nacemento da súa primoxénita, fala de escritoras, filósofas e mulleres relevantes da historia e tamén cita a pintora Rosa Bonheur (á que considera "pintora de paisajes sin rival hasta ahora") como parte dunha xenealoxía feminista "cuyos nombres la historia, no mucho más imparcial que los hombres, registra en sus páginas, protestaron eternamente contra la vulgar idea de que la mujer sólo sirve para las labores domésticas y que aquella que, obedeciendo tal vez a una fuerza irresistible, se aparta de esa vida pacífica y se lanza a las revueltas ondas de los tumultos del mundo, es una mujer digna de la execración general" (de Castro 1960: 669).

Como referimos, Juan Martínez apoiou a Alejandra no seu quefacer estético dende moi nova. Nunha carta que lle envía a Simancas coméntalle á neta: "Veo que adelantas mucho en el dibujo, y en eso me complazco, pero la tan buena moza que me mandas no me gusta mucho (...)"[23]. Pero foi o seu pai, que tamén estudara debuxo na Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela (Álvarez Ruiz de Ojeda 2000), quen parece que orientou os seus traballos neste senso. El publicaría os seus gravados na revista que dirixiu entre 1878 e 1882, *La Ilustración Gallega y Asturiana* (máis tarde *La Ilustración Cantábrica*), como veremos en detalle. Se ben, o seu apoio á carreira de Alejandra debeu ser feble tras a morte de Rosalía, xa que a súa filla maior abandonou toda tentativa de actividade profesional para facerse cargo dos seus irmáns, mentres el acometía diferentes desempeños intelectuais e laborais coa comodidade material que lle proporcionou a súa primoxénita.

---

[23] Carta de Juan Martínez datada o 10 de decembro de 1870 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 202).

3.2 Os anos de produción artística

Dende a infancia, Alejandra Murguía foi ascendendo pequenos chanzos como artista e probando diferentes técnicas. Na Real Academia Galega consérvase unha serie de sete acuarelas –algunhas inacabadas– atribuídas a ela, que hoxe se exhiben na súa sede. Unhas pequenas placas douradas ao pé destas, colocadas posteriormente, sinalan a súa autoría e dátanas entre os anos 1872 e 1874, cando vivía a moza na Coruña[24]. En todo caso, os cadros semellan traballos xuvenís: algunha copia –como no caso dunha das figuras femininas– e pinturas ao natural (véxase que, como apuntamos, Rosalía de Castro apreciaba este xeito de pintar en Rosa Bonheur pese a que, por cuestións morais, as pinturas ao natural non adoitaban ser executadas polas mulleres). En todas as obras conservadas, afloran, outra vez, as constantes dos temas familiares que Alejandra compartía coa súa nai: o estudo da natureza presente nas árbores (fig. 1 e 5. no caderniño final deste número da revista[25]); as paisaxes humanizadas no que parece ser un pequeno eido cun emparrado e no que se adiviña o traballo feminino a través dunha saba posta a secar nun tendal (fig. 7), e o interese por realzar as figuras femininas como ocorría nas pezas de literatura de tradición oral que a propia Alejandra compilaba: o busto dunha rapaza (fig. 3); unha moza ataviada cun manguito ao pé dunha árbore (fig. 4); e outra, noviña e pensativa, sentada nunha rocha e rodeada de plantas (fig. 2). Tamén a apreciación pola cultura popular galega popular está representada por unha das acuarelas, que loce un canastro de madeira, cunha cobertura tellada e sostido por piares de pedra (fig.6).

Pero no fondo que preserva as pezas artísticas atribuídas a Ovidio Murguía, o seu irmán, na Real Academia Galega, atópanse unha serie de obras sen asinar, que pola súa fasquía e semellanza temática coas anteriormente descritas, é moi probable que puidesen ser da autoría de Alejandra[26]. Así sucede con varias acuarelas: unha que mostra outra vista do emparrado que antes comentabamos, outra cunha rapaza nos arredores dunha aldea e unha terceira que representa un busto de Rosalía de Castro (cuxa copia se expón na Casa-Museo Rosalía de Castro como atribuída á súa filla máis vella). Outras obras, que semellan estudos dunha modelo sentada ou posando e dun labrego, parecen máis propias de Ovidio, xa que pola época, a copia de figuras masculinas ou con modelaxe, non era unha práctica considerada decorosa para as mulleres que pintaban (De Diego 2020: 19). Por último, no volume *Inéditos de Rosalía* de Juan Naya, publicado en 1953 aparece un debuxo a lapis atribuído tamén a Alejandra, que mostra a súa nai de nena (Rodríguez Fontela 2020: 114).

---

[24] Esta datación desméntese nun caso: na pintura que representa unha das árbores indícase na parte inferior dereita, con letra manuscrita "Lestrobe, 16 de Junio" (fig. 1) e Alejandra, xunto coa súa familia, non se trasladaría a esta localidade até 1879.

[25] Todas as ilustracións referenciadas a seguir poden verse da páxina 242 en diante

[26] Agradezo a Lois Bande Barreiro, responsable da catalogación do fondo Ovidio Murguía da Real Academia Galega, estes datos, os seus oportunos comentarios e as facilidades para acceder ás copias das acuarelas.

Pouco a pouco, Alejandra foi ampliando técnicas, estilos e xéneros, sempre acordes co estreito horizonte de expectativas das mulleres artistas da época[27]. Como relata Juan Naya, quen a considera unha mera axudante do seu pai, acompañou a este "a numerosos lugares para reproducir, como experta dibujante que era, objetos, edificios, monumentos, etc., por los que Murguía se interesaba para sus estudios. En abril de 1876 (...) andaba con su progenitor por Portugal, a donde había ido a estudiar el estilo manuelino" (1998: 150).

Tres anos despois desta viaxe a Portugal, o 18 de maio de 1879, artigo do xornal bonaerense *El gallego*, titulado "Memorias de Galicia" e asinado por B. Barreiro de V (amigo de Manuel Murguía e máis tarde casado con Piedad Noya, quen traballara de serventa para a familia) anunciaba á comunidade galega na Arxentina:

> La pintura que honran en nuestro país Fierros, Álvarez y Salgado, contará en breve con el genio de una nueva artista gallega que teniendo a penas diez y ocho años, es notable por sus paisajes, sus cuadros de costumbres y bien imitados bodegones. Hablamos de la señorita Dª. Alejandra Martínez, hija de nuestro respetable maestro el ilustre historiador de Galicia D. Manuel Murguía.

Pola época da publicación deste artigo, a familia de Murguía Castro non atravesaba unha propicia situación económica. Manuel Murguía tivera que desprazarse a Madrid deixando a súa esposa e os seus fillos en Santiago. Alejandro Chao, padriño de Alejandra co que Manuel Murguía xa compartira a empresa editorial do xornal *El Miño* ideara a posta en marcha dunha nova publicación, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, e ofrecéralle a dirección a este, que non dubidou en marchar á capital do Estado para reunir a unha nómina de colaboradores e colaboradoras. A nova iniciativa, como indicaba Barreiro Fernández (2010: 382) pretendía converterse en:

> ...unha revista que fose expresión da *cultura de distinción* da sociedade galega. Non sería un xornal político, revolucionario nin de barricadas, senón unha revista que formularía as reivindicacións en forma sosegada, pero igualmente firme, e que amosaría ante as sociedades española e americana o caudal literario, artístico e intelectual que gardaba o noso país, xa maduro, para presentarse sen complexos nin medos ante a opinión pública.

Entre os/as colaboradores/as que Murguía conseguiu reunir, apareceron "os intelectuais máis importantes de Galicia e Asturias"[28]. No que respecta ás ilustracións –a publicación tomaba como modelo *La Ilustración Española* que reunía os nomes máis represen-

---

[27] De Diego explica como era máis doado para as pintoras executar certos xéneros como os bodegóns, para os que non precisaban desprazarse da casa nin contar con modelos. Porén, estes foron considerados como menores polos discursos hexemónicos da arte (De Diego 2020:29).

[28] Entre eles/as, "Emilia Pardo Bazán, Leopoldo Alas (Clarín), Indalecio Armesto, Ramón de Campoamor, Vital Aza, Rosalía de Castro, Eduardo Chao, o padre Ceferino González, Jove y Hevia, Rafael María de Labra, Gumersindo Laverde, A. Linares Rivas, A. Palacios Valdés, Alejandro Pidal y Mon, E. Pondal, A. Romero Ortiz, M. Rúa Figueroa, Clara e Rita Corral, Micaela da Silva, Emilia Mitjares del Real" (Barreiro Fernández 2010: 386)

tativos da litografía e o debuxo da época– a dirección da revista apostou por encargalas expresamente para que as temáticas coincidisen coas dos artigos escritos, feito que encarecía moito os prezos pero que permitiu facer visible o máis selecto da arte galega e do norte da península ibérica, como indicaba Barreiro Fernández (2010: 387): Dionisio Fierros, Serafín e Teodomiro Avendaño, R. Buch, José Muro, Ricardo Acevedo, Valeriano Bécquer, Federico Guisasola, Ignacio León y Escosura, Goróstola, Meléndez, Pío Escalera, Antonio Jaspe, Isidoro Brocos, Antonio Caula, J. Villaamil, F. Pradilla, J. Cappa, Tiberio Ávila, Telesforo Cuevas (irmán de J. Cuevas, que era o director artístico), T. G Sampedro, Gumersindo Día, Pellicer e a única muller que participará xunto a Alejandra, Carmen Babiano.

Manuel Murguía non dubidou en encargarlle debuxos á súa filla para a revista e en dar publicidade ao seu traballo entre os colaboradores artísticos para axudala a impulsar a súa carreira de debuxante. Un dos colaboradores, Ignacio León y Escosura escríbelle o 28 de maio de 1879 con contundencia:

> No dudo que tu hija tenga mucho talento. Las mujeres son como los hombres y algunas hay que ganan mucho dinero. Ya la veré yo en setiembre o octubre en Santiago y te diré con sinceridad mi opinión (2005: II, 322).

Alejandra Murguía tomou a colaboración na revista do seu pai con esmero e esforzo, como manifesta a correspondencia conservada. Nunha carta, datada por Barreiro Fernández e Axeitos en 1879, escríbelle:

> Mi querido papaito: Hoy acabé media la media caña, y como es martes me hecho (sic) la tarde de media holgada, porque no quiero empezar a hacer la puerta hoy, pero sin embrago haré el dibujo qe á (sic) de llevar encima, y mañana daremos principio a la tarea. (...) De mi obra ya ves en que estado la tengo. Y si los días fuesen más largos adelantaría mucho mas baya (sic) con Dios la media caña, que aun me duele el pescuezo de mirar para lo alto. Beremos (sic) como salgo de la puerta que buen miedo le tengo (2005: 246).

Por esta época tamén percorre a catedral de Santiago examinando con ollo crítico a factura das súas obras (acompañada talvez da súa nai e guiadas por un tal Portal[29]) para debuxar algunha peza para a revista do seu pai, como expresa nunha carta na que, avezada na observación crítica e seguindo as súas apreciacións, coméntalle a este:

> Ayer fui a ber el camarín del apóstol, y por más que de esas cosas de plata entiendo poco, o nada, me parece que no es malo, y que está bastante bien cincelado. (...) Los candeleros tampoco son feos, pero no me gustan sin embargo te mandaré un dibujo y juzgarás. De la lámpara no te digo nada pues demasiado sabes tú que es buena.

[29] Estes paseos recordan os de Rosalía por Santiago admirando, por exemplo, o convento de Conxo.

Na mesma misiva tamén lle traslada as súas ansias por ir con el a Madrid (onde pasaría unha breve estadía)[30] para perfeccionarse, xa que era consciente de que podía incrementar a calidade dos seus debuxos:

> Ahora me resta decirte que estoy triste y nada buena, que deseo marcharme a ber si aprendo a pintar y si estando todos juntos se acaba esta terrible situación. Supongo que recibirías la otra mujer, esto que no te servirá para nada pero, te la mando para que beas (sic) que hago lo que puedo. El lunes irá lo de la catedral, beremos si te sirve.

E contenta pola aceptación dun dos seus debuxos, que redundaba no seu aprecio polas figuras de mulleres e o traballo feminino –e que vería a luz no número do 30 de setembro de 1879 co título "Tejedora de Lestrobe (Padrón) tendiendo las madejas"[31]–, dille:

> Me alegré mucho al saber que te sirbió la otra mujer pues mucho temía que tubieses que tirar con ella. No le prendí la madeja por que tendría que hacer otras dos figuras y no podía ser.

As colaboracións de Alejandra Murguía en *La Ilustración Gallega y Asturiana* foron axeitadamente recibidas por parte dos colaboradores de Manuel Murguía. Ramón Segade Campoamor, nunha carta datada o 14 de abril de 1880, manifféstalle a este:

> Mucho celebro que Alejandrita (y le doy este nombre porque la he conocido tan niña) descubra y tenga tan buenas disposiciones para las bellas artes. Supongo estará al lado de U.; dele recuerdos míos (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: II, 374).

Ademais, o traballo de Alejandra supuxo unha fonte de ingresos complementaria para a familia, que se sumaba ao achegado polo pai e que era moi necesaria nese momento. Manuel Murguía, nunha interesantísima carta que escribe a Rosalía de Castro (datada polos editores en 1881), relátalle as súas inquietudes sobre o futuro da revista (dada a enfermidade da esposa de Alejandro Chao), e pondera as contribucións económicas que supoñen as colaboracións da súa filla primoxénita, ao tempo que a aprecia como artista:

> Mi querida Rosalía; recibí el dibujo q. está bien[.] Que Alejandra haga inmediatamente los otros. (...) Da la casualidad que como la suscrición del nuevo semestre no está hecha no dejará Alejandra

[30] Nunha carta datada en Madrid, o 10 de febreiro de 1880, Camilo Pacer escríbelle a Manuel Murguía: "Por si esta carta le coge a U. todavía en Lestrove, le comunico que en la casa donde yo vivo tiene U. una habitación bonita, aunque venga Alejandra, y que el precio será también bastante económico. Por consiguiente al salir Uds. de esa espero que me pongan un telegrama con la fecha del viaje y yo iré a esperarlos a la estación" (Barreriro Fernández e Axeitos 2005: 367).

[31] Este gravado foi identificado por Diego Rodríguez González en 2016.

> el periódico hasta fin de año, y con lo mío y con lo de Alejandra, podremos ir tirando hasta allá. (...) Alejandra adelantó en esas figuras. Se ve bien que es que ahora trabaja y pone cuidado en las cosa. Si va a Lestrove, se anima, toma los baños y aprovecha la ocasión de hacer verdaderos estudios vendrá, admirablemente preparada, para que aquí adelante con rapidez. Siente mucho las cosas y esa es la principal condición ...del [artista: distin]gue el color... [y el trabajo no] agolpa. (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: III, 61).

Porén, resulta dificultoso seguir as colaboracións de Alejandra en *La Ilustración Gallega y Asturiana* e *La Ilustración Cantábrica* pese a que o seu nome apareza entre a lista de ilustradores/as do comezo dos números, xa que en moitas ocasións os gravados non están asinados. De feito, Ramón Segade Campoamor pregúntalle a Manuel Murguía nunha carta datada o 25 de marzo de 1882: "Dígame U. ¿el dibujo de aquel sitio encantador entre la carretera de Noya y Conjo (cerca de unos molinos) que vino en el último número de la Ilustración es de Alejandrita?" (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: II, 414). Certamente, ese debuxo fora publicado na páxina 102 do número 9 de *La Ilustración Cantábrica*, pero sen sinatura. E tampouco aparece o nome da artista na segunda cabeceira da revista, malia que Barreiro Fernández apuntaba a súa autoría, dado que si poden verse as iniciais A. M. (2010: 266).

Non obstante, a sorte de Alejandra e a súa incipiente carreira artística mudaron drasticamente nesta época, cando a saúde de Rosalía comezou a empeorar. Ela acompañou a súa nai en todo momento, coidouna e fíxose cargo dos/as irmáns/ás máis novos/as, cando o seu pai continuaba fóra e só pasaba coa familia períodos intermitentes, primeiro en Lestrove e logo na casa da Matanza (Barreiro Fernández 2010: 441). Nesta última casa, hoxe sede da Casa-Museo Rosalía de Castro, aínda continuou a súa actividade artística, como anos máis tarde conta nunhas declaracións para o xornal *El Orzán* lembrando "un madroño junto al que a mí me gustaba ir a pintar, pero cada vez que mi madre me veía, me echaba de allí por miedo a los lagartos, a los que tenía un verdadero horror" (Fernández Asís 08/11/1930). Pero semella que durante o máis duro da enfermidade de Rosalía de Castro, deixou de traballar nas súas creacións. Nunha carta datada en Madrid o 21 de decembro de 1884 Plácido Franco, preocupado, confésalle a Manuel Murguía: "Que se mejore Rosalía es lo que deseo ardientemente a Alejandra que pinte mucho pues no me gusta el que no haya hecho nada desde que se fue de esta" (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: II, 459).

Pero Rosalía falece e xunto coa obra inédita que mandou queimar (segundo algunhas voces pola súa propia filla maior) esvaécense tamén as esperanzas de Alejandra por ser artista. Nunha visionaria carta, na que Modesto Brocos, dende Venecia, lle dá o pésame a Manuel Murguía, dille tras falar con Bernardo Rico, o afamado gravador da época que tamén colaborara en *La Ilustración Gallega y Asturiana*:

> Yo por aquí trabajando bastante. Recuerdos de Rico que ha sentido mucho su desgracia. Me habló de las disposiciones de Alejandra que es lástima que se encuentre ahí aislada sin poder desarrollarse. Valiera más que la pensionaran a ella en lugar de la Rodeiro[32] que según mis noticias lo hace muy mal!!

Mais todo parece indicar que dende ese momento Alejandra deixou de exercitar as súas habelencias artísticas para dedicarse ao seu rol de coidadora, determinado pola súa condición feminina e por ser a maior das irmás. Nunha carta que lle enviou a súa tía paterna, Teresa Murguía, pouco despois do pasamento de Rosalía, coñecemos o futuro que lle sería asignado:

> Querida Alejandrita: nuestra madre la Providencia nos consuele á todos que día tras día nos huniremos (sic) en la eternidad. Carmiña me dijo pensáis dejar la casa con todos sus recuerdos por mas que tengo la segurida que nos han de perseguir no sabes cuanto me acordais pero confío en tu criterio sabrás mitigar la casa de tu buen Padre y cuidar tus hermanos (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: IV, 253).

Así, primeiro en Santiago e logo na Coruña, a moza (que daquela contaba con 26 anos) fíxose cargo de toda a familia e proporcionoulle ao seu pai o apoio material que precisaba para os seus quefaceres intelectuais, laborais e políticos. Soamente consta un último encargo artístico: o Centro Galego da Habana pediulle expresamente a Alejandra o 22 de febreiro de 1889 elaborar o seu estandarte. Esta vez, os seus coñecementos de debuxo, perfeccionados na Real Sociedad de Amigos del País de Santiago, si foron ancilares para a realización desta obra, cuxo labor de agulla foi elaborada por "un taller de bordadoras de Santiago" que empregou seda e cordóns de ouro fino (Barreiro Fernández 2010: 566).

A partir desta última obra e como lles aconteceu a tantas mulleres artistas [da] época, as obrigas familiares separárona do mundo da arte. Ao parecer, incluso rexeitou un posto de restauradora no Museo del Prado porque o seu pai non estaba de acordo (Naya 1998: 150 e Barreiro Fernández 2010: 67). Tampouco casou co home co que mantiña unha relación amorosa, Joaquín Arias Sanjurjo, para coidar da familia. A crítica posterior subestimou o seu desempeño artístico sen tregua: Juan Naya (1998) fala das súas apti-

[32] Pereira Bueno (2004: 42) apunta o feito de que Dolores Rodeiro Boado, escultora "nacida en 1853, fose a primeira artista en recibir unha pensión por parte da Deputación da Coruña, en abril de 1861", se ben o seu expediente estivo paralizado durante 12 anos. Ao parecer, "[o] feito da concesión dunha prórroga da pensión á escultora, provocou unha protesta do pintor compostelán Modesto Brocos (primeiro pensionado pola Deputación da Coruña nunha convocatoria oficial por oposición en 1883), dirixida ao Presidente da institución, na que se mostraba moi desgustado polas dificultades para obter unha prórroga, alegando que, non obstante 'ha sido dada a una mujer y por galantería y otras razones, no me parece extraño que los diputados se la hayan concedido'" (2004: 43). Os prexuízos de Brocos contra as mulleres, porén, non operan no caso de Alejandra Murguía, supoñemos que simplemente por atención á familia Murguía Castro.

tudes en tanto foron útiles para o seu irmán Ovidio, de quen alega que foi mestra. No mesmo senso, José Luís Bugallal y Marchesi descríbea sen conmiseración e sen ter en conta as limitacións do xénero feminino e as circunstancias da súa vida tras a morte da nai: "Alejandra, exquisita mujer dotada de tan felices disposiciones, carece de propensión y voluntad para el cultivo del oficio. Ni siquiera alecciona a su hermano, cuya inclinación artística mira con agrado pero no se esfuerza en favorecer" (2019: 16).

Ovidio, o único irmán varón da familia, doce anos máis novo que Alejandra e por quen Manuel Murguía prestaría novamente toda a súa axuda e orientación, si puido desenvolver a súa actividade estética sen trabas, por máis que esta fose curta, dada a súa prematura morte. El si tería formación pictórica regrada, tamén na Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago que ofertaba unha formación moito máis completa para os alumnos varóns, e a cuxas dependencias tamén acudiu para pintar puntualmente[33]; relacionaríase con outros pintores e artistas dende a súa mocidade[34]; tería pronto un obradoiro no que traballar; sairía a pintar ao natural; exercería docencia regrada como pintor interino na materia de Paisaxe na Escola de Belas Artes da Coruña; iría a Madrid para perfeccionarse; recibiría clases de pintura do Círculo das Artes e mesmo se permitiría a rebeldía de non interesarse por estudar na canónica Academia de Belas Artes (Barreiro Fernández 2010: 570); viviría a bohemia; tería permiso para copiar obras pictóricas no actual Museo do Prado[35] e seríanlle encargadas grandes obras.

En definitiva, Ovidio puido facer todo o que era esperable para un pintor da época e que lle foi negado á súa irmá esencialmente polo feito de ser muller: a educación esmerada, o obradoiro para traballar, o libre movemento e o achegamento a todos os xéneros, temáticas e técnicas que desexou. Hoxe en día, Ovidio forma parte da historia da arte galega como un dos protagonistas da chamada Xeración Doente, formada tan só por varóns. O seu pasamento foi sentido pola intelectualidade e o mundo artístico galego, en tanto Galicia perdera un gran pintor (Bugallal y Marchesi, 2019). O seu pai "colgou os cadros de Ovidio no seu despacho" (Barreiro Fernández 2010: 571) e logo, a súa irmá Gala penduraríaos nun cuarto da súa casa (Armesto 28/07/1985). Outros exhíbense hoxe en museos públicos e coleccións privadas. Porén, a obra de Alejandra Murguía fica no

[33] No arquivo da Real Academia Galega consérvase un "Recibo da escola de pintura da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago polo pago das cotas de matriculación" (1889) e un "Certificado de notas na asignatura de "Colorido" da escola da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago" (1893). Na Correspondencia da Comisión Curadora das Escolas desta sociedade (1891-1893), figura unha "solicitude de Ovidio Murguía e Ramiro Latorre para dispoñer do local da RSEAPS para facer un cadro" (Carro Cruz e García Pita 2009: II, 212).

[34] Barreiro Fernández (2010: 569) comentaba, neste senso: "grazas ao traslado de Murguía á Coruña, Ovidio atopa, por fin, unha serie de amigos con idéntica paixón: Enrique Pulleiro, José Gómez Naya, Eduardo Villardefrancos, Julio Lozano, Manuel Boedo, Lloréns e Pepe Lorman".

[35] Un "Permiso de copia de cadros do Museo Nacional de Pintura y Escultura" que lle foi concedido atópase custodiado entre os fondos documentais da Real Academia Galega.

esquecemento, consérvase sen asinar e mal inventariada e non consta dentro da historia da arte galega[36]. Tampouco se aprecia na actualidade o seu labor como compiladora de literatura de tradición oral, a pesar de que transmitiu un legado rico e sensible ás temáticas femininas. Por último, tampouco se considera o seu traballo como coidadora familiar, que abrangueu dende velar polas irmás e irmán pequenas/o, coidar dos círculos de intelectuais e amigos do seu pai cando Manuel Murguía foi envellecendo (como demostra a correspondencia), ata facerse cargo do patrimonio cultural familiar cando este faleceu.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alcaraz Frasquet, M. (2014): "Tirar del hilo. Una aproximación al bordado subversivo", *Revista Sonda. Investigación y Docencia en las Artes y Letras* 5, 18-43.

Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (2000): "Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (con dous textos inéditos do historiador)", *Grial. Revista galega de cultura* 149, 399-429.

Angueira, A. (2002): "Un poema de Rosalía de Castro", *A Trabe de Ouro* 49, 13-38.

Angueira, A. (2008): "Os cantares populares en *Cantares gallegos*", *Revista de Estudos Rosalianos* 3, 39-51.

Angueira, A. (2011): "Da meniña gaitieira á muller como suxeito literario, social e político: o feminismo de *Cantares gallegos*", *Revista de Estudos Rosalianos* 4, 127-140.

Armesto, V. (28/07/1985): "Recuerdos vivos de Rosalía", *La Voz de Galicia.*

Axeitos Valiño, R. (2020): "Antonio de la Iglesia e a difusión da literatura galega en 1856: un proxecto de antoloxía literaria", *Moenia*. *Revista lucense de lingüística & literatura* 26, 199-221.

Beard, M. (2018): *Mujeres y poder*: *un manifiesto*. Barcelona: Crítica.

Barreiro Fernández, X. R. (2000): "La primera luz", un libro de lecturas de Murguía para as escolas galegas", *Eduga, Revista galega do ensino* 27, 15-35.

Barreiro Fernández, X. R. (2010): *Murguía*. Vigo: Editorial Galaxia

Barreiro Fernández, X. R e Axeitos, X. L. (2005): *Cartas a Murguía II*. A Coruña: Real Academia Galega.

[36] Cabería facer a pertinentísima pregunta de por que non existen as grandes artistas na arte galega, formulada por Linda Nochlin (2007), para rescatar todo un caudal histórico de desigualdades e desvantaxes das mulleres no acceso ao desempeño profesional da arte en Galicia.

Barreiro Fernández, X. R e Axeitos, X. L. (2005): *Correspondencia da familia Murguía- Castro e outras cartas IV*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro.

Barreiro de V., B. (18/05/1879): "Memorias de Galicia", *El Gallego* (Bos Aires).

Blanco Pérez, D. (1994): *Historia da literatura popular galega*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Bolufer, M. (2015): "Figuras veladas. Escribir una vida de mujer en el siglo XVIII", en I. Burdiel e R. Foster (eds.), *La historia biográfica en Europa*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico.

Bugallal y Marchesi, J. (1951): *El Sentimiento lírico materno en la pintura de Ovidio Murguía: discurso leído por José Luís Bugallal Marchesi y contestación del señor José Filgueira Valverde*. A Coruña: [s. n.].

Burdiel, I. (2015): "La construcción de la Gran Mujer de letras espaloña: los desafíos de Emilia Pardo Bazán", en I. Burdiel e R. Foster (eds.), *La historia biográfica en Europa*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico.

Carro Cruz, H. e García Pita, H. (2009): *Inventario documental do arquivo*. Santiago de Compostela: Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago.

Castro, R. de (1960): "Las literatas. Carta a Eduarda", en V. García Martí (recompilación e estudo biobibliográfico), *Obras Completas*. Madrid: Aguilar.

Cobo, R. (2012): "Las paradojas de la igualdad en Jean-Jacques Rousseau", *Avances del Cesor*, IX/9, 109-121.

De Diego, E. (2020): "En torno al concepto de calidad y otras falsedades del discurso impuesto", en C. G. Navarro (ed.), *Invitadas. Fragmentos sobre mujeres, ideología y artes plásticas en España*. Madrid: Museo Nacional del Prado, 25-39.

Fernández Asís, V. (08/11/1930): "Evocación de Rosalía". *El Orzán* (A Coruña).

Forneiro, J. L. (2001): "Mais textos para a produção de Murguia em língua galega: o seu romanceiro apócrifo", en *Congreso sobre Manuel Murguía*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, 169-188.

Forneiro, J. L. (2017): "El romancero tradicional de Galicia. Estado de la cuestión", *Boletín de Literatura Oral* 1, 105-130.

González Reboredo, X. M. (2014): "Notas sobre a relación de Víctor Said Armesto coa etnografía do seu tempo", en *Víctor Said Armesto. A lección dun cidadán libre*. A Coruña: Fundación Barrié.

Groba González, X. (2011): *O legado musical de Casto Sampedro Folgar (1848-1937)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela**.**

Lama, M. X. (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade 1837-1863*. Vigo: Editorial Galaxia.

M. [Murguía, M.] (1868): *La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia*. Lugo: Imp. de Soto Freire.

Murguía, M. (24/03/1878): "Romance de Silvana", *El Eco de Galicia* (A Habana).

Murguía, M. (10/10/1881): "El Folk-Lore gallego", *Los lunes de El Imparcial* (Madrid).

March, K. N. (1994): *De musa a literata. El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*. Sada-A Coruña.

Navarro, C. G. (2020): "Las invitadas y sus anfitriones. De Rosario Weiss a Elena Brockmann", en C. G. Navarro (ed.), *Invitadas. Fragmentos sobre mujeres, ideología y artes plásticas en España*. Madrid: Museo Nacional del Prado, 15-23.

Naya, J. (1998): *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*. A Coruña: Diputación Provincial.

Nochlin, L. (2007): "¿Por qué no han existido grandes mujeres artistas?", en Cordero Reiman, K. y Sáez, I. (comp.), *Crítica feminista en la teoría e historia del arte*. México: Universidad Iberoamericana AC/ Universidad Autónoma de México.

Peña Saavedra, M. e Fernández González, M. (2000): Estudio introductorio a *La primera luz de Manuel M. Murguía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Pereira Bueno, F. (2004): *A presenza das mulleres pintoras na arte galega: 1858-1936*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

Rodríguez González, D. (2016): "Unha carta de Manuel Murguía a Rosalía de Castro", *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* 1, 145-157.

Rodríguez González, D. (2017): "A letra de Rosalía: Bases para a súa identificación". *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* 2, 97-139.

Rodríguez González, D. (2022): "As Rimas populares de Galicia de Manuel Murguía á luz do conservado no fondo Said Armesto", *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* 6.

Rodríguez Marín, F. (1883): *Cantos populares españoles V*. Sevilla: Francisco Alvarez y Cª.

Rodríguez Fontenla, Mª. de los A. (2020): "Rosalía de Castro nas artes visuais. Mitificación e rostrificación da imaxe fotográfica", *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* 5, 97-117.

Sanfilippo, M. (2017): "Nca, Signuri, si riccunta di Agatuzza: Agata Messia y otras narradoras sicilianas en las recopilaciones de Giuseppe Pitrè", *Estudis de Literatura Oral Popular. Studies in Oral Folk Literature* 6, 75-96.

Sanfilippo, M. e Cantero, N. (2019): "Los últimos cuentos de Agata Messia recopilados por Giuseppe Pitrè", *Boletín de Literatura Oral* 9, 263-290.

Zipes, J. (2014). *El irresistible cuento de hadas. Historia cultural y social de un género*. México: Fondo de Cultura Económica.

O epistolario do enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa a Manuel Murguía (1866-1873)

PALABRAS CHAVE

Ramón Rúa-Figueroa Fraga, Manuel Martínez Murguía, epistolario, século XIX

RESUMO

No artigo comentamos e valoramos o epistolario de Ramón Rúa-Figueroa Fraga a Manuel Martínez Murguía, 89 cartas enviadas entre agosto de 1866 e xuño de 1873. Ese número converte a Rúa-Figueroa no principal interlocutor epistolar de Murguía nun período histórico ben relevante. A correspondencia amosa unha relación de bastante confianza e permite acceder a interesantes elementos biográficos e proxectos dos protagonistas.

KEYWORDS

Rúa-Figueroa Fraga, Manuel Martínez Murguía, epistolary, correspondence, XIX century

ABSTRACT

This paper discusses the epistolary between Ramón Rúa-Figueroa Fraga and Manuel Martínez Murguía, consisting of eighty nine letters sent between August 1866 and June 1873. Such number makes Rúa-Figueroa the main epistolary relation of Murguía's in a very relevant historical period. This correspondence shows a rather close relationship and provides a window into both characters' interesting biographical features and projects.

Xosé A. Fraga Vázquez
Académico correspondente Real Academia Galega
xacfraga@gmail.com

ARTIGO

1. Os protagonistas

Manuel Martínez Murguía (1833-1923) salientou como escritor, xornalista, historiador, folclorista e político. Dinamizador do Rexurdimento e compañeiro de Rosalía de Castro, fundou e presidiu a Real Academia Galega. Foi, ademais, en palabras do profesor Xosé Ramón Barreiro, o "primeiro construtor da nación" (Barreiro 2012), recollendo anteriores formulacións cara á reivindicación da identidade nacional de Galicia.

Ramón Rúa-Figueroa Fraga (1825-1874) destacou como enxeñeiro de minas interesado tamén pola literatura e o coleccionismo. No terreo profesional encargouse da xestión de minas e de distritos mineiros. As visitas a explotacións estranxeiras e a exposicións internacionais, xunto á revisión de bibliografía actualizada, dotárono dun salientable coñecemento das novidades na súa especialidade. Esa bagaxe intelectual e a experiencia adquirida no exercicio da profesión permitíronlle revisar procedementos técnicos, facer recensións de libros e artigos, elaborar valiosas memorias sobre diversas explotacións mineiras e converterse nun destacado experto no terreo da metalurxia e no da industria asociada á minería. Asemade, preocupado pola incidencia das explotacións mineiras na economía e a súa repercusión social, interveu en debates; non permaneceu ancorado na burbulla técnico-profesional. Como resultado do seu intenso labor publicou –en vinte e tres anos– uns cincuenta escritos orixinais, incluíndo varios libros, algúns deles en colaboración con colegas. Grazas a Ramón e a Casiano de Prado e Vallo (1797-1866) os galegos tivemos no século XIX a dous paisanos na vangarda do coñecemento científico-técnico xeolóxico e mineiro.

2. Unha correspondencia relevante

Da correspondencia entre Ramón Rúa-Figueroa e Manuel Murguía cons**é**rvanse as cartas remitidas por Ramón a Manuel no arquivo da Real Academia Galega. Escritos que tamén están accesibles na magnífica publicación realizada polos profesores Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos sobre o tema (Barreiro e Axeitos 2003, 2005).

O epistolario de Rúa-Figueroa a Murguía está constituído por 89 cartas enviadas entre agosto de 1866 e xuño de 1873[1]. Ese elevado número en sete anos de intercambios converten o enxeñeiro no principal interlocutor epistolar de Murguía nun período histórico ben importante. Os dous protagonistas, malia que ambos residiron en diferentes momentos en A Coruña e Madrid, non coincidiron no mesmo lugar e os contactos persoais, que existiron, foron escasos. Ao feito cuantitativo do elevado número de cartas debemos engadir o interesante contido das mesmas, o que nos leva a concluír que mantiveron unha relación ben relevante, que analizamos coa limitación notable de non dispoñer das cartas remitidas por Murguía. A correspondencia amosa bastante confianza e complicidade entre os interlocutores e permite acceder a interesantes elementos biográficos e iniciativas dos protagonistas, destacando dous temas entre os tratados, a axuda nas pescudas bibliográficas que ambos realizaban e a marcha da política. En medio desas cuestións centrais aparecen diversas alusións que permiten coñecer ou matizar aspectos das súas biografías.

3. O "provincialismo" como elemento de referencia común

A presenza de Manuel Rúa-Figueroa na cidade herculina foi decisiva para que o seu irmán Ramón se trasladase a ela en 1840 (onde permanecería ata 1845) para matricularse no Consulado Marítimo, onde se impartían as docencias de Náutica e Comercio, e que contaba como profesor de Matemáticas a Benito Sotelo Rivas, discípulo de Domingo Fontán. Con ese salientable docente formouse nesa materia cara a emprender a carreira de Arquitectura, obxectivo que mudou posteriormente. Ramón volvería á Coruña en 1855, xa como enxeñeiro de minas, por un breve período; posteriormente, o 21 agosto de 1865, foi nomeado enxeñeiro xefe do distrito mineiro da Coruña, cargo que exerceu ata xaneiro de 1869, polo que cando comeza a relación epistolar con Murguía vivía co irmán.

Malia que foi repetido pola bibliografía, esta familia Rúa-Figueroa non tiña unha estreita relación de parentesco coa da nai da escritora Emilia Pardo Bazán, Amalia[2].

---

[1] Outra de Rúa-Figueroa que figura no arquivo da RAG (a carta C 529 01 25 001), leva a data de 1886, con Ramón morto. Hai un erro na data, ademais, polo contido, estaba dirixida a outra persoa, José Agra.

[2] Os pais de Amalia foron Juan Dionisio Rúa-Figueroa Cuadra e María do Socorro Somoza Piñeiro. Os de Ramón, Antonio Rúa-Figueroa Casal e Teresa Fraga Couto. O parentesco era ben distante.

Os Rúa-Figueroa Fraga si que estiveron moi comprometidos co liberalismo progresista e coa reivindicación da xeración "provincialista" de 1846. Apareceron en primeiro plano da vida cultural e política compostelá nos anos corenta, cando os estudantes universitarios progresistas se integraron na Academia Literaria (nada en 1840). Un foro de debate do que foi promotor o militar ferrolán Domingo Díaz de Robles e no que xogou un papel importante –que incidiu na formación dos irmáns Rúa-Figueroa– Pedro Losada Rodríguez. Entre os socios fundadores da Academia figuraban Antolín Faraldo, Antonio Neira de Mosquera, Antonio Romero Ortiz, Augusto Ulloa, Francisco Añón, Alberto Camino, Antonio Valenzuela e os irmáns Rúa-Figueroa. Ese grupo, inicialmente asociado ao progresismo, foi xerando unha alternativa ideolóxica diferenciada e innovadora, o chamado "provincialismo", a atención preferente ás necesidades de Galicia (Beramendi 2007). De tal forma que cando en 1846 tivo lugar un levantamento que remataría cos "mártires de Carral", van ser eles os que lle incorporen contidos pioneiros sobre as reivindicacións galegas. A derrota de 1846 foi seguida de represión e fuxida de Compostela, e en moitos casos de Galicia, dos implicados. Os máis comprometidos exiliáronse e bastantes abandonarían o ideario "provincialista". Antolín Faraldo, Antonio Romero Ortiz e José Rúa-Figueroa morrerán lonxe do país.



— 89 —

GUIRNALDA LITERARIA.

A TU AUSENCIA.

—El Sr. Laagra en su última carta, nos dice entre otras cosas: «Parto al extranjero donde podré conseguir el precioso fin de Vds., que llevo conmigo, algunos momentos.» —He visto con gusto que no faltan voces á sus doctrinas en cuyo número lo Bergnes. La valentía de Vds. ha sorprendido á varios de mis amigos de París i Bruselas, con quienes voy á entretenerme agradablemente. Algun resultado leerán Vds. de estas conferencias.»

—Tenemos á la vista varias cartas de la Coruña en las que se hacen grandes elogios de la «compañía lírica» de aquella Ciudad, i en especial de la «primera dama» Eufemia Peñuela, artista que nos es muy conocida por los lauros que ha recogido en otros teatros. Esperamos que nuestro corresponsal nos diga algunas cosas.

—Con el título de «El Cancionero Andaluz» se propone publicar un tomito de canciones el distinguido poeta don Luis Maraver, diputo del «Liceo de Córdo-

Composición de Ramón Rúa-Figueroa en *El Porvenir* (Santiago), 29 de xuño de 1845.

Cando Ramón vivía na Coruña, estudando no Consulado (1840-45), escribiu en *El Recreo Compostelano*, publicación quincenal que saíu entre 1842 e 1843, dirixida por Antonio Neira de Mosquera e que contaba como principal redactor a Antolín Faraldo. Tamén colaborou en *El Porvenir* (subtitulada "Revista de la Juventud Gallega"). Unha singular publicación editada en Compostela, que levaba un lema ben reve-

lador do seu espírito identitario e rebelde: "Todo para Galicia. Abajo reglas, escuelas y maestros". Era o seu director Antolín Faraldo e tiña como redactores a Antonio Romero Ortiz e José Rúa-Figueroa, irmán de Ramón. En 1845 Rúa-Figueroa ingresou en Madrid na Escola de Minas, rematando os seus estudos en 1850. Nese período deu á luz diversas colaboracións no prestixioso *Semanario Pintoresco Español*.

A conexión de Murguía cos Rúa-Figueroa tería que ver coa coincidencia previa en Santiago de Compostela e co compromiso "provincialista". Malia non ter participado –por idade– no labor da xeración do 1846, a revolución dese ano foi un episodio que marcou para sempre o novo Murguía coa loita pola defensa dos intereses de Galicia (Barreiro 2012). Porque o compromiso daqueles mozos "provincialistas" deixou pegada na etapa posterior. Nos anos cincuenta o *Liceo de la Juventud* acollerá, con ese espírito, a Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Luis Rodríguez Seoane, Rosalía de Castro, os irmáns de la Iglesia etc.

Na estadía na Coruña, no tempo no que comezou a correspondencia con Murguía, Ramón, alén de dirixir o distrito mineiro, visitou a Exposición Universal de París (1867), participou na vida política do momento e redactou tres notables publicacións: "Mármoles de Galicia" (1867), "La industria minera en Galicia" (1868) e un valioso libro de máis de trescentas paxinas: *Minas de Riotinto. Estudios sobre la explotación y el beneficio de sus minerales*(1868)[3].Tamén publicou un artigo no *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país* editado en Lugo por Soto Freire[4].

MINAS DE RIO-TINTO:

ESTUDIOS

SOBRE LA EXPLOTACION Y EL BENEFICIO DE SUS MINERALES.

POR

DON RAMON RUA FIGUEROA

INGENIERO DEL CUERPO DE MINAS,

MIEMBRO

CORRESPONSAL DE LA ACADEMIA DE ARQUEOLOGÍA Y GEOGRAFÍA

DEL PRINCIPE ALFONSO.

CORUÑA:

1868.

[3] Pola correspondencia sabemos que pensou en editar este libro con Compañel, en Vigo, despois con Soto Freire en Lugo e rematou saíndo na Coruña do prelo de Eusebio Cascante.

[4] O texto, "Horas de viaje. Impresiones a escape", recollía o comezo da viaxe que emprendera en maio de 1854 para visitar varios distritos mineiros de España e do estranxeiro. Tivo a honra de ir precedido, na mesma páxina, por un poema de Rosalía de Castro, "¿Que ten o mozo?", sinalado como "Cantares gallegos (inédito)" porque, efectivamente, non apareceu na edición orixinal (1863) e sería incorporado na de 1872.

4. Comezo do contacto

No inicio do intercambio, agosto de 1866, Ramón tiña 41 anos e Murguía 33. Pola propia correspondencia sabemos que a relación que comentamos procede da conexión previa entre Murguía e un irmán maior de Ramón, Manuel, con quen xa se carteaba desde agosto de 1863. Este era subscritor do *Diccionario de escritores gallegos* que Murguía publicaba e, e iso é importante, axudaba en xestións coa Deputación coruñesa para que esta adquirise exemplares da publicación, por exemplo 50 o 2 de agosto de 1864[5]. Manuel, quen nacera en 1811, era o maior dos nove irmáns Rúa-Figueroa Fraga, e co pai perseguido polas súas ideas liberais, exerceu de tal para os irmáns pequenos, como foi o caso de Ramón[6]. Residiu gran parte da súa vida na Coruña, onde exerceu a avogacía e participou na Deputación provincial. Como o resto dos irmáns, tivo inclinacións literarias e xornalísticas. Por exemplo, entre 1841 e 1842 fundou e dirixiu a *Revista de Galicia*, publicada en Santiago, subtitulada "Periódico de Ciencias, Literatura y Artes". A súa intervención en 1853 como avogado nun caso moi famoso, o de o "home-lobo" Manuel Blanco Romasanta, d**é**ralle moita sona[7].

5. Colaboración nas súas pescudas

A carta inicial de Ramón de 25 agosto de 1866 xa nos sitúa nun tema central da relación, que se mantería sempre, a colaboración e axuda nos seus respectivos proxectos intelectuais, realizados en condicións ben diferentes.

Murguía acadara un certo prestixio como escritor e xornalista en Madrid e todo indicaba que na capital de España podería ter desenvolvido unha destacada carreira xornalística e mesmo política. Non obstante, a principios dos anos sesenta, tomou unha decisión transcendente. Volveu ao país arriscando o seu futuro e estabilidade profesional para xerar coñecemento e conciencia cultural cara á reivindicación política da identidade galega. En 1862 iniciou a publicación do *Diccionario de escritores gallegos*, editado en Vigo polo seu amigo Juan Compañel. Sen abandonar ese proxecto, en 1865 comezou a publicar *Historia de Galicia*, con Soto Freire, en Lugo[8]. Nos dous casos o método era o mesmo, ir facendo entregas das obras aos subscritores, coa inquedanza de ter listos os

[5] Naquel tempo Murguía tamén traballaba na recompilación de poemas populares e estaba moi implicado na difusión e venda dos *Cantares gallegos* da súa compañeira, Rosalía de Castro.

[6] O pai estivo preso de 1814 a 1820, na volta ao poder do rei felón Fernando VII. Foi perseguido de novo ao remate do Trienio Liberal, polo que permaneceu no exilio de 1823 a 1832.

[7] Fraga Vázquez, X. A. (2021): "Ingredientes científicos do caso do home lobo ourensán e a intervención de Pardo Bazán", *La Opinión de A Coruña*, 4 de xullo.

[8] O segundo tomo sairía en 1866, tamén editado por Soto Freire. O terceiro demoraríase moito, ata 1888, e o cuarto aparecería en 1891.



Sr. D. Manuel Murguía.

Coruña Noviembre 5 de 1868.

Mi querido amigo: tengo á la vista un dos últimas i, esperando de un dia á otro el artículo para la Correspondencia, que me promete, aplazé ó, mejor dicho, dilaté mi contestacion. El artículo no viene, pero la Correspondencia supongo que irá, pues he dado orden para que se la remitan.

Estamos mui mal con la eleccion por circunscriciones, pues esto viene á ser la forma que se dice sancionada. Como aquí el número de diputados ~~[illegible]~~ es mayor que cinco, tendremos diferentes circunscripciones i pierdo una porcion de votos en Ferrol, Sada i Ordenes, por que el primero de estos puntos formará probablemente un distrito electoral á donde se agregarán los votos del 2.º, i el 3.º se unirá á Santiago. Si así fuese, comprometeré á los de Ordenes para que le den á V. los votos. Me han ofrecido casi todos los con que contaba Batanero. La union liberal es la que está de enhorabuena, pues la forma de la eleccion i un trabajo i un predominio, todavía no olvidado, i la existencia en los destinos públicos de la mayor parte de sus caciques, le aseguran el triunfo. Agregue V. á esto



Carta de Ramón Rúa-Figueroa a Manuel Murguía, novembro de 1868. (Arquivo da Real Academia Galega)

textos e acadar un número importante de subscritores que permitisen sufragar as publicacións.

Murguía, pois, vivía agoniado na busca das subscricións precisas para a continuidade dos proxectos e das que dependía a súa supervivencia económica. Como se pode comprobar na lectura do conxunto da correspondencia que recibía, botaba man de amizades persoais e políticas para ese fin. De tal forma que se creou unha de rede informal de xente próxima que pola relación persoal con Murguía, o prestixio do propio escritor e o valor dos seus proxectos, colaboraba de xeito altruísta no seu labor patriótico, contribuíndo persoalmente e/ou facilitando o acceso ás axudas institucionais. As cartas de Ramón Rúa-Figueroa amosan que el e a súa familia formaron parte destacada dese imprescindible grupo de apoio.

Pola súa banda, Rúa-Figueroa –alén doutros traballos científicos e literarios, e interese polo coleccionismo– iniciara en 1857, co seu colega Eugenio Maffei, a redacción duns magnos e pioneiros *Apuntes para una Biblioteca Española de libros, folletos y artículos, impresos y manuscritos, relativos al conocimiento y explotación de las riquezas minerales y a las ciencias auxiliares*, que aparecerían entre 1871 e 1872 (Maffei e Rúa-Figueroa 1871-72). Unha extensa obra de 1224 páxinas, con 5000 referencias dos escritos coñecidos sobre Ciencias Naturais e, particularmente, os relacionados coa Xeoloxía e a Minería; cada recensión adoitaba estar acompañada por un resumo biográfico sobre o autor. Un auténtico tesouro de coñecemento –único no panorama español– que sería premiado na Exposición Nacional de Madrid de 1873 e na internacional de Filadelfia de 1876. A diferenza de Murguía, Rúa-Figueroa compatibilizaba ese traballo coa súa intensa actividade profesional, que lle fornecía de medios para unha vida digna e estable.

Polo contido da primeira carta de Rúa-Figueroa dedúcese que Murguía lle comentara sobre as dificultades con que se atopaba para elaborar o *Diccionario* e preguntáballe por un xeólogo ao que Ramón coñecía ben, o compostelán Casiano de Prado, de cara a incorporalo no *Diccionario*. Rúa-Figueroa pasoulle datos de Prado, sobre o que xa escribira un artigo biográfico. E solicitou a Murguía información para a biografía doutro científico, Antonio Valenzuela, para os *Apuntes*, indicando que –en xeral– lle viría moi ben toda a información que lle puidese facilitar sobre naturalistas[9].

6. Labor institucionalizador. Fundadores da *Sociedad para el Fomento de la Historia, Arqueología y Bellas Artes Gallegas*

Murguía e Rúa-Figueroa coincidían no seu interese pola historia e a arqueoloxía. Ademais, Ramón coleccionaba obxectos antigos e era socio desde 1867 da *Academia Arqueo-*

[9] Antonio Valenzuela Ozores (nado en 1819 en Compostela), morreu ese ano 1866. Fora catedrático de Historia Natural no Instituto de Pontevedra e impulsor de estudos agronómicos e xeolóxicos.

lógica y Geográfica del Príncipe Alfonso. Falaron deses temas en diversas cartas, sobre todo no ano 1868[10]. O 3 de xullo, trataron sobre un posible Museo de Galicia e foi collendo forma o proxecto de fundar unha institución (carta de 7 de xullo), a *Sociedad para el Fomento de la Historia, Arqueología y Bellas Artes Gallegas*. Cómpre subliñar que nese momento non existía unha entidade similar no país, funcionaba desde 1849 a que hoxe é a *Real Academia Gallega de Bellas Artes* pero que naquel tempo estaba circunscrita á provincia coruñesa. Aproveitando o verán, a primeiros de agosto de 1868, tiveron lugar tres reunións no local da *Sociedad Económica de Amigos del País* de Compostela e Murguía resultou elixido presidente da nova institución. Rúa-Figueroa ocupou unha das dúas vicepresidencias. Os dous elaboraron un folleto, asinado por eles e por Faustino Domínguez. A vida da entidade viuse totalmente interrompida pola revolución de setembro de 1868, a que mandou a Isabel II ao exilio. A política pasaría a ocupar un posto central nas preocupacións dos nosos protagonistas.

Esta participación de Murguía para fundar a Sociedade é unha mostra do seu interese por xerar institucións, como despois faría coa creación da Real Academia Galega. Pola contra, non lle interesaría crear "Folk-lore gallego", malia ser o máximo experto galego no tema, porque non estaba de acordo co proxecto que lle propuxo Antonio Machado Álvarez. Quen, fronte a esa negativa, acudiría a Emilia Pardo Bazán para presidir a entidade[11].

7. A ilusión compartida polo cambio político de 1868

Ao longo de toda a correspondencia están presentes numerosos comentarios sobre a intensa actividade política do período. De todos os xeitos, o momento de máxima atención foi o do cambio acontecido en 1868. As cartas permiten visualizar unha evidente complicidade ideolóxica entre Rúa-Figueroa e Murguía, e o entusiasmo con que observaron o arelado final do reinado de Isabel II, que trouxo aires de liberdade a España e Galicia.

Viviron con excitación os momentos previos ao comezo da revolución, o 18 de setembro. Xa en agosto recibira Murguía unha carta do seu amigo Xoán Manoel Paz Novoa (Ourense, 1839-1895) na que este lle dicía: "...nada ocurre digno de particular mención que V. no sepa. Creo que pronto, muy pronto, podremos decir: le jour de gloire est arrivé. Dios lo quiera". Nesa liña, o 9 de setembro, Rúa-Figueroa escribíalle, de forma obviamente encuberta: "Acabo de recibir noticias frescas y directas de una persona influyente e interesada en el negocio de las minas. Me dice que dentro de 10 días se promete quede organizada la sociedad pero no dice bajo qué bases" (o subliñado está no orixinal).

---

[10] Por exemplo, 1 de xaneiro e 3 de maio.

[11] Fraga Vázquez, X. A. (2021): "Afeccións literarias do médico Pérez Costales", *La Opinión de A Coruña*, 21 de febreiro, 12.

O 28 de setembro tivo lugar a transcendente batalla de Alcolea, as tropas borbónicas foron derrotadas e o 8 de outubro formouse un Goberno provisorio, comezando o que se denominaría Sexenio Democrático (1868-1874). O 20 de outubro un eufórico Rúa-Figueroa escríbelle a Murguía: "Mi querido amigo: nuestros pronósticos se cumplieron: ¡respiramos el aura de la libertad!". Tamén lle remitiu un exemplar de *La Correspondencia*, indicando, "y a cambio deseo que me mande U. algo para ella o para el nuevo periódico que voy a publicar desde el domingo próximo, que también le remitiré". Falaba de *Pero-Grullo*, que levaba por subtítulo "Periódico liberal. Eco fiel de las aspiraciones revolucionarias"[12]; xornal no que xunto a Ramón Rúa-Figueroa estivo como redactor Darío García Taboada, mestre da Escola Pública da Costa de Santo Agostiño e profesor de Caligrafía do Instituto da Coruña. Canto *La Correspondencia*, ao que Ramón alude en numerosas cartas como xornal "amigo", era *La Correspondencia de Galicia*, que se publicaba na Coruña desde 1867, do que foron directores Froilán Salazar e José María Montes. Unha publicación na órbita do Partido Democrático (tamén chamado Demócrata), o grupo republicano do que formaba parte activa Rúa-Figueroa, que daría lugar no propio 1868 ao Partido Democrático Republicano Federal. Ramón reclamaría en repetidas ocasións a Manuel colaboracións para ese xornal, porén coidamos que non tivo éxito na solicitude.

Xa neses momentos iniciais, o mesmo 20 de outubro, Rúa-Figueroa alertaba das dificultades con que se atopaban os que coma el desexaban un cambio político substancial. E advertía: "Es necesario descubrir a los que otra vez quieren engañarnos, conduciéndonos lentamente a la reacción ¡Fuego con ellos!...¡Qué apego a los santones!" Os preparativos da revolución colleran pulo coa sinatura do Pacto de Ostende entre o Partido Progresista e o Partido Democrático. A esa iniciativa sumáronse os liberais moderados da Unión Liberal. Entre os tres grupos existían grandes diferenzas, de tal forma que combatían os partidarios do sistema anterior pero desde posicións ben distintas. Nas eleccións ao Congreso en 1869 concorrerían en dous bloques, a Coalición Progresista-Liberal, co Partido Progresista e a Unión Liberal, e o Partido Republicano Federal. En diversas ocasións Rúa-Figueroa quéixase do labor do sector moderado, os "unionistas" (Unión Liberal), e dos dirixentes progresistas, eses "santones" aos que alude, e que nalgún momento identifica con Hipólito Otero Maquieira (1811-1885), que foi alcalde de Santiago, e Juan Manuel Pereira de Castro (1820-1896), que presidiu a Xunta Revolucionaria da Coruña.

Rúa-Figueroa foi nomeado deputado provincial interino. Ao pouco tempo as súas prevencións iniciais sobre a marcha do proceso revolucionario deron paso á preocupación: "Por grandes que sean nuestras revoluciones y por mucho que pretendamos ensalzarlas, siempre hay en ellas un fondo asqueroso de ambiciones y de rivalidades"[13].

[12] En 1888 aparecería outro co mesmo título en Santiago.

[13] Carta de 18 de outubro de 1868.

Queixábase de que ocuparan cargos persoas que xa os ostentaban no anterior réxime e engadía: "La Junta de Gobierno de aquí [Coruña] no hace nada de provecho, a los 15 días removió una parte pequeñísima del personal, y se durmió en los laureles". Falaba de que seguía funcionando a mesma policía secreta, coidaba que o cambio non avanzaba, o que sintetizou nunha frase moi utilizada na época para referirse aos elementos partidarios do inmobilismo: "siguen las murallas".

As cartas permiten situar con precisión as preferencias políticas de Ramón, quen lle insiste a Manuel: "Vamos a fundar un periódico democrático y espero que salga pronto. Prepararemos la opinión para las próximas elecciones... Cuento con usted para que me mande algo palpitante y que sea la crónica de la política latente. Necesitamos esto para nuestros futuros proyectos"[14]. Era un momento de esperanza e de compromiso e o de Rúa-Figueroa, á vista da correspondencia, tivo unha intensidade que a bibliografía sobre el non recolle en toda a súa dimensión. Entre outras cousas, colaboraba en diversas publicacións promovidas por correlixionarios, como foi o caso de *El Herculino* (onde aparecería o artigo sobre a riqueza mineira de Galicia)[15], e na antedita *La Correspondencia de Galicia*, onde exerceu de director. Na carta engadía: "Espero con ansia saber el puesto que la revolución le ha reservado a U. Nunca será el que yo de buena gana le otorgaría y digo esto porque veo ya ciertos puestos que de hecho corresponden a los hombres ilustrados y modestos, ocupados por estúpidos y pedantes. Hay que tener paciencia, estos son los lobanillos que salen en todas las situaciones (...) No deje U. de escribirme y darme nuevas especialmente de sus aspiraciones y de su destino". A atención á marcha da política non lle descoidaba de prestarlle favores persoais a Murguía, na mesma carta di: "Tratamos de colocar a su primo de U. Miguel Noya, hacemos por colocarle en la secretaría de la Diputación".

Pola correspondencia dedúcese que Murguía non estaba moi satisfeito coa marcha da situación en Compostela. Lembremos que alí se constituíra tamén unha xunta revolucionaria e que o propio Murguía foi elixido secretario pero a súa participación foi escasa (Barreiro 2012). Coma aconteceu noutros lugares, da xunta formaron parte persoas escasamente identificadas co proxecto revolucionario, movidas por intereses particulares e/ou conxunturais, como foi o caso do catedrático Antonio Casares Rodríguez (1812-1888). Canto a identidade política de Murguía, el sempre se moveu, na política española, arredor do Partido Progresista, onde tiña numerosos amigos e ex-colegas. Non obstante, pola correspondencia vese que mantiña unha elevada complicidade ideolóxica con persoas próximas ao republicanismo, como o propio Rúa-Figueroa. En todo caso, o grupo

[14] Carta de 18 de outubro de 1868.

[15] Varios (1868): *El Herculino: almanaque político y literario de Galicia para 1869*. A Coruña, 1868. Composto por Fontenla... [et. al.], ilustrado polo litógrafo Juan Lasauce e editado por Vicente Abad. Imprenta de La Casa de Misericordia, a cargo de Bruno Cánovas.

político que lle podía axudar nos seus proxectos e futuro laboral, por ocupar o poder en diversas ocasións, era o dos progresistas, o dos seus amigos/coñecidos Práxedes Mateo Sagasta e Manuel Ruiz Zorrilla.

Ramón comentaba a marcha dos acontecementos: "Aquí trabajan los unionistas desesperadamente y celebran sesiones a cencerros tapados. El partido progresista parece muerto, y el democrático muy dividido". Preocupáballe o avance dos unionistas e –profeticamente– afirmou: "¡Ojalá que ellos mismos no derriben un día lo que hoy están edificando"[16]. Nese contexto realizou unha referencia interesante: "...me temo también que no se atrevan a darnos la libertad de cultos. Esto sería un precedente funesto (...) todo lo que no sea neutralizar la influencia de nuestro estúpido clero sería fatal para la libertad". Este tema sería unha das cuestións a debate nas Cortes Constituíntes de 1869, nas que os sectores reaccionarios e conservadores defenderon a "unidade católica", que significaba prohibir a práctica de calquera culto relixioso que non fose o católico.

Rúa-Figueroa compartiu co seu interlocutor as súas dúbidas sobre se presentarse a concelleiro (propuxéranlle ir por Santiago) ou a deputado en Madrid. Instaba a Murguía a que o mantivese informado das novidades: "Cuando me escriba U. no deje de participarme algo de política reservada" e das súas intencións: "Veo que tardan mucho en realizarse las para mí aún ocultas aspiraciones de U. y lo siento mucho, muchísimo. Dígame U. algo..."[17]. Polo que se ve, os dous agardaban xogar un papel político protagonista, mesmo a posibilidade de seren deputados. O 25 de outubro Ramón insiste, "En Santiago se piensa en presentarle a U., según me escribió Porto", mentres el, di, está nos nomes que se barallan para A Coruña. Estaba moi ocupado co traballo profesional, escritos e política, polo que comentou: "Pero-Grullo murió porque no tengo tiempo para escribir", insistindo en solicitar artigos a Murguía para *La Correspondencia*.

O 5 de novembro Rúa-Figueroa seguía animando a Murguía no seu futuro político, dille que vai influír en que os votos do distrito de Ordes fosen para el. Coidamos que estaba a falar da confección das candidaturas ás eleccións de xaneiro de 1869 a Cortes Constituíntes. Comentou que en A Coruña existían tres comités dos partidos liberais, el presidía o democrático, e que pretendían facer unha candidatura para a Deputación. O comité conxunto dos tres partidos propúxoo como candidato para a institución provincial pero non saíu elixido. Observaba o seu partido moi desunido, polo que estaba pensando en deixar o posto "retirándome a luchar exclusivamente en la prensa". Estaba algo desanimado: "El espíritu de la revolución se tuerce" e dille a Manuel: "Quisiera estar al lado de U. para que nos animásemos recíprocamente, pero no lo veo fácil". Laiábase da desatención política con Murguía: "...por qué se han olvidado de U.?". E insistía nos obstáculos para avanzar nos cambios: "¡No ha pasado todavía el reinado de la injusticia"; referíndose ao gobernador e algúns que ocupaban cargos dixo: "Hemos acudido

[16] Carta de outubro de 1868, sen indicar día.

[17] Carta de outubro de 1868, sen indicar día.

a los hombres de ayer y no podemos prometernos nada de mañana ¡Retrocederemos a 1857!"[18]. Ademais, aseguraba, as forzas anti-revolucionarias gozaban de influencia ("siguen las murallas"). Eran tempos de certa confusión e oportunismo, como ben expresaría despois o propio Manuel Murguía en *Los Precursores* (1886): "En aquellos días de esperanza y de sol, no parecía sino que todos sentían ansia de calentarse a su calor. Salieron, como en día de tormenta, todos los reptiles a la superficie; y entre las que tenían derecho a vivir brotaron las plantas más infectas. En vano preguntábais quiénes eran aquellos a quienes en once años de lucha jamás habíais encontrado en el camino, ni aún como enemigos. Nadie los conocía, pero eran los de siempre, ¡eran los del día siguiente! (...) Se pasmaba uno de ver su desvergüenza y de presenciar su fortuna, y sólo era posible el consuelo de pensar que ni ello era nuevo, ni sería la última vez que hubiese uno de soportarlo"[19].

Malia as reticencias comentadas, Rúa-Figueroa continuaba cara a fins do ano 1868 e xaneiro de 1869 en primeira liña da acción política. Así, en carta de 14 de decembro de 1868 díxolle a Murguía que o comité republicano "absorbe todos mis momentos libres"[20].

8. Traslado a Simancas e Madrid

O futuro de Manuel foise aclarando, desapareceron as opcións de participar na vida política e recibiu o nomeamento de director do importante Arquivo Xeral de Simancas. Ramón dille en carta de 14 de decembro de 1868 que o soubo por outras persoas e quéixase, levemente, a Murguía por non terllo comunicado[21]. Nesas datas este quería falar persoalmente co seu interlocutor postal, porén Rúa-Figueroa comenta que está moi ocupado polo que se desexa velo debe ir á Coruña.

En xaneiro de 1869 Rúa-Figueroa tamén abandona o primeiro plano da vida política e é trasladado para Madrid. Levaba un tempo con problemas de saúde, quizás por iso os destinos que tivo nos anos seguintes foron de tipo burocrático. Primeiro, desde 1869, como "Agregado á la Dirección general de Propiedades y Derechos del Estado"; despois, o 11 de Agosto de 1870 foi destinado ao "Instituto geográfico y Estadístico". Semella que o do traslado a Madrid xa o sabía en decembro, porque nese mes lle di a Murguía que desexaría que en vez de Simancas o destino do historiador fose a capital, "porque así estaríamos juntos... un deseo egoísta y mejor estará U. en Simancas aunque separado del

[18] Carta de 5 de novembro de 1868.

[19] Murguía, M. (1886): *Los Precursores*. A Coruña: Imprenta La Voz de Galicia, 111-112.

[20] Carta de 14 de decembro de 1868.

[21] Un decreto do Goberno provisorio de 27 de novembro de 1868 estableceu o seu ingreso no "Cuerpo de Archiveros, Bibliotecarios y Anticuarios. Sección de Archivos". Foi nomeado xefe de 3º grao do corpo e destinado o 5 de decembro ao Arquivo Xeral de Simancas.

mejor de sus amigos"[22]. Ramón persistía coa demanda de orixinais para *La Correspondencia*: "Mande U algo, que no será muy grande el abismo que nos separa", e agardaba vérense persoalmente: "¿No nos vemos antes de abandonar nuestra querida patria?". O 20 de xaneiro, Miguel Noya, o parente de Murguía, dille a este que se atopou na Coruña a Ramón na rúa, empaquetando para viaxar.

9. De novo colaboracións

Pasado o momento de efervescencia política, Ramón e Manuel volveron á relación colaborativa previa pero sen deixar de prestar algo de atención á actualidade política. Rúa-Figueroa continuaría traballando con Eugenio Maffei nos seus *Apuntes*, e asemade, publicou artigos sobre a produción mineiro-metalúrxica de España. Murguía facilitaba a Rúa-Figueroa información bibliográfica e este remitíalle datos de diversos autores (como foi o caso do mariño e explorador de Corme, Francisco Mourelle de la Rúa, 1750-1820). En maio de 1869 Ramón realizou unha excursión polo Alentejo (Portugal) e pediulle a Manuel que: "No olvide registrar lo que haya de minas (y sobre todo de América) en Simancas y avisarme para los efectos consiguientes. No dejará de haber algo que no haya pasado a Indias"[23]. Efectivamente, a documentación relacionada con América estaba, e está, depositada no Arquivo Xeral de Indias de Sevilla, pero, como ben dicía o enxeñeiro, podería haber algo en Simancas.

Murguía retomou o traballo sobre o seu *Diccionario* e sobre a *Historia de Galicia*. Na correspondencia comentaron os atrancos para acceder a fondos eclesiásticos[24]. Rúa-Figueroa estaba decepcionado coa marcha dos asuntos políticos, aludindo ás intrigas de unionistas e progresistas: "Aquí no hay hombres y no hay más que ambiciosos o, como dijo Posada Herrera, virgos impacientes". Seguía traballando nos *Apuntes* pero coidaba que aínda restaba un ano para rematalos (sairían en 1871 e 1872), indicando que estaba atopando moitos materiais inéditos.

Abondan os comentarios sobre posibles encontros en Madrid ou Simancas. Ramón dille que cando Manuel vaia á capital lle leve o catálogo da Biblioteca de Azara. Supoñemos que alude a Félix de Azara (1742-1821), militar, enxeñeiro e naturalista[25]. Manuel, de vacacións en Caldas de Reis, continuaba coa *Historia*, Ramón anímao nese labor e dille: "Sólo así le perdonaré el que abandone y posponga el Diccionario". Rúa-Figueroa comenta que dedica dúas horas diarias a traballar cos manuscritos de América. En xullo dese ano 1869 (en carta sen indicar o día), recibe o encargo de Murguía de adquirir para el "La crónica de Yepes". Nese mesmo mes o enxeñeiro quéixase dun escrito público do

[22] Carta de decembro de 1868, sen indicar día.

[23] Carta de 10 de maio de 1869.

[24] Carta de 14 de xuño de 1869.

[25] Carta de 28 de xuño de 1869.

Concello de Santiago[26] e dille ao seu interlocutor: "¡Y quiere U. vivir en ese pueblo! Véngase para aquí o... para otra parte, y deje a esos reaccionarios"[27].

En setembro de 1869 escribe sobre un documento relacionado con Casiano de Prado e do paso deste polo cárcere da Inquisición de Compostela, asunto que o propio Casiano confirmara a Ramón[28]. O enxeñeiro estaba na busca de bibliografía sobre os suevos para a *Historia* de Manuel. No intercambio epistolar non deixan de aparecer favores persoais. O 4 de outubro Rúa-Figueroa coméntalle a Murguía que o secretario da Deputación da Coruña era amigo seu e lle debía favores, polo que lle pedira que interviñese fronte á Deputación de Lugo para un pago a Murguía.

As cartas mesturan referencias aos traballos bibliográficos, críticas á situación política e axudas diversas. Murguía pescudaba en Simancas documentación para as súas publicacións e, ao mesmo tempo, estaba atento por se atopaba algo de interese para Rúa-Figueroa, como aconteceu cunhas Ordenanzas sobre minería dos Reis Católicos, de 1504. Ramón realizou xestións en Fomento a prol dun cuñado de Manuel. E facía comentarios políticos como: "...se me figura que <esto se va>. Está visto que los españoles no podemos ni sabemos ser libres", mesmo se queixaba dos republicanos: "...pretender confiar al éxito de las armas lo que debía surgir tan solo de la lucha de las ideas"[29]. Posteriormente engadiría: "La política tiende a tomar un nuevo rumbo, que puede ser el de la salvación del país si hay energía y resolución para romper con las rémoras que hasta ahora se han opuesto a la desembarazada marcha del gobierno". E engadía que se os cambios levaban a Murguía a Madrid, estaría ben, pois "la amistad verdadera es egoísta"[30].

En outubro de 1870 Murguía foi cesado en Simancas e trasladouse para o Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), onde tomou posesión en decembro. Pola súa banda, Rúa-Figueroa comentou: "...sigo en mi rinconcito de Fomento". En xuño de 1871 dille a Murguía que os *Apuntes* acadaron cento setenta subscricións, número que ascendeu a duascentas en setembro. Alude ao seu irmán Antonio, morto, e a que posúe unha colección do xornal compostelán *El Porvenir*, que pon a disposición de Murguía. Fronte aos problemas internos dos progresistas (enfrontamentos entre partidarios de Sagasta e Ruiz Zorrilla), comenta en novembro de 1871: "La política... da asco...". Faise eco dos problemas de Murguía co editor de *Historia de Galicia*, ao que cualifica de "usurero Soto Freire"[31]. A decepción coas limitacións dos cambios políticos lévalle a dicir a fins de decembro de 1871: "No hay fe, no hay valor, no hay patriotismo para marchar

[26] Sobre o que semella que escribiu algo Rúa-Figueroa no semanario *La Reforma*, de tendencia liberal e independente de perfil republicano.

[27] Carta de 29 de xullo de 1869.

[28] Cartas de 12 e 20 de setembro de 1869.

[29] Carta de 19 de outubro de 1869.

[30] Carta de 27 de marzo de 1870.

[31] Carta de 2 de decembro de 1871.

resueltamente por la senda revolucionaria". Non falta unha alusión á elección en abril de 1872 de Ramón Pérez Costales (1832-1911) como deputado. Deste médico e político republicano que sería ministro ao ano seguinte –moi popular na Coruña na segunda metade do século XIX– di que "vendrá aquí a charlar como si se dirigiese a la gente del barrio de Santa Lucia"[32].

10. Arredor do conflito de Simancas

Na estadía de Manuel en Simancas e Ramón en Madrid xurdiu un tema que acadará unha notable presenza nos contactos. Murguía acudiu en numerosas ocasións á axuda de Rúa-Figueroa para que este realizase xestións fronte ás autoridades do Ministerio de Fomento, do que dependía o Arquivo Xeral de Simancas. Falamos de permisos, de posibles traslados (a Madrid e Santiago) e dos conflitos con arquiveiros.

O nomeamento de Murguía fora unha designación política, legal pero non moi habitual. Procedía do ministro de Fomento Manuel Ruiz Zorrilla (1833-1895), daquela no Partido Progresista e que remataría sumándose ao republicanismo. O corporativismo do sector, as ideas políticas de Manuel e o seu carácter xeráronlle diversos problemas cos arquiveiros e autoridades (López Gómez 1993 e Barreiro 2012). En Simancas estaba de arquiveiro interino Francisco Díaz Sánchez, por xubilación de Manuel García González en xaneiro de 1867. Murguía tomou posesión o 5 de decembro e Díaz deixou, xa que logo, a dirección do arquivo. O historiador solicitaría varias licenzas por tema de saúde e mantivo conflitos serios co arquiveiro xubilado, co alcalde de Simancas e co oficial Díaz Sánchez, co que chegou a ter un enfrontamento físico.

Os problemas de Murguía en Simancas levan a este a acudir ao amigo Rúa-Figueroa. O 14 de xuño de 1869 Ramón dille que foi ver a Picatoste sobre a licenza de Murguía (debe tratarse da licenza por problemas de saúde). Este funcionario era Felipe Picatoste Rodríguez (1834-1892), xefe de negociado no Ministerio de Fomento[33], onde tamén traballaba outro dos interlocutores, Francisco Bañares. Os tres, Ruiz Zorrilla, Picatoste e Bañares, estaban, naquel momento, moi próximos politicamente, compartían militancia masónica e eran o soporte político de Murguía, sobre todo os dous primeiros. As visitas de Rúa-Figueroa a Picatoste sucédense segundo continúan os problemas para Murguía no arquivo e advirte a este que estea previdо de posibles "jugarretas", instándoo a que volva tan pronto poida ao seu destino, "por lo que pudiese tronar"[34]; Ramón coidaba que aqueles que Manuel consideraba amigos (Picatoste e Bañares) non eran tal ("los hechos

[32] Carta de 8 de abril de 1872.

[33] Picatoste favorecera a creación de bibliotecas populares e a reforma do ensino. En 1872 exercería de director da Imprenta Nacional e da *Gaceta de Madrid* ata a Restauración de Alfonso XII. Volvería a ocupar a xefatura do negociado de Fomento con Montero Ríos.

[34] Carta de xullo de 1869, sen indicar día.

no lo demuestran")[35]. En marzo de 1870 tamén intercede Rúa-Figueroa con Carlos Navarro Rodrigo (1833-1903), quen procedía da Unión Liberal e remataría integrándose no partido de Sagasta[36].

Fronte aos problemas en Simancas o ministerio decidiu, como comentamos, trasladar en outubro de 1870 a Murguía para A Coruña. Bañares foi quen interveu no tema. Nese período consta unha xestión da compañeira de Murguía, Rosalía de Castro (acompañada de Celestino Vidal), coas autoridades do Ministerio de Fomento; foi a falar con Picatoste e Bañares polo conflito con Díaz Sánchez. En carta de 2 de febreiro de 1871, Rúa-Figueroa, que non fora advertido da xestión, fai referencia a ela. Di que se atopou con Rosalía, a quen non coñecía persoalmente, "en el banco de la portería del Ministerio". Comentou que Picatoste non a recibía e que foi el quen mediou para obter a entrevista. Os problemas non remataron coa marcha de Simancas, o 18 de xaneiro de 1872 Ramón dille a Manuel que os arquiveiros o rexeitan e engade, probablemente sobre os seus contactos no ministerio: "Viva U. alerta y prevenido, y procure exigir lo menos posible de estos exdemócratas". En febreiro de 1872, coa chegada de Sagasta á presidencia do Goberno o novo ministro, Francisco Romero Robledo, cesou a Picatoste e Bañares.

11. Remate da relación. Temperá morte de Rúa-Figueroa

A intensa relación entre estes dous galegos sobranceiros rematou pronto, pois Ramón Rúa-Figueroa morreu en Madrid o 17 de decembro de 1874, con corenta e nove anos. Xusto un mes antes morrera o pai de Murguía en Santiago, o que supuxo un importante desafogo para a sempre complicada economía da familia Murguía-Castro. Dez días despois, 27 de decembro, tivo lugar o golpe de Estado promovido polo xeneral Arsenio Martínez Campos en Sagunto, que permitiu o comezo da primeira Restauración borbónica. Murguía foi destituído da dirección do Arquivo de Galicia o 20 de febreiro de 1875, non só por razóns políticas. De feito, o novo responsable, Andrés Martínez Salazar, era republicano e sería un bo amigo do noso protagonista. Este volveu botar man das súas amizades para obter algún destino profesional e, grazas a un compañeiro da infancia, Saturnino Álvarez Bugallal, ministro de Cánovas, acadou un posto en maio de 1876 na Biblioteca Universitaria de Valencia[37].

A derradeira carta de Rúa-Figueroa a Murguía é de xuño de 1873. Descoñecemos a razón pola que cesou a correspondencia remitida por Rúa-Figueroa un ano e medio antes da súa morte. O enxeñeiro, malia os seus problemas de saúde, seguía activo. Acudira ese mes de xuño a Viena como membro do xurado internacional en minería e metalurxia

[35] Carta de 2 de febreiro de 1871.

[36] Deputado nas Cortes, ocupou diversos cargos en Fomento. Acabaría sendo nomeado ministro de Fomento no Goberno de Sagasta de 3 de setembro a 31 de decembro de 1874.

[37] Perdeu a praza por chegar tarde á toma de posesión.





Derradeira carta de Rúa-Figueroa a Murguía, xuño de 1873. (Arquivo da Real Academia Galega)

AÑO II.—Núm. 15 Jueves 8 de Abril de 1875. Núm. 66.

EL HERALDO GALLEGO,

SEMANARIO DE CIENCIAS, LITERATURA Y ARTES.

Director propietario, Valentin L. Carvajal.

CORONA FUNEBRE,

DEDICADA Á LA MEMORIA DEL ILUSTRE GALLEGO,

DON RAMON RUA FIGUEROA.

A MORTE D'O POETA E FILÓSOFO GALLEGO,

D. RAMON RUA FIGUEROA.

Dend'o cabo d'a nosa Pátrea fermosa, dend' ali onde Galicea s' arreda d' un pobo, que foi Galicea tamen, dend'o verse é a tomba de Camoens, camiño axiña, bardos galéicos, hirmans d'a miña y-alma: onde doente á vosa fende os aires c'os seus ayes poéticos, trema n'as cordas de ouro d'a lira temperada per'os xénios de Macias é Xan Rodriguez d'o Padron, é s'afoga é perde n'o seu d'o empireo recollida pol'o amor d'o vate, que Dios chamou á si. Camiño ¡ay! a o través d'un mundo de helo, coroada a testa miña d'a neve d'os anos, de-feitizado, luctuoso o peito, magoada á pranta n'as espiñas d'o deserto d'a vida, sin nume, sin estro, pro... farto ¡ay! de augua n'os ollos con que regar as coroas de tristeñas frores; mirtos, loureiro é de ziprés, que tezedes duces, amantes subrimes, enrriva d'o leito de morte d'o poeta é filósofo que foi. Xeme o Parnaso, queixanse os ecos, treman as entranas d'a terra ¿cómo non, si Ramon Rua Figueroa deixou de ser? ¿cómo non si as Musas perderon seu amante é a terra seu admirador? Vates é naturistas galizeos: ceivade o pranto. . ¡hay por qué chorar!

II.

D'o auxusto lumeoso seo d'a Atenas Galicea, d' entre os xénios que vulen a-o pé d'a Minerva compostelan, surxeu o forzudo, vivo, espellante de Ramon Rua Figueroa. Cedo arrolado á carón de Xoxé o seu hirmans, cantor valente é ben soante d'a nosa Galicea poética, adeprendendo con ansia as cantigas, o arte, dos trovadores mais nomeados, ben é coidadosamente, com' aqua, enseñado n'a escola d'a D. Alberto Lista gallego, d'o afamado Doctore D. Pedro Losada, Catedrático de Literatura n'a Universidá de Santiago: criou'á inspirazeón, que, cedo non menos, adiantouno n'os seus arrutos formosos á aquela pleyade de novos arriscados bardos, qu' enloaron con coraxe sacro as grorias é excelenzeas de Ga-

Portada de *El Heraldo Gallego* (Ourense), 8 de abril de 1875.

na Exposición Universal celebrada na capital austríaca. Sobre a experiencia escribiu unha ampla e interesante memoria, *La minería y la metalurgía española en la Exposición Universal de Viena* (1874). Uns meses antes da súa morte ascendeu a enxeñeiro xefe de primeira clase. As súas últimas colaboracións literarias apareceron en 1874 nun semanario editado en Ourense por Valentín Lamas Carvajal, *El Heraldo Gallego*.

A nova da morte causou grande impresión en toda Galicia. Foi *El Heraldo Gallego* o que protagonizou a principal lembranza do eminente fillo de Galicia, publicando un número monográfico dedicado ao seu salientable colaborador o 8 de abril de 1875. O redactor do xornal, Camilo Placer Bouzo (Ourense, 1854-1887), quen colaborara en *La Ilustración Gallega y Asturiana* que dirixira Murguía, pediulle a este datos sobre o morto para elaborar un artigo ou que, mellor, fose el quen se encargase del. Non sabemos cal foi a resposta pero no monográfico de abril, co título "Corona fúnebre dedicada a la memoria del ilustre gallego Don Ramón Rúa Figueroa", non apareceu o texto de Murguía. Ese número comezou, na portada, cun escrito en idioma galego do Dr. Domínguez Esquerdo (de Bande): "A morte do poeta e filósofo gallego D. Ramón Rúa Figueroa". A ese texto seguiron outros (varios deles poemas), ben sentidos, de autores de toda Galicia: Emilia Calé, Victorino Novo García, Teodosio Vesteiro Torres, Alfredo Vicenti (que lle chamou "viejo camarada"), Luis Taboada, Manuel Comellas,

Juan Neira, Nicolás Taboada Fernández, López de la Vega, Aureliano J. Pereira, Valentín Lamas Carvajal, P. Ruiz y Enriquez. Finalizou cunha breve biografía escrita por Camilo Placer Bouzo, quen a rematou así: "¡Figueroa ha muerto! Su memoria vivirá eternamente".

BIBLIOGRAFÍA

Barreiro Fernández, X. R. (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Barreiro Fernández, X. R. e Axeitos, X. L. (2003): *Cartas a Murguía I*. A Coruña: Real Academia Galega/Fundación Barrié; (2005): *Cartas a Murguía II*. A Coruña: Real Academia Galega/ Fundación Barrié.

Beramendi, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.

Fraga Vázquez, X.A. (2021a): "O ignorado artigo La industria minera en Galicia (1868) de Ramón Rúa-Figueroa Fraga (non Somoza!)", *La Opinión de A Coruña*, 14 de marzo, 11; (2021b): "As afeccións literarias do destacado enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa Fraga", *La Opinión de A Coruña*, 21 de marzo, 10; (2021c): "A excepcional actividade do enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa", *La Opinión de A Coruña*, 16 de maio, 12; (2021 d): "A familia do enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa, parentes distantes de Emilia Pardo Bazán", *La Opinión de A Coruña*, 23 de maio, 12; (2021e). "O valioso epistolario entre o enxeñeiro de minas Ramón Rúa-Figueroa e Manuel Murguía", *La Opinión de A Coruña*, 20 de xuño, 12.

López de Azcona, J. M. (1988): "Mineros destacados del siglo XIX. Ramón Rúa Figueroa y Fraga (1825-1875)", *Boletín geológico y minero*, v. 99, nº 3: 139-143.

López Gómez, P. (1993): "Martínez de Murguía, Archivero", en *Homenaxe a Daría Vilariño*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 443-478.

Maffei, E. (1874): "Necrológica", *Revista Minera*, XXV, 589, 18 decembro de 1874, 408-409.

Maffei, E. e Rúa Figueroa, R. **(1871-72)**: *Apuntes para una Biblioteca Española de libros, folletos y artículos, impresos y manuscritos, relativas al conocimiento y explotación de las riquezas minerales y a las ciencias auxiliares*. Madrid: Imprenta J. M. Lapuente; 2 vol.

Varios (1875): "Corona fúnebre dedicada a la memoria del ilustre gallego Don Ramón Rúa Figueroa", *El Heraldo Gallego, semanario de Ciencias, Literatura y Artes*. 8 abril, 8 páxinas.

Notas sobre o desempeño como xuíz en Cambados do poeta precursor Xoán Manuel Pintos

PALABRAS CHAVE
Xoán Manuel Pintos, Poesía Galega, Século XIX, Sistema Xudicial, Cambados

RESUMO
Neste traballo ofrecemos novas concretas da actuación do poeta precursor Xoán Manuel Pintos como xuíz de primeira instancia en Cambados no período 1840-1845, contextualizándoas na súa traxectoria formativa, poética e ideolóxica, que fica aínda en moitos aspectos e períodos por estudar con detalle.

KEYWORDS
Xoán Manuel Pintos, Galician Poetry, XIX Century, Judicial System, Cambados.

ABSTRACT
We offer in this work concrete news of the performance of the poet Xoán Manuel Pintos like a judge of first instance in Cambados in the period 1840-1845, explaining his formative, poetic and ideological path, which stay still for studying with detail in a lot of aspects and periods.

Emilio Xosé Ínsua
IES A Basella, Vilanova de Arousa
mimadrinha@edu.xunta.gal

ARTIGO

1. Introdución

Coñécense con algún detalle un certo número de pormenores familiares e literarios en terras cambadesas do chamado por Anxo Angueira (2011) "precursor entre os Precursores", o escritor pontevedrés Xoán Manuel Pintos Villar (16 de decembro de 1811-29 de xuño de 1876), así como as circunstancias político-profesionais que o levaron a morar nelas entre 1840 e 1845, mais o certo é que foron ata o de agora moi poucas as noticias concretas de que dispuxemos sobre o seu desempeño como xuíz de primeira instancia. Esa caste de noticias están mesmo ausentes no estudo, en moitos outros aspectos ben oportuno e clarificador, de Villares Naveira "A Xustiza no século XIX vista dende os versos de Pintos" (2011).

No transcurso dunha investigación que visaba un tema en principio alleo á figura do autor de *A Gaita Gallega* tivemos a fortuna de dar casualmente con algunhas referencias en prensa da época sobre esta faceta en particular da súa traxectoria. Nas liñas que seguen tentaremos contextualizar e expoñer os aspectos máis destacados que nos coubo deducir da información obtida nesas fontes hemerográficas e, xa postos, aventurar algunhas reflexións sobre os perfís de Xoán Manuel Pintos que se colixen tanto dos seus escritos conservados como desas actuacións súas como xuíz en terras do Salnés.

2. A estadía cambadesa de Pintos e os seus textos en galego coñecidos máis antigos

Como adiantamos, na traxectoria de Pintos é ben coñecida a circunstancia da súa estadía en Cambados ao longo dun período de tempo que cabe situar entre setembro de 1840 e mediados de 1845. Xove Ferreiro (2009: 266), nesta orde de cousas, explicou que

> Pintos desempeñaba nese ano [1842] o cargo de xuíz de Primeira instancia de Cambados […]. Érao desde 1840, tralo pronunciamento progresista do 11 de setembro dese ano contra a Rexencia de Mª Cristina, en que foi nomeado xuíz interino pola Xunta de Goberno de Pontevedra, e confirmado logo en propiedade pola Rexencia de Espartero. No cargo durou o tempo que mantiveron o goberno os progresistas, pois foi cesado en xullo de 1844 coa chegada ao poder dos moderados.

Isidoro Millán observou que aínda que o cesamento de Pintos Villar no seu posto de xuíz se produciu, efectivamente, en xullo de 1844, non foi ata mediados de 1845 que abandonou Cambados para se instalar na súa Pontevedra natal (Millán, 1975: 19).

A estadía profesional de Pintos na vila do Umia, que vemos corroborada nunha publicación paraoficial da época como era o *Guía de forasteros en Madrid*[1], coincidiu cun instante especialmente intenso do punto de vista persoal e familiar para el, xa que casou en Pontevedra en 1841, xa feitos os trinta anos, con Serafina Amado Boullosa[2], irmá do tamén poeta precursor Xosé Bieito Amado (1822-1888), da mestra Aurora Amado e de Manuel Amado (avó paterno do escritor hilozoísta pontevedrés Amado Carballo), e asistiu ademais na propia vila do albariño ao nacemento de catro dos seus fillos: Ángela Fausta (1841-1925), Basilio Aniceto (1842-1899), Teresa Avelina (1844-1903) e Teresa Peregrina (1845-?)[3].

---

[1] Na edición de 1842, páx. 163, indica que o xuíz de primeira instancia de Cambados é "Juan Manuel Pintos" [sic], entanto o cargo de promotor fiscal recae en Juan Vidal Fraga.

[2] Segundo anota Manuel M. Murguía na entrada correspondente a Xosé B. Amado do seu *Diccionario de Escritores Gallegos* (1863: 64-65), a familia Amado Boullosa de Marín gozaba dunha situación económica "harto desahogada", pois entre os seus membros "se contaban algunos de los principales navieros de Galicia". De feito, segundo indica tamén Murguía, o propio cuñado de Pintos, Xosé Bieito, fixo estudos para piloto en Ferrol "á poco más de los tres lustros de su vida".

[3] Posteriormente nacerían en Pontevedra Fernando Manuel (1846-1881); Luís Manuel (1848-Habana,1874), que chegou a publicar na súa curta existencia algúns poemas como os titulados "Lamentos", "O gato e a criada" e "Un drama de aldea"; Carlos (1849-1898), secretario de xulgado na Habana no intre do seu falecemento; María Carlota (1850-?); Aniceto Santiago (1853-1902), emigrado en América durante moitos anos; Juan Manuel (1854-1931), reloxeiro municipal na cidade do Lérez; Ramón Antonio (1856-?); Leodegario José Benito (1857-1924), tamén emigrante en América durante longo tempo; Román Nazario (1858-1928), director de varios orfeóns e agrupamentos musicais pontevedreses, funcionario no Arquivo da Deputación provincial e esposo de Clodomira Lois Amado; e, finalmente, Benjamín (1860-1935), oficial maior do Concello pontevedrés. *Vide* Millán (1975: 18).

Non deixaremos de indicar que no seu *Vocabulario Gallego-Castellano*, manuscrito, datado en 1865 e conservado na actualidade na Real Academia Galega (Neira & Riveiro, 2001), o escritor fixo algunhas anotacións que tornan patente o seu coñecemento de primeira man das terras do Salnés e o seu interese manifesto por certos aspectos da cultura e do léxico mariñeiro da ría arousá. Así, a propósito da voz "castrelo", anota: "De castro. Hay una parroquia así llamada en el Partido de Cambados" (Neira & Riveiro, 2001: 52); sobre a voz "meco", indica: "Adúltero, apodo con que se moteja á los naturales del Grove" (*ibídem*: 101); da palabra "ducia" (que transcribe *duzia*), apostila: "Docena. Por la parte de la Puebla y distrito marítimo se entiende entre pescadores 36. Así *unha ducia de pescadas* son 36 etc." (*ibídem*: 69); e, finalmente, sobre a voz "manexo", escribe: "Lubricán. Se usa cuando se contrapone á *axexo* que es cuando se pone el sol. Así dicen los marineros que fueron pescar ó axexo è manexo, esto es a la hora de los dos crepúsculos" (*ibídem*: 99).

A todo isto hai que engadir a vertente literaria, pois a día de hoxe, grazas ás investigacións de Xove Ferreiro (1999 e 2009), Ríos Panisse (2006) e Hermida Gulías (2010), está plenamente confirmada a confección entre 1842 e 1843, isto é, en pleno período cambadés da súa traxectoria, de varios poemas en galego por parte de Pintos.

Efectivamente, en 1999 Xove Ferreiro exhumou un poema, cuxo título completo di, en idioma distinto ao empregado nas súas estrofas, "Dándome parte Faustino Domínguez de su casamiento con Luisa Coumes Gay le contesté en 13 de marzo de 1843 a la suya del 6 del mismo lo siguiente". O citado investigador presentouno entón como "primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos" (Xove Ferreiro, 1999) e Ríos Panisse, con esa información, anotou de maneira talvez pouco matizada que "parece que é a partir de 1843 cando Pintos empeza a escribir en galego" (2006: 21).

De feito, tanto o propio Xove Ferreiro no *Boletín* da Real Academia Galega (2009) como Carme Hermida Gulías na revista *A Trabe de Ouro* (2010) e logo Ramón Mariño Paz no segundo tomo dos *Papés d'emprenta condanada* (2012: 487-494) deron a coñecer as súas respectivas transcricións doutro poema en galego, sen título, datado en Cambados no día 17 do mes de novembro de 1842 (anterior, pois, ao xa citado "Dándome parte Faustino…") e conservado sen indicación de autoría no Códice 1052B do Arquivo Histórico Nacional (AHN) de Madrid. Ese manuscrito fora no seu día propiedade de Eugenio Reguera Mondragón e Pardiñas Villardefrancos (Pontevedra, 1806- Compostela, 1866)[4].

[4] A este propósito, aclara Xove Ferreiro (2009: 257): "Aínda que pontevedrés coma Pintos e só uns anos máis vello, non é seguro que os autógrafos de JMP do Códice 1052 procedan directamente do autor, aínda que se cadra non é aventurado supoñer que ambos puideron entrar en contacto en Pontevedra nos anos 40, irmandados ademais polo común aprezo polo Padre Sarmiento. As respectivas vidas, un na Coruña e logo Segovia, o outro en Pontevedra, distanciaríanos posteriormente. Explicaríase así que obrasen no poder de Reguera só estes primeiros textos autógrafos de Pintos, en principio prestados para copiar, como testemuña o traslado interrompido do texto de 1843. Por unha carta de Luís Rodríguez Seoane, conservada tamén no AHN, sabemos que Reguera coñeceu e posuíu outras composicións impresas de JMP".

Este segundo poema rescatado, que ambos investigadores citados atribúen razoadamente á autoría de Xoán Manuel Pintos, adopta a forma dunha epístola en verso na que o autor comunica ao seu proxenitor a nova do nacemento en Cambados, ás doce da noite do mércores (*corta-feira*) 16 de novembro de 1842 do seu primeiro fillo varón, bautizado logo co mesmo nome ca ese seu avó paterno, Basilio[5].

Interesa subliñar que nesa composición achamos referencias por parte do propio Pintos ao seu labor como xuíz en Cambados, pois comenta nela que na xornada en que finalmente naceu pola noite o seu primeiro fillo varón deu un paseo matinal polo mercado que se celebraba na praza de Fefiñáns antes de ir ao traballo [subliñados nosos]:

> […] Alí dei tres voltas,
> Como de recreo.
> Axiña ô deixei,
> Voltei para ô eido,
> Porque me doían
> Prendas que ben quero.
> Puxenme ô traballo
> Que de cote teño
> De oir preiteantes
> E fallar os preitos.
> Polas tres da tarde
> Xantei á desexo
> Co'a miña muller […]

Así pois, os dous textos máis antigos coñecidos a día de hoxe que Xoán Manuel Pintos compuxo en lingua galega sitúanse no período cambadés da súa traxectoria. E cómpre engadir que talvez sexa este tamén o caso do poema "Os birbirichos e os birbiricheiros", presente en *A Gaita Gallega* (1853). A súa ambientación, temática e contido remiten indefectibelmente para as paisaxes de Cambados, en particular, ou do Salnés, en xeral, mais non hai probas sobre o momento exacto da súa confección, que tanto puido corresponder propiamente á etapa cambadesa como a un instante posterior, se ben nós coidamos moi plausíbel a primeira das hipóteses, sequera sexa polo carácter máis "descritivo" e "presentista" do que "evocativo" e "pasatista" que amosa a citada composición.

Estamos convencidos, así e todo, de que eses poemas cambadeses dificilmente deben de ser en termos absolutos os primeiros que compuxo Xoán Manuel Pintos, pois

[5] Andado o tempo, Basilio Aniceto Pintos Amado casaría con Carmen Fonseca García de Redondo. Do matrimonio nacería Javier Pintos Fonseca, que morreu aos 65 anos de idade o 16 de outubro de 1935. Corredor de comercio de profesión, este neto de Xoán Manuel Pintos foi un relevante elemento cultural na Pontevedra de "entre dous séculos". Alén de fundador da súa Sociedade Filharmónica foi, asemade, membro e directivo do grupo "Marco Aurelio" de estudos teosóficos.

intuímos que no período universitario compostelán, como fixeron outros "precursores" coma el (Pastor Díaz, Añón, Marcial Valladares etc.), debeu de existir xa certo trato coas Musas pola súa parte: é significativo que mencione no poema que dirixe a Faustino Domínguez, entre as vivencias que con el compartira en tempos estudantís, "aqueles papés escritos / en pequeniños carreiros / e mais outras xirigonzas / que deixo aquí no tinteiro". Só resta que o fado dispoña que algún día se poidan encontrar testemuños explícitos desa actividade chamémoslle "protoliteraria" do autor de *A Gaita Gallega*[6].

3. Algúns antecedentes formativos e relacionais do escritor

Semella obrigado, antes de entrarmos en detalles sobre o exercicio da xudicatura por parte de Pintos Villar en Cambados ou en disquisicións sobre o seu xeito de pensar, o botarmos unha ollada aos antecedentes formativos que o habilitaron e lle forneceron chaves procedimentais e de pensamento para tal desempeño.

Despois dunha infancia esencialmente pontevedresa marcada pola morte prematura da súa nai, Ramona Villar Rodríguez, en 1817, e logo de residir a partir de 1819 co seu pai, Basilio de Pintos García, que era funcionario ("vista") de alfándega desde 1802, primeiro en Ferrol e logo na Coruña[7], Xoán Manuel Pintos Villar comezou en 1824 os seus estudos de Humanidades no convento herculino dos dominicos.

Pasou logo a Compostela, onde cursaría as materias correspondentes ao ensino secundario entre 1826-1829 (tendo entre os seus profesores ao catedrático Manuel del Río Mondragón) e logo a carreira de Dereito entre 1829-1835. Cabe chamar a atención xa sobre o convulso período histórico que serve de marco de referencia para esta fase formativa do noso poeta, atrapado, se así pode dicirse, entre os derradeiros estertores do Antigo Rexime, o conflitivo proceso de triunfo e consolidación do novo Estado liberal burgués e a cruenta Guerra dos Sete Anos ou Primeira Guerra Carlista.

De feito, ata catro certificados tivo que presentar o estudante Pintos entre xaneiro e decembro de 1832, logo de que Calomarde mandase fechar a Universidade, para demostrar que non era reo de infidencia ao monarca Fernando VII e que non estaba envolto en actividades conspirativas contra el.

Con data de 28 de xaneiro de 1832 o brigadier e entón presidente do concello herculino Luís Antonio de Rueda certificaba que o mozo Pintos "no fue individuo de la extinguida Milicia Nacional Voluntaria, ni perteneció a Juntas, Sectas o Asociaciones secretas prohibidas por las leyes, ni tampoco asistió á las llamadas tertulias patrióticas", senón que, ben pola

[6] Ríos Panisse (2006. 28-29) anota a posibilidade, para nós moi plausíbel, de que o poema bilingüe "La monja de San Payo", incluído en *A Gaita Gallega* e que glosa un suceso acontecido en 1833, fose en realidade composto por Pintos na súa etapa universitaria en Compostela.

[7] A folla de servizos do pai do poeta pode consultarse no Archivo Histórico Nacional de Madrid, FC-Mº_HACIENDA, 3080, Exp. 493.

contra, observou sempre "un porte y conducta irreprehensible y propia de un fiel amante y ovediente [sic] vasallo del Rey N.S. (Q.D.G.)". Coa mesma data sinalada, o entón cura párroco de San Xorxe da Coruña, Pedro Fernández Brañas, certificaba que o mozo Pintos cumpría "con las obligaciones de buen cristiano, sin haber pertenecido á Junta alguna contraria al Estado ni menos á la Religión". O mesmo sacerdote asinou o 22 de outubro de 1832 un terceiro documento probatorio segundo o cal o entón cursante de Leis Xoán Manuel Pintos "ha cumplido no solamente con el precepto pascual, sino que ha confesado y comulgado dos veces en los días más solemnes del año, obserbando [sic] la mejor conducta moral y política, y correspondiendo á la buena educación que ha recivido [sic]". E por último, o brigadier e gobernador político-militar interino da Coruña Luís López Delpan certificou outravolta con data de 7 de outubro de 1832 que Pintos non fora membro da Milicia Nacional nin pertencera a "Juntas, Sectas ni Asociaciones prohibidas por las leyes", estando "dedicado exclusivamente a sus estudios" e figurando entre as persoas "adictas al Altar y al Trono"[8].

Resulta difícil saber canto de formulismo burocrático despersonalizado ou, por contra, de exacta verdade biográfica hai nesas certificacións expedidas ao seu favor, requisito imprescindíbel na época para a matriculación nos cursos universitarios e para o acceso aos máis diversos postos burocráticos, mais talvez haxa que desconfiar unha miga da súa literalidade e intuír que o mozo Pintos algunha que outra proba debía de ter dado xa nesa altura de certas inquedanzas ideolóxicas, pois no seu expediente universitario obra unha instancia do seu puño e letra dirixida ao reitor e demais individuos da Junta de Censura da Universidade compostelá con data de 9 de xuño de 1834 na que expón que, rematado o 5º Ano de Leis, "está sin cédula de buena conducta" e que necesita que lle sexa despachada canto antes porque constitúe "documento indispensable para su curso en esta dicha facultad". ¿Simple atraso da burocracia universitaria ou indicio de que existían sospeitas sobre a plena "ortodoxia" do estudante?

O expediente académico universitario de Pintos reflite que para obter o título de bacharel en Dereito Civil defendeu en exame celebrado o 21 de xuño de 1833, cando acababa de rematar o terceiro ano de Leis na Facultade, a proposición "Res propia et aliena recte legatur". Do mesmo xeito, para conseguir o grao de bacharel en Dereito Canónico, tivo que defender diante do correspondente tribunal, apenas unhas semanas despois, o 1 de xullo de 1833, a proposición "Clerus Ecclesia vacantis olim Episcopos eligebat praesente ac testimonium dicente populo"[9].

Tamén testemuña ese expediente académico que citamos que algunhas materias da carreira, como a de Segundo Ano de Institucións Civís, superounas Pintos

[8] *Vide* Arquivo Histórico da USC, F.U.4. 802, Exp. 34.

[9] *Ibídem*. Da emoción con que debeu de recibir e celebrar na antiga igrexa da Compañía de Xesús, na compostelá Praza de Mazarelos, estes éxitos académicos deixou constancia nalgúns versos do seu poema "Recramo" (1859): "Adio-la Igreja dos grados, / que encenden o corazón / rematando con abrazos / tan brillantisma función".

validando con data de 6 de xuño de 1832 a súa asistencia na Coruña ao gabinete do avogado, decano do correspondente Colexio en 1805 e asesor do Corpo de Artillería José Sanjurjo. Ese recurso á validación explícase, coidamos, polo fechamento universitario vigorante durante o curso 1831-32 por orde do ministro absolutista Calomarde.

Ocórresenos pensar, nesta orde de cousas, que o mozo universitario Pintos tivo que sentirse nesta etapa da súa existencia abalado, se non mesmo confuso, entre os estímulos que lle chegaban de dous ambientes tan antitéticos como os que dominaban entón as urbes compostelá e herculina, respectivamente. Mentres na Compostela universitaria e levítica era moi palpábel o pendor pro-absolutista de moitos dos seus sectores e elites sociais, na Coruña burguesa, portuaria e comercial o predominio caía esmagadoramente da banda pro-liberal.

Entre os profesores que lle impartiron docencia na Facultade de Leis en Compostela cabe citar, entre outros, o doutor Francisco Trigueros, o catedrático Manuel Temes Sotelo, o destacado pro-absolutista Vicente Castro Lamas, Carlos Acebedo e os catedráticos en substitución José Álvarez Sarmiento (Institucións Civís), Bernardo Núñez (Dixesto Romano-Hispano) e Francisco Ibáñez (Relixión).

No poema "Recramo", publicado por vez primeira segundo indica Chacón (1984: 227) no xornal pontevedrés *La Perseverancia* en maio de 1859 (núm. 23), lemos estas dúas estrofas evocativas deste período xuvenil e estudantil da vida de Pintos, con referencia a dúas figuras decisivas na súa formación musical, filolóxica e literaria:

> Non me esquenzo do estudio
> onde me enseñou latín
> aquel gran doutor Losada
> frente de San Agustín.
> Nin de Don Juan de Curtí
> de violín gran profesor,
> meu maestro, que en España
> penso que non o hay mellor. […]

O doutor Losada aludido como profesor de latín non é outro que o sacerdote e catedrático compostelán Pedro Losada Rodríguez (1792-1857), home de ideas liberais que foi depurado como profesor de Maiores no período fernandino posterior ao "Trienio Liberal", concretamente en 1823, e que só puido reincorporarse á docencia oficial a partir de 1833. Ao ano seguinte foi moderante da Academia de Oratoria, con Xoán M. Pintos como alumno, e obtivo asemade a cátedra de Sintaxe ou Medianos. En 1836 puido recuperar a mesma cátedra que xa exercera con anterioridade, a de Maiores. Nomeado reitor da propia USC en 1837, resultou non obstante separado do seu cargo en 1839. Dende 1840 foi o primeiro presidente da Academia Literaria, o que lle valeu

ser alcumado por algúns como o "Lista galego". Xa durante a Rexencia de Espartero logrou recuperar novamente a súa cátedra, noticia que foi saudada de xeito entusiasta no xornal *El Iris de Galicia*[10].

Pola súa vez o Juan de Curtí amentado nos versos corresponde a Xoán Courtier Masferrer, nado en Barcelona en 1780, quen logo de exercer en cidades como Segovia e Sevilla, instalouse en Compostela en 1818, onde casou con Rosa Vázquez e onde morreu finalmente en 1860. Este Xoán Courtier foi membro dunha saga familiar de músicos de extraordinario talento que, arrancando de seu pai, o francés Pierre Courtier, e continuando co seu irmán Xosé, prolongaron logo seus fillos José (1830-1912), Hilario Francisco (1832-?) e Juan Nepomuceno (1833-?) Courtier Vázquez, así como varios dos seus netos: a profesora de piano Concepción Courtier Quintáns (1879-?), o irmán desta Hilario José (1882-?) e, sobre todo, o célebre Ricardo Courtier Burguero (1863-1922), responsábel do repertorio do famoso grupo de gaiteiros de Trives "Os Trintas", autor da zarzuela *Flor de cardo* (1904) e director da Banda de Música de Ourense (*vide* Cancela Montes, 2013; Ínsua, 2017).

A propósito dos círculos relacionais de Xoán Manuel Pintos en Compostela, cabe pensar que foron compañeiros de aulas universitarias, usuarios coma el da súa emblemática biblioteca ("¡Ai, famosa biblioteca! / Non me esquencerei de ti, / nin da enseña dos guerreiros / literarios que está alí"), partícipes das súas afeccións á música, á arte e á literatura[11], colegas dos seus leceres no "café de Amaltea, de Pertierre e mais de Andrés", compañeiros dos seus solaces polos arredores rurais de Compostela ("ía eu tantas veces / a Cornes me refolgar") e aínda confidentes das súas primeiras aventuras sentimentais ("Adiós, convento das Orfas, / medio monjas, medio non, / onde botei parrafiños / das bonitas a carón"), algúns individuos que cita el propio tamén nas estrofas do seu poema "Recramo":

> […] Vinde vos de Mondoñedo
> boas mozas á bailar
> e trahédeme a Pampillo
> meu compadre aquí a folgar. […]

[10] Cf. *El Iris de Galicia*, Santiago, núm. 16, 15 de agosto de 1841. O texto dun anónimo remitente sinalaba que "no ha cabido el gozo en mi al ver que el acreditado literato el Sr. Losada volvía á sentarse en su Cátedra rodeado de jóvenes, que deseosos siempre han ido á escuchar sus brillantes esplicaciones. Esplicaciones no de esas que se toman á la memoria, y en las que se aglomeran sin concierto citas y conceptos no teniendo un plan fijo y mucho menos regulado, sino de unas esplicaciones en las cuales rebosa la doctrina, resultado de muchos años de Cátedra, último residuo de repetidos desvelos".

[11] Sobre esta faceta da personalidade de Pintos escribiría José Mª Posada (1880) en *La Ilustración Gallega y Asturiana*: "En su modesta y pacífica vivienda se respiraba el balsámico ambiente de las Bellas Artes, cuyo mágico atractivo reanimaba el alma desfallecida. La música, la poesía y la pintura eran para D. Juan Manuel Pintos objetos de veneración, á los que rendía fervoroso culto, entusiasmándose como un niño con las bellezas de un cuadro, con los ecos de un instrumento y con el ritmo de un poema, cuyo resultado era sorprender á los pocos dias á sus amigos con bellísimas composiciones, que eran leídas con el más grato placer".

Arrecadádeme en Tapia
meu camarada Vior
que foi ala en Oviedo
muy digno Gobernador. […]
Vinde os da antiga Betanzos
trahé a Martínez acá,
meu amigo, que Retore
foi él da Universidá.
Que traya o seu rabeliño
que conmigo ja tocou
cando toda Compostela
c'o meu ruar se gozou. […]
Que veña con vos Lasagra
que è muy digno de estimar
ese diamante gallego
que non cesa de brillar.
Veña o arquiteuto Domínguez
de quen se pode gabar
León e tamén Galicia
Pois aquí veu a estudiar. […]

O citado Pampillo de Mondoñedo, que Ríos Panisse non conseguiu identificar na súa imprescindíbel edición anotada deste poema (2006: 427), debe de ser, coidamos, o avogado José Pampillo Villarino, que morrería en 1878. Era fillo de Juan Pampillo, alcalde de Mondoñedo entre, polo menos, 1833-1834, xuíz na Coruña e membro da Xunta Gobernativa de Lugo durante o pronunciamento esparterista de 1840. Ambos Pampillo estaban emparentados con María Pampillo Saavedra, mai de José Ramón Rodil Gayoso, Marqués de Rodil, destacado xeneral liberal durante a 1ª Guerra Carlista e presidente do consello de ministros entre maio de 1842 e marzo de 1843, baixo a Rexencia de Espartero.

Pola súa banda, o Vior de Tapia de Casariego amentado nos versos debe de ser o avogado e político progresista Manuel García de Vior y Campón, quen exerceu como deputado provincial en representación de Castropol entre xaneiro de 1841 e xullo de 1847 e logo como gobernador civil da provincia ovetense durante o bienio 1854-1856. Foi cesado nese posto coa subida ao poder do xeneral O'Donell.

Pola súa vez, o aludido Martínez corresponde, pensamos, a Celestino Martínez del Río, coruñés de nacemento e estudante de Dereito canda Pintos en 1825, que foi logo alcalde 2º de Betanzos en 1836, presidente da Xunta Gobernativa nesa mesma localidade en 1843, apoderado da avoa paterna de Emilia Pardo Bazán, Joaquina Mosquera, reitor interino da Universidade compostelá por decreto de 13 de xuño de 1855, reitor en propiedade por decreto de 26 de xaneiro de 1856, cesado o 22 de novembro dese mesmo

ano coa volta dos moderados ao poder e, finalmente, alcalde de Betanzos cando menos en 1863.

O Lasagra [sic] amentado nos versos é, desde logo, o sociólogo e economista Ramón de la Sagra (1798-1871), futuro deputado pola circunscrición da Coruña nos comicios de xaneiro de 1840, dentro das fileiras liberais *moderadas*. Ao casar con Manuela Turnes, converteuse en cuñado doutro dos poetas "precursores" máis destacados da nosa literatura, o compostelán Vicente Turnes (1786-1865). Investigadoras da traxectoria de Pintos como Ríos Panisse (2006: 15, 19 e 21) entenden que as teorizacións xuvenís de La Sagra, próximas nalgúns aspectos ao denominado "socialismo utópico", serían o elemento ideolóxico esencial caracterizador de Xoán Manuel Pintos, mais contra este parecer álzase a fundamentada diagnose do profesor Barreiro Fernández, quen afirma (2011: 84, nota 80): "Sinceramente falando non atopamos absolutamente ningunha dependencia [en Pintos] da complexa e contraditoria ideoloxía de La Sagra". Tamén nós, humildemente, somos da opinión de que a ideoloxía do poeta pontevedrés nunca tivo tinguiduras políticas tan "avanzadas" como as formuladas por Saint-Simon, Babeuf ou Proudhon; poderíase encadrar en moitos aspectos, iso si, na visión reformista do cristianismo social formulada polo teólogo e escritor francés Felicité Robert de Lamennais.

Por último, ese "arquiteuto Domínguez" citado nos versos non é senón Faustino Domínguez Domínguez (Villamañán-León, 1816-A Coruña, 1890), marido desde 1843 de Luísa Coumes-Gay Pulleyro (quen, no entanto, morrería con tan só 34 anos de idade vítima do coléra en 1852), promotor na Coruña ao longo de 1843 con Fernando Rubine dos xornais liberais *El Telegrama*, *El Coruñés* e *El Vigilante* e en 1849 de *Fomento de Galicia*, presidente da Academia e Escola de Belas Artes herculina fundada en 1850 e autor de emblemáticos proxectos como os edificios dos xulgados de Pontedeume (1852) e Ortigueira (1853), a sede da Deputación Provincial coruñesa (1862-1865), a fachada da igrexa de San Nicolás (1861-1867) ou o gabinete de autopsias do cemiterio herculino de San Amaro (1862). Trátase, como xa se terá deducido, do mesmo individuo a quen Pintos dirixiu en 13 de marzo de 1843 desde Cambados un dos seus poemas en galego máis antigos dos que temos noticia.

Talvez coa única excepción dos entón *moderados* Faustino Domínguez e La Sagra, todos os demais individuos citados nese fragmento do poema "Recramo" por Pintos parecen ter protagonizado nos seus anos universitarios e aínda despois, ben no ámbito intelectual, ben nas súas carreiras políticas, unha común simpatía polos ideais liberais progresistas, militando algúns deles expresamente nas fileiras esparteristas ou *ayacuchas*. Convén telo presente porque é nese ámbito político-ideolóxico no que cabe situar tamén o licenciado Pintos cando se produza o seu nomeamento como xuíz de primeira instancia de Cambados.

Con todo e con iso, convén non perder de vista que o mozo Pintos tiña asemade estreito trato e relación cordial neses seus anos estudantís composteláns con elementos de ideoloxía ben distinta, mesmo antitética, á que representaba o liberalismo *progresista*.

O caso máis sobranceiro é o do bispo *Rafael de Vélez*, Benito Anguita y Téllez (Málaga, 1770-Compostela, 1850), quen foi desterrado o 14 de abril de 1835 ás Illes Balears como represalia polas súas manifestas simpatías e actividades a prol da causa do Pretendente D. Carlos. No seu día, Rafael Chacón (1984) mesmo chegou a atribuír á autoría de Pintos o poema "Á entrada do señor arsibispo, cando vinha [sic] do seu desterro de Maon. Cantábase na porta de San Roque en Santiago", atribución hoxe practicamente desbotada en favor do párroco de Miñortos (Noia) Ramón Malvárez (Mariño Paz, 2008: 488-489). Mais o que agora interesa salientar é que, como xa anotaron no seu momento o propio Chacón (1984) e Ríos Panisse (2006: 22), Pintos foi "un grande admirador do arcebispo Rafael Vélez".

Aínda que nos resulte *a priori* un tanto difícil de compatibilizar co perfil ideoloxicamente liberal progresista que desprega Xoán Manuel Pintos na súa actuación como xuíz en Cambados (e aínda en épocas posteriores) esa manifesta admiración súa polo autor de tratados ultrarreaccionarios como *Preservativo contra la irreligión* (1812) e *Apología del altar y el trono* (1818) e primeiro líder da Xunta Carlista de Galiza, aí están os versos do poema "Recramo" (1859) que non deixan lugar a dúbidas sobre o particular:

> […] Adiós monjas da Enseñanza
> que por Vélez rezarés
> toda a vida, que arzebispo
> como el non sei i o verés.
> Aquela doce presencia
> e estatura colosal,
> aquela caída d'ollos
> n'era d'home terreal.
> Cando o ano vinte e cinco
> entrou en esa Ciudá
> foi un trunfo dos mayores
> de que memoria haberá.
> ¡Tanto gentío e balbordo,
> alegría, e repicar!
> Jerusalén parecía
> que a Jesús iba a esperar.
> Aquel anjo tan fermoso
> cheo de gran majestá
> era un Apolo divino
> que de Dios gozando está.
> Sombra augusta de Rafael
> que as mans puxeches en min
> na capilla do teu pazo
> c'o amor de un Serafín.

Recibe, alá dende o Ceo,
a tenra venerazón
d'un home que a ti de cote
verá no seu corazón. […]
Pontífice cristiano
estrela da Religión,
pide a Dios alá no ceo
po la gallega nación. […]

Noutros versos do mesmo poema "Recramo" antecitado, Pintos gaba o labor caritativo que a Igrexa despregaba no convento de San Martiño Pinario ("Ti dabas muy grande enxempro / de caridade e de amor"), aplaude a oratoria sagrada dalgún frade ("e no púlpito o teu monge / era escelente orador") e, así mesmo, evoca dolorosamente o fusilamento ás seis da tarde do 16 de maio de 1834 ao pé do río dos Sapos compostelán (un afluente do Sarela que atravesa a zona de Galeras, xunto ao campo de Santa Isabel) do cóengo carlista Francisco María de Gorostidi e de varios membros da súa facción, entre os que ao parecer figuraban algúns condiscípulos, enténdase compañeiros de pupitre, do propio Pintos:

Aparta, río dos Sapos,
qu'es de recordo infernal,
onde vin meus condisciplos
fusilar cun Cardeal[12].

Após un curso en que exerceu desde marzo de 1836 como profesor interino substituto da cátedra de Institucións Canónicas na facultade de Dereito da propia Universidade compostelá e dun verán, o dese mesmo 1836, que coñeceu a chegada da expedición do xeneral carlista Miguel Gómez a Compostela, Xoán Manuel Pintos regresaría á Coruña e comezaría a exercer como avogado nesa cidade a partir de agosto de 1837.

[12] O cóengo compostelán de orixes vascas Francisco Mª Gorostidi, que fora capelán dos Voluntarios Realistas e chegaría a ser proclamado comandante xeral das tropas carlistas galegas en 1835, sería capturado en Tabeirós e fusilado en Compostela o 16 de maio dese ano na compaña doutros integrantes da súa gavela: o médico Benito María San Román, Andrés Midón, Jacobo Freire e Lorenzo Suárez. A gavela de Gorostidi dispuxo do apoio financeiro e moral doutros elementos do clero compostelán, como o cóengo Ramón Malpica, o maxistral Juan Pedro Romero ou o arcediago de Luou, Gregorio Sabando, así como de numerosos sacerdotes das zonas limítrofes: Francisco Tallón Tejo (ecónomo da parroquia de Oca), Juan Manuel Carbón (Santa Mª de Vinseiro), Roque Rodríguez (San Pedro de Ancorados) e Andrés Díaz Rodríguez (San Miguel de Arca). O avogado de Valeixe (A Cañiza) Manuel Rivera Salgado e seu irmán Enrique, presbítero, actuaron como eficaces fornecedores de armas e municións pasadas desde Portugal, coa axuda de elementos "miguelistas". Tamén fixeron de enlaces do grupo gorostidiano con moitas outras faccións alzadas no país e aínda coa propia Corte de Oñati. Neste último rol tamén traballou o procurador de número Francisco Losada Somoza.

Fáltannos datos concretos para explicar apuradamente esta reviravolta concreta da biografía de Pintos. ¿Tivo algo que ver o seu pensamento pro-liberal no seu abandono da docencia universitaria naquela Compostela que durante uns días acolleu con entusiasmo a expedición armada carlista comandada polo xeneral Gómez? ¿Foi un abandono estritamente voluntario ou resultou unha decisión forzada por eventuais hostilidades claustrais contra el? Do mesmo xeito, ¿a escolla da Coruña como lugar para o exercicio da avogacía respondeu unicamente a motivos de residencia familiar (seu pai era entón "vista primera" da alfándega herculina) ou levou implicita a procura de climas político-sociais e ideolóxicos máis favorábeis ou acordes ao seu propio pensamento?

O certo é que finalmente, segundo indica Isidoro Millán (1975: 18), o 11 de marzo de 1840 Xoán Manuel Pintos daríase de alta no colexio de avogados de Pontevedra e pouco despois, en setembro dese mesmo ano, após o pronunciamento progresista de moitas autodenominadas Juntas Gubernativas e de numerosas guarnicións militares a favor do xeneral Espartero, recibiría un nomeamento como xuíz interino de primeira instancia en Cambados, un concello nacido en 1833 da agrupación das antigas vilas de Fefiñáns, Cambados e San Tomé, que reunía as parroquias de Lois, Leiro, Besomaño, Ribadumia, Barrantes, Sisán, Castrelo, Cambados, Vilariño, Corvillón, Oubiña e San Miguel de Deiro (Luís Rei, 2020: 251) e que constituía desde o real decreto de 31 de abril de 1834 unha das cabeceiras de partido xudiciario en que se subdividía a nova provincia de Pontevedra. Lémbrannos Díaz Martínez e Fernández Rei (2005: 12), neste sentido, que

> Ata os comezos do séc. XIX estas tres viliñas [Fefiñáns, Cambados e San Tomé] tiñan cadansúa xurisdición e cadanseu xulgado. Neses momentos Fefiñáns pertencía ó Marqués de Figueroa, mentres que Cambados era da casa de Alba e San Tomé do Marqués de Montesacro, que nomeaban os xuíces da vila. Xa vén de vello a existencia en Cambados dunha ampla e poderosa curia xudicial formada por xuíces, avogados, procuradores, escribáns e adxuntos, que se articulou na segunda metade do século XIX e que se consolidou no XX. Unha curia inmobilista, sempre preocupada de que o Xulgado, verdadeiro eixo da dinámica sociopolítica de Cambados, non o levasen para Vilagarcía.

4. O contexto político da súa designación e desempeño como xuíz

Nunha das súas imprescindíbeis achegas á figura de Pintos, a profesora Carme Hermida (2011: 16) expuxo o contexto no que cabe inscribir o nomeamento do poeta como xuíz de primeira instancia de Cambados:

> No ano 1840 produciuse un feito que ten moita relevancia para coñecer cal era a posición ideolóxica de Pintos: foi nomeado xuíz de primeira instancia de Cambados. Este nomeamento produciuse nun momento en que acceden ó goberno do Estado os progresistas [Os cargos de xuíces, fiscais etc. concedíanos os gobernos a persoas ideoloxicamente afíns polo que non queda dúbida de que Pintos estaba aliñado cos progresistas].

Pola súa vez Villares Naveira (2011: 33 e 37) aclarou a respecto do sistema de nomeamentos de xuíces vigorante nesa época histórica que

> O comentado sistema de designación e subordinación da Xustiza, concibida aínda como unha póla máis da administración, ao Executivo, fai que tanto a súa designación como destitución respondan a grandes rasgos á tendencia política dominante no momento.

Segundo este mesmo especialista (Villares Naveira, 2011: 37), os nomeamentos de todos os empregados públicos atribuíanse ao rei na Constitución de 1837, mais na práctica era o ministro de Graza e Xustiza o que "con ampla discrecionalidade propuña o seu nomeamento ao monarca". Engade Villares Naveira, ademais, que o Xoán Manuel Pintos xuíz, primeiro (1840-1844), e promotor fiscal, despois (1855-56), estivo sometido tanto para a súa designación como para a súa limitada permanencia neses cargos "ao arbitrio do poder político de cada momento, no seu caso co favor dos gobernos progresistas".

Diversos xornais fixéronse eco, nos primeiros compases de 1841, do nomeamento definitivo como xuíz de primeira instancia en favor de Xoán Manuel Pintos[13], que se enmarcou nunha vaga de novas designacións do Ministerio de Graza e Xustiza sancionadas pola Rexencia esparterista mediante decreto de 3 de febreiro do citado ano.

Entre esas designacións podemos sinalar, para xulgados residenciados na nosa terra, as que beneficiaron a José Mª Castro, en Muros; Mateo Guerra y Navarro, en Noia; Francisco Suárez y Silva, en Negreira; Juan Meruéndano, en Tui; Pedro Reigada, en Xinzo de Limia; Manuel Meruéndano, en Verín; Benito Dillarmo[?], en Vilamartín de Valdeorras; Antonio Rubín de Oroña, en Sarria; José Sierra y Duque, en As Nogais; Andrés Flores, en Compostela; Eusebio de Lafuente, en Lalín; José Gelabert, en Ortigueira e, por último, Vicente Portal, en Viveiro[14].

O voceiro oficioso do liberalismo moderado, *El Correo Nacional* de Madrid, non deixou de referirse a esa vaga de designacións asinadas polo Rexente en termos moi críticos, atribuíndoa a unha clara manobra de nepotismo e afán de control político por parte do progresismo *exaltado*. Tras aludir, con evidente sarcasmo, ao carácter de "liberales acrisolados" de todos os individuos beneficiados con ese nomeamento, ofrecía a seguinte interpretación sobre o obxectivo último desa medida:

> Hemos hecho ver a la nación, á la Europa entera […] cuál es el fin único, esclusivo [sic], de esa odiosa y mezquina revolución con respecto á la alta magistratura, de la cual han sido lanzados cerca de cien dignos individuos para colocar en su lugar á otros tantos […][15].

---

[13] Cf. *El Correo Nacional*, Madrid, nº 1.110, 6 de febreiro de 1841, p. 3 e *El Guardia Nacional*, Barcelona, 12 de febreiro de 1841, p. 1.

[14] Cf. *El Correo Nacional*, Madrid, nº 1.116, 12 de febreiro de 1841, p. 3.

[15] *Ibídem.*

Nesta perspectiva, denunciaba asemade o xornal citado que todos os designados, Xoán Manuel Pintos entre eles,

> O han sido promotores fiscales que por haberse singularizado, ostentando el patriotismo de moda, ó trabajado en las elecciones, se han captado la brusca benevolencia del ministro, ó han obtenido el digno cargo de vocales de las juntas aciagas, ó han sido nombrados por ellas y confirmados por la Regencia.

O caso concreto de Pintos responde á última das tipoloxías sinaladas criticamente polo xornal *moderado*, xa que obtivo nomeamento interino grazas á xunta revolucionaria de Pontevedra en setembro de 1840 e logo confirmación pola Rexencia, como estamos a ver, a comezos de febreiro de 1841, poucas semanas despois de se teren celebrado comicios municipais. Para el e para os demais que respondían a ese mesmo perfil dirixiu *El Correo Nacional* parágrafos de irónico sentido como estes:

> Vosotros os hubiérais hecho indignos de ser inscriptos en las filas del progreso, si no os hubiérais ofrecido como individuos de alguna junta, para daros vosotros mismos una judicatura ó si no os hubiérais presentado ante las soberanías provinciales, para que os concedieran algún nombramiento. Ya pues estáis satisfechos, ya han sido premiados vuestros esfuerzos heroicos, y ahora solo resta ser fieles y leales á los que os dieron el ser[16].

Debe anotarse que na provincia de Pontevedra, os primeiros comicios xerais da era esparterista deron como resultado unha rotunda vitoria *progresista*, froito entre outros factores do retraemento propositado dos *moderados*. Foron elixidos así deputados Domingos Fontán, Juan Bautista Alonso, Hipólito Otero, Manuel Otero, Román Martínez Montaos e Manuel Matheu, figurando como suplentes Antonio Arias Seoane, Pío Pita Pizarro, Pedro Miranda e Manuel Barros (González López, 1985: 22). Esas novas Cortes reuníronse o 19 de marzo de 1841. Meses despois, en outono, tivo lugar un pronunciamento de militares *moderados* e *cristinos* (Concha, Narváez, O'Donnell, Diego de León, Montes de Oca…) contra Espartero, que, non obstante, fracasou.

Como xa anotamos, entre o 17 de xuño de 1842 e o 8 de marzo de 1843 presidiu o goberno o militar galego José Ramón Rodil, familiar do Pampillo compañeiro de aulas e amigo do universitario Xoán Manuel Pintos uns anos atrás. No entanto, o devir político do período da Rexencia esparterista deu un xiro cando o propio Espartero ordenou o 3 de decembro de 1842 o bombardeo de Barcelona para sufocar unha importante revolta en que se mesturaron reivindicacións económicas proteccionistas, moito malestar social e a emerxencia imparábel do republicanismo. Abriuse así unha fenda insalvábel entre sectores que apoiaran no seu momento o acceso á Rexencia do heroe de Lutxana, e esa fenda non tardou en ser aproveitada polas forzas de oposición.

A crise política aberta levou á disolución das Cortes o 3 de xaneiro de 1843 e á celebración de novos comicios lexislativos o 27 de febreiro de 1843. A alianza de *cristinos*,

[16] *Ibídem.*

liberais *moderados* e *progresistas* antiesparteristas en varias circunscricións obtivo moi bos resultados. En Pontevedra saíron electos Juan Ramón Patiño, Pío Pita Pizarro, Juan Bautista Alonso (afecto ao progresista antiesparterista Olózaga), Hipólito Otero (tamén afecto a Olózaga) e Ramón Buch (esparterista), con Domingos Fontán, Esteban Areal, José Mª Santos (esparterista), Ramón López Vázquez e López Ballesteros como suplentes. O *ayacucho* Miguel García Camba, figura que Pintos louvará nos seus versos, como logo explicaremos, foi elixido entón suplente pola provincia de Ourense.

A inestabilidade instálase entón nas instancias gobernamentais. O novo Executivo de Joaquín Mª López dura moi pouco tempo e o novo goberno de Álvaro Gómez Becerra, constituído o 19 de maio de 1843, disolve as Cortes con previsión de reapertura para agosto. Verifícase a partir de entón e ata xaneiro de 1844 unha serie continua de levantamentos contra o Rexente en numerosas provincias. Na Galiza, créanse diversas Juntas Provisionales Gubernativas. Algunhas son de clara orientación antiesparterista, como a da A Coruña (dominada polos *moderados*) e as de Santiago e Pontevedra (dominadas polos *progresistas* non esparteristas)[17], mais outras, como as de Ferrol e Vigo, esta última presidida por Ramón Buch, son decididamente afectas ao Rexente.

En xullo de 1843, o Goberno envía a Galiza un exército expedicionario mandado por Fernando Cotoner Chacón para someter e disolver todas esas Juntas. As de Ferrol e Vigo, pro-esparteristas, co concurso de militares como Nicolás de Luna, resístense á disolución e alentan no mes de outubro unha sublevación que, no entanto, finalmente non prosperará. A caída de Vigo a mans das tropas do xeneral Cotoner Chacón sanciona esa derrota.

Tras un breve período de goberno do *progresista* Olózaga, pasa o poder a mans do *moderado* González Bravo, desde novembro de 1843 a maio de 1844, con Luís Mayáns no ministerio de Graza e Xustiza. Pouco despois asume a cabeza do executivo o xeneral Narváez, quen inmediatamente alenta unha reforma involucionista da Constitución de 1837 coa oposición dalgúns moderados *puritanos* (Pastor Díaz e Ramón de la Sagra entre eles). Será entón cando se produza, concretamente en xullo de 1844, a cesantía do xuíz Pintos en Cambados.

5. As actuacións concretas do xuíz Pintos en Cambados

O escritor e xornalista José Mª Posada, nun artigo sobre a figura de Pintos que publicou en 1880 na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana*, inseriu as seguintes liñas a propósito da experiencia do autor de *A Gaita Gallega* como xuíz [subliñados nosos]:

[17] Á fronte da Junta Gubernativa de Santiago está Hipólito Otero, deputado por Pontevedra, acompañado por José Mª Chao e polo catedrático Julián Rodríguez del Valle, que promovera varios xornais progresistas composteláns. Na de Pontevedra, presidida por Ramón García Flórez, figuran o esparterista José Mª Santos e o médico Claudio González Zúñiga (1784-1857), autor dunha *Historia de Pontevedra o sea de la antigua Helenis fundada por Teucro* (1846) e dunha *Descripción geográfica, económica e histórica de la ciudad capital de Pontevedra, con inclusión de la ría y provincia que lleva el nombre* (1848).

> En los cuatro años que desempeñó el Juzgado de Cambados grangeó las simpatías generales, no sólo como Juez incorruptible, ilustrado y compasivo, sino como entusiasta promovedor de los intereses morales y materiales de la población por medio del afable trato con las personas distinguidas de la misma que tenían á su cargo la administración de aquéllos.

Pola súa vez, o poeta Ramón Cabanillas, nun artigo titulado "A laboura de avantora" e publicado no número inaugural da revista *Vieiros* (México, 1959), referiuse a Pintos como

> poeta sobrepuxante de vibradoiro estro, xuez de limpa e venerada historia na miña mariñeira vila cambadesa, do que inda escoitei a respetabres petrucios, na miña mocedade, recoitos [sic] alaudos.

Entre eses petrucios aos que alude Cabanillas probabelmente estivese Juan Vidal Fraga[18], que ostentara o cargo de promotor fiscal en Cambados polo tempo en que Pintos desempeñara o papel de xuíz. O importante, en todo caso, é que se a lembranza positiva do Pintos xuíz naquel Cambados da mocidade do autor de *No Desterro*, que naceu como é ben sabido en 1876, aínda estaba viva, cabe deducir que a actividade curial do autor de *A Gaita Gallega* tivo que ter características ou incidencias que a fixeron transcender como relevante, e se cadra tamén como exemplar, entre un sector dos veciños.

Veremos a seguir como realmente foi así en, cando menos, dous asuntos [*cf.* § 5.1. e § 5.2.], dada a relevancia pública dos persoeiros implicados neles e o carácter atípico e asemade "exemplarizante", en termos sociais e políticos, dos litixios dirimidos. Nos outros dous casos dos que temos noticia cabe considerar que estamos dentro das marxes da tipoloxía delitiva máis habitual da época, que Villares Naveira (2011: 39) resumiu en dúas grandes categorías: *violencias producidas por forasteiros* (roubos, estafas, asaltos…) e *violencias producidas por veciños* (lesións, malos tratos, delitos contra a honra, roubos, furtos, estafas, danos ás propiedades…).

5.1. Unha condena contra o párroco de Lores (Meaño) por predicación subversiva

O primeiro episodio concreto do que achamos referencia hemerográfica[19] é o xuízo e condena en rebeldía (é dicir, co acusado en situación de fugado da xustiza, concretamente nalgún punto de Inglaterra) do cura párroco de San Miguel de Lores (Meaño), Francisco Octabén [Oitabén?], acusado polo xefe político da provincia pontevedresa dun delito de abuso do seu ministerio por predicación subversiva:

---

[18] Pai do *indiano* enriquecido cambadés Salustiano Vidal Lores (1850-1930), alcalde de Cambados en 1895 e propietario do casal de Caticovas (Meis) cantado polo poeta de Fefiñáns e, asemade, avó de Juan Eugenio Carmelo Vidal Fraga (1905-1970), alcalde da vila do albariño en 1931.

[19] Cf. *El Católico*, Madrid, nº 663, 23 de decembro de 1841, p. 667; *ídem*, nº 769, 8 de abril de 1842, p. 62 e *Boletín Oficial de la Provincia de Orense*, nº 6, 13 de xaneiro de 1842, p. 4.

D. Domingo Obejero[20], escribano de S. M. y número en este partido judicial de Cambados provincia de Pontevedra, certifico: que en causa criminal formada en este juzgado contra D. Francisco Octabén [sic], cura párroco de S. Miguel de Lores, por haber abusado de su ministerio, se pronunció en 24 de julio del corriente año por el Sr. juez de primera instancia la sentencia del tenor siguiente:

Sentencia= En la causa criminal que ante mi pende y se litiga de la una parte el promotor fiscal del partido, y de la otra D. Francisco Octabén, cura párroco de S. Miguel de Lores, ausente y en rebeldía, *sobre publicación de la circular de Su Santidad de primero de marzo* y predicación subversiva.= Vista.= Fallo atento los autos y méritos del proceso, por lo que de ellos resulta, á que en lo necesario me refiero, debo de declarar y declaro al D. Francisco Octabén, según el artículo cuarto de la ley de córtes, sancionada en 26 de abril de 1821, restablecida por real decreto de 31 de agosto de 1836, y mas leyes recopiladas, indigno del nombre español, condenándole en ocho años de reclusión tan luego fuere habido, y en las costas procesales, siendo después espulsado [sic] perpetuamente de la monarquía: sin perjuicio de oirle cuando se presente. Dese conocimiento de esta determinación al ministerio de Gracia y Justicia, hecho lo cual se remita el proceso original á S. E. los señores de la audiencia territorial para la aprobación ó reforma de esta mi sentencia por la que definitivamente juzgando así lo pronuncio, mando y firmo.= Juan Manuel Pintos. = Elevado el proceso al tribunal, S. E. los señores de la sala primera en 26 de noviembre último pronunciaron real sentencia, confirmando con las costas la del inferior, y en virtud del auto proveido por el señor juez, libro la presente en Cambados á 11 de diciembre, año de 1841.=Domingo Obejero"[21].

Igual que Pintos procedeu a ditar en Cambados o 24 de xullo de 1841 esa sentenza condenatoria contra o párroco de Lores outro xuíz, o de Tabeirós, ordenaría algún tempo despois o arresto e desafiuzamento de bens do cura ecónomo de Santa Eulalia de Castro (Cerdedo), Juan Manuel Sieiro, "por las espresiones subversivas que vertió en el ofertorio de la misa contra el actual gobierno é instituciones vigentes, amenazando con la llegada de las refulgentes bayonetas estrangeras para poner la ley y el rey, y otras sandeces semejantes"[22].

Tentando cortar de raíz esa dinámica contestataria dunha parte do clero na provincia pontevedresa, o entón xefe político da mesma, Juan Falomir, antigo tenente coronel e deputado nas Cortes constituíntes de 1837 que accedera ao citado posto no ámbito pontevedrés o 22 de setembro de 1841, ditou diversas ordes prohibindo o cobro de oblatas, dereitos de estola e pé de altar e alentando aos alcaldes e pedáneos "que velen sobre los curas á ver si pronuncian francamente el nombre de la augusta Isabel en la colecta de la misa" [23]. Enviou ademais o 3 de marzo de 1842 a seguinte circular:

---

[20] Deste escribán sabemos que casou en 1825 coa fidalga Gertrudis Buceta Santiago Figueiroa Prego de Montaos e que morreu en 1863, sen descendencia.

[21] Cf. *El Católico*, Madrid, nº 663, 23 de decembro de 1841, p. 667.

[22] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 769, 8 de abril de 1842, p. 61.

[23] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 746, 16 de marzo de 1842, páx. 4 e ídem, núm. 751, 21 de marzo de 1842.

> Por si desgraciadamente se repitiesen semejantes escesos [sic] criminales por otros eclesiásticos, encargo á los señores alcaldes constitucionales de los pueblos de esta provincia, que vigilen con el mayor esmero á los de sus respectivos distritos municipales; y en caso de que se atreviesen, ya en el ofertorio de la misa, ya en sus sermones, á propalar espresiones [sic] subversivas, procederán inmediatamente á su arresto y á instruir las primeras diligencias que pasarán en seguida al juez de primera instancia del partido, poniendo á su disposición al delincuente; y de todo me darán parte sin dilación.
>
> Dígolo a V. para su inteligencia y cumplimiento, y que envíe ejemplares de esta orden á todos los mayordomos pedáneos de las parroquias de ese distrito, encargándoles la puntual observancia bajo su más estrecha responsabilidad[24].

Non se pode ignorar que a causa do Pretendente D. Carlos encontrara en Galiza unha parte moi relevante dos seus apoios no estamento clerical durante a guerra precedente dos Sete Anos, á que puxeran fin os xenerais Maroto e Espartero en 1839 mediante o "convenio de Bergara". Un non pequeno sector do clero (certas dignidades catedralicias, moitos monxes exclaustrados, bastantes párrocos rurais…) negouse a asumir tanto a derrota militar carlista como a consolidación das novas institucións e dinámicas do Estado liberal (eleccións a Cortes, novos Concellos e Deputacións provinciais, implantación dos Gobernos Civís…) e continuou a súa loita de oposición con novos pretextos, entre os que a presunta "persecución" contra a Igrexa ocupou un lugar moi relevante.

No Salnés, en particular, abrollara nos anos da citada guerra unha pequena "partida" ou "facción" carlista, que estivera comandada por José Martínez Ponte Andrade e Juan Ramón Magariños (cura de Paradela-Meis). Ambos foran finalmente capturados pola milicia urbana cambadesa que comandaba Javier Zárate y Murga e fusilados en Pontevedra en maio de 1835. Á mesma partida pertenceran non poucos presbíteros da bisbarra, como Pedro Buceta (Briallos-Portas), Joaquín Abuín (Leiro-Ribadumia) e Rafael Rebolo (ídem), os campesiños Ángel Galáns (Vilanova de Arousa) e José Miguéns (Tremoedo) e o ferreiro de Paradela, Francisco Portas, todos eles tamén capturados pola milicia urbana liberal e fusilados en 1835. No entorno da facción do Salnés situáranse, igualmente, outros sacerdotes como José Mª Alvarellos (Carracedo-Caldas), Miguel Ares Cuervo (Romai-Caldas), Joaquín Fernández Losada (Cesar-Caldas), José Magariños (Baión), Miguel Muíños (Leiro), Vicente Ramón Torrado (Tremoedo) e José Antonio Torrado (San Miguel de Deiro), así como Andrés Rey, Santos Buceta e Antonio Muíños, os tres de

[24] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 769, 8 de abril de 1842, p. 62. En febreiro dese mesmo ano a conduta de Falomir como gobernador de Pontevedra fora obxecto de aceiradas críticas nas Cortes por parte do deputado liberal *moderado* por esa circunscrición electoral Domingos Fontán. Tamén causaron escándalo entre certos sectores da sociedade pontevedresa algúns comportamentos públicos de Falomir, como o feito de acudir vestido co uniforme de comandante da Milicia Nacional e cuberto cun paraugas á procesión de Corpus de 1842 (Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 829, 7 de xuño de 1842). Un decreto de 24 de decembro de 1842 cesouno nese posto, sendo substituído entón polo capitán de navío José Carlos de la Fuente (Cf. *Gaceta de Madrid*, nº 3.008, 1 de xaneiro de 1843, p. 2).

Nogueira (Meis), o serrador de Leiro Juan de Chaves e o seu cuñado Juan Cabanelas (cf. Padín Riveiro, 2002).

Mais a denuncia contra o párroco de Lores Francisco Octabén xulgado e condenado polo xuíz Pintos tivo a súa orixe, non na actitude mantida por un sector do clero comarcal do Salnés durante a pasada guerra carlista, senón nos comportamentos de rebeldía que se derivaron da publicación e divulgación ao longo de 1840 e 1841 dunha serie de documentos e alocucións do Papa Gregorio XVI en que se denunciaba a presunta "persecución" da Igrexa católica por parte dos gobernos liberais hispanos.

Efectivamente, en outubro de 1840, o Pontífice comezara unha das súas encíclicas dirixíndose aos católicos do mundo nestes elocuentes termos:

> Bien sabeis las muchas y graves calamidades que afligen y oprimen a la Iglesia católica, miserablemente perseguida en estes desventurados tiempos. No ignorais la multitud de errores de todo género con que se combate nuestra Religión santa ni son desconocidos el dolo y astucia con que los herejes é incrédulos se esfuerzan en pervertir los corazones y el espíritu de los fieles[25].

En consonancia con esta doutrina papal, sectores importantes da Igrexa española consideraron que medidas adoptadas durante a Rexencia esparterista polos sucesivos ministros de Graza e Xustiza (Becerra, Alonso…) tendentes ao sometemento das institucións e autoridades eclesiásticas ao imperio das leis xerais, como foron a nova lei de desamortización dos bens do clero secular de 1841, a supresión do dezmo, a prohibición de conferir sagradas ordes sen autorización gobernativa, a lei de dotación de culto e clero, a obrigatoriedade do "atestado" de adhesión á Constitución de 1837 etc. non tiñan máis obxecto que, en expresión do xornal *El Católico*, "minar por sus cimientos la divina constitución de la Iglesia"[26].

Cómpre dicir que as recriminacións deste sector atinxiron tanto a liberais *moderados*, por non cumpriren no poder as súas promesas de reparar os agravios padecidos polo clero, como a *progresistas*, quen, segundo o xornal *El Católico*,

> fueron los que arruinaron a los conventos y demolieron los templos del Señor. Los progresistas fueron los que estinguieron el diezmo, mandaron vender los bienes del clero secular y acordaron el malhadado arreglo del clero […] los que han puesto y quitado curas, destituido gobernadores eclesiásticos […][27].

---

[25] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 235, 21 de outubro de 1840. O Papa engadía que os inimigos da Igrexa andaban entón a "fundar escuelas de error y de impiedad", a "propagar por medio de la imprenta el veneno de sus doctrinas" e a servirse con astucia "de las ciencias naturales y de los descubrimientos de estos últimos tiempos".

[26] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 201, 17 de setembro de 1840.

[27] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 289, 14 de decembro de 1840.

Os choques entre as autoridades civís e as instancias clericais foron constantes nesta época e algúns deles tiveron dioceses da Galiza como escenario relevante. En outubro de 1840 foi expulsado Francisco La Hera, capelán do bispado de Ourense, suprimidos en Compostela o tribunal de Cruzada e os colexios maiores de Fonseca e San Clemente e confinados varios cóengos e curas párrocos das Colexiatas de Vigo e A Coruña. En novembro dese mesmo ano, resultaron exclaustradas monxas en Vigo e Redondela, obrigados a abandonar Ribadeo varios monxes e forzados a desterro varios eclesiásticos composteláns: Fermín Álvarez Eulate, a Astorga; Rufo Rodríguez Valdespino, a León; e Benito Forcelledo, a Uvieu.

O decreto de estrañamento ditado en xaneiro de 1841 polo Goberno contra o vicexerente da Nunciatura papal en España, José Ramírez de Arellano, foi detonante dunha intensa campaña de protesta por parte de determinados sectores do clero, para os que tal medida constituía unha inxerencia intolerábel nos asuntos internos da Igrexa por parte do poder temporal e equivalía a "romper con Roma". Por debaixo do conflito, sen dúbida, latexaba a contumaz negativa vaticana a recoñecer como lexítima monarca no trono hispano a Isabel II.

Mais a denuncia contra o párroco de Lores que tivo que xulgar e sentenciar o xuíz Xoán Manuel Pintos en Cambados derivou concretamente da publicidade e defensa que moitos sectores eclesiásticos fixeron a partir de marzo de 1841, tanto desde a prensa afín como desde os púlpitos, dunha alocución en que o romano Pontífice se lamentaba "del triste estado en que se hallan las cosas de la Religión en España", denunciaba que "no falta en España un corto número de sacerdotes que se han conciliado la benevolencia del gobierno de Madrid" e se queixaba "amargamente una y mil veces de todo lo que en España se ha hecho hasta aquí y actualmente se está haciendo contra el derecho de la Iglesia"[28].

Numerosos cabezallos da prensa liberal (*El Eco del Comercio*, *El Correo Nacional*, *La Constitución* etc.) lanzáronse en tromba a descualificar o contido desa alocución pontifical e a pedir que caese todo o peso da lei sobre os periódicos que a reproducisen e sobre os clérigos que a lesen ou glosasen nos seus sermóns, dado que tal alocución non contaba coa pertinente autorización do poder civil para ser impresa, distribuída ou difundida.

Mentres o ministro de Graza e Xustiza, Gómez Becerra, denunciaba entón en sede parlamentaria as "tentativas de la curia romana para invadir la potestad temporal y para ejercer un influjo lucrativo en los negocios políticos y civiles de España"[29], o fiscal Melchor Macanaz ditaba a finais de abril de 1841 orde de estrañamento contra o bispo de Iruña, Severo Andriani[30]. Pouco despois, o 4 de maio, resultaban detidos por idéntica

[28] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 385, 20 de marzo de 1841.

[29] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 416, 20 de abril de 1841.

[30] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 422, 26 de abril de 1841 e núm. 444, 18 de maio de 1841.

causa nada menos que corenta e tres sacerdotes da diocese de Toledo[31]. Pola súa vez, o alcalde de Rianxo recibiu nesa época orde gobernativa de controlar o contido dos sermóns dominicais dos curas párrocos do seu municipio, por se aqueles ían dirixidos "á pertubar la conciencia [dos seus fregueses] […] con el siniestro y maquiavélico designio de envolver á los españoles en una nueva guerra civil, bajo el pretesto de ultrages á la Religión"[32]. O colaborador do diario *El Católico* que asinaba os seus artigos como "Teófilo" perguntábase neses días cales podían ser as ocultas causas "para hacer la guerra encarnizada que están haciendo á la Religión, al Papa, al clero y á cuanto tiene conexión con el culto único verdadero de Jesucristo" [33].

O 28 de xuño de 1841 un decreto da propia Rexencia (Espartero) mandaba recoller todos os impresos coa amentada alocución papal e calquera outro escrito da curia romana que carecese do pase previo gobernamental ou *exequatur*[34]. Na exposición de motivos dese decreto, asinada polo novo ministro de Graza e Xustiza José Alonso (quen asumiu a súa carteira o 21 de maio de 1841), recordábase que moitos bispos se sumaran á causa carlista e afirmábase que agora estaban a aliarse coa curia romana "para alimentar nuevas maquinaciones". O documento papal obxecto da polémica era cualificado nesa exposición como "atentatorio á la autoridad soberana de estes reinos" e tamén como "turbativo del orden". A Rexencia e o Goberno declarábanse dispostos a conter e reprimir ata onde fose mester "a los eclesiásticos díscolos, revoltosos e infractores de las leyes", dispoñendo en definitiva que

> no puede publicarse, ni cumplirse, ni predicarse, ni invocarse en España bula, breve, rescripto ni despacho alguno de la corte de Roma, sin que antes sea examinado por el Tribunal Supremo de la nación o por el Gobierno, y sin que obtenga su pase ó *exequatur*, y que los que lleguen á sus manos deben remitirlos al gobierno bajo la pena de ocupación de temporalidades y estrañamiento del reino si son eclesiásticos y mayores si seglares […].[35]

O propio ministro Alonso lanzou a mediados de agosto de 1841 un contundente manifesto no que sinalaba que a alocución papal da discordia era "una violenta invectiva en que el gobierno y la nación española se ven acerbamente acusados de perseguidores de la Iglesia, de sospechosos en la fé […]" e que non tiña outro obxectivo que fomentar a discordia:

---

[31] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 472, 15 de xuño de 1841.

[32] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 450, 24 de maio de 1841.

[33] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 483, 26 de xuño de 1841.

[34] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 487, 30 de xuño de 1841.

[35] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 488, 1 de xullo de 1841.

> […] no bastaba á la desgracia de este país una guerra intestina de siete años […], era preciso que al terminarse por el buen seso y generosidad de unos y otros españoles, viniera el Padre común de los fieles á arrojar esa tea incendiaria sobre el no bien apagado incendio, para que no deje de verter sangre el pueblo cristiano y la guerra civil se renueve convertida en una guerra religiosa […].
>
> [Esa alocución papal] no puede considerarse sino como una declaración de guerra contra la reina Isabel II, contra la seguridad pública y contra la Constitución del Estado. Es en realidad un manifiesto en favor del venado y espulsado pretendiente y una provocación escandalosa de cisma, de discordia, de desorden y de rebelión[36].

Durante os meses seguintes sucedéronse as incautacións de exemplares da controvertida alocución papal en librarías e templos e a presentación dunha non pequena cantidade de demandas acusatorias contra elementos do clero infractores do decreto que acabamos de glosar. Unha delas foi, precisamente, a colocada no mes de xuño de 1841 polo xefe político da provincia pontevedresa no xulgado de Cambados contra o párroco de Lores (Meaño) Francisco Octabén. Unha carta remitida desde Compostela ao xornal madrileño *El Católico* e publicada por este no seu número 495, de 8 de xullo de 1841, baixo o expresivo rótulo de "Padecimientos del clero español", achega algúns pormenores sobre o caso desde a perspectiva do acusado, quen como poderá comprobarse na lectura da citación coloca na actitude do xuíz Pintos boa parte da responsabilidade na súa situación:

> SANTIAGO, 13 de junio.- La adjunta carta que el párroco de S. Miguel de Lores de este arzobispado escribe á un respetable amigo suyo, desde un país estrangero, á donde ha tenido precisión de refugiarse para evitar las tropelías y persecuciones que con la mas bárbara arbitrariedad y tiranía se están empleando con muchos de sus dignos compañeros en esta y en casi todas las diócesis de España de algunos meses á esta parte dice por si sola mas de lo que yo pudiera decir si tratase de hacer reflexiones sobre su contenido. Vds. podrán comentarla en el CATÓLICO, si no se les cae como á mi la pluma de la mano, á vista del esceso inconcebible de iniquidad y de infamia con que se persigue al clero por los mismos que en setiembre se pronunciaron para asegurar, según decían entonces, "la observancia de la Constitución en toda su pureza". No es este por desgracia ni el único ni el más despótico de los hechos que comprueban la persecución implacable que hoy se está haciendo á la Iglesia por parte de algunos mandatarios del poder que debieran protegerla. La época los suministra aquí abundantísimos y en gran manera escandalosos. Procuraré denunciar á Vds., para que Vds. lo hagan al gobierno, á la nación y al mundo, algunos de los mas notables. La carta dice así:

---

[36] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 534, 16 de agosto de 1841. Nese mesmo manifesto, o Goberno chamaba a distinguir claramente "entre los intereses respetables de la Iglesia de Jesucristo y las pretensiones injustas nunca abandonadas de la curia romana" e facía, ademais, un recordatorio explícito da actitude do Papa durante a guerra dos Sete Anos, negándose a recoñecer a Isabel II como raíña lexítima e permitindo que eclesiásticos regulares e seculares, bispos incluídos, participasen nos estragos e mortes da guerra, fixesen parte do séquito do Pretendente e convertesen os templos e tesouros diocesanos en depósitos ocultos e fontes de financiamento clandestino para a causa carlista.

El 9 del presente mes recibí un oficio del gefe político de Pontevedra que decía: "He oído que V. predica en un sentido anárquico y trastornador muy conforme con la peroración del Santo Padre en el consistorio secreto y a los periódicos…. Una providencia estrepitosa hubiera tomado con V. á no ser la intercesión de su discípulo D. N…. Elijo este medio de entenderme con V. para que en exortaciones privadas y públicas destruya todo cuanto ha hecho; en la inteligencia, que llegar á mi noticia cosa en contrario y hacer sentir el peso de mi autoridad, será obra de instantes".

CONTESTACIÓN.= Nada destruí, nada pues tengo que edificar. Mi parroquia compite con la primera de España en obediencia y orden, y V. S. no puede pedir ni desear mas. El objeto de todas mis pláticas no sale de la esfera de lo espiritual: ellas deben ser gratas á toda autoridad que no puede mandar otra cosa que el que se dé a Dios lo que es de Dios y al César lo que es suyo. Y en cuanto a lo que se añade á este Sr. alcalde de que acaso se me suspenderán las licencias de predicar, debo manifestar a V.S., que la Iglesia tiene por insignificante que la autoridad civil quite ó dé licencias eclesiásticas; porque el que ha dicho "id y predicad á todo el mundo", no fue Herodes, ni Pilatos, ni algún otro tetrarca ó gobernador; fue sí Jesucristo, el que sufrió todas las afrentas con admirable humildad, menos cuando de orden de Herodes se le mandó cesar en la predicación, que respondió: "Dicite vulpi illi…"*. Decid á ese zorro que no me sacará de aquí hasta que se cumpla la voluntad de mi Padre que está en los cielos".*

Se me participó que el gefe quedara satisfecho con mi contestación; pero faltaba que el juez de primera instancia representase su papel, y le dio principio el domingo 9 del presente á las ocho de la noche, enviando á Lores un alguacil armado con orden al mayordomo para reunir 20 hombres; y esto hecho, les dijo el ministro fuesen á rodear la rectoral para apoderarse de la persona del párroco; y habiéndole contestado mis parroquianos que á aquella hora no irían á perturbar la tranquilidad de su pastor y lo harían por la mañana, desaparece el alguacil y á las once de la misma noche viene el juez con una partida de nacionales armados, y formando auditorio á orillas de la parroquia manda algunos nacionales á ocuparme las puertas, y otros á conducir parroquianos que ya venían escogidos en lista para declarar; a las cuatro de la mañana ya estaban recibidos 14 testigos de mi parroquia, los que acaso no habrán llenado en sus declaraciones la voluntad del juez, puesto que fue preciso añadirle los arrendatarios de la parroquia de Simes, que ante el gefe político fueron acusadores. Al amanecer pasó el juez con toda la comitiva a registrar mi casa, y respetando la habitación cerrada donde yo me hallaba, se retiraron dejando dos guardas.

Mis parroquianos fieles, pálidos, mustios y llenos de terror a vista del imponente aparato penetran hasta mi habitación y me instan á que salga del curato, que ellos facilitaban el éxito y aseguraban el camino de mi tránsito, lo que verifiqué á las diez de la mañana, poniéndome á salvo del hombre enemigo en el vapor inglés, á donde fui recibido no sin vencer dificultades tanto allí y mas para entrar en este territorio.

Acaso seré reprensible ante mis prelados por no haber hecho frente á la causa injusta. Bien lo deseé y me hallaba bastante animado contando con el ineluctable apoyo de mi conciencia inocente y de casi toda mi parroquia; empero como la primera respuesta que en mi convencimiento debía prestar, era inhibir al juez como incompetente para conocer en mi persona que goza de un fuero sagrado connatural é ingénito, del que no puede despojarle ninguna potestad, esta respuesta sin duda iba á convertir los jueces en mis encarnizados enemigos; y aunque mis deseos (gracias a Dios) eran buenos, mi alma no se creyó bastante santificada y con fuerzas para recibir la corona del martirio"[37].

[37] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 495, 8 de xullo de 1841.

Varios bispos e cabidos, entre eles os de Tui e Compostela, dirixiron públicas exposicións á Rexencia protestando pola situación creada arredor da difusión non autorizada da alocución papal, se ben é certo que outros prelados, como o de Salamanca Agustín Lorenzo Varela y Temes, saíron á palestra para reclamar mediante carta pastoral aos seus fregueses estrita obediencia ás autoridades públicas e aos poderes constituídos para evitar unha nova guerra civil[38]. Determinados sacerdotes da diocese compostelá, como os de Rarís e Luou, publicaron entón na prensa[39] textos con declaracións de principios (coa obediencia ao Papa en lugar moi destacado). Eses textos, vistos os casos que afectaban a clérigos como o de Lores (Meaño), constituían verdadeiras autoinculpacións.

Cando en decembro de 1841 o ministerio de Graza e Xustiza promulgou diversas normas que decretaban a obrigatoriedade para o clero do correspondente certificado de adhesión ("atestado") ás autoridades estatais constituídas e cando deu a coñecer un novo proxecto sobre xurisdición eclesiástica que reiteraba a prohibición de divulgar calquera escrito da curia romana sen autorización previa, un sector do catolicismo, interpretando que iso chocaba co seu propio deber de obediencia ao Papa, lanzouse a protestar contra esa "nueva *purificación* á que se quiere sujetar al clero"[40], que perseguía "separarnos de Roma"[41] e que destruía "la constitución divina de la Iglesia Católica"[42]. Do mesmo xeito, cando o Goberno negou autorización para imprimir e divulgar unha nova encíclica do Papa de 22 de febreiro de 1842, o diario *El Católico*, que dirixía o presbítero Manuel Santiago Moreno, aludiu á medida como propia da "nueva Inquisición progresista"[43]. Nese contexto tiveron lugar a detención de varios eclesiásticos en Daroca (Zaragoza), o confinamento en Mallorca do bispo de Calahorra, Pablo Abella, e a detención do sacerdote e redactor de *La Cruz*, futuro bispo, Antolín Monescillo[44].

A derrota do esparterismo na batalla de Torrejón de Ardoz, en xullo de 1843, e a conseguinte subida ao poder dos novos gobernantes *moderados*, con González Bravo e Narváez á cabeza, abrirían unha nova fase de menor crispación neste ámbito. Unha exposición do bispo de Tui aos novos gobernantes reproducida polo xornal *El Católico*[45] compendiaba cales eran as mudanzas requiridas en materia de política relixiosa polos seguidores do Papa Gregorio XVI: o regreso dos prelados desterrados ás súas sés, o levantamento da prohibición de conferir ordes, a promulgación dunha nova lei de dotación de

[38] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 518, 31 de xullo de 1841.

[39] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 571, 22 de setembro de 1841.

[40] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 681, 10 de xaneiro de 1842.

[41] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 715, 13 de febreiro de 1842.

[42] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 737, 7 de marzo de 1842.

[43] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 756, 26 de marzo de 1842.

[44] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 798, 7 de maio de 1842.

[45] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.256, 23 de agosto de 1843.

culto e clero, a derrogación do "atestado" de adhesión ás autoridades civís por parte dos integrantes do clero etc. Apostábase pola negociación inmediata dun novo Concordato coa Santa Sede, mais tamén pola mobilización electoral dos "monárquicos y religiosos" para garantir "el esplendor de la corona, los derechos del trono, la independencia de la nación, y la libertad e independencia de la Iglesia y decoroso y seguro mantenimiento del culto y sus ministros"[46].

E o certo é que os novos gobernantes *moderados* axiña comezarían a tomar medidas cargadas de simbolismo para satisfacer as demandas deses sectores católicos. Así, autorizaron o regreso á Península do antigo vice-xerente da Nunciatura, Ramírez de Arellano[47]; pouco despois, concederon tamén permiso ao arcebispo Rafael de Vélez, tan querido polo estudante Xoán Manuel Pintos como xa vimos, para tornar a ocupar o seu solio en Compostela[48] e acto seguido, derrogaron a esixencia de "atestado" de fidelidade ás autoridades por parte do clero[49]. O novo ministro de Graza e Xustiza, Luís Mayáns, comprometeuse a regularizar dunha vez por todas o puntual pagamento das nóminas clericais[50] e autorizou a reapertura do chamado "Tribunal de la Rota"[51]. Coincidindo co regreso da ex Rexente María Cristina a España, en febreiro de 1844, puideron tamén volver ás súas respectivas sés episcopais os titulares de Calahorra e Palencia[52].

Mais este episodio concreto do labor xudicial de Xoán Manuel Pintos do que vimos falando tivo aínda máis unha reviravolta, ao resultar finalmente revocada por unha instancia superior a sentenza condenatoria que tiña ditado. O anónimo correspondente do diario madrileño *El Católico* escribía no outono de 1842, a este respecto [subliñado noso]:

> GALICIA.- PROVINCIA DE PONTEVEDRA 29 de octubre.-
>
> Para que aun se lean en su apreciable periódico comunicados con el epígrafe de "padecimientos del clero español", voy a decir á vds. algo de lo que pasa por estos mundos de Dios.
>
> Don Andrés Rubiños, cura párroco de Santa María de Ribadeume, fue delatado verbalmente por dos feligreses al comandante de armas de Puentedeume, calumniándole de haber proferido palabras injuriosas contra el Regente del reino en la sacristía, y resentidos de que no pudieron embaucarle con unas cuentas galanas de cierta cofradía. Arrestado sin pérdida de tiempo, y á disposición del juez de primera instancia, fue conducido á la Cárcel pública. En la instrucción del proceso figuraron como tes-

[46] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.270, 6 de setembro de 1843.

[47] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.395, 9 de xaneiro de 1844. O citado Arellano, porén, faleceu aos poucos días do seu retorno (Cf. *El Católico*, Madrid, núm 1.430, 13 de febreiro de 1844).

[48] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.397, 11 de xaneiro de 1844 e núm 1406, 20 de xaneiro de 1844.

[49] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.415, 29 de xaneiro de 1844.

[50] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.417, 31 de xaneiro de 1844.

[51] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.439, 22 de febreiro de 1844.

[52] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 1.466, 20 de marzo de 1844.

> tigos contrarios los delatores y tres parientes suyos; y en favor del cura varios eclesiásticos presenciales y otras personas de categoría hasta el número de doce por lo menos. El juez, que sin duda quiso lucirlo con tan aplausible motivo, después de dar parte al gobierno y haber recibido acción de gracias, condenó al calumniado é inocente párroco en DIEZ AÑOS DE PRESIDIO EN UNO DE LOS DE ÁFRICA, DECLARADO INDIGNO DEL NOMBRE ESPAÑOL (¡qué perfectamente!) Y EMBARGADAS (*per negationem supossiti*) LAS TEMPORALIDADES. Toda esta metralla se estrelló en La Coruña, porque la Audiencia ateniéndose á la relevante prueba del Sr. Rubiños, lo declaró absuelto, y alzó la multa que el juez había impuesto á los testigos eclesiásticos.
>
> Otro chasco por el estilo acaba de suceder al juez de Cambados recientemente. Procesado también por delación un párroco, de cuya iglesia no me acuerdo ahora, hasta llegar á verse también con sentencia africana, obtuvo del tribunal superior el mas brillante éxito, como que fueron multados los testigos contrarios, y apercibidos, libre el interesado, y sin que le sirva de obstáculo etc. etc.
>
> En este mismo año mi vecino y amigo D. Juan Antonio Sieiro, cura ecónomo que era de santa Eulalia de Castro fue también encausado por delación en uno de estos tribunales y la audiencia de la Coruña falló á tenor de los dos casos anteriores. Libráranos Dios de que no hubiese tal remedio. ¡Cáspita con estos señoritos jueces![53]

Non foron as sentenzas de Xoán Manuel Pintos e dos seus colegas xuíces de primeira instancia de Pontedeume e Tabeirós as únicas en resultaren revogadas pola Audiencia da Coruña. Pola mesma época aproximadamente en que se verificou a actuación xudiciaria de Pintos a respecto do párroco de Lores, o Cabido da catedral de Lugo en pleno (José García Avalo, Pedro López Rivera, Manuel García de la Vega….) fora tamén acusado de maquinar contra a Constitución vigorante (a de 1837), o Trono e o Goberno constitucional, de xeito que os seus membros acabaran sendo condenados en primeira instancia á perda de dignidades, empregos, soldos, honras e temporalidades, a oito anos de reclusión e, unha vez fose cumprida esta pena, á posterior expulsión do territorio da Monarquía. Con todo, a Audiencia Territorial da Coruña revogou o 18 de febreiro de 1842 esa sentenza e ditou outra, moitísimo máis branda, benigna ou clemente, segundo se queira catalogar, de tan só un mes de arresto, pagamento de custas, reprensión e apercibimento.

Fecharemos esta epígrafe con tres consideracións máis a respecto deste peculiar caso en que se veu forzado a intervir o xuíz Pintos durante a súa estadía en Cambados.

A primeira desas consideracións ten a ver co rigor e celo profesional que despregou no caso da denuncia contra o párroco de Lores. Determinadas circunstancias que o reo alegou na carta dada a coñecer polo xornal *El Católico*, arriba citada, como mostras de malquerenza do maxistrado cara a el (tentar proceder ata dúas veces á súa detención un domingo á noite, mobilizar para iso un número elevado de efectivos, interrogar abundantes testemu-

[53] Cf. *El Católico*, Madrid, núm. 987, 12 de novembro de 1842, p. 340.

ñas tanto de Lores como da veciña parroquia de Simes, efectuar un rexistro na casa reitoral etc.) poden ser interpretadas, *sensu contrario*, como elementos que acreditan a escrupulosa mecánica probatoria e procedimental implementada polo xuíz Pintos nesa ocasión.

A segunda consideración refírese á pertinencia, proporcionalidade e correspondencia exacta desa sentenza condenatoria ditada polo xuíz Pintos en primeira instancia co contemplado no Código Penal de 1822 entón vigorante. O artigo 141 do citado Código obrigábao, desde logo, a xulgar en rebeldía ao reo prófugo, entanto o artigo 210, dedicado ao castigo que había de recibir "todo español de cualquier clase que de palabra ó por escrito tratare de persuadir que no debe guardarse en las Españas o en alguna de sus provincias la Constitución política de la Monarquía en todo ó en parte", especificaba de maneira explícita que

> si incurriese en este delito un funcionario público, ó un eclesiástico secular ó regular cuando ejerza su ministerio en discurso ó sermón al pueblo, carta pastoral, edicto u outro escrito oficial, será declarado indigno del nombre español, perderá todos sus empleos, sueldos, honores y temporalidades, sufrirá ocho años de prisión […] y después será espulsado por siempre del territorio de la Monarquía[54].

Como pode verse, Xoán Manuel Pintos recolleu exacta e literalmente na súa sentenza o contido do fixado no Código Penal de 1822 para esa caste de delitos que daquela se catalogaban como "contra la Constitución y Orden Político de la Monarquía" e mais "contra la libertad de la Nación". Neste sentido, a revogación posterior da súa sentenza por parte da Audiencia coruñesa si que nos parece moito máis atenta a conveniencias e intereses de carácter extra-xudiciario (léase políticos) do momento.

A terceira e derradeira consideración que queremos deitar sobre este episodio xudicial do que Pintos foi protagonista no seu período cambadés é que erraríamos totalmente a diagnose se tentásemos inferir desa sentenza súa que castigaba o delito dun membro do clero ningún tipo de animadversión especial cara a ese estamento pola súa parte ou se a interpretásemos en chave anticlerical, xa non digamos antirrelixiosa.

Tanto na súa obra escrita como na súa conduta persoal, Xoán Manuel Pintos deu sobradas probas antes, durante e despois da súa estadía en Cambados dunha total, sincera e profunda identificación cos valores relixiosos. Nada debeu de estar máis lonxe da súa intención como xuíz que contribuír a combater, deslexitimar, minorar ou desterrar as crenzas cristiás, particularmente as católicas. Como afirmou no seu día Barreiro Fernández (2011: 81), na obra de Pintos "ponse de manifesto unha concepción da vida eminentemente relixiosa, uns valores claramente católicos e unha ética ben apuntalada nos principios da moral cristiá".

Certo é que deitou nalgúns dos seus versos algunhas críticas nada veladas a determinados comportamentos do estamento clerical. Así, na historia do mestre amante da ver-

[54] Citamos por López Barja de Quiroga *et alii*, 1987: 57.

dade que se "encarrapichaba co pecado" e que educaba os seus pupilos aldeáns mediante sabios proverbios ("preceutos de muita craridade"), poema que colocou en *A Gaita Gallega* a continuación de "La monja de S. Payo", lemos o seguinte significativo fragmento:

Segundo á meus avós teño ouido
Si non sabe a doutrina algun labrego
Pode ser disculpado e defendido.
Mais non terá disculpa ningun crego
Que fai que sabe é ten o entendimento
Como ten os seus ollos calquer cego. […]
Sabés que ben acaba quen ben anda
E que val mais no peito ter virtude
Que muito colgarello cruz nin banda,
Nin usía, escelencia ou beatitude.

Mais a carón destas notas críticas, máis que xustificadas probabelmente, sobre certas actitudes e defectos dalgúns clérigos en particular e da propia sentenza condenatoria que ditou contra o párroco de Lores por un delito político, achamos na obra de Pintos unha auténtica riada de versos dedicados a enxalzar das máis diversas maneiras a relixión católica, os seus dogmas e principios e, mesmo, os seus ministros.

No primeiro dos poemas de *A Gaita Gallega*, por exemplo, o personaxe do Gaiteiro fai crítica do viradoiro do espírito humano, que, como adoita dicirse coloquialmente, "só se acorda de Santa Bárbara cando trona". Fronte ás forzas desatadas da Natureza (temporais, trebóns, asolagamentos…) clama pola protección divina, mais unha vez pasado o perigo, volve ao seu comportamento pecadento, vicioso e contrario ás obrigas estabelecidas polo credo cristián e católico. A seguir, o Gaiteiro interroga o rapaz que acabará adoptando como pupilo, o Tamborileiro Pedro Luces, sobre as súas conviccióǹs, interesándolle coñecer sobre todo se sabe "persinarte ben e o credo", ao que este replica: "en la doctrina católica / a ninguno tengo miedo". Como o apelido do rapaz, "Luces", lle resulta sospeitoso, un tanto volteriano podíase dicir, o Gaiteiro insiste en preguntarlle polas conviccióǹs relixiosas e aquel reafírmase nelas:

To to to, vamos con tento
Que un home con ese nome
Pode ser caste do demo.
Ti crees en Dios, ou non Luces?
Ti crees en él ou non Pedro?
- Señor me muera de hambre
Si en Dios de veras no creo.

Noutro dos diálogos que Gaiteiro e Tamborileiro manteñen na Foliada 1ª, cando este último suxire que o importante talvez sexa o "Dios Dinero", pois "la virtud y la ciencia sin el oro / son cosa más que pobre más que fea", o Gaiteiro replica obrigándoo a que fite unha imaxe de Cristo crucificado e preguntándolle se sabe por que razón foi obxecto dese tormento. O Tamborileiro contesta que "fué muerto / porque predicaba la pura verdad" e conclúe que as palabras de Cristo constituían, de feito, "el dechado / mejor en el mundo de Constitución".

No poema "Alborada", presente na Foliada 2ª de *A gaita gallega*, o eu poético diríxese ao Sol como testemuña da historia humana, chea de crimes, crueldades, inxustizas, guerras e tiranías. Alude, entre outros, aos "arcos de trunfo / de catro asesinos premio" e aos gloriosos desfiles de carros "que tiñan a muita honra / levar un tirano dentro". Tamén arremete, en versos que destilan homofobia, contra "aqueles homes casados / con outros do mesmo secso / cheos de abominación / provocando a ira do Ceo". Máis adiante, colocado no presente histórico inmediato, repasa o auxe e caída de determinadas figuras (Napoleón Bonaparte, Luís Filipe de Orleáns…), evoca o intento de asasinato da raíña Isabel II polo cura Merino ("feito mui horrendo e criminal"), condena as loitas "dos partidos que se matan / por mandar" e alude á exclaustración e espoliación dos bens eclesiásticos nestes elocuentes termos:

Os que pensen que no hay Dios
Se levan valente chasco
    En verdá.
Seu poder se ri de vos
E barre sò de un chubasco
    A impiedá.
Onde van os campanarios
E campanas dos conventos
    Do Señor?
Alajes, e relicarios,
E copós, e sacramentos
    De valor?
Onde van tantos altares
E órganos de alegrías
    Insensatos!
Tantos libros a millares,
As roupas das sacristías
    E os ornatos?
Tantas rentas, e diñeiros,
E facendas, e pinturas
    Tan prezadas?

Sabedes vos si os rendeiros
Fan hora as pagas mais duras
Que as pasadas?

Cando o Tamborileiro Pedro Luces lle advirte ao Gaiteiro que estes versos seus compraceron a "el cura que sentado / bajo del palio estuvo muy atento", aquel replica:

Deix'o escoitar, que si ô señor abade
lle gusta a Gaita tanto mellor Pedro.
Pois ti ja sabes que de gafualliña
Nunca os aplausos merecer desexo.

Non menos amante da relixión e dos seus representantes e seguidores se amosa o poeta pontevedrés nos versos que dedica na 2ª foliada de *A Gaita Gallega* ás freiras, antes de dar paso a Pedro Luces para que reproduza o poema bilingüe "La monja de S. Payo", inspirado nun tráxico suceso real que envolveu como protagonista unha moza compostelá que profesaba como monxa nese cenobio feminino contiguo á Praza da Quintana e do que talvez puido ser testemuña o propio Pintos nos seus anos de universitario. Nos amentados versos, o poeta xustifica así a decisión das monxas de se retirar do mundo en clausura:

Pois que, parezche a ti que tan mal vai
Quen deixa a loita tremedal que vemos
Na sociedá roída da cochambre
Dos vicios todos que a virtú sin medo
Asoballada po los pés a poñen,
O trunfo cantan, piden o seu premio
E cando os bos se encollen perseguidos
Ergue o malvado o brazo carniceiro?
A paz do claustro para a virge casta
Aquel silencio, aquel recollimento,
Aquel encanto da que a Dios se entregue
Son a escaleira para entrar no Ceo.

Ademais, son varias as notas a rodapé en castelán que Pintos inseriu na Foliada 4ª para aclarar certos aspectos do poema en latín do xesuíta Hermenexildo Amoedo "Carmen patrium sive Pontevedra" (vertido logo para galego na 6ª Foliada) que poñen de manifesto a súa preocupación polo estado de abandono ou perda de determinados templos e elementos devocionais no espazo público na vila do Lérez e pola decadencia de determinadas tradicións vinculadas ás festividades relixiosas e ás procesións do Corpus, como

a Coca, a Nao, os Cagalasollas, as Penlas e a Danza de Espadas ("alusiva á lo dispuestos y aparejados que debemos estar para defender á todo trance la religion que profesamos", aclárase). Ao lado desas notas aparecen outras de corte laudatorio para determinados predicadores sagrados e sacerdotes que estaban ao coidado de templos emblemáticos da Pontevedra de entón, de maneira que en absoluto estivo desencamiñada Ríos Panisse cando afirmou (2006: 34) que en *A Gaita Gallega* Pintos "preséntase como un incondicional defensor do clero".

Aínda podemos engadir que na Foliada 5ª o Gaiteiro responde nun momento dado unha carta que lle enviou o seu amigo Cornelio, preocupado pola posibilidade de que a súa esposa Marta lle fose infiel. A resposta encerra a visión amarga que Pintos parece ter sobre a evolución dos costumes sociais tocante ao matrimonio e á relación entre os esposos, na medida en que se afastan do modelo idealizado do matrimonio cristián:

Dirás acaso tu que es imposible
Que sufra tal infamia un hombre honrado
Y que antes el morir es preferible.
Simplezas son del siglo antepasado,
Errores de la gente que oye misa,
Y llama vulgo necio preocupado
Creer que en esta fecha se precisa
Que sea la casada recogida
Y tenga de rubor una divisa. […]
Que están canonizadas las maldades
Y el público consiente la impureza
Que no se consintió en otras edades […]

O protagonista positivo do poema "A usura", presente de maneira anónima no volume *Misterios de Pontevedra* (1845) e recuperado polo propio Pintos nesa mesma Foliada 5ª de *A Gaita Gallega*, é, significativamente, un cura de vida e comportamento exemplares:

[…] Que podía ser bo crego
Porque non tiña sobriños
Nin tiña ama de goberno,
Nin tampouco comerciaba,
Nin tampouco era aparceiro,
Nin tiña de seda a roupa,
Nin cabalos de recreo,
Non andaba vagamundo,
Nin jogaba o timbareiro,
Nin as cousas de este mundo

Lles mostraba muito apego;
Que estudiaba dia e noite
Enseñaba o evangelio
Amostrando a sua conduta
De tal doutrina un espello. […]
Pois a este cura que digo
Tíñalle eu muy gran afeuto,
E non perdía sermon
Que predicase no tempro.
Inda se me lembra un
Que todos adeprendemos
Cando fomos a escoitalo
Porque o botou en gallego.[…]

Ese tal cura recrimina os usureiros, entre outras moitas astucias perversas que empregan, o uso de "papeles falsos" para enganar os xuíces (saberíao Pintos por experiencia propia…) e a conduta hipócrita en asuntos de devoción:

[…] Hipócritas ides rezar os rosarios
Baixando a cabeza po las procesios,
Colgando levades os escapularios
E mixiricadas facés nos sermós!
Papades as ostias; sorbedes a misa,
E mentras estades alí maginando
Como han de quedar sin pan nin camisa
Aqueles a quens lles fostes prestando.
Mil golpes de peito na igrexa pegades
A vista das gentes. Que moinas! Que doidos!
As roupas dos santos tamen as bicades,
E Dios se está rindo de tales entroidos. […]

Unha proba literaria máis das concepcións profundamente relixiosas de Pintos encontrámola nos versos finais do poema, xa citado, "Os birbirichos e os birbiricheiros", ambientado e probabelmente tamén composto en terras cambadesas, en que se loa a figura de Deus como instancia última provisora da abundancia de recursos para a vida humana:

Agora os homes de chola
Sin forzar o entendimento
Sabran porque òs de Cambados
Chaman òs birbiricheiros.

Mais non me diran a min
E aposto o que non teño
Como dos birbirichiños
Se repoñen os viveiros;
Pois tantos e tantos sacan
Tan de cote e tan arreo
Que si sacaran areas
No habia areal en Castrelo.
Solo o que leva por conta
As voltas do universo,
O que de nada se olvida
E sempre está co ollo aberto
Podrá si quer esplicalo
E darnos conocimento,
Que os homes, por muy leídos…
Desengañarse, è o vento.

Con posterioridade á publicación da primeira setena de "foliadas" de *A Gaita Gallega* (1853), Pintos reiteraría nalgunhas outras composicións da súa autoría ese seu sentimento de fidelidade relixiosa. Así, de ser certa a atribución proposta no seu día polo erudito pontevedrés Filgueira Valverde, dada por boa posteriormente por Ríos Panisse e que, no entanto, esperta as nosas humildes dúbidas, o poema titulado en castelán "A las gentes del campo en la festividad de Nuestra Señora del Refugio, la Divina Peregrina" mais composto por versos en galego, deixaría patente máis unha vez o carácter devoto do poeta. Outro tanto acontece co poema, este sen problemas de recoñecemento de autoría, "Cando te vexo nesa cruz pendente" (1858), reproducido no Álbum do xornal vigués *El Miño*. No xa citado poema "Recramo" (1859), Pintos aludiría á súa particular e devota peregrinación a Compostela co gallo do Ano Santo de 1858, coincidindo coa visita da raíña Isabel II e do seu esposo Francisco de Asís, que tivo lugar entre o 7 e o 10 de setembro:

Adiós grande Cebedeo,
adiós, fillo do trebón,
a quen dei no ano santo
un grandísimo apretón.
Cando puxo a real parexa
unha gran xerra no altar
de prata mui froreada
que lle foi a regalar.
Adiós, trapo de lembranza
de Lepanto, que se ve
día do Apóstol no coro
para alentar nosa fe.

E non se esqueza, en fin, que o seu poema "A Galicia" (1861) remata cos seguintes versos, elocuentes de seu (citamos por Ríos Panise, 2006: 473):

> Repítoo outra vez, direino cen,
> qu'é santo, é xusto, é puro, é inocente
> decote halar e halar de corazón
> por nosa patria e mais da nosa xente
> por conservar a fama e relixión.
> *In hoc misterium fidei firmiter profitemur*.
> D'aquí non nos arrincan herexes nin xentíos
> nin tod'os protestantes con mouros e xudíos.

5.2. Conflitos derivados da dinámica desamortizadora e antiseñorial en Cambados

No seu posto de xuíz de 1ª instancia na vila do albariño tocoulle a Xoán Manuel Pintos ser testemuña e mesmo intervir directamente en diversas situacións conflitivas provocadas pola dinámica de desamortización de bens eclesiásticos e pola deriva antiseñorial que as novas autoridades locais impulsaban, amparadas na nova lexislación de corte liberal promovida desde as institucións do Estado, fronte á fechada oposición dalgúns partidarios do Antigo Rexime na localidade.

Cando Pintos se fixo cargo do seu novo posto tivo que tomar conta, necesariamente, de que o seu inmediato predecesor no xulgado cambadés, Ricardo Bobo, tiña oficiado con data de 13 de xaneiro de 1840 á Corporación municipal "encareciéndole la necesidad de construír un edificio ex profeso" como novo cárcere público da vila, "vista la ruina y poca seguridad que presentaba en el ex convento" (Cotarelo Valledor, 1932: 33). Ese novo edificio xudiciario, erixido algúns lustros máis tarde, pasou a albergar dependencias municipais a partir de 1873 e acolle actualmente a Casa do Concello[55].

Desde a exclaustración, o antigo convento franciscano de Cambados, que fora fundado en 1585, viña sendo empregado polo Concello alén de como almacén, escola, cárcere e local para as eleccións, como cuartel da Milicia Nacional que comandaba Javier Zárate y Murga, marqués de Montesacro[56]. Este persoeiro, que tivera un papel destacadísimo na loita contra as faccións carlistas da zona, encadrábase politicamente nas fileiras do liberalismo *moderado* e, de feito, pouco antes de morrer asasinado, en circunstancias sobre as que volveremos, chegou a ser nomeado en 1844 subinspector interino da Milicia de Pontevedra encargada de sufocar o levantamento pro-esparterista de Vigo. Antes de que Pintos chegase ao xulgado cambadés, Javier Zárate empeñárase en talar a carballeira

[55] Polo tempo en que residiu Pintos na vila do albariño, a sede da institución municipal estaba na Praza da Constitución, isto é, na actual Praza de Alfredo Brañas (Luís Rei, 2020: 269-270).

[56] Irmán deste Javier foi Juan Zárate y Murga, Xefe Superior Político da provincia da Coruña en 1822, organizador da Milicia Nacional de Ourense nese mesmo ano e Gobernador Civil interino da provincia da Coruña entre 1834 e 1835.

do antigo convento franciscano, pretextando razóns de índole militar defensiva, mais a Corporación opuxérase á súa demanda por resolución de 22 de maio de 1839. Lorenzo Fraga e o seu fillo José adquirirían algún tempo despois, en poxa pública, boa parte dos terreos da horta e desa carballeira do antigo cenobio, onde actualmente se ergue a "Biblioteca Luís Rei".

O conxunto dos obxectos de valor (cruces, copóns, incensarios, cálices, lámpadas, candelabros, atrís, albas, casullas, manteis etc.) que pertenceran ao convento fora inventariado en novembro de 1835 polo comisario de amortización de arbitrios e bens eclesiásticos Froilán Leal y Lamas e, acto seguido, posto baixo a custodia do entón alcalde maior e xuíz de primeira instancia Ricardo Bobo (Cotarelo, 1932: 30-31), dado que o párroco de Santa Mariña de Cambados, Antonio González Diéguez, se negara a facelo pretextando a falta de seguridade que ofrecían tanto o templo parroquial, en pésimo estado de conservación, como a casa reitoral. Esa debeu de ser unha das xustificacións que tivo o Concello cambadés, que presidía na altura o avogado e prestamista Gregorio Arosa, para acordar en agosto de 1838 que se instruíse o expediente oportuno para proceder a trasladar a parroquia de Santa Mariña á antiga igrexa do convento franciscano. Como queira que o citado párroco e os seus patróns da Casa de Alba se resistían ao traslado, o antecitado Javier Zárate, unha vez aupado á alcaldía cambadesa fronte ao seu rival Gregorio Arosa, "ordenó, según se dice, destechar la iglesia de Santa Marina una noche, con lo cual el cura no pudo resistir más y la traslación de la parroquia se llevó a cabo en el año de 1841" (Cotarelo, 1932: 33-34).

Mentres a solicitude do predecesor de Pintos no xulgado cambadés agardaba cumprimento e estando xa o futuro autor de *A Gaita Gallega* incorporado no posto, resolveuse definitivamente o preito sobre a propiedade da antiga edificación conventual. Con data de 15 de xaneiro de 1841 o Concello reclamou a plena propiedade do edificio, "por cuanto ya tiene su aplicación a objetos de conocida utilidad pública, cuales son el de enseñanza primaria, cárcel regular para depósito de presos del partido judicial, sala de colegio electoral" e a Dirección xeral de Amortizacións "se lo concedió gratuitamente, en 28 de Agosto de 1842, para los fines a que ya estaba destinado" (Cotarelo, 1932: 33-34)[57].

Por outra banda, conta Caamaño Bournacell (1933: 52-53) que en sesión de 18 de abril de 1842, a corporación municipal cambadesa, presidida por Luís José de Fraga, aprobou o derrubo de varios dos arcos e dun anaco da muralla que balizaban a praza de

[57] Mais o certo é que boa parte das pedras do primitivo convento aínda haberían de seguir usándose posteriormente en novas obras de urbanización do núcleo cambadés, concretamente nos muros e bancos do paseo da Calzada, no firme da chamada Costa do Convento, no muro da Alameda de San Tomé… O que aínda ficaba da antiga edificación foi destruído, segundo Cotarelo Valledor (1932: 36), entre 1868 e 1873, durante as alcaldías sucesivas de Antonio Caamaño, Ángel Landa e José González Briones.

Fefiñáns[58], "dejando expedito y con toda libertad aquellos tránsitos". Dirixiuse a tal fin, concedéndolle un prazo de quince días para efectuar o derrubo, ao mordomo apoderado da casa de Fefiñáns, Juan Antonio Ricoy. Este presentou alegacións contra o derrubo o día 28 de abril, mais a Corporación contestoulle o 2 de maio instándoo a "que procediese inmediatamente a la demolición, de lo contrario se encargaría de ello la Corporación".

Así as cousas, o citado Ricoy presentou "demanda ante el Juez de 1ª Instancia" de Cambados, que Caamaño Bournacell (1933: 52, nota 1) identifica trabucadamente como Ricardo Bobo[59], cando nese intre quen exerce como tal non é outro que Xoán Manuel Pintos, mais o Concello, invocando a lexislación vixente e as súas competencias en materia de ordenamento e policía urbanística, dirixiu por acordo tomado o 9 de xuño de 1842 unha certificación ao xuíz "para que se abstenga entorpecer la disposición adoptada acerca de las citadas murallas y arcos".

Era entón dono do pazo de Fefiñáns Francisco Javier Losada Pardo de Figueiroa (1777-1847), desde 1839 VI Marqués de Figueiroa, VIII Vizconde de Fefiñáns, XII Conde de Maceda e VII Conde da Atalaia, casado desde 1814 con Joaquina Miranda Sebastián Gayoso, VI Condesa de San Román (Iglesias Baldonedo, 2021: 70-72). Alén de participar na guerra contra as tropas napoleónicas en 1808, obtendo diversos ascensos por méritos no combate, tivera un papel moi relevante no intento de reprimir en Compostela o levantamento liberal de 1820, que deu paso ao chamado "Trienio Liberal", razón pola que posteriormente recibiu diversas prebendas, recompensas e condecoracións por parte do monarca Fernando VII cando este reestabeleceu o rexime absolutista e inaugurou a chamada "Década Ominosa". Cesado en todos os seus cargos a raíz do chamado "Motín de la Granja" (1836), pola súa notoria adhesión aos sectores máis inmobilistas, Francisco Javier Losada Pardo de Figueiroa apoiaría non obstante o levantamento de Espartero en 1840 contra a entón Rexente María Cristina.

Talvez fose esta última circunstancia, se cabe a nosa especulación sobre o particular, a que o levase a ordenarlle ao seu apoderado Ricoy que intentase obter o amparo do xuíz Pintos, próximo ao bando *ayacucho* nesa altura como xa sabemos, no seu particular preito co Concello liberal cambadés arredor do derrubamento ou non de varios dos arcos da praza de Fefiñáns. Mais o xuíz Pintos, *velis nolis*, respaldou finalmente os argumentos do Concello cunha sentenza á que, infelizmente, non hai hoxe por hoxe posibilidade de acceder.

---

[58] Unha moi plausíbel reconstrución aproximada do aspecto da praza de Fefiñáns a finais do século XVIII, realizada polo debuxante a artista Manuel Busto Magdalena, pode verse na monografía de Iglesias Baldonedo (2021: 169).

[59] O citado Ricardo Bobo de la Torre, que xa exercía en Cambados en 1835 e que continuaba nese posto en 1837 auxiliado polo promotor fiscal Juan Vidal segundo o *Calendario Manual y Guía de Forasteros en Madrid para el año de 1837* (páx. 172), exerceu durante 1844 como xuíz en Bande, provincia de Ourense, e posteriormente aparece citado en diversas ocasións no *Boletín Oficial* desa provincia durante 1848 (véxanse núm. 18, 10 de febreiro e núm. 129, 26 de outubro) como xuíz de primeira instancia en Lalín.

Grazas ao traballo de Iglesias Baldonedo (2021: 173), que cita como fonte o Libro de Actas da Deputación Provincial de Pontevedra[60], sabemos que outro veciño de Cambados, Joaquín María Peña, xenro da propietaria dun edificio anexo a un dos arcos que se pretendía derrubar, Cayetana Álvarez, presentou ata dúas instancias queixándose dos presuntos perxuízos que ese derrubamento provocaría.

En realidade, arredor do espazo da praza de Fefiñáns cambadesa estábase verificando nos primeiros compases do século XIX un proceso moi representativo das dinámicas socio-políticas de fondo dese período histórico. O adro da igrexa de San Bieito deixara de ser empregado para soterramentos en 1838, ano en que comezou a construción no camiño cara á Modia do novo cemiterio de Fefiñáns (Díaz Martínez & Fernández Rei, 2005: 15). E o propio espazo delimitado polos arcos obxecto de polémica viña sendo escenario desde moito tempo atrás (cítao Lucas Labrada na súa *Descripción económica del Reino de Galicia* como "opulento") dun moi concorrido mercado semanal cada *cortafeira*, que xeraba os seus pingües beneficios aos donos do pazo en forma de *alcabalas*. De feito, o Concello cambadés tería que pagar arrendamento anual aos donos da praza ata o 31 de xaneiro de 1912, data en que a adquiriu definitivamente mediante compra a Miguel Gil Casares e Joaquina Armada Losada (Iglesias Baldonedo, 2021: 174-175).

O Concello cambadés alegaba para proceder ao derrubo deses arcos que molestaban a entrada e saída de carros, monturas, xentes e xéneros (palla, leña, verduras…) con destino a ese mercado, mais no transcurso do preito patentizouse que outra das causas estribaba no feito de estaren os devanditos arcos "coronados de insignias de vasallaje que ya desapareció", ou sexa, constituíren un signo do antigo poder aristocrático e nobiliario. Foi, pois, un afán de derrubo por razóns máis simbólicas e políticas do que propiamente urbanísticas, con evidente sacrificio dos valores relativos á arte e á arquitectura, ou o que é o mesmo, ao patrimonio histórico-cultural tal e como hoxe o entendemos.

Non deixaremos de advertir, nesta orde de cousas, sobre o acusado contraste entre esta resolución "antipatrimonial", se se nos permite a expresión, que tomou o xuíz Pintos neste concreto preito cambadés arredor dos arcos da praza de Fefiñáns coa súa posterior defensa pública e literaria de diversos edificios, templos e fontes da súa Pontevedra natal fronte á desidia ou a piqueta destrutora dalgúns gobernantes, como deixan ben de manifesto moitas das notas coas que acompañou a reprodución en *A Gaita Gallega* do poema do xesuíta Hermenexildo Amoedo Carballo "Carme patrium sive Pontevedra" ou as súas propias composicións orixinais "Queixumes dunha fonte" (1857), en que protestou pola destrución da emblemática fonte da Ferraría, e "Antonio e Margarida" (1857), en que chorou o estado de ruína do convento de San Salvador de Lérez.

Dirimido en todo caso polo xuíz Pintos ese preito outorgando potestade ao Concello para derrubar eses arcos e parte da muralla en Fefiñáns, a Corporación cambadesa en-

[60] *Vide* https://atopo.depo.gal/Record/arc.ADP_SES_0000051871 [consultado por última vez o 31.12.2021].

cargou con data de 12 de setembro de 1842 que dous peritos, o canteiro Manuel Pereira e o carpinteiro José Padín, recoñecesen o lugar para calibraren a obra a realizar. O entón de novo alcalde Javier Zárate, con data de 10 de xaneiro de 1843 e secundado polos compañeiros de Corporación Vicente Caamaño, Ambrosio Fariña, Cipriano Vieytes, Juan Mª Caamaño e José Cándido Jiménez[61], determinou proceder a "derribar el pasadizo de Fefiñanes", dando así cumprimento ao acordo adoptado en setembro do ano anterior, mais aínda o 22 de abril de 1843 concedía ao apoderado Ricoy un novo prazo de quince días para que efectuase cos seus propios medios a operación. Caamaño Bournacell apostilou que "en la sesión del 15 de febrero de 1844 parece hacerse mención de los derribados arcos, sin que vuelva a hablarse más de ellos" e Iglesias Baldonedo (2021: 169) acláranos que os arcos finalmente derrubados en 1843 foron dous: "O que atravesaba a actual Rúa Real e o que saía do adro da igrexa", en dirección á Ribeira de Fefiñáns.

Foi a finais de 1844 cando apareceu asasinado na alameda de San Tomé o comandante da Milicia e alcalde Javier Zárate. Este crime xa non puido ser xulgado por Xoán Manuel Pintos, pois lémbrese que fora cesado como xuíz xa no mes de xullo dese ano, mais como queira que aínda non se trasladara a vivir a Pontevedra, tivo que ser testemuña e partícipe da conmoción que se debeu de experimentar na vila cambadesa diante de tan terríbel suceso. Segundo relatou Caamaño Bournacell (1957: 33), Zárate foi morto "a golpes de sacos terreros por maridos celadores de su honra". Cotarelo Valledor (1932: 35, nota 2), pola súa banda, apuntou dúas hipóteses alternativas sobre os eventuais perpetradores dese crime:

> Hallósele moribundo en ella [a Alameda de San Tomé] al amanecer del 10 de Diciembre de 1844; pero sin heridas visibles. Supúsose que le habrían golpeado con sacos de arena y sospechóse de los criados de Fefiñanes, por el derribo de los Arcos, y también de algún hermano o marido celoso, pues el difunto era demasiado atrevido con las mujeres.

Para Luís Rei (2020: 279), que fixo pé en diversos escritos inéditos sobre historia local de Joaquín Sánchez Peña, non cabe albergar a menor dúbida de que o asasinato de Zárate respondeu a "razóns políticas", relacionadas directamente cos seus continuos enfrontamentos como conspicuo liberal que era contra determinados individuos do señorío e do clero da comarca e coa súa directa responsabilidade en asuntos xa amentados como o derrubamento dos arcos e parte da muralla do recinto de Fefiñáns ou o desmantelamento do tellado do templo de Santa Mariña para forzar que a sede parroquial se trasladase á antiga igrexa conventual franciscana.

---

[61] Vide Expediente de eleccións municipais. Cambados (1843), Arquivo da Deputación de Pontevedra, Sinatura 133/10. Accesíbel na Rede no enderezo https://atopo.depo.gal/Record/arc.ADP_0003440104 [consultado por última vez o 31.12.2021].

5.3. Unha providencia contra o criado dun comerciante e fomentador arousán

No *Boletín Oficial de la Provincia* de Ourense achamos inserto en marzo de 1843 o seguinte texto, que nos permite coñecer unha terceira actuación do xuíz Pintos en Cambados, neste caso propia dun caso dos que Villares Naveira (2011: 39) catalogaría como *violencias producidas por veciños*:

> Juzgado de primera instancia de Cambados.
>
> En causa criminal instruída en este juzgado contra Manuel Sánchez, criado que ha sido de D. Froilán Francisco Cobian, de Villagarcía, por maltratos á Josefa Fernández de la misma hechos el 9 de julio último por un buey de dicho Cobian y que conducía Sánchez, se ha dictado auto de sobresea en 31 de agosto siguiente, mancomunando en las costas procesales á los conductor y dueño de dicho animal; y habiéndose consultado con S. E. los señores de la audiencia territorial del reino por real auto de 29 de noviembre también último se han servido acordar: Que, entendiéndose además, condenados mancomunadamente Manuel Sánchez y D. Froilán Francisco Cobian en los gastos de curación de Josefa Fernández y dietas de los facultativos, se aprueba con las costas el auto dado por el Juez de Cambados en 31 de agosto de este año: para cuya notificación se libró la oportuna Certificación, y aunque tuvo lugar la del Cobian, no así pudo practicarse la del Sánchez por haberse ausentado sin conseguir averiguar su actual residencia; en vista de lo que y después de varias diligencias se proveyó auto con esta fecha, mandando notificar dichas providencias en estrados por rebeldía del Sánchez, y ademas la publicación en el Boletín oficial de la provincia para que llegue á noticia del sobredicho. Cambados marzo 2 de 1843. — Juan Manuel Pintos. = Por su, mandado, José Romero y Ocampo[62].

Mandaba averiguar o xuíz, xa que logo, o paradoiro do criado Manuel Sánchez para que pagase a súa parte alícuota xunto co seu amo Froilán Francisco Cobián na reparación de danos e na asumpción dos gastos xerados polos coidados médicos requiridos pola vítima Josefa Fernández, mancada por un boi que guiaba o tal Suárez e propiedade do tal Cobián.

Sabemos que ese Froilán Francisco, ademais de fomentador na Illa de Arousa e comerciante en Vilagarcía, estaba casado con Francisca Maquieira e ocupara algún cargo público a nivel provincial en 1836. En 1844, en *El Centinela de Galicia* recóllese a nova de que "en Villagarcía, hora de diez de la noche, se incendiaron dos casas situadas en la plaza de aquel pueblo, propias de don Froilán Francisco de Cobián, que habitaban dos comerciantes por arriendo"[63]. E en varios boletíns oficiais da provincia da Coruña moi posteriores, concretamente de 1875, vemos o nome do fomentador arousán citado como

[62] Cf. *Boletín Oficial de la Provincia* de Ourense, núm. 33, 18 de marzo de 1843.

[63] Cf. *El Centinela de Galicia*, A Coruña, núm. 61, 20 de marzo de 1844.

comprador de fincas rústicas e de labradío en Cespón, Abanqueiro, Freixide e Boiro[64] e como vendedor dunha casa a Ramón Hermo Cores, veciño de Abanqueiro[65].

Desta intervención xudiciaria de Pintos cabe deducirmos que aplicaba con honesto rigor o principio da "igualdade de todos os cidadáns ante a lei" que proclamaban os novos códigos liberais, en acusado contraste co período histórico precedente do Antigo Rexime. A condena mancomunada a criado e amo, por unha banda, e o feito de que a vítima reparada fose muller, por outra, abonan a sensación de que o xuíz Pintos practicaba un sentido do deber no seu cargo inspirado polos máis nobres desexos de ecuanimidade e imparcialidade. Se reparamos, ademais, na índole dos casos anteriormente expostos, o da condena ao cura de Lores e o da resolución favorábel ao Concello cambadés no preito dos arcos da praza de Fefiñáns, parece poder concluírse igualmente que ao maxistrado Pintos non lle tremía a man para ditar resolucións desfavorábeis, se as cría de xustiza, nin contra representantes e intereses dos antigos estamentos privilexiados, señorío e clero, nin contra elementos da nova e rica burguesía emerxente.

5.4. Unha sentenza polo homicidio dun zapateiro en Dena (Meaño)

Finalmente, tamén grazas a un *Boletín Oficial de la Provincia* de Ourense de novembro de 1843 viñemos dar no coñecemento dunha cuarta actuación xudiciaria de Xoán Manuel Pintos en Cambados, neste caso correspondente ao que denominaríamos en termos actuais unha "orde de búsqueda e captura" contra os dous presuntos culpábeis da morte dun zapateiro de Noia residente en Dena (Meaño), cuxo cadáver apareceu nun monte da parroquia cambadesa de Castrelo:

> En procedimiento criminal que estoy instruyendo sobre la aparición del cadáver de Domingo Garcia, zapatero de Noya residente en la parroquia de Santa Eulalia de Dena en el monte de Sesteirados, términos de Santa Cruz de Castrelo; dispuse el arresto de Manuel Lorenzo, de oficio cestero, residente en la misma de Dena y oriundo de la de Santa Eulalia de Mondariz en el partido judicial de Puenteareas y el del zapatero llamado Tomas residente en la parroquia dicha de Santa Cruz de Castrelo, oriundo según se dice en la parroquia de Argalo en el de Noya, lo que no tuvo efecto por su ocultacion; he acordado dirigirme á los señores Gefes políticos de las cuatro provincias para que se sirvan procurar la captura de los sobredichos por los medios posibles, cuyas señales se insertan á continuación. Cambados noviembre 2 de 1843-= Juan Manuel Pintos.
>
> *Señales de Manuel Lorenzo*. Estatura regular, edad 36 á 40 años, barba cerrada, pelo negro, no usa patilla y viste pantalón de chinchon, chaleco paño negro, chaqueta azul, sombrero de paño negro ordinario, gasta botas, lleva paraguas debajo del brazo.
>
> *Idem del zapatero Tomas*. Estatura 5 piés, edad de 30 á 34 años, barba cerrada, sin patilla;

[64] Cf. *Boletín Oficial de la Provincia* da Coruña, 9 de setembro de 1875, p. 3.

[65] Cf. *Boletín Oficial de la Provincia* da Coruña, 8 de novembro de 1875, p. 3.

viste pantalon de estopa, chaqueta de paño pardo, gasta sombrero redondo de paño, lleva zapatos, chaleco negro[66].

Pouco é o que podemos engadir á citación transcrita, como non sexa chamar a atención sobre a extracción dos incriminados, neste caso artesáns (un zapateiro e un cesteiro), co que se amplía aínda máis a gama de prototipos sociais (párrocos, señores dos pazos, fomentadores-comerciantes, criados…) sobre os que o xuíz Pintos se viu obrigado a exercer o seu cometido.

6. A cesantía de Pintos como xuíz de Cambados

Xoán Manuel Pintos ficou cesante como xuíz de Cambados a partir de xullo de 1844, con posterioridade á caída política do Rexente Espartero e coa chegada ao poder dos liberais *moderados*, liderados polo xeneral Narváez (Ríos Panisse, 2006: 12). A comezos dese mesmo ano aínda aparecía o nome de Pintos citado como titular do xulgado cambadés no *Guía de forasteros en Madrid* (páx. 163), na compaña de Juan Vidal Fraga como promotor fiscal.

Algún tempo despois do seu cesamento como xuíz, Xoán Manuel Pintos, que pasou a instalarse coa familia en Pontevedra e a vivir do exercicio da avogacía (Millán, 1975: 19), compuxo o poema "Soño que tuvo un home no ano 45 con motivo de haber lido a sesión de Córtes de 12 de marzo de aquel ano", presente na Foliada 5ª de *A Gaita Gallega*, no que retrata unha imaxinaria xuntanza de xentes labregas chegadas de todo o país, ás que dirixe un discurso un vello petrucio que arremete contra os deputados *moderados* que propuxeron nas Cortes o incremento da carga foral ("una nona parte más de la renta actual") para o campesiñado, como xeito de compensar a desaparición do dezmo:

[…] Ja sabedes homes
Comenzou o vello
As novas que corren
Do mal que está prèto
Subirnos os foros
Matar os rendeiros
Queren un[s] señores
Que estan no….
Señores de palla
Señores lavercos
Señores congorxos
Dos nosos graneiros.

[66] Cf. *Boletín Oficial de la Provincia* de Ourense, núm. 135, 11 de novembro de 1843, p. 3.

Direivos os nomes
Que deles me lembro
V., Y.,
C. è mais Q.,
Con R.,
T., P.,
E mais C.
Que fan oito…
Son os que pediron
O que dito deixo
Por quitar os probes
O seu pouco alento. […]

A consulta do diario de sesións das Cortes correspondente a ese preciso día do 12 de marzo de 1845 permítenos poñer nomes a esas iniciais acusadoras dos deputados *moderados* polas catro circunscricións galegas propoñentes con data de 4 de febreiro de 1845 desa medida que constituía, no parecer expresado poeticamente por Pintos, un novo atentando socioeconómico contra as masas campesiñas do país.

Na nosa opinión, V. corresponde a Pedro Mª Fernández *V*illaverde González del Valle (1801-1855), ovetense de orixes, antigo gobernador civil de Pontevedra en 1835 e pai do futuro dirixente conservador Raimundo Fernández Villaverde; Y., a Manuel *Y*áñez Rivadeneira (1805-1872), señor do pazo de Antero en terras monfortinas; C. a Saturnino *C*alderón Collantes (1799-1864), de orixes cántabras; Q. a Manuel María Vázquez *Q*ueipo de Llano (1800-1859), natural de Samos, conde de Torre Novares de Quiroga; R. ao tudense Florencio *R*odríguez Vaamonde (1807-1886); T. a Manuel *T*utor Rodríguez, maxistrado e deputado por Bande; P. a José Ulloa *P*imentel (1805-1876), alcalde do seu Lalín natal en 1835 e futuro presidente da Deputación pontevedresa en 1852; e, por último, C. a Juan Ferreira *C*aamaño Lemos (1803-1868), declarado inimigo de Espartero e gobernador civil de Lugo en 1844.

Na continuación do citado poema de Pintos, o vello petrucio impugnaba a lexitimidade do sistema foral aludindo á posición de abuso de forza que estaba na súa orixe e aconsellaba dirixir un memorial ao goberno, solicitar directamente o amparo da raíña Isabel II e consultar cun avogado recto e galego de nación, condicións que cumpría ao seu entender coma ninguén Miguel [García] Camba (?-1892), deputado progresista por Ourense nos comicios do 27 de febreiro de 1843 e irmán do antigo deputado das Constituíntes de 1837, ministro de Mariña, Comercio e Ultramar na Rexencia de Espartero entre 1841-1842 e capitán xeneral de Galiza en 1843 Andrés García Camba (1793-1861), monfortino de nacemento e destacado *ayacucho*:

Tamen será bò
Mandar ao Goberno
Un mamorialiño
Con muito respeito
Para que á Reiniña
Ese anjo do ceo
Nos sirva de amparo
En tan duro apreto,
A ver abogado
Iremos en tempo
Que nos dé ditame
Que nos dé consello,
Non sea virado
Que sea muy reuto,
E sobre de todo
Que sea gallego,
Como aquel de Camba
Muy nobre por certo
Que ò chan de seus pais
Demostralle apego…
Todas as monteiras
Subiron ao cêo,
Viva don Miguel!
As gentes dixeron.

Este poema testemuña claramente que non decaera a adscrición de Pintos á órbita política *ayacucha*, personificada neste caso nos irmáns García Camba, nos meses posteriores a ter sido vítima de cesantía como xuíz en Cambados.

Nesta orde de cousas, cómpre dicir que non hai a menor dúbida sobre o carácter de "represalia política" que o tal cesamento levou consigo, non só porque así o acredite unha solicitude posterior súa de recoñecemento en tal sentido, sobre a que volveremos liñas máis abaixo, senón tamén téndomos en conta as denuncias previas estampadas polo xornal liberal moderado *El Centinela de Galicia* e recollidas polo madrileño *El Católico* sobre o entusiasta apoio brindado ao partido esparterista nos comicios municipais por un número importante de elementos da xudicatura, en que seguramente debe ser incluído o poeta precursor. Sinalaba *El Centinela*, en concreto, á altura de marzo de 1844:

> Esperamos que el gobierno tenga presente que en la elección de ayuntamientos han trabajado públicamente en Galicia por el partido revolucionario diez y siete promotores fiscales y algunos jueces. De este

hecho escandaloso deben tener noticia las autoridades y esperamos por tanto que procurarán aplicarle el condigno remedio[67].

Parécenos escoitar algo parecido a unha queixa ou unha burla contra este tipo de destitucións con transfondo e causalidade política das que o propio Pintos foi vítima en Cambados, por máis que se tentasen mascarar desde o poder con apelos á vontade dos electores, nos versos do diálogo que manteñen Gaiteiro e Tamborileiro na 4ª foliada de *A Gaita Gallega* (1853):

Mira Pedro Luces
Que me tes muy cheo
Cun-has raposadas
Do que è golpe vello.
E ja digo fora
Te hei de botar penso
E deixar en vaco
Teu valente emprego
E cando tal faga
Para concedelo
Farei un rechamo
Costitucioneiro
Darei esa nova
Nun papel impreso
Con letras de molde
Como as que estas vendo
E direi a todos
Grandes e pequenos
Que será por votos
Meu tamborileiro,
E o que mais recolla
Mas que fora cego
Cos ollos fechados
Doulle o teu emprego. […]
A ti que che importa
Probe cirineo
Con que ben non toque
Meu tamborileiro?
So te bòto fora

[67] Cf. *El Católico*, Madrid, nº 1.467, 21 de marzo de 1844, p. 8.

E a eleucion procedo
Terás que calare
E morder nos dedos.

Desde logo, coidamos que Pintos debeu de ficar bastante "escaldado", mesmo poderíamos dicir "doído", da súa relativamente breve experiencia como xuíz en terras cambadesas, non só polo discrecional e arbitrario da súa destitución e pola inxusta rectificación por instancias superiores dalgunha das sentenzas que ditara, que tamén, senón porque desde esa atalaia privilexiada puido fitar a inxente cantidade de defectos e perversidades da condición humana presentes en todo tipo de estamentos sociais e porque asistiu en primeira liña, ademais, á constatación de que mesmo entre os servidores do Estado e da Xustiza non faltaban exemplos de flagrante indolencia, incapacidade, corrupción e sometemento a espúreos intereses. E iso sen contarmos, como oportunamente nos teñen advertido moitos estudosos da súa figura (Alonso Montero, Rosario Álvarez, Mª do Carmo Cozinha, García Negro, Hermida Gulías, Aurora Marco, Mariño Paz, Xove Ferreiro…), a rotunda queixa que suscitaría nel o maltrato, menosprezo e marxinación do idioma propio de Galiza nas instancias xudiciarias, burocráticas, administrativas e políticas desa época. O galego, infelizmente, era daquela un idioma que, como o propio Pintos denunciou nos seus versos, non usaban "para leis, nin escrituras, / nas oficinas, nin tempros, / nin poñen declaracións, / nin estenden testamentos"…

Dese "mal sabor" de boca profesional que o seu paso polo xulgado de Cambados lle supuxo deixou Pintos algún indicio na súa obra poética posterior. Nun fragmento da 2ª Foliada de *A Gaita Gallega* escoitamos como un labrego, de nome Antón de Figueirido, lle di ao Gaiteiro "que eres ti mais argallante / que os abogados dos preitos". Nesa mesma composición, o citado Antón de Figueirido describe a inxusta e terríbel presión impositiva e fiscal a que é sometido o campesiñado pobre galego e como o aparello de xustiza contribúe a esa opresión:

E si un quer por non ter sal
A lavadura dos cerdos
Facer con auga de mar,
Ármase un gordo proceso
Como os libros que misales
Lles chaman por alá os cregos,
E po las costas da causa
Acaban cun vinculeiro.

Esa segunda foliada acolle tamén versos críticos cos funcionarios "enchufados", versos que aparecen postos en boca dun mestre de aldea que advirte aos seus pupilos:

Quen queira conocer o sèu veciño
Mandiño lle dará e veralle o dente.
Quen nunca pan colleu nin colleu viño
Si alguen llo da sin dor todo sachado
Parezlle que ja è del todo o camiño.
E si ten padriño home do Estado
Inda mais que non saiba presinarse
Terano à forza todos por letrado.
O saber e a virtude è mala seña
Para medrar, e solo de memoria
Podrá gozar aquel que a tal se aveña. […].

Do mesmo xeito, o cura protagonista do poema "A usura", incluído sen sinatura en *Misterios de Pontevedra* (1845) e reproducido logo, como no seu día xa advertiron Rafael Chacón (1984: 496) e Dobarro Paz (2003: 44-45), na Foliada 5ª de *A Gaita Gallega* (1853), lanza no seu sermón a seguinte acusación contra a corrupción xudicial

[…] Que importa a ley humana ni a divina
Contra esa praga que a probeza aumenta?
Si ja no hay fe de Cristo na doutrina
Si todo está no mundo ja de venta?
Que vayan dar a queixa ò tribunal
Os que pagaron un-ha enorme usura
Que aunque o juez conoza certo o mal
Faran as costas bo remedio e cura.
O recibiño ja estará amañado,
Ou ben testigos que non viron nada,
E probaran que solo o emprestado
Se recramou por deuda retrasada.

Na Foliada 7ª, o Gaiteiro sinálalle a Pedro Luces: "Mira Pedro agora que falas de eso dígoche que seique val mais estar dez anos nun bó presidio que dez dias nesa cadea de Pontevedra, nese edificio triste, feo, cheirento, apestado, oscuro, inmundo que mais ben pode chamarse cortello ou tobo para feras que non casa para ter os homes". Un cantar de cego retrata a seguir en verso as penosas condicións do citado centro penitenciario pontevedrés, entre as que salientaremos nós, entre outras moitas sinaladas polo poeta, dúas: a falta de atención espiritual aos penados

Nin que milagre si non van a misa
Nin tan siquera oyen un sermon

Nin hay alí migalla de divisa
De Religion!

e a lentitude da xustiza á hora de resolver os casos dos presos preventivos, obrigados a

[…] padecer un ano dous ou tres
Mentres a causa vai no tribunal,
Que muitas veces so lle pon un mes
De pena tal.

En definitiva, como sinalou no seu momento Villares Naveira (2011-50), Xoán Manuel Pintos deitou nas foliadas 2ª e 7ª da súa *A Gaita Gallega* "unha diagnose da situación penitenciaria e carceraria pontevedresa en particular e da administración de Xustiza en xeral que son tributarias da ideoloxía progresista e liberal".

7. Un breve reingreso no funcionariado xudicial

Resulta ben significativo que fose precisamente coa volta ao poder dos *progresistas*, logo da "Vicalvarada" (28 de xuño de 1854), cando Xoán Manuel Pintos recuperou un posto no aparello de xustiza, neste caso o de promotor fiscal no xulgado de 1ª instancia de Pontevedra, na compaña do xuíz Juan Salaberri[68].

No período inmediatamente precedente a esta restitución do Pintos funcionario, o poeta deu mostras dun activismo público que patentiza dalgún xeito a súa participación no clima de efervescencia que desembocou na citada "Vicalvarada". Repárese en que foi ao longo de 1853 cando se produciu a edición sucesiva das "foliadas" da súa *A Gaita Gallega*, cando resultou designado para recoller e centralizar os fondos da colecta que se puxo en marcha na cidade do Lérez para socorrer as multitudes do rural afectadas pola pobreza nese fatídico "ano da fame"[69] e cando foi contratado, concretamente no mes de novembro, como profesor interino substituto de Latinidade e Humanidades no Instituto Provincial.

Tamén é relevante que fose nese intre, como xa adiantamos, cando Pintos se atreveu a solicitar a acollida ao disposto na lei de 26 de xullo de 1855 para o recoñecemento, a efectos de cálculo dos dereitos pasivos e clasificación funcionarial, do seu carácter de "cesante" por motivos políticos en 1844. O *Diario Oficial de Avisos*, de Madrid, recolle mención a Xoán Manuel Pintos, efectivamente, como un dos moitos individuos que

[68] Cf. *Guía de forasteros en Madrid para 1856*, p. 357.

[69] Dan nova de que Pintos desempeñou ese cometido filantrópico xornais como *La Nación*, Madrid, nº 1.549, 8 de xuño de 1853, p. 3 e *El Clamor Público*, Madrid, 9 de xuño de 1853, p. 3.

> fueron separados del servicio ó hicieron dimisión de sus destinos, por motivos pura y esclusivamente políticos, desde 20 de mayo de 1843 hasta fin de junio de 1854, y que durante los once años hayan permanecido en situación pasiva sin haber solicitado ni obtenido comisión, destino ó cualquier otro cargo público lucrativo.

A condición de solicitante do citado recoñecemento por parte de Xoán Manuel Pintos testemúñase en varios dos números do citado *Diario Oficial de Avisos*[70] correspondentes ao mes de decembro de 1855. Canda el achamos outros individuos vinculados con Galiza, entre os que paga a pena amentar Fernando Lamas, xuíz de 1ª instancia en Muros; José Sierra y Duque, promotor fiscal en Muros en 1843; Luís Antonio Roda, escribán 1º de secretaría, tamén en Muros; Vicente Alsina, que fora xefe político (=gobernador civil) na Coruña; Francisco Rodríguez de Ulloa, promotor fiscal en Carballo; Antonio García de la Torre, oficial 3º da contadoría de bens nacionais na Coruña; Américo Tomasi, oficial 1º de rendas de Ferrol; Antonio Amandi, oficial 6º e arquiveiro da contadoría de Ourense; Vicente Moscoso, tesoureiro de rendas da provincia de Lugo; Agustín Fernández Chicarro, tamén tesoureiro de rendas en Lugo e, por último, Francisco García Barrós, oficial tesoureiro de rendas en Pontevedra[71].

Pouco lle duraría, porén, a satisfacción, pois ficou cesante novamente dese posto de promotor fiscal da Audiencia pontevedresa en setembro de 1856. En carta a Antonio de la Iglesia datada en 23 de setembro de 1857 desafogaba o poeta: "Supongo que sabrá V. que hace un año que estoi [sic] cesante con el item de doce hijos" (*apud* Ríos Panisse, 2006: 12).

Velaí, probabelmente, unha das causas do fracaso de Pintos no seu intento de completar en 1857, cunha segunda setena de foliadas, as xa publicadas en Pontevedra durante 1853, baixo o título de *A Gaita Gallega*, e mais as oito páxinas da "Foliada 1ª" impresas en 1854.

8. A xeito de coda: interrogantes aínda sen despexar

Desde o seu cesamento como xuíz en Cambados en 1844 ata o seu breve reingreso no funcionariado xudiciario como promotor fiscal entre 1854-1856 sucederán acontecementos políticos de enorme transcendencia tanto en España como na Galiza, mais o certo é que aínda é hoxe o día que non temos respostas enteiramente satisfactorias para algúns dos interrogantes que eses acontecementos nos colocan, ollados desde o prisma particular da traxectoria e pensamento de Xoán Manuel Pintos.

O máis desconcertante e ao mesmo tempo retador deses interrogantes é, desde logo, qué aconteceu con el durante a bautizada polo rexionalista Francisco Tettamancy como

[70] Concretamente nos correspondentes aos días 26, 27, 28 e 29 de decembro de 1855.

[71] Cf. *Diario Oficial de Avisos*, Madrid, núm. 783, 26 de decembro de 1855.

"revolución galega de 1846", a do Provincialismo. Por máis que estudosos como Hermida Gulías (2011), Beramendi (2011) ou Francisco Rodríguez (2011), entre outros, identifiquen o pensamento de Pintos como próximo ou mesmo partícipe dese primeiro movemento politicamente galeguista do século XIX, resulta imposíbel esquivar feitos obxectivos, xa sinalados pertinentemente no seu día por Barreiro Fernández (2011: 85), como que Pintos non colaborou con ningún dos cabezallos de prensa afectos a ese movemento (*El Idólatra de Galicia*, *El Iris de Galicia*, *El Emancipador Gallego, El Recreo Compostelano*, *El Porvenir*…) ou que non apareceu citado entre os centenares de elementos da sociedade civil galega (entre eles Faraldo, Añón, Rúa Figueroa, o seu propio cuñado Xosé Bieito Amado….) que foron vítimas dunha ou outra forma da represión subseguinte á derrota de Solís en Cacheiras.

Non menos relevante é considerar que en toda a nutrida obra lírica producida posteriormente por Pintos non haxa a máis mínima referencia a eses tráxicos acontecementos, xa non digamos homenaxe ou reivindicación dos "mártires de Carral".

O poema "A Galicia", probabelmente composto con mentes de participar no certame dos Xogos Florais coruñeses auspiciados por López Cortón e publicado da man de Antonio de la Iglesia no número 23 da coruñesa *Galicia. Revista Universal de este Reino* o 1 de setembro de 1861, inclúe algúns versos que amosan ata que punto o Xoán M. Pintos desa época estaba distante das formulacións rebeldes contra o deseño político-administrativo do estado liberal centralista español que comezaba a formular o denominado "Segundo Provincialismo" ou "Protorrexionalismo" galego, pois a esixencia dun mellor trato por parte dos gobernos centrais cara a Galiza fundaméntase nos versos do poeta nunha presunta proverbial lealdade, fidelidade e obediencia perpetua da nosa Terra ao Altar católico e ao Trono (citamos por Millán, 1975: 52):

> Un povo que é leal e virtudoso,
> humilde e obediente á autoridade,
> que òs Reis probado ten fidelidade
> e que máis que ningún é relixioso,
> que no perigo acorre valeroso
> á defensa da Patria e máis da Fé,
> merece que o Goberno que tal ve
> non se lle amostre nunca riguroso.

A mesma mensaxe de confianza no *statu quo* español, submisión e renuncia á emancipación política formúlaa o poeta no poema "A Cuba", que veu lume na revista viguesa *La Caridad* o 16 de abril de 1872, desta volta a respecto das ansias proclamadas polos *mambises* liderados por Carlos María de Céspedes en 1868 mediante o chamado "Grito de Yara". O desexo que Pintos expresa é, en definitiva (citamos por Ríos Panisse, 2006: 477),

Que flamee alegremente
encarnada e amarela,
nese Morro prominente
da Habana, perpetuamente,
a bandeira de Castela.

Membro Xoán Manuel Pintos da redacción do xornal pontevedrés *La Perseverancia* (1859), convén anotar que no artigo-editorial do seu segundo número (6 de marzo) o tamén redactor e profesor de matemáticas no Instituto provincial Evaristo Antonio Mosquera (1834-1894), a propósito da situación de atraso xeral do noso país, destacou "que un fanático espíritu de provincialismo no nos guía en nuestras apreciaciones" [subliñado noso], engadindo que "cansados estamos ya de oír los lúgubres lamentos, los ayes lastimeros que exhalan sobre su suerte [a de Galiza] algunos de nuestros compatricios".

No mesmo sentido, debemos chamar a atención tamén sobre as reiteradas mostras de adhesión do Pintos poeta á institución monárquica e á persoa que a encarnaba entón. Co gallo do nacemento da primeira filla da raíña Isabel II, Xoán Manuel Pintos compuxo unha poesía de tipo áulico publicada o 25 de decembro de 1851 e logo reproducida na 5ª Foliada de *A Gaita Gallega* que non deixa lugar a dúbidas sobre a súa adscrición aos seareiros da monarquía borbónica nun instante histórico en que comezaban xa a lumbrigar politicamente sectores democráticos e republicanos que cuestionaban a institución, entre os que cabe citar individualidades como o galego Eduardo Chao…. Algúns versos son ben explícitos:

Ese pedazo da Reina
Das entrañas de Isabel
E un cravo forte no trono
Que Dios quixo botar nel […]
Que esa penliña de España
Non ten afellas porque
Miña joya temer tirrias
De virados na sua fe.
E si alguns desaconsellados
Mal contentos inda están
Ela por mal que lle queiran
Nunca asañada a verán. […]
Atemperen os calados
Inimigos a axexar
As iras de vingatibles
E saiban quedos quedar. […]
Dios nos libre de ambiciosos

Que primeiros queren ser
En todo, e non estan contentos
Sinon có que cada un quer.
Pidámoslle a Dios que sea
Para España este nadal
De fertuna e paz comenzo
E acabo de todo mal. […]
E eses nomes de bandadas
Jurar todos esquencer,
E que tan sò ô de leales
Españoles han de ter. […]
E paz nos mande a nosoutros
Sosego justicia union,
Fartura amor lealdade
Moralidá e religion.

Na mesma 5ª Foliada de *A Gaita Gallega* reprodúcese o poema "Os labregos de Pontevedra á Reina de España", que xa se publicara o 21 de febreiro de 1852 e que xira arredor da rotunda condena do atentado do cura Merino contra Isabel II:

Señora terribel e atroz foi o feito,
E non temos mentes de haber tirria tal
Na España, que man regicida no peito
De Reina inocente cravase un puñal. […]
Reinade señora un cento de anos
Que Dios vos da sinos de predileucion.
Nosoutros gallegos e vellos cristianos
Así llo pedimos na nosa oracion.

Convén non perder de vista que estas poesías de "entusiasmo isabelino" por parte de Pintos coinciden no ton e no fondo ideolóxico con outros poemas áulicos do tamén "precursor" das nosas letras Vicente Turnes (Dobarro Paz, 2000: 206), mais contrastan, certamente, co poema que Alberto Camino escribiu e seguramente non chegou a imprimir en 1846 co gallo da voda da raíña Isabel co seu curmán Francisco Mª de Asís de Borbón, duque de Cádiz. Como revelou no seu día Dobarro Paz (2004), Camino quéixase nel dos "deputados / que aprobaron tal unión, / que aprobaron tanto roubo / ou tanta contribusión" e vaticina que "o labrador como sempre / este pato ha de pagar".

De 1858, en fin, é o poema de Pintos "Os labregos de Galicia á reina de España Doña Isabel II", publicado en *El País* de Pontevedra (núm. 87) o 2 de setembro. Estando como estaba entón conxurado o perigo "carlista", após o fracaso de sucesivas intentonas levadas

a cabo polo Conde de Montemolín e os seus escasos seguidores, e pasado xa o "bienio esparterista" (xuño de 1854- xullo de 56) que seguira á "Vicalvarada", ¿a que responde ese especie de culto isabelino do noso poeta, xusto no instante histórico en que os continuos escándalos de alcoba da monarca e as reiteradas mostras de incompetencia, arbitrariedade e corrupción que marcan o seu reinado abriran xa decididamente en determinados sectores da sociedade, os de credo social e político máis avanzado precisamente, consciencia sobre a necesidade dunha profunda mudanza que tamén tocase o Trono, mudanza que cobrou visos de realidade coa revolución *Setembrina* de 1868?

Mudando de terzo, cómpre preguntarse tamén por que se concentrou nos anos 1857, 1858 e 1859, xusto despois do "bienio esparterista", gobernante xa a moderada Unión Liberal de O'Donnell, a edición por parte de Pintos en xornais de A Coruña, Pontevedra ou Vigo como *El Fomento de Galicia*, *El País, La Perseverancia* e *El Miño* dun bo feixe de textos literarios, entre os que figuran as églogas "Antonio e Margarida", "Xacinto e Catriña" e "Delores e Alexandre", os sonetos "A Sarmiento" e mais "Cando te vexo nesa cruz pendente", os poemas "O reiseñor", "Os nenos" e "No seimento da fermosa filla de don Domingo Lareu", a "Contestación á epístola de Alberto Camino" ou os "Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea". Se cadra estaba intentando reinvidicar un posto ao sol no panorama literario galego despois de que Murguía dixese del nas planas de *El Museo Universal* (1858) que abondaba

> para saber el poco aprecio que él daba á su libro [*A Gaita Gallega*] bajo el aspecto literario, tener en cuenta que lo ha publicado bajo el anónimo, como fruto de los momentos de ocio que sus ocupaciones le dejan libre, nunca como la obra de un literato entregado por completo al estudio.

Nesta mesma perspectiva cabe tamén que nos interroguemos sobre as razóns de que non presentase finalmente o seu poema "A Galicia" ao certame coruñés de 1861 e sobre se enchería as súas expectativas de recoñecemento como "pioneiro" das letras galegas a escolma de oito textos da súa autoría presente no mosaico poético do *Álbum de la Caridad* (A Coruña, 1862), formada por "Cristus", "Á Galicia", "A Pontevedra", "O gaiteiro", "Viva Galicia", "Os birbirichos e os birbiricheiros", "O achadizo" e "A nai do achadizo".

Igualmente lexítimo é cuestionarmos ata que punto a edición dos *Cantares gallegos* rosalianos en 1863 non suporía para el a (dolorosa) constatación de que unha nova xeración ocupaba o primeiro plano da produción poética galega facendo evidente, literariamente falando, que o sol estaba a lle pasar definitivamente pola porta…

E merece detida reflexión tamén a hipótese barallada por Ríos Panisse (2006: 46-47) sobre as causas do desencontro de Pintos coa segunda promoción provincialista en xeral e con Manuel Murguía en particular, neste último caso fose porque aquel non recoñecese o papel coautorial do poeta nos *Misterios de Pontevedra* na entrada dedicada a Xosé B. Amado no seu *Diccionario de Escritores Gallegos* (1862), fose porque omitiu o seu nome

e ocultou a súa axuda no breve glosario que acompañou a primeira edición dos *Cantares Gallegos* (1863) rosalianos.

Despois de levar residindo na vila do Lérez ininterrompidamente máis de quince anos, con notoria participación na súa vida social, cultural, literaria e xornalística[72] e chegando a exercer entre 1860-1861 o relevante posto no seu ámbito profesional de decano do colexio de avogados pontevedrés, ¿que poderosas razóns, alén dunha eventual mellora de ingresos económicos, poden explicar ese un tanto extemporáneo traslado a Vigo en maio de 1862, conseguido en virtude dun real decreto do Ministerio de Graza e Xustiza de 19 de decembro de 1861, para exercer como rexistrador da propiedade[73] e o seu apagamento case total canto á participación na esfera pública a partir de entón e ata o seu pasamento na propia cidade olívica o 30 de xuño de 1876, logo dun ataque de apoplexía?

Do mesmo xeito, por que se produce logo da *Gloriosa* de setembro de 1868, que abriu como nunca antes na España decimonónica a espita da liberdade de prensa, expresión e opinión, un silencio case absoluto pola súa parte, só roto coa reprodución esporádica nas revistas *La Caridad* e *El Desengaño* e no xornal *Faro de Vigo* dalgúns poemas seus, practicamente todos xa anteriormente éditos?

Ignoramos, en fin, como recibiu ese Pintos próximo á ancianidade no seu foro interno nin como repercutiron no seu quefacer profesional ou na súa actividade literaria fenómenos políticos moi relevantes do período 1868-1874, como a *revolución setembrina* (a pesar de que o seu cuñado Xosé Bieito Amado foi presidente da Xunta Revolucionaria de Pontevedra), a conseguinte caída de Isabel II, o período de Amadeo de Savoia como rei, a proclamación da 1ª República, o golpe de estado do xeneral Pavía e o proceso de Restauración borbónica na persoa de Alfonso XII, con Cánovas del Castillo como *factótum*.

Interrogantes e máis interrogantes que, á espera de respostas, poñen ben ás claras que fica aínda moito por investigar, coñecer e matizar sobre a traxectoria e a evolución ideolóxica deste poeta do que nas liñas precedentes trouxemos á luz, agardamos que con suficiente rigor e amenidade, algunhas intervencións como xuíz nos anos cambadeses da súa biografía.

---

[72] Pintos figurou xa en 1848 como contador na directiva do Liceo Casino pontevedrés que presidía o entón xefe político provincial Francisco Páez de la Cadena e da que facía parte tamén Xoán Cuveiro Piñol, como secretario (Millán, 1975: 19). Non sería estraño que o poema "Consellos da Tía Fuca á súa sobriña", que viu lume no xornal pontevedrés *El País* unha década despois (núm. 24, 24 de xaneiro de 1858, pp. 3-4), estivese relacionado coa concorrencia de Pintos ás actividades lúdicas e festivas desa emblemática entidade recreativa. Por outra banda, Pintos fixo parte da Comisión Provincial de Instrucción Primaria de Pontevedra desde agosto de 1854 a xaneiro de 1855 e foi igualmente redactor e colaborador de varios xornais pontevedreses na década de 50 decimonona como *La Constancia* (1856), o xa citado *El País* (1858) e *La Perseverancia* (1859).

[73] Cf. *La Correspondencia de España*, Madrid, núm. 1.287, 20 de decembro de 1861, p. 4; *El Pensamiento Español*, Madrid, 21 de decembro de 1861, p. 4 e *La Discusión*, Madrid, 22 de decembro de 1861, p. 3. Debe saberse que na mesma quenda de nomeamentos Vicente Mª Brañas Balseca, pai do futuro líder rexionalista Alfredo Brañas, foi designado rexistrador da propiedade en Cambados.

En último caso, non albergamos a menor dúbida de que o autor de *A Gaita Gallega* resultará decote unha fonte tan privilexiada como rica para mellor coñecermos a historia política, relixiosa, cultural e literaria do noso país durante o tan conflitivo como apaixonante século XIX.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. & ACUÑA TRABAZO, A. (2010): "Paseo físico e textual pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos", en *Revista de Investigación en Educación*, Universidade de Vigo, núm. 8, pp. 73-82.

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. (2020): *O legado clásico na nosa cultura. Unha mirada desde Pontevedra*, Cangas: Morgante Edicións, especialmente pp. 113-123.

ACUÑA, Ana (2013): "Os achadizos, ou da arquiña, e os fillos de solteira. A orfandade en Xoán Manuel Pintos, Rosalía de Castro e nas enquisas sobre o galego falado de Xesús Alonso Montero", en *Cadernos Ramón Piñeiro XXVI. Rosalía na cobiza do lonxe*, Santiago: C.I.R.P., pp. 13-22.

ALONSO MONTERO, X. (2015): "De Pintos: sobre un heterónimo (O Gaiteiro) e outras cousas", en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, núm. 375, pp. 267-277.

ÁLVAREZ, Rosario (2015): "Xoán Manuel Pintos: eloxio e vindicación da lingua galega", en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, núm. 375, pp. 257-262.

ÁLVAREZ BLANCO, R. & XOVE FERREIRO, X. (2000): "Contribución ó estudio do léxico de J. M. Pintos", en RODRÍGUEZ, José Luís (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. [Santiago de Compostela]: Parlamento de Galicia: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Vol. 1, pp. 369-409.

ANGUEIRA, Anxo (2011): "Pintos, precursor entre os precursores", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 103-116. Edición dixital en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura* (http: //www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1006).

AXEITOS AGRELO, X. L. (2015): "O Sarmiento exhumado por Pintos, precursor do rexurdir de Galicia", en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, núm. 375, pp. 253-256.

BADA, Manuel (1858): "Sección Literaria", *El Fomento de Galicia*, A Coruña, núm. 19, 28 de marzo, p. 3.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R. (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago: Ed. Pico Sacro.

_____ (2011): "Pintos no seu tempo histórico", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 77-86.

_____ (2012): *Murguía*, Vigo: Ed. Galaxia, col. Grandes biografías 1.

_____ (2015): "A primeira formulación teórica do galeguismo", en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, núm. 375, pp. 263-265.

BERAMENDI, Justo G. (2007): *De Provincia a Nación*, Vigo: Eds. Xerais.

_____ (2011): "O contexto político e ideolóxico de Xoán Manuel Pintos", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 63-75.

CAAMAÑO BOURNACELL, J. (1933): *Cambados a la luz de la Historia*, Santiago: Imprenta Paredes.

_____ (1957): *Cambados y el Valle del Salnés (la margen izquierda de la ría de Arosa). Guía histórico-turística*, Madrid: Tipografía Flórez.

CABANILLAS, Ramón (1959): "A laboura de avantora", *Vieiros*, México, nº 1.

CANCELA MONTES, B. & CANCELA MONTES, A. (2013): *La saga Courtier en Galicia. La evolución del músico decimonónico*, Compostela: Consorcio de Santiago / Alvarellos Editora.

CARBALLO CALERO, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo: Editorial Galaxia, 3ª edición.

COTARELO VALLEDOR, A. (1932): *El convento de Cambados (Noticias históricas)*, Vich: Editorial Seráfica.

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1951-1954): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos* (3 volumes), Santiago: Ed. Bibliófilos Gallegos.

COZINHA COZINHA, Mª do C. (1992): "Joám Manuel Pintos e o seu compromisso com a língua galega", en HENRÍQUEZ SALIDO (ed.) (1992): *Actas do III Congresso Internacional da Língua galego-portuguesa na Galiza*, Ourense: AGAL, pp. 101-111.

CHACÓN, Rafael (1983): "Contribución á bibliografía de J. M. Pintos", *Grial*, Vigo, nº 82, pp. 495-498.

_____ (1984): "De novo sobre bibliografía de Pintos e Pondal", *Grial*, Vigo, nº 84, pp. 227-237.

DÍAZ MARTÍNEZ, C. & FERNÁNDEZ REI, F. (2005): *A memoria de Cambados. Álbum de postais*, Vigo: Eds. Xerais.

DOBARRO PAZ, X. Mª (1995): "Inventario da producción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863)", en *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, Vigo: Ed. Galaxia, pp. 51-65.

_____ (2000): "Vicente Turnes e a poesía áulica", en RODRÍGUEZ, J. L. (2000): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. Tomo II. Literatura. Miscelánea*, Santiago: Parlamento de Galicia / USC, pp. 205-212.

_____ (2003): "Pintos Villar, X. M." na *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, Tomo 36, El Progreso/ Diario de Pontevedra, pp. 44-45.

_____ (2004): "De vodas reais e o levantamento de 1846: un poema inédito de Alberto Camino", en ÁLVAREZ, R. & SANTAMARINA, A. (eds.) (2004): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, pp. 111-122.

GARCÍA NEGRO, Mª do P. (2011): "Xoán Manuel Pintos: notario sociolingüístico, cronista do momento histórico", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 297-317.

GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1985): *De Espartero a la Revolución Gallega de 1846: la buena y mala fortuna del progresismo gallego*, Sada: Eds. do Castro.

HERMIDA GULÍAS, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo. Eds. Xerais, Col. Universitaria.

_____ (2002): "Introdución", en PINTOS, X. M. (2002): *A gaita gallega*, Vigo: Eds. Xerais, Biblioteca das Letras Galegas.

_____ (2010): "O primeiro poema en galego (1842) de Xoán Manuel Pintos", *A Trabe de Ouro: publicación galega de pensamento crítico*, núm. 82, pp. 119-123.

_____ (2011): "Xoán Manuel Pintos. A alborada do Rexurdimento", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 15-27.

IGLESIAS BALDONEDO, Maribel (2021): *O pazo de Fefiñás. Historia e Arte*, Cambados: Asociación de Amig@s de Fefiñáns.

ÍNSUA, Emilio Xosé (2013a): "Encadramento e singularidade de Nicomedes Pastor Díaz na literatura galega do seu tempo", en VV.AA. (2013): *‹O resplandor primeiro.' Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*, A Coruña: Real Academia Galega. Sección de Historia.

_____ (2014): "Encontrado un terceiro poema en galego de Pastor Díaz", *Heraldo de Vivero*, Viveiro, 31 de xaneiro.

_____ (2017): *O escritor viveirense Xoán Pla Zubiri (1874-1936)*. 2 tomos, Viveiro: Biblioteca Emilio Antonio Ínsua García de Estudos Viveirenses.

_____ (2018): "Notas sobre a figura do celeirés Vicente Manuel Cociña, heroe do liberalismo no século XIX (I e II)", *Heraldo de Vivero*, Viveiro, 27 de xullo e 10 de agosto.

LANDÍN TOBÍO, P. (1949): *De mi viejo carnet. Crónicas retrospectivas de Pontevedra y su provincia*, Pontevedra: Gráficas Torres.

LÓPEZ BARJA DE QUIROGA *et alii (1988): Códigos Penales Españoles. Recopilación y concordancias*, Madrid: Akal Ed.

LÓPEZ DE GUEREÑU POLÁN, L. (2002): "Historia Contemporánea de Pontevedra. Século XIX", en PEÑA SANTOS, A. de la, JUEGA PUIG, J. & LÓPEZ DE GUEREÑU POLÁN, L. (2002): *Historia de Pontevedra*, Pontevedra: Lérez Ediciones, pp. 127-178.

MARCO, Aurora (1975): "Estudiosos do galego: Xoán Manuel Pintos", en *Grial*, Vigo, núm. 48, pp. 231-236.

_____ (1980): "O vocabulario etimolóxico de Xoán Manuel Pintos na terceira foliada de *A Gaita Gallega*", en *Grial*, Vigo, núm. 67, pp. 109-112.

MARIÑO PAZ, R. (Ed.) (2008): *Papés d'emprenta condenada: a escrita galega entre 1797 e 1846*. I, Consello da Cultura Galega, Santiago.

_____ (2011): "Uso oral e cultivo escrito da lingua galega na primeira metade do século XIX", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 187-220.

_____ (Ed.) (2012): *Papés d'emprenta condenada*. II. Lingua galega e comunicación nos iniciso da Idade Contemporánea, Consello da Cultura Galega, Santiago.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X. (2013): "Aurelio Aguirre Galarraga (Estudio histórico)", en AGUIRRE, Aurelio (2013): *Recuerdos de Agosto. Obra poética, 1850-1858*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/Consorcio de Santiago.

_____ (2017): "Estudo introdutorio", en NEIRA DE MOSQUERA, Antonio (2013): *Galicia ante todo. Páxinas esquecidas do Rexurdimento (1840-1853)*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/Consorcio de Santiago.

_____ (2019): "*El País* de Pontevedra. Prensa provincialista no Rexurdimento", en *Grial*, Vigo, núm. 222, abril-maio-xuño, pp. 126-137.

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I. (1975): "Presentación" e "Fitos cronolóxicos", en PINTOS VILLAR, X. M. (1975): *Retallos de poesía e prosa.* A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, pp. 9-13 e pp. 17-21.

MURGUÍA, Manuel (1858): "Poesía Gallega Contemporánea (conclusión). V. *A gaita gallega* por D. Juan Manuel Pintos", *El Museo Universal*, Madrid, Ano II, nº 4, 28 de febreiro, pp. 30-31.

_____ (1999) [1862]: *Diccionario de Escritores Gallegos*, Santiago: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia, col. Bibliofilia de Galicia, núm. 15, Estudo preliminar e edición facsímile de Ignacio Cabano Vázquez.

NEIRA, Margarita & RIVEIRO, Xesús (eds.) (2001): *Vocabulario gallego-castellano de Juan Manuel Pintos*, en *Cadernos de Lingua*, Anexo V, A Coruña: Real Academia Galega.

PADÍN RIVEIRO, S. (2002): "Aproximación al carlismo en O Salnés, durante la 1ª Guerra Carlista" y su área de influencia", en *Cuadrante*, Vilanova de Arousa, núm. 5, pp. 37-49.

PENA, Xosé Ramón (2014): *Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento*, Vigo: Eds. Xerais.

POSADA Y PEREYRA, José Mª (1880): "Don Juan Manuel Pintos", *La Ilustración gallega y asturiana: revista decenal ilustrada*, Madrid, Tomo II, núm. 25, 8 de setembro, pp. 311-312.

REI, Luís (2020): "Tópicos e (pre)textos para unha historia de Cambados", en ÍNSUA, E. X. & FERNÁNDEZ REI, F. (eds.) (2020): *Farol perpetuo na néboa. Luís Rei e a cultura marítima*, Santiago: Cultumar, pp. 219-296.

RÍOS PANISSE, M.ª C. (ed.) (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos*, Santiago: Consello da Cultura Galega.

_____ (2011): "Obra literaria de Xoán Manuel Pintos (1811-1876). O Corpus" en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 135-167.

RODRÍGUEZ, Francisco (2011): "Xoán Manuel Pintos no seu contexto histórico e literario", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 117-134.

SOTELO, Enrique (2011): "O contexto de Pintos na historia de Pontevedra", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 53-62.

TEIGEIRO MARTÍNEZ, B. (1903): "Medallones. Juan Manuel Pintos", *Nova Galicia*, Bos Aires, Ano III, núm. 8, 30 de agosto.

VÉLEZ LATORRE, X. M. (1997): "Juan Manuel Pintos e o Padre Sarmiento", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio-3 de xuño de 1995. Vol. II*, Consello da Cultura Galega & USC, pp. 169-174.

VILLARES NAVEIRA, L. (2011): "A Xustiza no século XIX vista dende os versos de Pintos", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 29-52.

XOVE FERREIRO, X. (1999): "O primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos", en VV.AA. (1999): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores, tomo II*, Santiago: Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, pp. 731-740.

_____ (2009): "Un texto inédito de 1842 de Juan Manuel Pintos", en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, núm. 370, pp. 253-275.

_____ (2011): "A lingua de Pintos: nas orixes do Rexurdimento", en VV.AA. (2011): *Congreso Xoán Manuel Pintos. Pontevedra, 6, 7, 8 e 9 de abril de 2011. Actualidade e compromiso. Libro de Actas*, Concello de Pontevedra, pp. 169-185.

Reivindicación de dona Teresa de Castro, nai moi querida por Rosalía

PALABRAS CHAVE
Teresa de Castro, Rosalía de Castro, cronoloxía, biografía, relación familia

RESUMO
Selección e comentario de importantes datos cronolóxicos e biográficos sobre dona Teresa de Castro e Rosalía de Castro Documentados no libro publicado por Miguel Anxo Seixas Seoane e María Sagrario Abelleira Méndez, *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858),* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2021. Nova data do nacemento de Rosalía.

KEYWORDS
Teresa de Castro, Rosalía de Castro, chronology, biography, relationship

ABSTRACT
Selection and various commentaries of important chronological and biographical data on dona Teresa de Castro and Rosalía de Castro, that are documented in the book of Miguel Anxo Seixas Seoane and María Sagrario Abelleira Méndez, *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858),* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2021. New authentic date of the birth of Rosalía.

Aurora López
Universidad de Granada
auroral@ugr.es

Andrés Pociña
Universidad de Granada
apocina@ugr.es

ARTIGO

1. Novos documentos fundamentais para unha biografía de Rosalía

Escribir unha biografía de Rosalía sempre foi empresa arriscada, chea de problemas polas moitas lagoas na información, que, por veces, máis que deixar importantes partes da vida da escritora baleiras, provocaron teorías ousadas, inadmisíbeis, rexeitábeis. Por poñer un exemplo: dos contados datos da mocidade de Rosalía en Santiago, era habitual prestarlle moita atención á súa primeira actuación teatral, que xa no ano 1916 González Besada gabara deste xeito: "Es fama que a los quince años tomó parte en una función teatral, que para fines benéficos organizó la sociedad *Liceo de Santiago*, y a los diecisiete desempeñó el papel de protagonista de la *Rosmunda*, de Gil y Zarate, arrebatando al público, que le arrojó flores y palomas"[1]; máis tarde, xa casada e cunha filla, sabiamos do seu éxito no ano 1860 na interpretación do drama histórico *Antonio de Leiva,* de Juan de Ariza[2]. Partindo deses dous datos, era lóxico conxecturar unha fonda afección da escritora polo teatro e unha positiva calidade como intérprete; pero no ano 2000, un estupendo traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda[3] descobre outras seis interpretacións teatrais no Liceo

[1] González Besada (1916), p. 36.

[2] Pociña e López (2000), p. 36

[3] Álvarez Ruiz de Ojeda (2000), pp. 11-43; *cf.* o noso resumo deste traballo, cos nomes e datos das obras teatrais interpretadas por Rosalía, en López, Pociña e Pociña López (2017), pp. 537-539.

de la Juventud, o que certifica que a paixón de Rosalía polo teatro era moito máis importante de canto se viñera sospeitando. Daquela, grazas aos adiantos proporcionados por novos descubrimentos e investigacións, cada vez é maior a posibilidade achegármonos á vida da escritora con máis seguridade, e de camiño a un máis fondo coñecemento da súa obra literaria.

É precisamente isto o que acaba de chegar ás nosas mans cun magnífico libro de documentación sobre Rosalía e Murguía, que debemos ao traballo e á inmensa xenerosidade de María Sagrario Abelleira Méndez e Miguel Anxo Seixas Seoane, titulado *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*[4].

Sobre o precioso tesouro de información en que consisten os documentos contidos neste volume, que son os doce documentos que tiveron que achegar Rosalía e Murguía para poder casar en Madrid no ano 1858, con pulcritude reproducidos fotograficamente e estudados con rigor, partindo dos orixinais que se achan no Archivo Histórico Diocesano do arcebispado de Madrid, imos reproducir algúns fragmentos da presentación realizada por Abelleira e Seixas:

> *O ser e o ben obrar de Rosalía de Castro chega ata nós desde a madrugada do xoves 23 de febreiro de 1837. A presenza de Rosalía aumenta cada vez máis como un vento e encárnase en múltiples inventos e eventos. Imposible é, polo de agora, un rexistro de todos eles, que seguen e seguen a se acrecentar de contido, pero todos proveñen do mesmo: Rosalía convoca.*
>
> *Convócanos a todos, como convocou á filóloga e documentalista Sagrario Abelleira Méndez que decidiu en febreiro de 2021 consultar o Archivo Histórico Diocesano de Madrid para localizar e estudar a documentación xerada en 1858 para o casamento de Rosalía e Murguía. Outros foran antes. De feito, existe unha tradición ininterrompida de investigadores que, de cando en vez e dun xeito ou doutro, sempre se aproximan a Rosalía e nola achegan.*
>
> *O sumatorio deses estudos é o rigoroso inventario* Rosalía de Castro: Documentación biográfica y bibliografía crítica *de Aurora López e de Andrés Pociña, publicado en 1991 e en 1993, na Coruña, pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, en tres volumes nos que recollen o máis relevante do publicado sobre Rosalía dende 1837 ata 1990. O cuarto volume (1991-2000), ao que se suma a colaboración de Andrés J. Pociña López, foi editado en 2017 pola Fundación Rosalía de Castro.*
>
> *[.....]*
>
> *O que nesta publicación achegamos é un expediente inédito composto por unha ducia de documentos cosidos que conforman un atado. Consérvanse no Archivo Histórico Diocesano de Madrid no fondo Provisorato e Vicaría Eclesiástica. Neste expediente agrúpanse todos os documentos que foron*

[4] Este libro, perfectamente coidado en moitos aspectos, curiosamente non leva no lugar habitual o nome dos autores ou responsábeis, de modo que quen o consulta debe atopalosna páxina interior de créditos, onde consta: "Edición e estudo introdutorio Miguel Anxo Seixas Seoane Sagrario Abelleira Méndez. En consecuencia, a nosa referencia bibliográfica a este precioso libro, que resultar ser fundamento e base deste artigo, será: Seixas Seoane, Miguel Anxo e Abelleira Méndez, Sagrario (2021), *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

requiridos aos noivos Manuel Martínez Murguía e Rosalía de Castro, ambos residentes daquela en Madrid, unha vez que se deran palabra de matrimonio en xullo de 1857 e acordaran casar na capital en 1858[5].

Os doce documentos que se editan, tanto en fotocopia dos orixinais como en transcrición anotada dos textos, ofrecen unha información de valor inestimable para a reconstrución das vidas de Rosalía e de Murguía nos anos precedentes ao seu casamento, tanto en Galiza como en Madrid, onde levaba habitando Murguía oito anos e Rosalía dous e medio[6]. Nós pensamos seguir traballando sobre numerosos aspectos da vida de Rosalía que eran descoñecidos ou que presentaban problemas de interpretación e dúbidas diversas. Neste artigo que agora publicamos tan só imos recoller e comentar datos novos sobre o día exacto do nacemento de Rosalía, os primeiros anos da súa nenez, e a súa vida de solteira en Santiago de Compostela, onde habita coa súa nai, dona Teresa de Castro, practicamente sempre denominada por este nome en toda a documentación contida neste libro.

2. Data real do nacemento de Rosalía: 23 de febreiro de 1837

Segundo manifestan no terceiro apartado do "Estudo introdutorio", ao que poñen por título "As achegas do expediente matrimonial de 1858" Miguel Anxo Seixas Seoane e María Sagrario Abelleira Méndez, hai dous datos principais nos doce documentos que compoñen o conxunto. Coidamos que paga a pena presentalos aquí tal como opinan deles nas súas propia palabras:

Agora, grazas ao descubrimento do atado con documentos inéditos do expediente matrimonial encontrado no Archivo Histórico Diocesano de Madrid, amplíase a información e quedan desvelados, entre outros, dous importantes datos e datas que formarán parte da biografía de Rosalía de Castro.

O primeiro: a data e a hora do nacemento de Rosalía, que viu a luz o 23 de febreiro de 1837, ás catro da madrugada; é dicir, o día anterior ao seu bautismo.

O segundo: o recoñecemento de Rosalía como filla natural por parte da súa nai Teresa de Castro, asinado en 1843.

Estes dous relevantes datos proceden do testemuño da propia Teresa de Castro, asinados oficialmente en escritura ante notario, o que lles outorga plena veracidade[7].

---

[5] Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021), p. 7.

[6] Sobre as relacións de Rosalía e Murguía en Madrid, nos dous anos anteriores ao seu casamento, non é habitual citar o moi ben documentado, e tamén precioso, libro de Juan Naya, *Estudios acerca de la familia Murguía – Castro* (1998), pp. 45-47.

[7] Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021), p. 10.

Por riba da importancia dos datos que achega e desa "plena veracidade" que salientan os editores do libro, para a autora e o autor deste artigo, que dedicamos moitos anos da nosa actividade á recuperación e estudo de obras, fragmentarias ou completas, de escritoras de Roma[8], do mundo clásico ata a actualidade[9], do siglo XX[10] etc., resulta absolutamente conmovedor encontrar por primeira vez na nosa vida un texto coas palabras auténticas de dona Teresa de Castro, unha muller que nos interesou sempre moito, mais da que nunca ata agora puidemos ter unha opinión directa e segura partindo das súas palabras. Daquela, reproducimos aquí a *Acta de recoñecemento de filla natural que dona Teresa de Castro outorga en favor da súa filla Rosalía* (p. 40).

> *En la ciudad de Santiago a trece días del mes de junio, año de mil ochocientos cuarenta y tres. Ante mí, escribano, secretario contador del Gran Hospital de esta ciudad, y testigos, siendo presente doña Teresa de Castro, de estado soltera, mayor que asienta serlo de la edad de veinte y cinco años, como lo indica su físico, y vecina de la villa del Padrón, dijo que en el día veinte y tres de febrero de mil ochocientos treinta y siete dio a luz una niña que encargó a María Francisca Martínez, de la parroquia de San Juan del Campo, tragese a dicho Gran Hospital para que por uno de sus capellanes fuese bautizada solemnemente, como así lo hizo el que entonces era don José Vicente Varela y Montero, poniéndole el nombre de María Rosalía Rita, y siendo su madrina la misma conductora María Francisca Martínez, que volvió a recogerla en el propio día del bautismo, que fue el veinte y cuatro de dicho febrero, y seguidamente con conocimiento de la otorgante, la puso para su lactancia en poder de una tal María, cuio apellido no tiene presente en este momento, y solo que era vecina del lugar del Santo, parroquia de san Juan de Ortoño en cuio poder ha permanecido unos seis meses, y al cabo de ellos pasó a la compañía de la que habla, en la que permanece. Y mediante está plenamente convencida de que la referiuda niña María Rosalía Rita es la misma que la que otorga dió a luz en el día referido de veintitres de ebrero de mil ochocientos treinta y siete, y hora de las cuatro de la mañana, pues aun cuando la partida de su bautismo hace referencia al año de treinta y seis, en esto padeció equivocación el capellan bautizante, sin duda al tiempo de escribirla, para que tenga todas las consideraciones que las leyes conceden y no sea perjudicada en las que le corresponden, la reconoce por su hija natural para que pueda usar de su apellido y disfrutar de las más ventajas establecidas por derecho, a cuio fin se obliga a no revocar ni variar esta escritura de reconocimiento que otorga de su libre y espontánea voluntad, y por satisfacer los deberes de su conciencia, queriendo por lo mismo que siendo necesario se le obligue a estar y pasar por su contenido, y a sus presuntos herederos* [...][11]

[8] *Cf.* López (2021).

[9] *Cf.* Pociña (2007).

[10] *Cf.* algúns libros nosos, como Pociña e López (1995), sobre Maruxa Villanueva, ou López e Pociña (2014), sobre Luz Pozo Garza.

[11] Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021),, pp. 40-43.

Centrándonos no dato fundamental, dúas veces referido, da data do nacemento de Rosalía, pensamos que a partir da publicación deste documento resulta obrigado introducir unha serie de reformas na consideración e información sobre a vida da nosa poeta, e de modo especial nos dous seguintes puntos: en primeiro lugar, corrixir os numerosísimos lugares onde a data do nacemento da escritora, baseándose obviamente na partida de bautismo, se colocaba no día 24 de febreiro de 1837; en segundo lugar, contemplar as afirmacións de dona Teresa cando se desexe precisar algo sobre a partida de bautismo de Rosalía, difundida en moitas ocasións[12].

Como comentario persoal, a autora e o autor deste artigo, que tivemos nas bases dos nosos primeiros achegamentos aos principios da crítica literaria unha etapa, hai tantos anos, de preponderancia dos presupostos fundamentais do entón chamado "formalismo ruso", entre eles o do rexeitamento dos datos proporcionados pola biografía para a análise da obra literaria dun autor, non temos o menor receo en manifestar que, adiantar un día o nacemento de Rosalía de Castro non amosa razón de ningún tipo para ter que innovar nada na case totalidade da investigación sobre ela. Non obstante, a importancia crecente da consideración da súa figura nos últimos tempos, a niveis tanto galegos e españois como internacionais, obriga a ter moi presente esta nova data do nacemento, o 23 de febreiro, e difundila na medida do posible. Por outra parte, no territorio de Galiza, onde é afortunadamente tan frecuente a organización de actividades culturais e didácticas dedicadas á meirande escritora da Terra, deberá, na nosa opinión, terse en conta esa nova data que agora nos proporciona a súa nai, dona Teresa de Castro, da que volveremos a falar máis adiante.

3. Nenez de Rosalía, practicamente sempre coa súa nai

No ano 1991, nas primeiras páxinas do volume I da nosa *Bibliografía rosaliana,* escribiamos: "1837 Hasta fecha desconocida / La familia paterna se hace cargo de la recién nacida, que se encuentra pronto en la "Casa de Castro", en Ortoño, al cuidado de Teresa Martínez Viojo, hermana de su padre. Difieren los autores sobre el año en que se hizo cargo de la niña su madre, pues, que sepamos, no existe ningún dato seguro, sobre este particular"[13]. Non nos parece axeitado facer aquí unha disquisición, que debería ser longa dabondo e chea de moitas consideracións, sobre a cantidade de anos que se propuxeron durante moito tempo acerca da separación de Rosalía de dona Teresa de Castro; o máis frecuente era prolongala durante un período extenso, ata arredor dos dez anos de idade da pequena. Agora, segundo o testemuño certificado de dona Teresa, os datos cambian por completo: seguindo as súas instrucións, a madriña de Rosalía recolle a criatura despois de bautizada, e lévaa ao lugar de O Santo, en San Juan de Ortoño, para que lle dese

[12] López e Pociña (1991), p. 7; Pociña e López (2000), p. 22.

[13] López e Pociña (1991), vol. I, pp. 7-8.

o peito unha tal María, cuxo apelido non recorda dona Teresa no momento de facer a súa declaración[14]; despois de estar con esa muller durante ese tempo de lactación, dona Teresa, como vimos no documento reproducido máis arriba, afirma contundentemente: "*en cuio poder ha permanecido unos seis meses, y al cabo de ellos pasó a la compañía de la que habla, en la que permanece*".

Así e todo, o descubrimento nun rexistro municipal de Padrón, feito en 1996 por Manuel Pérez Grueiro, bibliotecario do Concello de Neda (A Coruña), daba conta de que, en setembro de 1842, Rosalía vivía en Padrón xa coa súa nai. Segundo ese rexistro faise constar como residente no Concello de Padrón a familia composta por

Dª Teresa de Castro

hija
Rosalía de Castro

criada
María Martínez

Indícase tamén que o estado de dona Teresa é solteira, e que ten 36 anos de idade.

O señor Pérez Grueiro tivo a xenerosidade de enviarnos fotocopia de seu trascendental descubrimento, que indicaba que aos cinco anos e medio de idade Rosalía habitaba coa súa nai, en contra do que era habitual afirmar en diversas biografías. Indicámoslle nós que o documento proporcionaba un dato fundamental para a biografía da escritora e que debería publicalo o máis axiña posible, labor que delegou en nós. Deste modo, houbo neste asunto un longo período de falta de información verdadeira sobre a relación de Rosalía e dona Teresa, que provocou críticas duras contra a nai por suposta despreocupación e abandono da filla; un período, a partir de 1996, no que xa se sabe con certeza que Rosalía vive coa súa nai aos cinco anos; e agora, un novo período no que, segundo dona Teresa de Castro, a filla soamente estivo separada dela por seis meses, e nunca máis despois ata o momento presente[15]. Non fai falta dicir que este dato esixe revisar tanto consideracións desafortunadas sobre a persoa de dona Teresa de Castro, como interpretacións gratuítas das obras de Rosalía á procura de supostas influencias debidas a un abandono materno que nunca se produciu na realidade na súa nenez.

---

[14] Para a identificación desta María, que aleitou durante seis meses á pequena Rosalía, cf. os datos que proporcionan Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021), p. 13.

[15] *Cf.* Pociña (1998), pp. 164-166; Pociña e López, (2000), p. 23; López, Pociña e Pociña López (2017), pp. 352-354.

4. Mocidade de Rosalía en Santiago, sempre con dona Teresa de Castro

A partir de investigacións de diversa procedencia, que se remontan especialmente a informacións dadas por Fermín Bouza-Brey[16], coñecemos con certo detalle a residencia de Rosalía na cidade de Santiago a partir de 1850, vivindo sempre coa súa nai dona Teresa de Castro, en domicilios alugados en lugares diversos. Con moi agradable sorpresa que non queremos pasar en silencio, María Sagrario Abelleira Méndez e Miguel Anxo Seixas Seoane mencionan o noso traballo "Datos e datas da vida de Rosalía"[17] indicando que "unha síntese da biografía de Rosalía pode seguirse nos imprescindibles datos achegados por Aurora López e Andrés Pociña (2000)". Temos que dicir que agora, vinte anos despois, a información rosaliana no noso poder é moito máis rica, e sen dúbida deberemos editar unha nova versión, corrixida e aumentada, sobre ese longo período, que vai na súa primeira etapa dende 1850 ata abril de 1856, en que sabemos que Rosalía está en Madrid[18], onde casará o 10 de outubro de 1858, despois de dous anos e medio de residencia na capital. Por certo, para nós é nova a noticia de que, para procurar a documentación precisa para o matrimonio, que agora temos nas mans, dona Teresa de Castro regresou a Santiago antes da voda, á que non consta en ningures que asistise: "Cremos, pero non temos testemuños escritos, que Teresa de Castro Abadía debeu de volver a Galicia a finais do ano 1857 ou a comezos do 1858, deixando a súa filla esta vez na casa dos seus parentes na rúa da Ballesta"[19].

Sintetizando un longo período biográfico sobre o que estamos a traballar dende hai algún tempo, Rosalía vive coa súa nai en Padrón durante a súa nenez e con ela marcha a vivir a Santiago cando ten trece anos, e tamén con ela marcha a Madrid en 1856. Sete meses despois do casamento en Madrid, Rosalía pare en Santiago a súa primeira filla, bautizada como Alejandra Teresa, os nomes do seu padriño por poderes, Alejandro Chao, e da súa madriña presente, que resulta ser dona Teresa de Castro, segundo pode lerse na partida de bautismo[20] .

Resulta obvio, pois, que o feito de pasar a mocidade en Santiago primeiro, e de marchar despois a Madrid, son decisións que toma Rosalía de acordo con e sempre en compañía da súa nai. Sen que isto poida parecer a fin desa relación ininterrompida, segundo o

---

[16] Bouza-Brey (1985), p. 302 (*cf.* Bouza-Brey, 1955). Non debe esquecerse nunca, como vemos que está a facerse nos últimos tempos con excesiva frecuencia en traballos que pretenden estar ben documentados, o maxistral tratamento de Rosalía na súa *Historia da literaturagalega* (1975), pp. 145-234, nin tantas contribucións súas imprescindíbeis sobre Rosalía, como o súa tese sobre as fontes literarias (Carballo Calero, 1959), o libro fundamental de *Estudos rosalianos* (Carballo Calero, 1979).

[17] Pociña e López, (2000), pp. 19-120.

[18] Carballo Calero (1975), p. 151; Pociña e López, (2000), p. 27.

[19] Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021), p. 23.

[20] Pociña e López, (2000), p. 34.

documento do libro que estamos utilizando, o día 9 de agosto de 1858 outorga dona Teresa de Castro consentimento á súa filla Rosalía para casar con Manuel Martínez Murguía:

> *... por el tenor de la presente escritura y en la forma, via y manera que mejor en derecho lugar haya, la doña Teresa Castro otorga que da y concede amplia licencia y su espreso consentimiento a la citada su hija doña Rosalía Castro, a fin de que sin incurrir en pena celebre, según orden de nuestra santa Madre Iglesia, su matrimonio con el esplicado don Manuel Martínez, a cuyo efecto, de su libre y espontñánea voluntad, sin inducimiento ni coacción de ningún género, presta su aquiesciencia y beneplácito de un modo el más esplícito y terminante...*[21]

Hai agora vinte e cinco anos, o Día das Letras Galegas de 1996, dedicado naquela ocasión a Xesús Ferro Couselo, celebrouse en Granada no Salón de Actos do Concello, e tiven a honra de que se me encargase a min, Andrés Pociña, o discurso principal, que fixen en nome meu e de Aurora López. Evidentemente a figura de Ferro Couselo, sen dúbida un erudito interesante en moitos sentidos, habitual escritor en galego, non era precisamente un cultivador literario da nosa lingua. Emporiso, a solución para a nosa intervención veunos do feito afortunado de termos recibido poucos días antes unha copia do documento que descubrira Manuel Pérez Grueiro no Concello de Padrón, onde constaba que Rosalía xa vivía aos cinco anos e medio coa súa nai, e repartimos fotocopias deste importantísimo documento aos asistentes e, entre outras cousas, eu pronunciei, en castelán, estas palabras:

> *... De xeito que, dende* moi moi moi *pequecha Rosalía estivo coa súa nai, que non ten reparo en facer constar no padrón municipal da súa vila a súa calidade de nai solteira; ao mellor nin siquera chegou a separarse da neniña, e con toda seguridade non o fixo ata os dez, doce ou máis anos de Rosalía, como decote se dicía e escribía. Por tanto, teñen que rectificar os que, de forma lixeira e desgraciada dabondo, fixeron de Dona Teresa de Castro y Abadía unha fidalga sen entranas. Non podía ter sido dese xeito, a menos que Rosalía fora absolutamente falsa cando escribíu estes versos:*

Nunca permita Dios que yo te olvide,
mi santa, mi amorosa compañera;
nunca permita Dios que yo te olvide,
aunque por tanto recordarte muera.

Venga hacia mí tu imagen tan amada
y hábleme al alma en su lenguaje mudo,
ya en la serena noche y reposada,
ya en la que es parto del invierno crudo.

[21] Seixas Seoane e Abelleira Méndez (2021), pp. 72-75.

Y que en tu aislado apartamento fiero,
tan ajeno del hombre y su locura,
velen mi llanto y mi dolor primero
al lado de tu humilde sepultura.

Poida que estes versos non sexan moi bos, pero levan neles toda a sinceridade de Rosalía, toda a dor que sinte ante a perda dunha nai moi querida. Xa que logo, mercé ao documento recuperado por Manuel Pérez Grueiro, un documento que non acho palabras dabondo para agradecerllo, atopámonos agora cunha dona Teresa nova; unha muller que a min, dígovo-lo sinceramente, como o dixen e escribín moitas veces antes de agora, sempre me pareceu unha gran señora, acosada por un tremendo drama, que moi ben puido concebir a súa filla non como froito dunha relación pasaxeira cun crego, don Xosé Martínez Biojo, senón dun verdadeiro amor por desgracia imposible. Unha muller destemida, que non oculta a meniña, porque senón, como podería explicarse que algúns anos despois marchase coa xove Rosalía a Santiago, para que poidera estudiar música, francés, e as catro cousas que aprendían daquela as mulleres máis cultas? Por fortuna, xa ninguén poderá dicir que dona Teresa foi unha nai dura, despiadada, mesmo cruel, igual que, dende fai xa algún tempo, só ignorancia demostran os aue aseguran que Rosalía era unha palurdiña sen cultura algunha[22].

Os novos datos que agora temos sobre dona Teresa de Castro amosan unha imaxe moi positiva desta muller, que tivo a fortuna de xerar a Rosalía, que non permitiu que fose abandonada na *inclusa*, como indica a partida de bautismo, que pasou os primeiros anos da nenez con ela en Padrón, que a levou a Santiago para procurarlle unha vida e unha educación lonxe da aldea, que a levou por vez primeira a Madrid, onde publicou o primeiro poemario, *La flor* (1857)... Daquela, non é preciso escribir moito máis para reivindicar un tratamento xusto para esta gran muller, nin recordar exemplos da enorme antipatía coa que foi tratada ás veces, mesmo por importantes estudosos de Rosalía: canto máis amplo é o noso coñecemento da fidalga de Padrón, máis grande resulta a súa figura. A documentación procurada, estudada e editada por Miguel Anxo Seixas Seoane e María Sagrario Abelleira Méndez é un firme apoio para reivindicar, como fixemos nós sempre, unha imaxe absolutamente positiva de dona Teresa de Castro, para afastar moitas interpretacións gratuítas das obras de Rosalía de Castro, e xustificar o grande amor que a inmensa poeta amosa pola súa nai en tantos lugares da súa poesía.

[22] Pociña (1998), pp. 165-166.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2000), "Rosalía de Castro, actriz: noticias y documentos", *RER* 1, 11-43.

Bouza-Brey, Fermín (1955), "La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)", *CEG* 10, 201-257.

Bouza-Brey, Fermín (1985), "Documentación temática varia", en Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar*, ed. de M. Armiño, Barcelona, Plaza & Janés, 199-309.

Carballo Calero, Ricardo (1959), *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía,* Lugo, Ediciones Celta.

Carballo Calero, Ricardo (1975), *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia.

Carballo Calero, Ricardo (1979), *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, Vigo, Galaxia.

González Besada, Augusto (1916), *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Sr. D. Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916*, Madrid, Imprenta Clásica Española.

López, Aurora (2001), *No sólo hilaron lana. Escritoras romanas en prosa y verso.* 2ª ed. revisada y muy ampliada, Zaragoza, Libros Pórtico.

López, Aurora e Pociña, Andrés (1991), *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*, vols. I e II, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

López, Aurora e Pociña, Andrés (2014), *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza*, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora.

López, Aurora, Pociña, Andrés e Pociña López, Andrés J. (2017),.*Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica. Volumen IV(1991-2000)*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro.

Naya Pérez, Juan (1998), *Estudios acerca de la familia Murguía Castro*, A Coruña, Deputación Provi ncial da Coruña.

Pociña, Andrés (1998), *Galicia e Granada: dous cabos dun eixo espiritual*, Sada – A Coruña, Ediciós do Castro.

Pociña, Andrés (2009), *Tecer con palabras. Mulleres na poesía en castelán, galego e portugués*, Limiar por Carmen Blanco, Santiago de Compostela, Edicións Correo.

Pociña, Andrés e López, Aurora (1995), *Conversas con Maruxa Villanueva na Casa de Rosalía*, A Coruña, Hércules de Ediciones.

Pociña, Andrés e López, Aurora (2000), *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.

Seixas Seoane, Miguel Anxo e Abelleira Méndez, Sagrario (2021), *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*, Santiago de Compostela?, Xunta de Galicia.

As *Rimas populares de Galicia* de Manuel Murguía á luz do conservado no fondo Said Armesto

PALABRAS CHAVE

Rimas populares de Galicia, *Cantares gallegos*, poesía popular galega, tuberculose, Breamo

RESUMO

O Cartafol SA-2 conservado na Fundación Barrié acredita a autenticidade da colección Murguía de cantares e romances e achega material inédito de singular importancia para a literatura popular de Galicia.

O repaso dos datos biográficos en relación coa recollida de poesía popular permite descubrir aspectos descoñecidos na vida de Rosalía como a enfermidade de 1863 que explica unha interrupción na produción artística que puido de ser definitiva. Proponse un novo punto na cartografía rosaliana: Breamo, o monte que preside a Ría de Ares.

KEYWORDS

Rimas Populares de Galicia, *Cantares gallegos*, Galician folk poetry, tuberculosis, Breamo

ABSTRACT

File SA-2 preserved in Barrié Foundation warrants the authenticity of Murguia's collection of songs and ballads and issues unpublished material of great importance for Galician folk literature.

A review of biographical data in relation with popular poetry collection allows us to find unknown facts in Rosalía's life as her sickness in 1863, which resulted in an artistic gap that could have been definitive. We present a new place in Rosalia's cartography: Breamo, a mount towering the Ría de Ares.

Diego Rodríguez González
Fundación Barrié
drodriguez@fbarrie.org

ARTIGO

A relación de Murguía co folclore popular é complexa. O primeiro que hai que ter en conta son as distintas realidades que se agochan baixo o título *Rimas populares de Galicia de Manuel Murguía*. O libro non é o mesmo cando se anuncia, por primeira vez, en 1878 que anos despois cando se fan as sucesivas promesas e adiantos ou cando se escribe o prólogo manuscrito conservado na Real Academia Galega arredor de 1907. Non é tampouco o mesmo que talvez chegou a ver impresos algúns pregos (Barreiro Fernández 2012: 400). Un detalle importante: nunca deixará de ser referido como *Rimas* ou *poesía popular*. Murguía nunca anunciou un romanceiro porque o que atopou non foi unha profusión de romances, senón meramente a proba de que os houbera, a constatación dun fracaso, pois o que chegamos a ter son, en expresión de Murguía, as *faragullas do banquete de Lázaro* (Murguía 1881). Pero tamén debemos falar do mesmo fenómeno con respecto a *Cantares Gallegos*, que era unha primeira parte da que non chegou a segunda, ou de *Follas Novas*, que inclúe versos que se fixeron despois de que fora supostamente rematado o libro.

Por outra banda, as coordenadas teóricas de Murguía tampouco están determinadas por marcos inamovibles. A interpretación, por exemplo, de Pardo de Cela, cambiará ao longo da súa dilatada existencia, abandonando a idea dun heroe independentista, e o mesmo fará a respecto do romanceiro, influenciado non só polos novos datos que atopa ou lle fornecen os seus colaboradores, senón pola mellor penetración nos problemas derivada doutras interpretacións que le. Así, nun primeiro momento considerará que o romance tivo unha importancia residual e moi probablemente era un produto foráneo, e buscará unha caracterización do pobo galego como eminentemente lírico.

Murguía recolleu a súa colección, naturalmente, coas limitacións do seu tempo e da súa realidade. O conxunto de patrimonio oral por el atesourado é extremadamente valioso pois recada o que xa daquela podía estar virtualmente extinguido: estaba na memoria de Alejandra, depositado desde os tempos da nenez, e agardaba unha última oportunidade para ser conservado no rexistro escrito.

Algunhas destas pezas, que por medio de *fillas* e *esposas* se obtiveron naquel momento fundamentalmente de *criadas,* son hoxe elos irrenunciables do noso folclore. Á luz da actual sensibilidade é imposible non apreciar o fenómeno desde un punto de vista do conflito de clases e de xéneros. Para Murguía non cabía ningunha dúbida de que as creadoras do folclore en Galicia son as mulleres. Pero ademais serán elas as verdadeiras mediadoras entre os folcloristas homes de clase burguesa e as mulleres das clases humildes que atesouran a tradición. Sobre os impedimentos de Alejandra para desenvolver con plenitude o seu evidente talento, pódese ler un moi completo artigo de Patricia Carballal Miñán neste mesmo número de *Follas Novas*.

Xa no seu día Marcial Valladares advertía que o patrimonio oral estaba ameazado coa desaparición e identificaba un dos seus principais inimigos: a escola en castelán (Valladares 1970: 25). Un indubidable beneficio e ao mesmo tempo unha ameaza para o noso patrimonio cultural. Os vaticinios de Valladares non se cumpriron na súa totalidade, entre outras cousas porque non contaba coa forza do galeguismo político; pero sería irracional pensar que o estado de cousas da tradición continuou sendo o mesmo desde o seu tempo ata as primeiras recollidas máis ou menos sistemáticas, feitas un século e medio despois.

Cando James MacPherson morreu e se tivo acceso aos seus arquivos, atopouse a circunstancia de non aparecer evidencia material ningunha da súa recolleita folclórica. As poesías de Ossian eran versos supostamente traducidos do gaélico e non había versión gaélica previa. Era un escándalo anunciado, pois o Dr. Johnson xa sospeitara da súa autenticidade. Pero inda hoxe hai dúbidas sobre o fondo tradicional que pode ter este libro de enorme influencia no nacemento do Romanticismo. No caso de Murguía temos todo o contrario: un fondo manuscrito que deixa acreditadas as liñas xerais das súas pescudas. Entre elas pode haber extravagantes textos realizados para dar lustre a executorias ou, ás veces, interpretacións que non resisten hoxe os criterios da investigación etnográfica; pero hai que facer a advertencia de que estamos diante de inéditos e de notas de traballo que non se poden considerar a última voz do autor.

Xunto cos poemas fortemente castelanizados ou as invencións das executorias nese mesmo fondo, tamén temos fermosas xemas que non nos podemos permitir rexeitar. Algunha é coñecida, como don Gaiferos de Mormaltán, outras son parcialmente inéditas, como as que veremos ao longo deste artigo.

No fondo Said Armesto da Fundación Barrié atópase este conxunto que Manuel Murguía lle facilitou a Said, probablemente prestado. A repentina morte de Said e a heteroxeneidade (con achegas de moi diversas mans) fixo que este material permanecese, a

modo de *purloined letter,* agochado a pesar de estar visible. É e ao mesmo tempo non é a colección de Murguía.

Con este fondo podemos ademais saber como foron recollidas moitas das *rimas* xa dadas a coñecer polo propio Murguía, particularmente aquelas que foron discutidas como don Gaiferos de Mormaltán. O carácter xenuíno da publicación dunha parte da colección Murguía por Lois Carré Alvarellos (Carré Alvarellos 1959), servíndose dun manuscrito hoxe desaparecido, queda desta maneira acreditado polo fondo manuscrito, e a súa información completada nalgúns casos coa procedencia do cantar.

Os inicios

O verdadeiro interese de Murguía pola recollida de cantares populares parece ser posterior, segundo el mesmo declara, incluso á primeira edición de *Cantares Gallegos*. Inda que hai outras declaracións de Murguía, normalmente dedicadas a un poema en concreto, e varios importantes e temperáns artigos (1858) nos que Anxo Angueira recoñece a base teórica do libro *Cantares gallegos* (Castro 2013), ningunha hai tan completa como o artigo "Folk-Lore Gallego" publicado en diversos medios, o primeiro deles *Los Lunes del Imparcial* (Murguía 1881). O artigo precisamente prodúcese para estimular a fundación da Sociedade de Folklore Gallego, obedecendo ao impulso de Antonio Machado Álvarez (Barreiro Fernández 2012). Probablemente no fondo deste artigo haxa tamén a intención de situarse como director desta sociedade. De feito, o artigo, ademais dun repaso biográfico, é unha reivindicación do seu papel. É unha batalla que Murguía perdeu, en beneficio de Emilia Pardo Bazán. Desta batalla parécenos que inda queda moito por saber: non nos convence a tese de que fose só o resultado do choque da ambición de Murguía coa de Machado por controlar a sociedade.

O artigo sitúa o inicio da colección contra 1863/1864 (Alexandra tiña catro anos), no mes de agosto e nunha casa con patín onde se escoita o ruído do muíño, os pardais, unha poboación e tamén a *corrente do Breamo*. A pesar de que deste sintagma se infira que o Breamo é un río ou regato e da insistencia de Murguía en consideralo un hidrónimo, pois anos despois volverá a citalo dentro dos ríos (Murguía 1888: 119), cremos que pola súa singularidade toponímica, e mentres non apareza outro río ou regato con este nome, se ten que supoñer que se trata dun dos regatos que baixa do monte Breamo, que preside a ría de Ares. Se Murguía falase doutro Breamo sería lóxico especificar cal. Breamo é un topónimo único, ao que é fácil atoparlle resonancia céltica, relacionado ademais cunha das máis belas igrexas románicas das Mariñas. Breamo só pode ser Breamo, o mesmo que Vigo sen mais atribucións só pode ser a cidade de Vigo por máis que haxa outros topónimos con esa denominación; coa diferenza de que Breamo é hoxe o único coñecido.

O mellor candidato para este río Breamo parécenos o actual rego que vai dar a Vizús (que recibe o nome de *Anduriña* nalgúns mapas), pois é o que xorde máis preto do

cumio. Hoxe a xente chámalle sinxelamente *a rega* ou *o regueiro*, e di que non ten nome, dubidando incluso que parta do propio monte Breamo. Pero isto non é máis que un síntoma do decaemento da súa importancia, xunto coa de todos os muíños e regos do noso país. Nesta aldea de Vizús había, a mediados do século XIX, un muíño con suficiente entidade para saír no Atlas de Pascual Madoz. O atlas tamén acredita a antigüidade da peculiar pronuncia do nome do monte: *Breámo*.

Nesta área consérvanse hoxe restos de tres muíños, inda que o de maior entidade é o que sae no mapa de Madoz. A "poboación" da que fala Murguía non era pois Lugo, como propoñen Isidoro Millán/Luis e Iris Cochón[1], senón algún pequeno núcleo próximo a esta casa de Breamo: Vizús ou Centroña. Desta maneira, se tiveron residencia no verán de 1864[2] cerca de Pontedeume, non é difícil que percorresen os 12 km (actuais, quizais algúns máis naquela altura) que os podían separar da romaría do Seixo de Mugardos, e daquela coller a inspiración do marabilloso poema "Si a vernos Marica, nantronte viñeras", tan felizmente xeolocalizado por María dos Anxos García Fonte e Henrique Sanfiz Raposo nun artigo publicado nesta mesma revista (García Fonte e Sanfiz Raposo 2018). O poema viu a luz ese ano (1864) no Almanaque de Soto Freire e fará parte, despois, da segunda edición de *Cantares Gallegos*. Este dato, polo tanto, cadra co xa ben argumentado feito de que Rosalía visitara a romaría de Mugardos e desta vivencia saíse o seu poema, inda que matiza a data en que tal feito sucedeu. O "nantronte", iso si, faise máis literal.

Este verán preto de Pontedeume quizais explique que Murguía escriba moitos anos máis tarde no semanario *Ecos del Eume* (8 de setembro de 1915) unha pregaria á Virxe das Virtudes de Pontedeume, na que gaba precisamente a súa intervención en favor dos acosados polo infortunio (Murguía : 2000)

Curiosamente, a segunda edición de *Cantares Gallegos* contén outro poema novo que podemos relacionar tamén coa recollida folclórica de Murguía: "Miña santiña, miña santasa".

Podémolo relacionar porque no manuscrito conservado pola Biblioteca Municipal de Estudos Locais, dentro dunha recollida de cantares populares por mediación de Rosalía, precisamente este retrouso é da man de Murguía, segundo concluímos noutro artigo desta revista (Rodríguez González 2008).

Dicimos 1864, pois 1863, cando Alejandra tiña catro anos, que é a datación que achega Murguía, ten que ser descartado porque a familia pasou agosto en Caldas, ademais de que, como veremos a continuación, o estado no que se atopaba Rosalía facía moi improbable tal desprazamento.

---

[1] A pasaxe de *Galicia* (1888) que apunta Carballo Calero como indicio da familiaridade de Murguía e Rosalía coas paisaxes dos arredores de Lugo parece falar máis ben da paisaxe que atopaban ao abandonar a Patria e volver a ela polo camiño real, non de paseos ao redor da cidade.

[2] En xuño de 1863 Murguía atopábase en Caldas, o que nos dá a supoñer que os baños aos que se refire na carta que publicamos eran en Caldas tamén.

Á enfermidade de 1863 non se lle ten prestado atención. Da carta que Rosalía dirixe a Pondal en 1864, o ano despois (Barreiro Fernández e Axeitos 2020: 20-26), infírese que en 1863 Rosalía estaba case desafiuzada polo médico Varela; que, polo xeito como consola a Pondal,"[Vostede] no presentaba ninguno de esos síntomas fatales que el menos entendedor es capaz de conocer", ela si sentira eses síntomas inequívocos; e que o que os demais xulgaban *aprensiones* se manifestou como algo mortal. A estas afirmacións hai que engadir os tratamentos con augas sulfurosas que, por certo, aparecen prescritos nun tratado da época (Gourdin e Varela de Montes y Recamán 1862), traducido por Varela de Montes fillo[3], a propia perda de peso e o afundimento das fazulas, tamén mencionadas nesta carta, todo conduce a pensar que Rosalía fora diagnosticada efectivamente de tuberculose. Ata o momento, polo que entendemos, esta enfermidade considerouse apenas unha ameaza, aínda que permanente, na vida de Rosalía (Álvarez: 2016 e Montes: 2008). Convén sinalar que naquela altura a enfermidade non se consideraba contaxiosa, o que explica que se tratase nos balnearios sen maior problema. Lonxe de querer contribuír ao biografismo, que na nosa opinión xa o hai dabondo á hora de ler Rosalía, consideramos que este feito ten que terse en conta cando se intenta explicar a interrupción na produción literaria destes anos ou outras anomalías como a mención de *Cantares Gallegos* como unha "Pirmeira parte": cando o libro saíu do prelo había outros plans. A práctica de anunciar obras que están sen facer parece acreditada tanto en Murguía como en Rosalía. Probablemente a segunda parte de *Cantares Gallegos* non estaba escrita pero si planeada. Nós tendemos a crer no que di Murguía e a súa declaración da axilidade con que Rosalía escribía, con todos os matices que faga falta darlle parécenos un dato co que hai que traballar. Por suposto, isto non impide que a estrutura do libro sexa cristalina, a súa planificación sexa moi sosegada, ou a súa intencionalidade, moi pensada. A axilidade produtiva é máis ben un indicio de longa preparación, consciente ou inconsciente.

En carta sen data a Murguía, situada en 1865 por Barreiro e Axeitos (Barreiro Fernández e Axeitos 2020), pero que cremos que hai razóns para adiantar, Rosalía menciona directamente a *tisis* e o seu medo a *poñerse tísica*[4]. Os argumentos expresados polos editores serven, en efecto, para situar a carta nun momento anterior a mediados de 1865 pero non impiden adiantala un pouco: Indalecio Armesto abandona efectivamente Madrid en 1865, pero estaba alí desde o 59; a enfermidade de Rosalía aparece tamén citada noutra carta de Pondal de 1865, pero como vemos viña de antes. Nesta misiva Pondal fala de recuperación, mentres que na carta sen data a propia Rosalía fala de moi malos síntomas. Por último, o "recadito" que Teresa (irmá de Murguía) envía por Alejandra non hai por que

[3] O libro traducido por Jesús Varela de Montes supón que estes tratamentos de augas sulfurosas non operan por si mesmos senón asociados ao cloruro sódico, polo que a proximidade ao mar tamén é esencial. É posible que o Varela do que fala Rosalía sexa en realidade Jesús Varela de Montes e non o famoso José Varela de Montes, é dicir o fillo destoutro médico que xa asistira o parto da nai de Rosalía.

[4] Poñerse tísico non quere dicir meramente contraer a tuberculose senón tamén entrar no proceso de consunción (*pthisis*).

interpretalo literalmente. Parece máis ben un simple "dálle a túa mamá isto" ou "dille isto outro". Tampouco se pode excluír que Alejandra fose acompañada por outra persoa. Pode tratarse dunha Alejandra de seis anos (1865) ou dunha Alejandra de catro (1863).

Dado que no resto do epistolario do 1865 non hai, agás esta de Pondal que di que segue mellorando, as alusións á saúde que hai en 1863, pensamos que a carta debe situarse definitivamente en 1863, e a secuencia quedaría así:

- Rosalía escribe a Murguía sobre a súa saúde e a sospeita de estar tuberculosa en 1863. [Carta sen data]
- Pondal, en carta de xullo de 1863, inda minimiza os problemas de Rosalía dicíndolle a Murguía "si sufre físicamente un poco" (pola carta de Rosalía a Pondal de 1864, sabemos que todos a consideraban "aprensiva").
- A confirmación da súa enfermidade chegaría por esas datas e o *tratamento* de Caldas en agosto de 1863. En 1864 Rosalía estaba xa milagrosamente recuperada e conta retrospectivamente os fitos da súa doenza. Non sabemos se ese ano volveu aos baños de Caldas, como deduce Mercedes Espiño no seu espléndido *Espazos de Rosalía en Santiago* (Espiño 2021), dunha invitación a Murguía ao baile do balneario, pero desde logo complementounos co aire do mar.

Pero esta primeira toma de contacto de Breamo é, en certo modo, anecdótica. Un segundo episodio, máis importante, producirase *allá abajo* en Compostela. A data, inda que Murguía di dous anos despois, é 1865, pois deixará a súa pegada no primeiro volume da *Historia de Galicia*. Nese momento Alejandra, de seis anos, comunícalle un romance, e así comeza a mediación de Alejandra, cun poemiña que ben pode ter a función dun ensalmo que nos chama a abrirlle a porta ao noso patrimonio oral ferido:

Ábreme as portiñas
Ábreme o postigo
Dáme do teu lenzo
Ai amor que veño ferido

Pero non é ata a viaxe a Portugal cando Alejandra lle manifesta o seu coñecemento de romances parecidos aos recollidos por Teófilo Braga. Esta data é abril de 1876, de acordo cunha carta que posuía Juan Naya (López e Pociña 1990: 60).

A partir deste momento Alejandra irá facendo memoria dos vellos recordos. Como se se tratase dun proceso de psicanálise, primeiro sairá á superficie o máis próximo e pouco a pouco o máis afastado. O máis afastado será, ademais do máis antigo, tamén o máis profundo, o que traia unha información máis xenuína do que puido ser o folclore de Galicia nunha etapa na que se vivía en comunicación con todo o romance peninsular, pero cun poder creativo semellante ao das outras linguas: con romances fortemente influenciados polos casteláns e romances propios.

Esta descuberta, como pensa o propio Murguía, parece milagre pero isto non o desacredita: é algo que se podería producir dun xeito multiplicativo se moitas mozas como Alejandra tivesen voz (Murguía 1881).

O artigo de Milá

A atención de Milá i Fontanals sobre o folclore galego será un novo incentivo para Murguía, quizais non abertamente confesado. Será o catalán quen reclame os retrousos populares de Rosalía para publicalos como pezas de folclore galego no seu artigo na revista *Romania*. A propia idea das peculiaridades métricas de Galicia non é tampouco orixinal de Murguía: aparece xa nesta carta de Milá, á que Murguía non lle debeu prestar inicialmente moita atención.

Entre Milá e Murguía hai ademais, segundo Milá, unha fonda discrepancia interpretativa. Murguía busca profundar no raizame prehistórico dos temas e atopa resonancias célticas que Milá desde logo non comparte.

De acordo coa datación das cartas entre Milá e Murguía, a relación comezaría o 18 de xaneiro de 1874. Pero isto non é posible: A carta de 10 xuño de 1875 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005) ten que ser a primeira que envía a Murguía pois escúsase por escribirlle sen coñecelo. Todas as cartas sen data de Milá i Fontanals teñen polo tanto que ser posteriores, e a carta datada o 18 de xaneiro de 1874 ten que ter unha data errónea, quizais un deses lapsus tan habituais en xaneiro. A data correcta debía ser 1876.

Milá pídelle datos a Murguía e a verdade é que non ten reparos á hora de solicitar axuda: material inédito, aclaracións de todo tipo, que lle corrixa o manuscrito e despois as probas.

Curiosamente, a corrección de probas de Murguía[5] sobre a separata de Milá sobrevivirá conservada na Real Academia Galega relacionada con Emilia Pardo Bazán (E.P.B, está anotado a lapis) a través de José Pérez Ballesteros, seguramente como resultado das actividades da Sociedade de Folklore Gallega. Murguía numerou os parágrafos e envioulle as correccións a Milá gardando as probas que este lle dera, e este exemplar coas correccións quedou en Galicia. Contrastando a separata co artigo finalmente publicado, vemos que Milá non corrixiu as erratas. O máis seguro é que chegasen tarde.

A relación con Milá i Fontanals rematará mal. Murguía non se sentiu suficientemente recoñecido no artigo de *Romania*. Fala Milá tamén de disensións na interpretación dos cantares. A carta de Milá de 2 de xuño de 1877 (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: 283) así o acredita, pero nela transloce que Murguía estaba tamén anoxado con Saco y Arce. Os materiais que aparecen no artigo de Milá como procedentes de Saco y Arce tamén proviñan dalgún xeito de Murguía?

---

[5] Pódese identificar claramente nas palabras á marxe "Refráns" ou na corrección de "Compostela" por "Redondela", ademais da evidencia de que Milá mesmo lle pediu que as fixera.

Parece que non lle faltaban motivos a Murguía para queixarse. As preguntas que lle fai Milá sobre o sentido de determinadas frases delatan, a maiores, certas eivas para o artigo que estaba preparando, polo descoñecemento da lingua e cultura das que o seu artigo trataba.

Ademais, nunha das cartas déixase ver que a axuda de Murguía non era nin moito menos limitada a proporcionar material, Milá propúñase editar…

> … una colección poco copiosa, precedida de breves observaciones (debidas en gran parte a U.) expuestas con la sencillez, por no decir sequedad, didáctica y científica correspondiente al carácter de la Revista a que está destinada

A axuda de Murguía tivo que ser inmensa[6] e, pola contra, o recoñecemento, cativo.

Por se fose pouco, Milá descúlpase cunha comparación inda máis ofensiva: tampouco dixo nada especial de Barbieri (que apenas contribuíra) e non se molestou.

En todo caso o contacto con Milá é unha das pezas do cambio de actitude de Murguía cara aos romances, unido ao coñecemento en Coimbra, máis ou menos coetáneo, da colección de Braga e o seu contraste cos testemuños de Alejandra.

A partir deste momento o tema da poesía popular será un tema pendente na carreira de Murguía, pero o fito esencial será o apuntado nun prólogo manuscrito que se conserva en dúas versións na Real Academia Galega. A disputa ortográfica nos primeiros anos da Academia nos dará o ano aproximado: 1907? O feito de atribuírlle a Florencio Vaamonde a tarefa de poñer en ortografía afín á portuguesa os manuscritos facilítanos tamén esa datación para unha boa porción de fondo SA, pois, como veremos, identifica a copia case completa que da súa man se conserva.

Esta transformación ortográfica pódese ver, por exemplo, no don Gaiferos de Mormaltán (véxase os anexos), pero non nos fagamos demasiadas ilusións lusistas: parece que é bastante limitada e apenas se ven afectadas as representacións do fonema/ʃ/

As outras colaboracións

Alejandra, como levamos dito, fornecerá ao seu pai cos máis importantes poemas da colección, pero Murguía non só tira da memoria de Alejandra. Pide a varios amigos que lle envíen o que poidan recoller en distintos puntos e os resultados son, por suposto, diversos. Entre os colaboradores podemos destacar a:

Fernando Sanjulián. Amigo do matrimonio desde os tempos de Madrid, testemuña no casamento de Murguía (Abelleira 2021).

Marcial Valladares. Facilítalle varios romances que Alejandra copia. A súa colaboración con Murguía tamén aparece acreditada no epistolario.

---

[6] A carta de 2 de setembro de 1875 reflicte unha total ignorancia sobre os instrumentos musicais e sobre a lingua: incerteza nas transcricións e fondas dificultades de vocabulario. No artigo chégase a editar, a pesar das correccións de Murguía, "Vexo Vigo, vexo Cangas, tamén vexo *Compostela*".

José Ojea. No fondo aparece a carta de 1879, na que lle remite a Murguía o poema de "Polo camiño v**é**n un home" coa rocambolesca historia da súa copia, despois de rescatalo dun manuscrito en mal estado nunha casa da aldea.

Camilo Placer Bouzo. É o remitente do romance de Pepa Reina.

Florencio Vaamonde. É o copista. Aparece mencionado nas dúas rabuñaduras de prólogo que hai na Real Academia Galega. O escritor, que xa tiña varias meritorias obras no seu haber, traballaba con Murguía e co seu irmán César Vaamonde Lores na delegación de Facenda. Foi Florencio quen lle presentou a César[7]. Non deixa de ter a súa graza pensar nesta pequena cova céltica nada menos que na delegación de Facenda.

Restos actuais do libro de Murguía

A publicación de Lois Carré Alvarellos (Carré Alvarellos 1959)
En 1959, Lois Carré Alvarellos publica o seu *Romanceiro popular galego de tradición oral*, no que constan 40 pezas procedentes da colección Murguía. Descoñécese o destino final dos manuscritos que utilizou, pero o material do cartafol de Said Armesto serve sen dúbida para validar, e as veces completar, tamén estes romances xa publicados e darlle unha nova relevancia ao texto.

Cartafol SA-2
O cartafol componse de 338 follas de tamaño diverso, inda que apareceu fóra del algún material procedente do mesmo, probablemente movido polo propio Said Armesto.

Faremos unha descrición, algo provisional, do seu contido:

A) Romances, cantares ou notas de Manuel Murguía (156 follas)
- Dentro destes hai 19 follas, a maioría numeradas á dereita, que parecen nun estado case para publicar. Romance e mais comentario. A pesar de ser un conxunto pequeno, a numeración dunha destas papeletas chega ao número 80, o que revela que foi un conxunto dunha entidade similar ao C.
- Un segundo grupo de romances copiados noutro formato por Murguía.

B) Romances copiados por Florencio Vaamonde Lores[8] (81 follas). Xeralmente numerados á esquerda, a numeración chega ao folio 91. O conxunto está escrito con posterioridade a 1894, pois recolle o romance de Álvarez de la Graña "Que

[7] Seoane Sánchez I. (2000): "César Vaamonde fala dos últimos días de Manuel Murguía" *Grial : Revista galega de cultura*, 147

[8] O contraste coa caligrafía da carta enviada a Antón Villar Ponte, publicada na web da Real Academia Galega, e mais o texto conservado de Murguía, que fala da súa intervención destacada precisamente na adaptación á grafía portuguesa.

foi dos homes, fillas e peculio". Este romance era detestable para Filgueira Valverde. Non sabemos cal era a opinión de Murguía, pero é moi probable que o percibise tamén como un romance disparatado. En todo caso non é imposible a súa historicidade, non por suposto como romance popular pero si como falsificación da idade moderna. Moitos dos romances teñen unha numeración a lapis no dorso. Esta numeración non é simplemente un ordenamento diferente dos papeis, xa que hai algunhas pezas que teñen dous números. Parece máis ben o contraste con outra colección.

Hai que ter en conta que deste grupo, que é o mais próximo -xunto coas fichas do propio Murguía- dun estadio inmediato á publicación, forman parte romances que Murguía consideraba deturpados, como é o que publica de Teófilo Braga, polo que hai textos incluídos con mera intención crítica. Que un texto apareza neste feixe non implica a súa aceptación.

C) Romances ou cantares copiados por unha segunda man afín á anterior, inda que con diferenzas sistemáticas no xeito de facer algunhas maiúsculas <A>, <M>, <N>. O xeito de facer o <V> e o <U> e mais algún <s> terminal ao estilo gótico ou francés, que comparte con B, fíxonos sospeitar que se tratase do mesmo Florencio Vaamonde pero nun momento anterior na evolución da súa letra (36 follas). O feito de utilizar nun dos textos papel da delegación de Facenda tamén apunta nesa mesma dirección.

Neste outro grupo os romances tamén acusan a intención de utilizar unha grafía portuguesa. Con indecisións, por exemplo, no x/j ou na palabra "donzella"[9], que puideron ser corrixidos con posterioridade. Pero o contraste coa letra coñecida á que puidemos ter acceso, algunha xa do ano 1895[10], fai seguro o ditame: a letra pertence a outra(s) persoa(s). Chamarémoslle M2 e M3 a esta outra ou outras mans, mentres non consigamos unha identificación máis clara.

D) Cantares, romances ou notas de Alejandra (16 follas).

A pesar do limitado material aparecido, que ademais non é totalmente orixinal de Alejandra, pois copia outras fontes, o papel de Alejandra é absolutamente determinante. A ela, á súa memoria e á súa relación coas criadas da casa e as súas fillas**,** débense as mais fermosas pezas: Don Gaiferos de Mormaltán, Amaro de Figueiral ou Nosa señora da Barca. Tamén é a fonte, e sabémolo pola declaración de Murguía, doutras como o Romance de Silvana. E pódese sospeitar sen dúbida que tamén aportou outras procedentes de Valdeorras vía Simancas.

---

[9] Sobre esta palabra tiña precisamente Murguía a opinión de que o <ll> era pronunciado á italiana.

[10] A dedicatoria de Calaicos que se conserva na Biblioteca Nacional de España, por exemplo.

Resulta chocante que Murguía non publicase algunhas delas pero, ademais de que podía gardalas para o seu gran libro, cremos que a súa visión era pouco lírica: máis inclinada a valorar só aquilo que iluminaba a historia ou apuntaba a diferenciación e filiación celto-xermánica de Galicia. Un detalle sintomático é que no seu artigo de 1881 trabuca o primeiro verso de don Gaiferos, chamándolle "aquel romance que empieza: ¿Onde vas, meu soldadiño?" (Murguía 1881).

E) Carta de José Ojea a Manuel Murguía de 3 de outubro de 1879.

F) Carta de Manuel (non identificado) a Manuel Murguía.

G) Romance procedente de Camilo Placer Bouzo. Pepa Reina. Non asinado pero coa palabra Placer escrita a lapis e a cabeceira da compañía Gres y Placer.

H) Romances recollidos por Rosalía de Castro (2). Non asinados pero recoñecibles pola afinidade da letra coa de Rosalía.

I) Romances "de la Ulla" na letra de Marcial Valladares.

L) Outros romances soltos: Romance en copia de Bernardo Barreiro Sabela etc.[11]

As secuencias numeradas A1 e B considéranse recompilacións secundarias, é dicir, non aportan novas rimas. O grupo C, sen numerar, parece tamén estar constituído por copias. O resto do fondo pode ter carácter primario ou secundario. Por exemplo, Alejandra (D) copia algúns poemas de Marcial Valladares (I) pero achega pola súa banda poemas recollidos por ela.

Por último, boa parte dos textos foron publicados ben polo propio Murguía ben por Lois Carré Alvarellos.

O método de Murguía e as intervencións sobre o material recollido

Ninguén lle reprocharía a Herodoto non se ter acompañado na súa viaxe polo mundo antigo cun móbil con funcións multimedia ou, polo menos, cunha vídeo-cámara. As barreiras de todo tipo: xeográficas, sociais, biográficas... determinaban que o método de recollida folclórica fose o que foi: indirecto e dependente da habilidade dos colaboradores. Algúns, como Alfonso Quereizaeta, admiten non estar moi afeitos á lingua galega.

Os materiais conservados en varias versións non presentan cambios, máis que accidentais ou ortográficos, dunha versión a outra, o que exclúe un método excesivamente in-

[11] Agradecemos a Xosé Luís Axeitos o achegamento da caligrafía de Bernardo Barreiro.

trusivo. Os únicos cambios son evidentes correccións, como por exemplo**:** palpocado>malpocado. Outras pequenas correccións entran para Murguía no concepto da restitución, que entende unha obriga do editor de poesía popular. Por exemplo, anota na versión de Figueiral de Teófilo Braga. "Parece mentira que Braga no lo restituyera". En todo caso, a súa inclusión na colección para proceder á súa crítica afasta calquera intención de manipulación.

As *Rimas* conservadas en SA-2

Coidamos que a mellor maneira de dar unha idea do contido do manuscrito é analizar por riba algúns dos textos:

Nosa Señora da Barca. Non se trata, empezamos por dicir, dun texto relacionado co famoso poema de *Cantares Gallegos*. Achegado orixinariamente por Alejandra, recollido na Matanza (da nai de Zacarías), segundo declara ela mesma no manuscrito. Parte do texto está presente nalgunhas versións da Rianxeira, por exemplo a barca de "pau de naranxo (sic)". A celebre canción de Rianxo foi estudada por Pico Orjais, chegando á conclusión de que a música procedía en realidade dunha cantiga tradicional de Segovia, que efectivamente ten unha melodía idéntica (Pico Orjais 2008). Pensamos que este manuscrito pon en dúbida esta conclusión. Esta Nosa Señora da Barca era tamén cantable, segundo di Alejandra, e parécenos máis verosímil que a súa música, que non temos, sexa a que serviu de base á Rianxeira. Tanto no famoso disco da Rianxeira como no texto que presentamos aparece unha virxe nunha barca e hai versos concomitantes entre a versión de Columbia Records e a de Alejandra:

Nosa señora da Barca
Vela ai vay pola ribeira

Polo tanto**,** o máis lóxico é pensar que a rianxeira do disco non é mais que unha adaptación dunha rianxeira dedicada á virxe de Guadalupe, e esta unha adaptación dunha canción dedicada á Nosa Señora da Barca.

A peza que presentamos ten extraordinarios achados estéticos que non queremos deixar de subliñar:

Cabelos que espalla o vento
Sobre da capa dourada
Somellan rachas de noiten (sic)
Que van fuxindo á Alborada

O poema consérvase tamén en copia de M2, destacable pola absoluta fidelidade (a palabra noiten).

Grandes guerras hay armadas /Amaro de Figueiral. Achegado orixinariamente por Alejandra, recollido da muller de Laxe. Copiado por Florencio Vaamonde, quen o atribúe a Santiago de Compostela[12]. O texto apareceu en dúas versións xa recollido por Lois Carré Alvarellos, pero consideramos que a que se conserva de mans de Alejandra é de superior calidade. Entre os seus misterios está o tabú da zamborca, que xa Murguía relaciona co dito recadado por Sarmiento "Se queres ver a túa muller morta, dálle zamborca". Amaro de Figueiral delátase como muller por non querer zamborca.

As fillas do Rei Ferino. Copiado por M2, atribuído a Valdeorras pero recollido en Simancas. Copiado por Murguía , localízao da mesma maneira ("Valdeorras, aprendido en Simancas"), o que sitúa a orixe en Alejandra e quizais na "nena de Valdeorras"[13].

Dona Silvana. Achegado orixinariamente por Alejandra, segundo declaración de Murguía, inda que non se conserva da súa man. No fondo aparece escrito pola man sen identificar M3.

Gaiferos de Mormaltán. Orixinario de Alejandra, copiado por Florencio Vaamonde.

En nota Alejandra di: "El romance del capitán Amaro igual que el de don Gaiferos me lo enseñó la madre de María y es evidente que es de Laje" (véxanse os anexos).

Hai tempo que se ten demostrado, coa publicación do estudo de Isidoro Millán por Luís e Iris Cochón, a veracidade da tradición histórica (Millán 2010). Pero o estudo de Isidoro Millán non só probou, como ben subliñan os seus editores, con absoluta brillantez, a historicidade da tradición. Tal historicidade vai ligada á lexitimidade da recollida, pois a relación do nome don Gaiferos de Mormaltán co duque de Aquitania non é evidente, senón moi dificultosa, ademais de non ser coñecida por Murguía ata máis tarde. Polo contrario, a relación do poema coa tradición é clara. Son cousas que se explican polo miúdo no devandito estudo e non as tentaremos resumir aquí.

O certo é que o propio *Mormaltán,* sexa este Mont-de-Marsan, como propón Millán, ou Mont-Alvan, como xa sospeitou Murguía, non saberemos probablemente endexamais se foi unha deformación da memoria de Alejandra ou se xa proviña do romance que lle cantou a muller de Laxe. Calquera das dúas opcións mereceu a perpetuación da que hoxe goza.

Queda a dúbida de saber se este "es evidente que es de Laje" pode facerse tamén extensible a don Gaiferos, que Millán identifica cos romances de cego na porta da catedral de Santiago.

O certo é que a opinión de Murguía foi madurando tamén. Inda que ao primeiro pensaba que a tradición databa do século XVIII, acabou coñecendo datos máis antigos do

---

[12] Esta contradición débese probablemente a que a informante, por utilizar ese nome horrible que se lles dá aos transmisores da cultura popular, estaba en Santiago.

[13] Fóra do fondo hai que facer referencia ao xogo infantil tamén procedente de Simancas que atribuímos á letra de Alejandra.

romance, particularmente nun manuscrito inédito de Diego Rodríguez de Almela *Compilación de los milagros de Santiago*, publicado en 1946 pero coñecido por Murguía que o consultou manuscrito, como proba outra nota do fondo SA.

Yendo yo por un camino. Achegado por Rosalía de Castro[14]. Copiado por Murguía e atribuído a Carril.

Estando mi blanca niña, estando mi blanca flor. Achegado por Rosalía de Castro. Copiado por Murguía, que anota: "parece que lo hay en gallego pero Alejandra no lo recuerda" e o atribúe a Santiago.

Estando mi blanca niña, estando mi blanca flor (2ª versión). Copiado por Murguía, que o atribúe a Simancas.

A Romería do Val. Copiado por M2.

Rosalinda, Rosalinda. Copiado por Murguía e por Florencio Vaamonde.

El paje Gerinaldo. Copiado por Murguía.

Gastan os Camariñáns. Copiado por Murguía, que llo atribúe á muller de Laxe a través de Alejandra. Publicado moi parcialmente por Lois Carré Alvarellos.

A noite era preta a lúa faltaba. Copiado por Florencio Vaamonde. Descoñécese a procedencia. A súa adscrición non popular parece evidente, así como a influencia de Poe. Diríase que ten certos trazos pondalianos. En todo caso débese a un poeta culto e do XIX/XX.

Romance da Malveliña. Recollido por Fernando San Julián en Ribadeo. Copiado por Murguía, quen explica que 1) Alejandra sábea con variantes, 2) Valle, entendemos que Ramón del Valle, o pai de Valle-Inclán, "la oyó en Arosa". Copiado por Bernardo Barreiro, segundo podemos ver polo contraste coa letra que nos proporcionou coa xenerosidade de sempre Xosé Luís Axeitos.

Despedida de Don Amaro Beira da Silva de dona María de… En letra de M2. Copiado por Murguía coas mesmas eivas no título e polo medio. O título, noutra letra, parece tratarse dun erro pois correspóndese con outro publicado por Lois Carré Alvarellos en que si hai unha despedida.

Jesucristo está sentado a beira da fonte crara. En letra de Alejandra, orla necrolóxica. Anotado por Murguía que relaciona o fondo do poema co culto a Diana. Copiado por Florencio Vaamonde que o atribúe a Santiago.

[14] Chegamos a esta conclusión no artigo "A letra de Rosalía: bases para a súa identificación".

Conclusión

Cremos que queda suficientemente probado que Alejandra Murguía foi deitando da súa memoria os romances que lle atribuíu Murguía. Tamén é manifesto que Galicia contou, como dicía Murguía, cunha tradición propia de romances, na súa lingua propia, adaptados ás preocupacións e á visión histórica dos seus creadores ou importadores: problemas xurisdicionais en Camariñas, tradición da peregrinación a Compostela, un tabú alimenticio, as tensións de clase, a seitura en Castela etc.

Pero Murguía, quizais facendo da necesidade virtude, non tiña unha fixación especial nos romances. Por iso as súas *Rimas populares de Galicia*, contiñan toda clase de textos de poesía popular, igual que o fará despois outro gran proxecto tamén fracasado: o de Said Armesto, ao que tarde ou cedo haberá que prestarlle nova atención. Polo momento é prioritario dedicarse ao máis limitado fondo do seu mestre Manuel Murguía.

Entre os seus papeis, hoxe unha selva de caligrafías tan impenetrable como a selva de prexuízos que cobre a súa personalidade, algúns conteñen temas, como a tensión entre a paisaxe galega e a castelá, ou mesmo figuras como a fermosa *lúa descolorida,* que haberá que ter presentes para discernir o popular e o propio na obra de Rosalía.

Destes romances e cantares, algúns é probable que xa desaparecesen a finais do século XIX, outros é posible que o fixesen despois. Probablemente, a moitos lles pasou o mesmo que ao rego que baixaba do monte Breamo. Ríos, fontes e regatos pequenos, ás veces entubados hoxe, pero que procuramos coa alma aberta ao que nos queda deles na obra dos que con tanta paixón os amaron.

FONTES

- Biblioteca da Fundación Barrié
- Galiciana
- Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España
- Instituto Xeográfico Nacional de España

ANEXOS

1. Romance de don Gaiferos en letra de Alejandra



El romance de el capitan Amaro
y el de Dn Gaiferos, me lo enseño la madre
de Maria, y es evidente que es de Lage, como



Dn Gaiferos

Adonde irá aquel romeiro
meu romeiro á donde ira
camiño de Compostela
non sei si alí chegara
os pes leva cheos de sangre
e non pode mais andar
palpocado probe bello
non sei si alí chegara
ten longas é brancar barvas
ollos de doce mirar
ollos gazos leonados
verdes coma augua do mar
A donde ides meu romeiro



Adonde ides meu belliño
Camiño de Compostela
á onde ides vos soldadiño
Compostela miña terra
sete anos hay que marchei
non coidei volver á ela
Dígame diga ó seu nome
collase á min meu belliño
repare que non ten forza
para seguir o camiño
Eu chamome Dn Gaiferos
Gaiferos de Mormaltan
se agora non teño forzas
meu espirito mas dará.
Chegaron á Compostela
é foron á Catredal
desta maneira falou
Gaiferos de Mormaltan
Gracias meu señor Santiago
á voso pés me tes xa
se queres tirarme á vida
poderma señor tirar



Por que morrerei contento
nesta santa Catredal
Y,o vello das barvas longas
caín tendido no chan
cerrou os seus ollos verdes
verdes coma a agua do mar
O obispo que esto veu
alí ó mandou enterrar
Así morren meus señores
Jaiferos de Mormaltan
Este he un dos moitos miragres
que Santiago Apostol fai.

2. Romance de don Gaiferos copiado por Florencio Vaamonde



29

A ond'irá aquel romeiro,
Meu romeiro a dond'irá?
Camiño de Compostela
Non sei s'ali chegará.
Os pes leva cheos de sangre
E non pode mais andar.
Malpocado! probe vello!
Non sei s'ali chegará.
Ten longas e brancas barbas,
Ollos de doce mirar,
Ollos gasos leonados
Verdes com'augua do mar.
- A dond'ides meu romeiro,
A dond'ides meu velliño?
- Camino de Compostela.
¿A ond'ides vos soldadiño?
- Compostela miña terra
Sete anos fai que marchei,
Non coidei volber a ela,
Dígame, diga o seu nome
. . . . . .
Collan a min meu velliño
Reparo que non ten forzas
Para seguir o camiño.
- Eu chámome don Gaiferos,
Gaiferos de Mormaltan,
D'agora non teño forzas



30

Meu espirito mas dará. —
Chegaron a Compostela
E foron â catedral,
Desta maneira falou
Gaiferos de Mormaltan:
— Gracias meu Señor Santiago
A vosos pes me tes ja,
Se queres tirarmi a vida
Pódesme Señor tirar,
Por que morrerei contento
Nesta santa catedral. —
Y o vello das barbas longas
Caiu tendido no chan.
Cerron os seus ollos verdes,
Verdes com' augua do mar.
O obispo qu'esto veu
Alí o mandou enterrar,
Así morren meus señores
Gaiferos de Mormaltan
Est'è un dos moitos milagros
Que Santiago Apostol fai.

3. Nosa señora da Barca en letra de Alejandra



Nosa señora da Barca,
yña po-lo mar abaxo
na sua lancha dourada
Feita de pau de naranxo
Anque á barquiña era dela
aniñouse n'un rincon
Jesus que linda parece
Arrimada ó seu bordon
Un anxel terma dos remos
outro terma do timon
outro termache da vela
outro terma da veliña
levan os cabelos negros
de corales á escraviña (4)
cabelos que espalla ó vento
Sobre da capa encarnada
Somellan rachas de noiten
que van fuxindo á alborada,
Nosa señora da Barca
vela ái vay po la ribeira
Collendo conchiñas douro
metendoas na faltiqueira,

15

Buelta



Nosa señora da Barca
leva un xustillo moy feito
que llo don á do Corpiño
para axustar ó seu peito
Nosa senora da Barca
pequeniña e ben feita
botademe á bendicion
ca vosa manciña dreita
Nosa señora da Barca
queimadiña po lo sol
ó pe do voso penedo
deixovos ó corazon,

Este romance lo aprendí en la Matanza tiene musica, y lo cantava la madre de Zacarias. Tambien tiene esta otra copla ademas de las apuntadas

O sayo leva de liño
á faixa de fina seda
como ela no na hay no mundo
como ela no na hay na terra,

4. Gastan os camariñáns en letra de Florencio Vaamonde



9

Gastan os camariñans - cuello de volta chapela
Sombreiros con prumas brancas - monteira con prume negra
Chaleque branco ou de grana - calzon de pano sedan
Botonaduras de prata - zapatos de cordoban
Gastan as nosas meniñas - chaqueta de manga preta
Saia de grana encarnada - zapato e media de seda
I aquelas moços garridos - y aquelas lindas donzellas
O rei cuidou que podia - venderlles a ma terra
Terra que tanto querian - porque no seu chan naceran
E coidaron: mal pocado! - que non sabian defendela
Un rico home d'outras terras - veu a junto o noso rei
Querlle mercar Camariñas - si lla quixere vender
O rei era cubiçoso - vender quixo a nosa terra
Mais non se deixa vender - a gente que vive n'ela.
Temos visarmas de lei - que non nos han de faltar
Non entrará gente allea - nin por terra nin por mar
Qu'os moços de Camariñas - son valentes todos eles
I onde non cheguen os homes - acudirán as mulleres
Que somos Camariñans - defenderemonte ben
Qu'anque o rei mandou en tí - non manderá mais ninguen
Camariñas, Camariñas - o rei te quixo vender
O que Camariñas compre - diñeiriño debe ter.

(Laje)

5. Gastan os camariñáns en letra de Murguía



| 22-

Gastan os camariñans — cuello de volta chapela
Sombreiros con pruma blancas — monteira con pruma negra
Chaleque branco ou de grana — calzon de pano sedan
Botonaduras de prata — zapatos de cordovan.
Gastan as nosas meniñas — chaquetas de manga prata
Saya de grana encarnada — zapato e media de seda
Y aqueles mozos garridos — y aquelas lindas doncellas
O rey coidou que podia — venderlles á sua terra.
Terra que tanto querian — porque no seu chan naceran.
E coidaron mal pocado — q. non sabian defendela.
Un rico home d'outras terras — veu á xunto ó noso rey
Querlle ~~comprar~~ mercar camariñas — si ela quixese vender.
O rey era cobiroso — vender quixo á nosa terra
Mais non se deixa vender — a xente que vive nela.
Temos biarmas de ley — que non nos han de faltar
Non entrará xente alleu — nin por terra nin por mar.
Qu'os mozos de camariñas — son valentes todos eles.
Y onde non chequen os homes — acudiran as mulleres.
Que somos camariñans — defenderemoste ben.
Qu'anque ó rey mandou en ti — non mandará mais ninguen
Camariñas camariñas — o rey te quixo vender
O que camariñas compre — dinheiriño debe ter.

(Laje.)

La ultima estancia de este romance se canta aun hoy en castellana, en la comarca en donde debió ser popular. De alli mismo, y lo ~~canta una~~ se enseñó á nuestra hija con otros mas una anciana de cerca de Laje, q.

BIBLIOGRAFÍA

Abelleira, S. (2021): *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858).* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Álvarez y Ruiz de Ojeda, Victoria (2016). "Rosalía enferma: Carta de Alfredo Vicenti a Manuel Murguía". ***Follas Novas***, 1 (124-143)

Barreiro Fernández, X. R. (2012): *Murguía.* Vigo: Galaxia.

Barreiro Fernández, X. R., e Axeitos, X. L. (2005): *Cartas a Murguía II.* A Coruña: Fundación Barrié.

Barreiro Fernández, X. R., e Axeitos, X. L. (2020): *Correspondencia da familia Murguía-Castro e outras cartas.* Padrón: Fundación Rosalía de Castro.

Castro, R. d. (2013): *Cantares Gallegos.* Ed. de Anxo Angueira. Vigo: Xerais

Espiño, M. (2021): *Espazos de Rosalía en Compostela.* Santiago de Compostela: Concello de Santiago: Asociación "O Galo".

García Fonte, M. A., e Sanfiz Raposo, H. (2018): "Unha lectura de Si a vernos, Marica, nantronte viñeras, á luz de novos datos", *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* 3, 51-73.

Gourdin, A., e Varela de Montes y Recamán, J. (1862): *Tratamiento razonado de la tuberculosis.* Santiago de Compostela.

López, A., e Pociña, A. (1990): *Rosalia de Castro: Documentanción Biográfica y Bibliografía Crítica Volumen I: 1837-1940.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Millán, I. (2010): *El romance de don Gaiferos de Mormaltán X duque de Aquitania: historicidad y tradicionalidad.* Santiago de Compostela: Editorial Follas Novas.

Montes-Santigo, Julio (2008). "Tuberculosis: una 'negra sombra' en la vida de Rosalía de Castro". ***Galicia Clínica***, 69 (1), 45-49

Murguía, M. (1881): "Folk-Lore Gallego", *Los Lunes del Imparcial*, 10 de outubro.

Murguía, M. (1888): *Galicia.* Madrid: Establecimiento Tipográfico-Editorial de Daniel Cortezo.

Murguía, M. (2000). "Plegaria a la Virgen de las Virtudes" Cátedra: *Revista Eumesa de Estudios*, 7, 281

Pico Orjais, J. L. (2008): "Tradiçao inventada", *Barbantia*.

Rodríguez González, D. (2008): "A letra de Rosalía: bases para a súa identificación", *Follas Novas*. *Revista de Estudos Rosalianos* 3, 96-139.

Valladares, M. (1970): *Cantigueiro Popular.* A Coruña: Real Academia Galega.

II. TEXTOS E DOCUMENTOS

TEXTOS E DOCUMENTOS

O derradeiro artigo de Curros Enríquez

Xosé Luís Axeitos
Director de *Follas Novas*
xlaxeitos@gmail.com

Con ocasión dos numerosos actos conmemorativos do centenario da morte de Curros Enríquez (1851-1908) en 2008, tivemos ocasión de dar a coñecer en Celanova estes documentos custodiados na Real Academia Galega e que hoxe publicamos. Ofrécenos unha magnífica oportunidade de facelo o próximo centenario da morte de Murguía acaecida o 1 de febreiro de 1923 xa que a misiva que reproducimos do administrador do *Diario de la Marina*, Juan G. Pumariega, é unha carta de pésame dirixida á RAG (Real Academia Galega) e que nos pode servir para "abrir palenque", segundo afortunada expresión da época, do monográfico que lle dedicaremos ao ilustre historiador e construtor da nación.

Amais da condolencia, a carta serve de testemuño da doazón que anteriormente tiña feito o Sr. Pumariega a Murguía do derradeiro artigo escrito por Curros na Habana que ficara no caixón da súa mesa cando o sorprendeu a morte. As doce cuartillas autógrafas do escritor galego son, tal como confesa o xeneroso doador, de gran valor moral, unha xoia en definitiva que Pumariega custodiou durante cator-

ce anos ata que decidiu enviarllas a Murguía. Curros, como periodista profesional, tiña que ocuparse da actualidade política e social de Cuba tal como fixo desde a súa chegada á illa. As súas opinións, favorables á autonomía de Cuba, foron motivo de agres polémicas e descualificacións por parte dun sector da colonia galega que dirixía o todopoderoso Centro Galego da Habana. Cómpre lembrar que aos poucos meses da súa chegada xa foi saudado cunha polémica solemnizada no libro de Enrique García Novo titulado *Réplica a juicios de Curros Enríquez sobre un libro de Montoro* (1894). Curros defendía o Partido Autonomista de Rafael Montoro fronte das teses máis conservadoras e españolistas da emigración galega. Os ecos destas polémicas quedan reflectidos ata nas numerosas necrolóxicas que recolle a prensa da Habana con ocasión da súa morte. Nunca mostrou Waldo Álvarez Ínsua simpatías polo escritor de Celanova pero ao día seguinte do seu falecemento en marzo de 1908 publica un artigo no *Diario de la Marina* (9 de marzo 1908) titulado "¡Salve, Poeta!" no que intenta xustificar os desencontros entre ambos apelando a terceiros en discordia pero unha man anónima anota sen reserva o seguinte: "¡Ojo, que este es un hombre que miente! Insua cree que nos hemos olvidado de su pasado".

DIARIO DE LA MARINA

Radionotas de Broadway

Correo de España

CRONICAS AMERICANAS

CUPON

Portada do *Diario de la Marina* de mediados dos anos 20 del século pasado

Os escritos e comentarios políticos de Curros no xornal de D. Nicolás Rivero tiñan recoñecemento e prestixio como proba o pésame que o director do *Diario de la Marina* recibe do mesmo Mr. Magoon cando este regresa a Cuba o día 9 de marzo. Lembremos que o cortexo fúnebre de Curros estivo presidido polo propio Nicolás Rivero, auténtico protector e admirador do poeta galego, e protagonizado por directores de xornais ata a esquina de Prado y Dragones onde se fixo cargo da condución o Centro Galego. A sona de Curros como comentarista partidario dos autonomistas en Cuba explica que sexa o único periodista peninsular incluido en todos os estudos que se publican sobre o tema e ao mesmo tempo explique tamén as tensas relacións co sector máis conservador e españolista da colonia galega.

JUAN G. PUMARIEGA
HABANA

Habana 23 de Marzo de 1923.

Señores miembros de la Junta Directiva de la "Real Academia Gallega"
C o r u ñ a.

Distinguidos señores:

¡Qué ajeno estaba yo al leer lleno de regocijo y hasta de orgullo un atentísimo escrito de fecha 20 de Septiembre último conque me honró el "Patriarca"de esa ilustre Academia y eminente escritor don Manuel Murguía, dándome gracias por haber donado a dicha Corporación las postreras cuartillas escritas por el inolvidable Curros Enríquez;qué ajeno estaba yo,digo,de que había de dejar de latir tan pronto aquel gran corazón y de pensar aquel privilegiadísimo cerebro del que brotaban sin cesar las ideas mas luminosas!. Y,sin embargo,esta es la triste realidad ante la cual por la fuerza hay que resignarse.

Muchos años tenía el noble anciano cuyos restos queridos duermen el sueño eterno en el Campo Santo de esa bella y atrayente ciudad;pero había tanto "calor de alma"en sus escritos y manifestábase tan animoso en todos sus actos,que nada hacía esperar un desenlace tan inmediato. Al contario;la engañosa ilusión inducíanos a creer a los que éramos sus innumerables admiradores,que aún podríamos disfrutar,durante algun tiempo,el grato placer de bañar nuestro espíritu con las magistrales producciones de aquel hombre excelso y verdaderamente genial Mas,no fue así;el Hado fatal dispuso otra cosa y no cabe rebelarse contra él?...

El escrito que en I2 de Agosto del año anterior dirigí a esa meritísima Academia,era algo así como una mezcla de íntima satisfacción y de pena:de satisfacción por que le enviaba una joya de no escaso valor moral-la última elucubración del llorado Curros Enríquez-que a enriquecer iba el archivo de ese intelectual Centro al cultivo y conservación de la dulce habla gallega consagrado;y de pena,porque-¿a qué negarlo?-penoso me fué desprenderme de lo que tuve el cuidado de guardar durante catorce años con la amorosa devoción que suelen conservarse las mas santas reliquias.

En cambio estos renglones son tristes por que a darles a ustedes mi pésame mas sentido se encaminan.

Sí,dignísimos y muy estimados señores,sepan que les acompaño a sentir la pérdida del hombre singular que,con acierto insuperable,presidía esa casa gallega,muy gallega,pero tambien muy española,de la que soy devoto y ferviente admirador.

Queda de ustedes este su atento servidor y compatriota que les estrecha cordialísimamente la mano,

Juan G. Pumariega

Avenida IO de Octubre(antes Calzada de Jesús del Monte)560,altos,Víbora.

Carta de pésame de Juan G. Pumariega á RAG

Habana 23 de Marzo de 1923

Distinguidos señores:

¡Qué ajeno estaba yo al leer lleno de regocijo, y hasta de orgullo un atentísimo escrito de fecha 20 de Septiembre último conque me honró el "Patriarca" de esa ilustre Academia y eminente escritor don Manuel Murguía, dándome gracias por haber donado a dicha Corporación las postreras cuartillas escritas por el inolvidable Curros Enríquez; qué ajeno estaba yo, digo, de que había de dejar de latir tan pronto aquel gran corazón y de pensar aquel privilegiadísimo cerebro del que brotaban sin cesar las ideas más luminosas! Y, sin embargo, esta es la triste realidad ante la cual *por la fuerza* hay que resignarse.

Muchos años tenía el noble anciano cuyos restos queridos duermen el sueño eterno en el Campo Santo de esa bella y atrayente ciudad; pero había tanto "calor del alma" en sus escritos y manifestábase tan animoso en todos sus actos, que nada hacía esperar un desenlace tan inmediato. Al contrario, la engañosa ilusión inducíanos a creer a los que éramos sus innumerables admiradores, que aún podríamos disfrutar, durante algún tiempo, el grato placer de bañar nuestro espíritu con las magistrales producciones de aquel hombre excelso y verdaderamente genial. Mas no fue así; el Hado fatal dispuso otra cosa y no cabe rebelarse contra él…

El escrito que en 12 de Agosto del año anterior dirigí a esa meritísima Academia, era algo así como una mezcla de íntima satisfacción y de pena: de satisfacción por que le enviaba una joya de no escaso valor moral -la última elucubración del llorado Curros Enríquez- que a enriquecer iba el archivo de ese intelectual Centro al cultivo y conservación de la dulce habla gallega consagrado; y de pena, porque -¿a qué negarlo?- penoso me fué desprenderme de lo que tuve el cuidado de guardar durante catorce años con la amorosa devoción que suelen conservarse las mas santas reliquias.

En cambio estos renglones son tristes por que a darles a ustedes mi pésame mas sentido se encaminan.

Sí, dignísimos y muy estimados señores, sepan que les acompaño a sentir la pérdida del hombre singular que, con acierto insuperable, presidía esa casa gallega, muy gallega, pero también muy española, de la que soy devoto y ferviente admirador.

Queda de ustedes este su atento servidor y compatriota que le estrecha coridialímamente la mano

Juan G. Pumariega (asinado)

Avenida 10 de Octubre (antes Calzada de Jesús del Monte) 560, altos, Víbora.

O derradeiro artigo de Curros

O artigo de Curros que transcribimos estaba destinado á sección denominada "La Prensa" por comentar as diversas opinións que suscita a actualidade política e social nos distintos medios de comunicación da Habana. Pola súa propia natureza e contido era unha sección polémica e problemática que requería un profundo coñecemento da realidade cubana da época. Concretamente neste derradeiro artigo Curros está a referirse á viaxe do gobernador xeral Charles E. Magoon a Estados Unidos chamado polo seu Goberno. O contexto desta chamada prodúcese durante a denominada Segunda intervención estadounidense en Cuba que comeza cando o presidente cubano Tomás Estrada Palma pide en 1906 a mediación de Estados Unidos. Esta intervención dirixida na súa segunda etapa por Mr. Magoo caracterizouse polo derroche de fondos públicos, a corrupción administrativa, a represión obreira e a imposición da moeda estadounidense. Esta segunda intervención rematará coa vitoria electoral de José Miguel Gómez en novembro de 1908, poucos meses despois da morte de Curros. Precisamente o día 9 de marzo, un día despois da morte de Curros, regresa Mr. Magoon de Washington e dálle o pésame ao director do *Diario de la Marina* que acudirá a recibir o mandatario dos Estados Unidos.

A viaxe e chamada de Mr. Magoon estaba rodeada de recelos económicos diversos polo proceso de "yanquización" que estaba a transformar a economía cubana en detrimento dos intereses doutras nacións.

LA PRENSA

Veinte versiones distintas han llegado a nosotros acerca del verdadero motivo de la llamada a Washinton de Mr. Magoon.

Las hay para todos los gustos. Pero entre ellas encontramos una que merece fijar la atención que es la que se refiere a causas de orden diplomático.

Como la llamada de nuestro Gobernador General coincide con el regreso a los Estados Unidos del representante de Cuba en Washinton, ocurre preguntar: ¿traerá el Sr. Gonzalo de Quesada muchas impresiones recogidas en su viaje por Europa acerca de nuestro Gobierno? En este caso el viaje de Mr. Magoon estaría justificado hasta cierto punto.

Sin embargo a poco que se medite sobre la materia hay que desechar ese pensamiento porque hasta ahora no se puede asegurar que potencia alguna tenga motivos de queja contra la intervención ni que se le hayan hecho observaciones o pasado notas que impliquen roce o frialdad de relaciones internacionales.

Si esas quejas o esas notas existieran, lo hubiéramos sabido aquí inmediatamente, pues es de suponer que Mr. Magoon no haría de ellas un secreto de Estado.

Con todo, sin existir esas quejas ni esas observaciones, pudiera haber indicios en Washinton de que algunas naciones verían con gusto que continuasen garantizados sus intereses después de cesar en Cuba el control americano como lo habían estado desde septiembre de 1906 hasta ahora; y entonces sí que no tendría nada de extraño el viaje de Mr. Magoon para consultarle respecto de ese extremo sobre el cual no dice nada en su informe ni tampoco estaba llamado a emitir dictamen.

****

Esa posibilidad de dar garantías no se le ocultó a *La Discusión*, que terminantemente las pide al excitar a Mr. Magoon para que informe a su gobierno respecto de la forma en que habrá de realizarse la restauración de la República.

Por cierto que *El Triunfo* cree que tales garantías no hacen falta; pero esta es una opinión de aquí, del país, y *La Discusión* se refiere a posibles reclamaciones de las potencias que tienen intereses en la isla; siendo de esperar que, esas legítimas garantías, no las rechace el órgano del [...] que escribe a este propósito; "pues pudieran ser de tal naturaleza y de resultados tan infalibles que nos uniéramos a *La Discusión* para pedirlas siempre que las tales garantías sirvan para que Cuba goce de todos los beneficios del orden y de la libertad, no para que en ellas se ampare un gobierno impuesto por las circunstancias como se *amparó* en la Enmienda Platt el gobierno Estrada Palma para matar la libertad y fomentar el descontento popular que dio por resultado su caída, a pesar de las garantías que, al parecer le ofrecía aquel Apéndice Constitucional.

En lo cual *El Triunfo* está muy razonable, muy justo y muy expresivo, pues parece persuadido, como nosotros, de que la Enmienda Platt es una garantía sólo en apariencia.

***

Como el viaje de Mr. Magoon responda al deseo del gobierno americano de complacer a esas potencias dándoles las garantías de paz y libertad a que se refiere *El Triunfo* –en la hipótesis que tal deseo se haya manifestado- queda a discutir la forma en que se les habrán de dar. Y para esto tendría que ser consultado Mr. Magoon acerca de cual de los dos candidatos a la Presidencia de la República ofrece mayores garantías de esa clase.

Si acerca de ese punto fuese interrogado Mr. Magoon ¿qué contestaría? He ahí lo que habría que adivinar para adquirir desde luego una completa tranquilidad sobre nuestros destinos futuros.

Porque es indudable que nuestro Gobernador Provisional tiene en su mano la resolución del problema.

Veintisiete mil empleados de todos los órdenes –el civil, el judicial, el militar, el Orden Público- constituyen un contingente respetable, a parte del prestigio de su autoridad; y aunque él no se proponga usar y menos abusar de toda esa fuerza, que en funciones electorales se multiplica, la sospecha sólo de que pudiera sentir más simpatías por un candidato que por otro, haría que la mayoría de esos votos decidieran la elección, ya que desgraciadamente parece haberse convenido de que entre los sacrificios de la patria puede entrar todo menos las credenciales y las esperanzas de vivir del presupuesto.

***

Ahora bien: Mr. Magoon, que tiene mucho talento, no tiene el necesario para disimular sus simpatías, o cuando menos su inclinación hacia uno de los candidatos; y caso de que en Washinton se le consulte acerca de ellos, es de suponer que, consecuente consigo mismo, preconice al de su preferencia.

Mas como puede suceder también que desde que demostró sus simpatías por uno de los candidatos haya meditado y por efecto de sus meditaciones se abstenga de recomendarle, ¿qué resultaría apurando las hipótesis? Pues pudiera resultar que se pensase en un tercer candidato, y entonces este se encontraría con los veintisiete mil votos de "bóbilis bóbilis" y además la concentración que persigue el órgano de los conservadores. Hasta ahí podía llegarse estirando la cuerda de las causas diplomáticas para la llamada de Mr. Magoon.

La perspectiva que llegados a este extremo se descubre, no es muy lisonjera para el general José Miguel ni para el Sr. Zayas.

Pero aquí no [he] hecho más que analizar una de las muchas versiones que circulan respecto del viaje

¿No decía *La Lucha* a los batidores del cobre que estaban liquidados?

Pues vea estos recortes de *La Nación* y díganos después qué hay de liquidación.

> *"Si el escritor de "La Lucha", fuera de los liquidados estamos seguros que no estaría contento con el liquidador.*
> *Es cierto que los que fueron a la guerra, fueron a cumplir un deber, pero es lógico que la patria por quien pelearon hasta constituír la República, en igualdad de condiciones y aptitudes debe ciegamente preferir al soldado que la sirvió que aquel que hizo armas contra ella: eso no es constituír un privilegio, es únicamente hacer un acto de justicia."*

Esa, esa es la tesis revolucionaria que nos sirve a nosotros para juzgar quien está dentro o fuera de ella.

***

Sigue *La Nación*:

> *"Cuba ha sido espléndidamente generosa como ningún país del mundo lo fuera con sus hijos que pelearon por su independencia."*
>
> *Nos parece un poco exagerada la nota que suponemos que al escritor excitado en un arranque patriótico ser le fue la pluma.*
>
> *Nosotros por el contrario la encontramos mezquina, los actos de generosidad han sido escasos; recuerde el articulista al Brigadier Benítez muerto en la miseria en Manzanillo, al Mayor general José María Rodríguez muerto en igual condición, al General José Lacret y Morlt consumido por la desesperación, el desencanto y la miseria.*
>
> *Y si eso sucedió con los Generales cual no habrá sido la suerte de los soldados, en su mayor parte abandonados hasta de sus propios jefes.*

Y diga el colega: si a ninguno de esos veteranos se le ha liquidado, habrá que apelar a otro empréstito o no?

¿Y lo hará José Miguel o el Sr. Zayas?

Conviene saberlo para satisfacción de los contribuyentes. Estamos deseando conocer el tercer candidato para hacerle la misma pregunta.

El colega termina:

> *El pretexto que se da es que somos muchos los que tenemos reclamaciones pendientes que no nos quieren resolver, sin duda porque no están aún traspasados a algún especulador, o porque Mr. Magoon quiere dejar esa responsabilidad al gobierno cubano que se establezca.*
>
> *"Defendieron la causa de la independencia de Cuba, y Cuba les ha pagado y les paga a manos llenas sus servicios.*
>
> *Cuba, pues, ha liquidado su cuenta con sus servidores. Estos, hoy no tienen más derecho, que los demás cubanos. Ni superiores ni inferiores."*
>
> *Vamos por parte, Sr. Liquidador. Cuba a muchos no nos ha pagado y por consiguiente nos debe aún. Además, aunque fuera cierto la liquidación del pago de la deuda, no borra el servicio recibido, ni el*

agradecimiento y obligación que de sentir y tener aquel a quien se ha servido.

Además siguiendo esa teoría, como Cuba no ha pagado a los que por ella peleamos durante diez años, Cuba entonces, reconocerá el liquidador, está aún en deuda con nosotros; con que ya se ve que no es cierto que Cuba haya saldado sus cuentas con el Ejército.

Ojalá llegara a saldar lo que nos adeuda, que bien nos alegraríamos.

Y por los demás siempre hemos creído que debe ser precisamente lo contrario de lo que sucede hoy con los destinos públicos, que se dan tan solo por el favor que goza la camarilla que rodea a Mr. Magoon y es un monopolio tan descarado que hasta se crean los destinos para complacer a los amigos.

Esas faltas no son del pueblo, son de los gubernamentales incondicionales a quienes suponemos conoce bien el liquidador.

A continuación reprodución das doce páxinas manuscritas da carta



La Prensa

Veinte versiones distintas han llegado á nosotros acerca del verdadero motivo de la llamada á Washington de Mr Magoon.

Las hay para todos los gustos. ~~De todas ellas~~

Pero entre ellas ~~hay~~ encontramos una que merece fijar la atención y es la que se refiere á causas de orden diplomático.

~~Según ella, el Gobernador General es llamado á consecuencia~~

Como la llamada de nuestro Gobernador General coincide con ~~la~~ el regreso á los Estados Unidos del representante de Cuba en Washington, ocurre preguntar: ¿traería el Sr Gonzalo de Quesada malas impresiones recogidas en ~~Ax~~



2/

su viaje por Europa acerca de nuestro
gobierno? En este caso el viaje de Mr
Magoon estaría justificado hasta cierto
punto.

Sin embargo, á poco que se medite
sobre la materia hay que desechar ese
pensamiento porque hasta ahora no se
puede asegurar ~~tenemos noticia de~~ que potencia alguna
tenga motivos de queja ~~para~~ contra
la intervención ni ~~de~~ que se le hayan
hecho observaciones ó pasado notas
que impliquen voce ó frialdad de re-
laciones internacionales.

Si esas quejas ó esas notas exis-



3/

tieran, lo hubiéramos sabido aquí in-
mediatamente, pues es de suponer que
Mr Magoon no haría de ellas
un secreto de Estado.

Con todo, sin existir esas quejas
ni esas observaciones, pudiera haber in-
dicios en Washington de que algunas naciones verían
con gusto que continuasen garantidos sus intereses des-
pues de cesar en Cuba el control
americano como lo habían estado
desde Septiembre de 1906 hasta ahora;
y entonces sí que no tendría nada
de extraño el viaje de Mr Magoon
para consultarle respecto de ese extre-
mo sobre el cual no dice nada en su
informe ni tampoco estaba llamado á emitir
dictamen.

\+ + +

Esa posibilidad de dar garantías
no se le ocultó á La Discusión, que
terminantemente las pide al excitar



4/ á Mr Magoon para que infor-
me á su gobierno respecto de la for-
ma en que habrá de realizarse la
restauracion de la República.

Por cierto que El Triunfo cree
que tales garantías no hacen falta;
pero esta es una opinion de aquí,
del país, y La Discusion se refiere
á posibles reclamaciones de las
potencias que tienen intereses en la
isla; siendo de esperar que, ~~si esas~~
legítimas esas garantías, ~~[illegible]~~ no las re-
chace el órgano del miguelismo
que escribe á este propósito: "pues
pudieran ser de tal naturaleza y de
resultados tan infalibles, que nos
uniéramos á "La Discusion" para pe-
dirlas, siempre que las tales ga-
rantías sirvan para que Cuba
goce de todos los beneficios
del orden y de la libertad, no



5/

para que en ellas se ampare
un gobierno impuesto por las cir-
cunstancias, como se amparó en
la Enmienda Platt el gobierno de
Estrada Palma para matar la
libertad y fomentar el descon-
tento popular que dió por re-
sultado en caída, á pesar de
las garantías que, al parecer
le ofrecía aquel Apendice Cons-
titucional."

En lo cual El Triunfo está
muy razonable, muy justo
y muy expresivo, pues parece
persuadido, como nosotros, de
que la Enmienda Platt es ~~sólo~~
una garantía sólo en apa-
riencia.

+ + +

Como ~~[illegible]~~ el viaje de



6/ Mr Magoon responda al deseo
del gobierno americano de complacer
á esas potencias dándoles las ga-
rantías de paz y libertad á que
~~se~~ se refiere El Triunfo en la
hipótesis de que tal ~~por supuesto ese~~ deseo se haya manifestado —
queda á discutir la forma en que
se les habrán de dar. Y para
esto tendría que ser consultado
Mr Magoon acerca de cuál
de los dos candidatos á la Presiden-
cia de la República ofrece ma-
yores garantías de esa clase.
Si acerca de ese punto fuese in-
terrogado Mr Magoon, ¿qué con-
testaría? He ahí lo que habría
que adivinar para adquirir des-
de luego una completa tranqui-
lidad sobre nuestros destinos futuros.
Porque es indudable que ~~Mr~~
nuestro Gobernador Provisional



tiene en su mano la resolución del problema.

Veintisietemil empleados de todos los órdenes — el civil, el judicial, el militar, el ~~administrativo~~ ~~el judicial~~, el Orden Público — constituyen un contingente respetable, á parte del prestigio de su autoridad; y aunque él no se proponga usar y menos abusar de toda esa fuerza, que en funciones electorales se multiplica, la sospecha sólo de que pudiera sentir ~~demostrar~~ más simpatías por un candidato que por otro, habría que la mayoría de ~~todos~~ esos votos decidieran la elección, ~~[illegible]~~ ~~[illegible]~~ ya que desgraciadamente parece haberse convencido que entre los sacrificios por la patria puede entrar todo menos las credenciales y las esperanzas de vivir del presupuesto. +++

Ahora bien; Mr Magoon,



8/

que tiene mucho talento, no tuvo
el necesario para disimular sus
simpatías, ~~por un~~ ó cuando menos
su inclinación hacia uno de los
dos candidatos; y como de que
en Washington se le consulte
acerca de ellos, es de suponer
que, consecuente consigo mismo, ~~se~~
preconice al de su preferencia.

Mas como puede suceder tam-
bien que ~~sobre~~ desde que, demostró
sus simpatías ~~esa preferencia~~ por uno de los
candidatos haya meditado y por
efecto de sus meditaciones ~~se abstenga~~ de recomendarle,
¿qué resultaría, ~~llevando~~ apu-
rando las hipótesis? Pues pu-
diera resultar que se pensase
en un tercer candidato, y en-
tonces éste se encontraría con
los veintisiete mil votos



9/

de "bóbilis bóbilis" ap. además, la concentración que persigue el órgano de los conservadores.

Hasta ahí podía llegarse estirando la cuerda de las ~~[illegible]~~ causas diplomáticas para la llamada de Mr Magnan.

La perspectiva que llegados á este extremo se descubre, no es muy lisonjera para el general José Miguel ni para el Sr Zayas: ~~ni estamos por~~

Pero aquí no hecho más que analizar una de las ~~[illegible]~~ muchas ~~[illegible]~~ que circulan respecto del viaje tico para alarmarse.

En cualquier caso, Dios sobre todo.



Si el escritor de "La Lucha", fuera de los liquidados estamos seguros que no estaría contento con el liquidador.

Es cierto que los que fueron á la guerra, fueron á cumplir un deber, pero es lógico que la patria por quien pelearon hasta constituir la República, en igualdad de condiciones y aptitudes debe ciegamente preferir al soldado que la sirvió que aquel que hizo armas contra ella: eso no es constituir un privilegio, es únicamente hacer un acto de justicia.



11/

Sin reflexión

"Cuba ha sido espléndidamente generosa como ningún país del mundo lo fuera con sus hijos que pelearon por su independencia."

Nos parece un poco exagerada la nota y suponemos que al escritor excitado en un arranque patriótico se le fué la pluma.

Nosotros por el contrario la encontramos mezquina, los actos de generosidad han sido escasos; recuerde el articulista al Brigadier Benítez muerto en la miseria en Manzanillo, al Mayor General José María Rodríguez muerto en igual condición, al General José Lacret y Morlt consumido por la desesperación, el desencanto y la miseria.

Y si eso sucedió con los Generales cual no habrá sido la suerte de los soldados, en su mayor parte abandonados hasta de sus propios jefes.

Y diga el colega: si a ninguno de esos veteranos se le ha liquidado, habrá que apelar á otro empréstito ó no?

¿Y lo hará José Miguel ó el Sr Zayas?

Conviene saberlo para satisfacción de los contribuyentes.

Estamos deseando conocer el tercer candidato para hacerle la misma pregunta.

El colega termina:



El pretexto que se ldá es que somos muchos los que tenemos reclamaciones pendientes, que no nos quieren resolver, sin duda porque no están aún traspasados á algún especulador, ó porque Mr. Magoon quiere dejar esa responsabilidad al gobierno cubano que se establezca.

"Defendieron la causa de la independencia de Cuba, y Cuba les ha pagado y les paga á manos llenas sus servicios.

Cuba, pues, ha liquidado su cuenta con sus servidores. Estos, hoy no tienen más derecho, que los demás cubanos. Ni superiores ni inferiores."

Vamos por parte, Sr. Liquidador. Cuba á muchos no nos ha pagado y por consiguiente nos debe aún. Además aunque fuera cierto la liquidación del pago de la deuda, no borra el servicio recibido, ni el agradecimiento y obligación que de sentir y tener aquel á quien se ha servido.

Además siguiendo esa teoría, como Cuba no ha pagado á los que por ella peleamos durante diez años, Cuba entonces, reconocerá el liquidador, está aún en deuda con nosotros: conque ya se ve que no es cierto que Cuba haya saldado sus cuentas con el Ejército.

Ojalá llegara á saldar lo que nos adeuda, que bien nos alegraríamos.

Y por lo demás siempre hemos creído que debe ser precisamente lo contrario de lo que sucede hoy con los destinos públicos, que se dan tal solo por el favor que goza la camarilla que rodea á Mr. Magoon y es un monopolio tan descarado que hasta se crean los destinos para complacer á los amigos.

Esas faltas no son del pueblo, son de los gubernamentales incondicionales á quienes suponemos conoce bien el liquidador.

TEXTOS E DOCUMENTOS

Un novo documento para a historia da Casa da Matanza

Ana Acuña
Universidade de Vigo

1. Introdución[1]

No marco da celebración do cincuenta aniversario da Casa Museo, presentamos un documento manuscrito de grande interese para a historia da derradeira casa habitada por Rosalía de Castro. Trátase dunha carta de Fortunato Cruces que chegou en imaxe á Fundación Rosalía de Castro procedente da familia Sáenz-Díez de Pontevedra.

A continuación presentaremos algúns dos datos textuais e extratextuais máis relevantes da misiva. Con todo, parécenos pertinente sintetizar nunhas liñas o que nela se trata: o xornalista Fortunato Cruces diríxese a Ramona Castro, como propietaria, para preguntarlle o prezo da derradeira morada de Rosalía de Castro e solicitarlle unha demora na venda mentres el intenta que a colectividade galega emigrada se una para a súa compra.

[1] Este traballo vincúlase ao proxecto "Recuperación do patrimonio teatral de Galicia 4 (1936-1973)" con referencia PID2020-115649RB-100. Queremos deixar constancia do noso agradecemento ao persoal da biblioteca do Museo de Pontevedra e da biblioteca do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

2. Emisor e receptora

Como xa se anunciou, o emisor da carta é Fortunato Cruces Angueira quen, o 2 de maio de 1940, redacta dende Bos Aires (Arxentina) unha carta dirixida a Ramona Castro, residente en Padrón. Vivía daquela Cruces na rúa General Urquiza da capital bonaerense (Solís Cortizas 2013: 13), onde estaba a administración do xornal *Nova Galicia* por el creado e dirixido. Este xornal está visible na epístola grazas ás alusións e ao cuño que aparece en varias páxinas.

Fortunato Cruces (Lestrobe, Dodro, 06/06/1870) emigrara a Arxentina en 1885. No país de acollida desenvolveu un importante labor como xornalista e exerceu de avogado e procurador. Como é habitual nas persoas emigradas, previamente dedicárase a outros oficios (empregado de comercio, pasante nun gabinete de avogados, empregado nos escritorios dun almacén…) en diferentes poboacións antes de asentar na capital bonaerense, onde morrería o 18/01/1961.

O lugar de nacemento en Lestrobe propiciou que Fortunato Cruces coñecese a Rosalía de Castro pois "na primavera de 1880 foi elixido polo seu maestro [sic], xunto con outros compañeiros de escola, para ir a visitar á escritora Rosalía de Castro, recén chegada á aldea natal co fin de pasar uns días co seu primo José de la Hermida y Castro" (Solís Cortizas 2013: 9).

O recordo da poeta non o abandonaría ao longo da súa vida, de aí que tamén na súa actividade pública e literaria estea presente Rosalía. Por exemplo, en 1904 Fortunato Cruces, xunto con outros intelectuais e xornalistas, promoveu a creación do Ateneo Rosalía de Castro para, entre outros obxectivos, ter un centro de reunión, defender Galicia ou "realizar uns xogos florais e recaudar fondos para erixir un mausoleo á memoria da escritora padronesa" (Solís Cortizas 2013: 12).

Na súa obra literaria Fortunato Cruces relata o encontro coa poeta. Así en *Castañolas. Contos, cartas, descursos, cantares e outras cousas* (1913) recóllese un texto titulado "Recordando a miña terra e a Rosalía de Castro"no que, ademais de evocar o Lestrobe da infancia, lembra os espazos relacionados con Rosalía e os momentos compartidos coa poeta (Solís Cortizas 2013: 61-62).

Segundo o seu testemuño na entrevista a Avelino Díaz e no libro citado (*Castañolas*), Fortunato Cruces asistiu ao enterro da poeta en Adina, pero antes fora "santificado por su mano que se posó sobre mi acariciándome, como a mis compañeros de clase" (Díaz 1955: 23).

Por outra parte, ao libro *Cousas Gallegas* (1923) pertence un longo poema dedicado por Cruces "A Rosalía Castro En el aniversario de su muerte" que vén ser unha "Oración" marcada polo tópico da Rosalía chorona con versos como "Rezemos n-este día / por unha y-alma morta, / que pasou a vida / chora que te chora" (Cruces 1923>2020: 89).

Ademais do labor literario (con tres libros publicados de diferentes xéneros: *Primeiras Follas*, *Castañolas* e *Cousas Gallegas*), da participación na fundación de xornais (*Correo de Galicia*), da creación de *Nova Galicia* e da colaboración na prensa con diferentes textos (*Revista Gallega*, *Gaceta de Galicia*, *Galicia Moderna*, *El Eco de Galicia*, *Correo de Galicia*, *Galicia Literaria*, *El Heraldo Gallego* e *Terra: órgano del Centro Gallego de Córdoba*) e pseudónimos, Fortunato Cruces foi un gran dinamizador da colectividade galega na Arxentina como impulsor do asociacionismo ou como participante nas súas actividades, feitos que o levaron a ser recoñecido na emigración e no concello natal de Dodro.

A destinataria da carta é Ramona Castro, propietaria da casa da Matanza e que desexa vendela o antes posible. Reside dona Ramona, viúva de Rogelio Figueroa, en Padrón e, segundo o cuño da correspondencia posterior mantida entre esta e Xosé Mosquera, debeu dedicarse á venda de ovos e froita ("Huevos y frutas del país").

3. Contido da carta

Presentados o emisor e a receptora, cómpre agora profundar no contido do documento reproducido: no motivo (prezo, compra e venda da casa da Matanza) e noutros subtemas implícitos no marco espazo-temporal (visión da colectividade galega, saudade de Galicia…).

En canto ao motivo da carta, Fortunato Cruces pretende unha moratoria na venda da casa na que Rosalía vivira os seus últimos días (a da Matanza en Padrón), e coñecer o custo nun intento de compra por parte da colectividade emigrada. Neste sentido é como se entenden as palabras do de Lestrobe:

> "Trate de demorar algo la venta. (…) Aqui hice mucha propaganda para que se comprase por las Sociedades, pero están xordas (…) le suplico me diga Vd. el precio de esa casa, porque no perdí la esperanza de que se realice la compra (…) Le suplico, Doña Ramona, me escriba lo mas prontito, y me diga el precio final".

Segundo o manifestado na misiva, é de supoñer que Dona Ramona se dirixiría o 3 de abril de 1940 a Fortunato Cruces (ou a *Nova Galicia*) e que nela lle falaría da venda da casa. Este proceder por parte das sucesivas propietarias da Matanza de dirixirse á colectividade emigrada parece que foi común se revisamos a historia e a documentación (por exemplo de Casto Sampedro). En 1918, a por entón dona (Catalina Bueso) escribe un anuncio en *El Imparcial* informando da venda da súa propiedade. Case unha década despois, en 1927, a revista *Céltiga* de Buenos Aires tamén se fai eco das cartas enviadas pola propietaria co desexo urxente de vender.

Por tanto, este intento de compra/venda da casa da Matanza en 1940 e da que fala Fortunato Cruces foi un dos varios ocorridos dende 1918 e que non frutificarían ata 1946. Neste ano de 1946, Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel conseguirían xuntar os

cartos para pagar a Ramona Castro. Con todo, a axuda procedente da Arxentina será esencial para que, trala morte de Villar Granjel, Mosquera Pérez puidese recuperar os cartos investidos e cederlle ao Padroado a casa da Matanza.

Outro tema que transloce a carta redactada por Fortunato Cruces é o seu labor entre a colectividade galega ("hice mucha propaganda") a pesar da súa desunión ("cada un traballa pr´o seu bolsillo"), da falta de interese pola cultura galega ("lo que se diga que los gallegos de aqui, son unos patriotas es pura farsa y mentira") e da hipocrisía ("teñen vergonza de anunciar cousas gallegas", "hacen farras, invocando a la poeta pero todo es de boca afuera").

En relación ao tema que se acaba de explicar, resulta curioso como Fortunato Cruces recorre á hibridación lingüística (castelán e galego) á hora de valorar, criticamente, o comportamento dos galegos na emigración. Non obstante e como demostrará o tempo, sen a axuda dos galegos e galegas da Arxentina a compra e a conversión en Casa Museo non sería unha realidade.

Fortunato Cruces, considerado "líder étnico, no marco dunha comunidade inmigrante que medrou de forma continua entre 1890 e 1930" (Núñez Seixas 2020: 45), dóese na carta reproducida polo comportamento desa comunidade inmigrante ("Morreu à fé ê a hirmandá"). Por esta razón valora a posibilidade de dirixirse aos arxentinos e arxentinas, talvez de forma esaxerada para impresionar á destinataria cando Fortunato Cruces alude ao Presidente da República ("haré los medios de que la adquieran 50 argentinos[2] de mi amistad y entre ellos el Excmo Sr. Presidente de la República, que aman à Galicia y las obras de Rosalía Castro").

As saudades do Lestrobe natal están presentes dende as primeiras ata as últimas liñas da carta de Cruces ("eses currunchos tan queridos n´os [que] soño e penso en todal´as horas", "desde o Xardin, votarei un atruxo que se escoite n-as casas de meus amigos"). Como xa se indicou, este aspecto é un dos eixos temáticos da obra literaria de Fortunato Cruces, con independencia do xénero (en *Cousas* reprodúcense mostras poéticas e narrativas enmarcadas en Lestrobe e nas torres da Hermida[3]). Repárese nos usos lingüísticos pois, cando Fortunato Cruces evoca a súa terra de orixe, acode ao galego para explicar os seus sentimentos e desexos.

Outro aspecto relevante da carta é a aclaración sobre a finalidade da compra da casa da Matanza, pois Fortunato Cruces considera que debería converterse en Museo e "Escuela de poesía, pintura y música". Tamén se interesa polo "Palacio de Hermida" ata o punto de que pregunta se "en la huerta, está la otra mesa de piedra" e mesmo pide un retrato de José Vázquez Batalla (dono do Pazo da Hermida de Lestrobe). Anos despois, os definitivos compradores da casa (Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel), terán unha idea moito máis ambiciosa ao pretender comprar e adaptar as restantes moradas

[2] Subliñado no orixinal.

[3] Léanse as páxinas 11 e 136, por exemplo.

de Rosalía (Arretén e Lestrobe) para dedicalas a casa refuxio de artistas e a orfanato de artistas.

Por último, varios elementos da carta permiten apreciar a ideoloxía de Fortunato Cruces. Un deles amósase de xeito visible no encabezamento con exclamacións ("¡arriba España!" "¡Viva el General Franco!") e remiten á adhesión ao réxime imperante en España en 1940. Non resulta rechamante esta adhesión de Fortunato Cruces pois xa con anterioridade se manifestara a favor da ditadura de Primo de Rivera e o xornal da súa dirección saudou o alzamento militar para "defender a orde social fronte ao que sempre fora o seu grande inimigo, a anarquía e a ameaza do socialismo" (Núñez Seixas 2020: 45).

Con respecto á suposta ameaza socialista ou "rusa", nesa liña debe entenderse a alusión de Fortunato Cruces na carta a Ramona Castro cando escribe "Esta coleutividá de gallegos metéuselles n-o corpo unha peste de lombrigas rusas y-están todos envenenados".

Precisamente a correspondencia futura mantida entre o efectivo comprador da casa da Matanza, Xosé Mosquera Pérez, e as persoas galegas residentes en Arxentina padecerá os efectos da censura franquista e terán que idear modos de relacionarse sen comprometerse. Esta xa é outra historia pendente de escribir.

BIBLIOGRAFÍA CITADA E OUTRAS FONTES:

Arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro. Fondo Xosé Mosquera Pérez.

Arquivo do Museo de Pontevedra. Fondo Casto Sampedro Folgar.

Cruces, Fortunato (2020<1923): *Cousas Gallegas*. Edición Facsimilar. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Díaz, Avelino (1955): "Don Fortunato Cruces Decano de los Periodistas Gallegos en América", *Galicia Emigrante*, 14, 23-24.

Núñez Seixas, Xosé M. (2020): "Fortunato Cruces (1870-1961), un xornalista galego en Bos Aires: axitación societaria, patriotismo «rexional» e liderado étnico" en F. Cruces, *Cousas Gallegas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 15-46.

Solís Cortizas, María Vanesa (edición, introdución e notas) (2013): *A obra narrativa en galego de Fortunato Cruces*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.


"NOVA GALICIA"
GRAL. URQUIZA 1380
BUENOS AIRES

¡Arriba España!
¡Viva el General Franco!

Señora Ramona
Castro Viuda de Figueroa.
Padrón.

Mayo 2 de 1940.

De mi respeto:

He recibido, Señora, Su muy apreciable carta fecha 3 de Abril pasado, y mucho se la agradezco. No recuerdo de Vd. pois xa fai moitos anos que non ando por eses curruchos tan queridos, n'os



soño e penso en todas las horas.
Si vosté me di como se cha-
maban seus pais é ogallá que
vivan, estónces poida ser que
m'acorde de vosté.
Me alegra saber que Vd. es
la dueña de la casa en que
falleció Dª Rosalía. Trate de
demorar algo la venta. A mi
modo de pensar, debíamos
hacer en ella un Museo ga-
llego y Escuela de poesía, pin-
tura y música. Aqui hice
mucha propaganda para que
se comprase por las Socie-

dades pero están Xordas
é ogallá que cen. rayos
as fendan. Esta colectividá
de gallegos meténselles n-o
corpo unha peste de lom-
brigas rusas y están to-
dos envenenados.
Dios, ó el Apóstol,
deben volver al Mundo, pero
no á predicar como n-outros
tempos, sinón con ferros,
fervendo pra chuzar n-os
corpos de tantos pillos.
Aqui hasta los co-
merciantes gallegos tenen



vergonza de anunciar cousas
gallegas. Y yo hasta pre-
sento los escritos en los Juz-
gados, hechos en gallego y
los Jueces los aprecian.
Vale decir que los argentinos
quieren á España y á Ga-
licia mejor que los propios
gallegos. Todo lo que se diga
que los gallegos de aqui
son unos patriotas, es pura
farsa y mentira. Cada
un traballa pr'o seu bolsi-
llo. ¡Morreu á fé e a hirmandá

2

De todos modos, Se-
ñora Ramona, le suplico
me diga Vd. el precio
de esa casa, porque no
perdí la esperanza de
que se realice la com-
pra. En último caso
y para verguenza de
los gallegos, haré los
medios de que la ad-
quieran 50 argentinos

Mayo 2 de 1940



de mi amistad y entre ellos
el Exmo Sr. Presidente de
la República, que aman
á Galicia y las obras
de Rosalía Castro.
Los gallegos hacen
farras, invocando á la
poeta, pero todo es
de boca afuera, y
para el estómago lle-
van los callos y el vino,

Le suplico, Doña Ra-
mona, me escriba lo mas
prontito, y me diga el
precio final. Cuide la
Hadreselva y el limonero.
Y dígame si en el Pa-
lacio de Hermida, en la huerta
está la otra mesa de piedra.
Estimaría un retrato de Don
José Vazquez Batalla.
Espero sus noticias an-
tes del 28 de Junio, porque
en el vapor del 2 de Julio
embarco para esa, para
publicar "Nova Galicia"



en Padrón el dia 25.
Llegaré á esa el 21, ó
quizás antes, porque tengo un
viaje gratis de ida y vuelta
en avión de la Compañía
Condor, alemana, hasta Rio
Janeiro, y á lo mejor adelanto
el tiempo. Desde Vigo irei
n'un carro vello turrado por un
cabaliño. E desde o Xardin,
votarei un atruxo que se es-
coite n-as casas de meus amigos.
Señora: saludos á sus hijos,
y respetuosamente de Vd. SS.
Fortunato Cruces

FORTUNATO CRUCES NOVA GALIC

Transcrición[4]

"Nova Galicia" Y ¡Arriba España!
Gral. Urquiza 1380 y ¡Viva el General Franco!

Buenos Aires

Señora Ramona
Castro Viuda de Figueroa Padrón.

Mayo 2 de 1940[5]

De mi respeto:

He recibido, Señora, su muy apreciable carta fecha 3 de Abril pasado, y mucho se la agradezco. No recuerdo de Vd. pois xa fai moitos anos que non ando por eses currunchos tan queridos, n´os [que] soño e penso en todal´as horas. Si vosté me di como se chamaban seus pais é ogallá que vivan, estonces poida ser que m´acorde de vosté.

Me alegra saber que Vd. es la dueña de la casa en que falleció D.ª Rosalía. Trate de demorar algo la venta. A mi modo de pensar, debíamos hacer en ella un Museo gallego y Escuela de poesía, pintura y música. Aqui hice mucha propaganda para que se comprase por las Sociedades, pero están xordas é ogallá que cen rayos as fendan. Esta coleutividá de gallegos metéuselles n-o corpo unha peste de lombrigas rusas y-están todos envenenados.

Dios, ó el Apóstol, deben volver al Mundo, pero no á predicar como n-outros tempos, sinón con ferros fervendo pra chuzar n-os corpos de tantos pillos.

Aqui hasta los comerciantes gallegos teñen vergonza de anunciar cousas gallegas. Y yo hasta presento los escritos en los Juzgados, hechos en gallego y los Jueces los aprecian. Vale decir que los argentinos quieren à España y à Galicia mejor que los propios gallegos. Todo lo que se diga que los gallegos de aquí son unos patriotas, es pura farsa y mentira. Cada un traballa pr´o seu bolsillo. ¡Morreu à fé ê a hirmandá.

---

[4] Carta autógrafa de 8 páxinas, distribuídas en 2 caderniños, manuscritas en tinta negra sobre papel. No comezo de cada caderniño e na última páxina figura o cuño de *Nova Galicia*. Ademais, na primeira páxina aparece a bandeira da Arxentina e unha foto do autor. Respectamos a ortografía e a puntuación na transcrición.

[5] A data aparece escrita no lateral esquerdo, en sentido vertical, na primeira páxina de cada un dos dous caderniños.

De todos modos, Señora Ramona, le suplico me diga Vd. el precio de esa casa, porque no perdí la esperanza de que se realice la compra. En ultimo caso y para verguenza de los gallegos, haré los medios de que la adquieran 50 argentinos de mi amistad y entre ellos el Excmo Sr. Presidente de la República, que aman à Galicia y las obras de Rosalía Castro.

Los gallegos hacen farras, invocando a la poeta pero todo es de boca afuera, y para el estómago llevan los callos y el vino.

Le suplico, Doña Ramona, me escriba lo mas prontito, y me diga el precio final. Cuide la madreselva y el limonero.

Y dígame si en el Palacio de Hermida, en la huerta, está la otra mesa de piedra. Estimaria un retrato de Don José Vazquez Batalla.

Espero sus noticias antes del 28 de Junio, porque en el vapor del 2 de Julio embarco para esa, para publicar "Nova Galicia" en Padrón el dia 25.

Llegaré à esa el 21, ó quizás antes, porque tengo un viaje gratis de ida y vuelta en avión de la Compañía Condor, alemana, hasta Rio Janeiro, y à lo mejor adelanto el tiempo. Desde Vigo irei n´un carro vello turrado por un cabaliño. E desde o Xardin, votarei un atruxo que se escoite n-as casas de meus amigos.

Señora: Saludos à sus hijos, y respetuosamente de Vd. SS.

Fortunato Cruces

TEXTOS E DOCUMENTOS

Recuperación da pía bautismal de Santa María de Dodro onde foran bautizados Gala e Ovidio

Anxo Angueira Viturro
Universidade de Vigo
angueira@uvigo.es

A igrexa parroquial de Santa María de Dodro recuperou en maio de 2021 a pía bautismal do século XVIII na que en 1871 foron bautizados Ovidio e Gala, os fillos xemelgos de Rosalía de Castro e Manuel Murguía, ó seren nados nas Torres de Hermida en Lestrobe, lugar pertencente a dita freguesía. A iniciativa partiu do cura párroco, Francisco Lampón, que observou o lamentable abandono da pía no exterior da igrexa, onde fora deixada ó ser substituída por unha pía moderna carente de valor artístico. Francisco Lampón, con excelente criterio, decidiu incorporala ó interior e situala nun dos testeiros da cruz baixo a impresionante bóveda en forma de vieira coa que se adorna esta igrexa, unha das primeiras obras de Simón Rodríguez, que por outra banda contén outras notables pezas de interese debidas a José Gambino e Francisco de Lens, entre outros.

O propio cura párroco, coñecedor da importancia histórica da pía, ademais da artística, achegou as copias das partidas de bautismo de Ovidio e Gala. Xa foran comentadas por Bouza Brey nos seus *Apuntes para una bio-bibliografía documentada de Rosalía de Castro*, publicados pola RAG en 2015, que na páxina 51 di delas:

Ambas están extendidas el día veinte de Julio de 1871 por el presbítero cura ecónomo de la misma parroquia, don Francisco de Pazos. La niña nació, según el documento, a las tres de la madrugada; el niño a las tres y media, los dos el día dos del propio mes. A aquella se le pusieron los nombres de Gala Blanca Eleonora y a éste los de Ovidio Enmanuel. De ambos fueron padrinos don Ramón Campio Hermida, soltero, primo de Rosalía y Alejandra, la hija mayor de ésta.

Hoxe publicamos copia dos orixinais en *Follas novas* acompañados dunha imaxe da pía bautismal felizmente recuperada.





Lestrove
37

Gala Blanca Eleonora hija de D.n Manuel Murguía y D.a Rosalía Castro. Nació 2 de Julio de 1871

En la Iglesia Parroquial de S.ta Maria de Dodro á veinte de Julio de mil ochocientos setenta y uno: Yo D. Fran.co de Pazos Pbro. cura Ecónomo de la misma bauticé solemnemente y puse los Santos Oleos á una Niña que nació a las tres de la mañana del dia dos del corriente, hija legitima de D. Manuel Murguía y D.a Rosalia Castro vecinos de la Coruña: Abuelos paternos D. Juan Martinez Castro y D.a Concepcion Murguía, el primero de la Ciudad de Santiago y la segunda de Oyarán, Guipuzcoa; maternos D.a Teresa de Castro y Abadía, oriunda de Padron puse le por nombre Gala Blanca Eleonora fueron sus padrinos D. Ramon Campis Hermida vecino de Lestrove de estado soltero y D.a Alejandra Murguía hermana de la recien bautizada. A quienes advertí lo que prebiene el Ritual Romano. Y para que conste lo firmo

Fran.co de Pazos

En la Iglesia Parroquial de S.ta Maria de Dodro á veinte de Julio de mil ochocientos setenta y uno: Yo D. Fran.co de Pazos Pbro. cura Ecónomo de la misma



Dos cientos diez

Lestrove 38

Ovidio Emmanuel hijo de D. Manuel Murguia y D.ª Rosalia Castro. Nació 2 de Julio de 1871

Hermano de la anterior y por tanto Gemelos

bauticé solemnemente y puse los Santos Oleos á un Niño que nació a las tres y media de la mañana del dia dos del corriente hijo legitimo de D. Manuel Murguia y D.ª Rosalia Castro vecinos de la Coruña: Abuelos paternos D. Juan Martinez Castro y D.ª Concepcion Murguia el primero de la Ciudad de Santiago y la segunda de Oyarán Guipuzcoa, Maternos D.ª Teresa de Castro y Abadia oriunda de Padron: pusele por nombre Ovidio Emmanuel fueron sus padrinos D. Ramon Campo Hermida soltero vecino de Lestrove y D.ª Alejandra Murguia asibien soltera hermana del bautizado Aquienes advertí lo que prebiene el Ritual Romano. Y para que conste lo firmo

Fran.co de Pazos

III. RECENSIÓNS

Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro

Mercedes Espiño

Santiago de Compostela
A.C. O Galo / Concello de Santiago
2020
190 pax.

RECENSIÓN

Lydia Fontoira Suris
lydia.fontoira@gmail.com

Inicio a lectura do libro *Espazos de Rosalía en Compostela. Un paseo por Santiago con Rosalía de Castro* con interese pola novidade que representa o achegamento a Rosalía que fai a profesora Mercedes Espiño Amil. Colle a Rosalía e fai con ela un percorrido vital e cultural-turístico pola cidade que a veu nacer. Nova forma de coñecermos mellor á maior das figuras da nosa cultura.

Efectivamente, esta obra participa do espírito turístico, tan importante hoxe en día, ofrecendo a Compostela unha interesante e documentada oferta de acción cultural para a cidade e para os propios composteláns, que probablemente descoñecen moitos dos datos que sobre Rosalía aquí se nos ensinan. Así mesmo, constitúe un achegamento novo e moi documentado á súa vida e á da súa familia, transmitido, ademais, de xeito moi ameno.

Ábrese o libro cun interesante "Limiar" de Francisco Rodríguez Sánchez. Nel vaise debullando a íntima relación de Rosalía coa súa cidade de nacemento e na que viviu a maioría da súa vida. Esta relación, ata o de agora, segundo nos explica o autor do prólogo, non se ten aproveitado para dar unha visión alternativa e diferente de Compostela que non sexa a dominada pola visión dela como broche do camiño de peregrinación. Francisco Rodríguez aproveita para falarnos do valor existencial de Rosalía para facer fronte a un programa vital difícil: soerguer o pobo galego, conciencialo da súa valía,

como idea, e vivir da escrita literaria como realidade. E tamén nos traslada, desde logo, a gran calidade e riqueza da obra rosaliana.

Comeza a obra co apartado "Itinerario", termo de valor polisémico que nos suxire á vez un percorrido físico, ruando a cidade, mais tamén emocional da vida da grande escritora. O itinerario será todo o libro. Será como un novo camiño pola cidade. Aquí estamos ante un listado dos 22 lugares composteláns –nada menos!-, relacionados con ela, e dos que se nos vai falar minuciosamente máis adiante. Así comprendemos de vez a intensidade da relación Rosalía-Compostela.

En "Rosalía... cando e onde" temos o itinerario físico-emocional, unha presentación rápida do percorrido vital de Rosalía e os lugares onde se desenvolveu. Comeza, pois, no momento do seu nacemento. Nesta obra dáse a data do 24 de febreiro de 1837 porque aínda se descoñecían os documentos, de moi recente publicación, que demostran que naceu o día 23 dese mes. E chegamos ata a data da súa morte, o 15 de xullo de 1885, na Matanza, Padrón. Nesta parte indícanse, brevemente, todos os lugares e domicilios nos que vai transcorrendo a vida de Rosalía e a súa familia. Mesmo se anotan as estancias máis curtas. Hai anotación nova cada vez que hai un movemento documentado.

Seguen 22 capítulos, correspondentes a 22 "Puntos" –así se chaman na obra-, ou lugares de Santiago de Compostela nos que se desenvolveu gran parte da vida de Rosalía. Cada punto pode centrarse nun único sitio, ou facer referencia a unha zona da cidade, e englobar, polo tanto, varios lugares ou enderezos próximos entre si. Cada un destes puntos compleméntase con textos, en número variable, relacionados co lugar e co momento vital correspondente.

A presentación dos lugares traza unha liña xeográfica lóxica para deambular pola cidade, a modo de amplísimo roteiro literario da escritora. Este intento de cinxirse ao espazo supón que, en troques, teñamos constantes saltos no tempo da vida de Rosalía. No primeiro dos puntos coinciden o espazo e o tempo, Conxo, o concello onde naceu, hai xa moito tempo integrado no de Santiago. Imos subindo desde o sur da cidade, e percorrendo lugares ás veces xa desaparecidos, como a estación do ferrocarril de Cornes, e outros novos, posteriores a ela, coma o seu propio monumento no que antes era o Paseo da Ferradura de Santiago, mudado en Paseo das Letras Galegas, que se vai enriquecendo pouco a pouco con homenaxes escultóricas a outros escritores. Hai tamén algúns puntos que non se relacionan directamente coa súa vida, pero si indirectamente, como a Rúa de San Clemente, onde está o IES que leva o seu nome, ou o monumento a Manuel Ventura Figueroa. O derradeiro lugar estudado é San Domingos de Bonaval, o antigo convento en cuxa igrexa está o Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan os restos de Rosalía desde maio de 1891.

A relación de lugares é exhaustiva e sempre acompañada de descricións en que se nos dan os datos esenciais da historia dos edificios, dos elementos arquitectónicos e das finalidades que asumiron ao longo dos anos. Logo establece a relación con Rosalía.

Ao fío desas descricións, e a través dos textos seleccionados que acompañan o estudo en cada punto, imos coñecendo tamén algo da historia social e ata bélica acaecida en Santiago naquel tempo. Así nos achegamos ao Banquete Democrático de Conxo, sobre o que se nos dan explicacións históricas acerca da súa orixe, e podemos ler os famosos brindes de Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane. E tamén coñecemos de primeira man tristes lembranzas do día da Batalla de Cacheiras, 23 de abril de 1846, en que as tropas de Miguel de Solís foron derrotadas, e que Murguía –daquela un rapaz de 13 anos- rememora nun artigo escrito dez anos máis tarde e que reeditará varias veces ao longo da súa vida.

A capacidade de transmisión de datos de carácter diverso que ten a obra é rechamante, e o mesmo se nos fala de aspectos pouco coñecidos de Rosalía, como o feito de que parece que tivo un irmán, que sería maior ca ela, que morreu na infancia; como das importantes dificultades económicas polas que pasou a familia en moitos momentos, véndose mesmo obrigados a vender os seus libros para subsistir, así como os numerosos cambios de domicilio en procura dunha morada máis axeitada aos seus recursos; como se nos informa das diferentes marcas de propiedade que figuraban nas fachadas das casas antigas de Santiago, a do Cabido, a do Concello etc., moitas aínda se conservan hoxe. Tamén precisa a autora as estancias de Rosalía noutros lugares diferentes a Santiago e cando se produciron. Recibimos sempre moita e coidada información.

No desenvolvemento da obra insírense constantemente textos que apoian documentalmente as afirmacións da autora o que, desde o meu punto de vista, lle confire profundidade, e tamén movemento e atractivo.

Dos 63 textos complementarios que acompañan os diferentes puntos, aínda que maioritariamente son de Rosalía, hai 11 que pertencen a outras plumas, case todas coñecidas. Mercedes Espiño seleccionou 2 textos de Aurelio Aguirre, 1 de Eduardo Pondal, 1 de Luís Rodríguez Seoane, 1 de Manuel María, 1 de Federico García Lorca, 1 dun correspondente en Pontevedra do xornal *Heraldo*, de Madrid, 3 de Murguía e 1 de Manuel Curros Enríquez. Como vemos, non todos son coetáneos de Rosalía, pois se selecciona un artigo de Manuel María publicado en *A Nosa Terra* e mais un poema de Federico García Lorca dedicado a Rosalía, un dos *Seis poemas galegos*. A poesía de Rosalía está representada por poemas de *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, pero tamén se recollen textos de *A mi madre* e algúns poemas

non coleccionados nas súas grandes obras. Moitos dos anacos seleccionados son en prosa, entre outros: cartas a Murguía ou pasaxes das súas novelas *La hija del mar*, *Flavio*, *El caballero de las botas azules* e *El primer loco*.

A obra está ben fornecida de ilustracións e de complementos que a enriquecen e que tamén enriquecen ao lector. Temos, así, os retratos coñecidos de Rosalía, un plano coa localización dos 22 lugares composteláns, as árbores xenealóxicas da familia formada por Rosalía e Murguía e as das familias materna e paterna dela, fotografías diversas e outras interesantes ilustracións. Ten tamén un apartado de "Bibliografía" e un "Índice". Enriqueceríase, quizais, cun índice dos textos complementarios.

Temos ante nós un libro de manifesta modernidade polo seu orixinal achegamento á vida de Rosalía, ben traballado, atractivo e ameno. Tamén ten un acercamento novo á cidade de Santiago, que imos coñecendo amplamente da man da escritora. Ambas as realidades, Rosalía e Compostela, compleméntanse e enriquécense mutuamente. Santiago por ser patria chica e destino de moitos anos de vida dunha figura de aceptación universal; e Rosalía porque esta cidade tan fermosa, culta e especial, soubo alentala nas súas esperanzas, agochala nas súas coitas e sempre servirlle de inspiración.

A obra paréceme enormemente atractiva, e desenvolta con rigor e seriedade. Unha felicitación para a autora, a profesora Mercedes Espiño Amil. Recomendo a súa lectura e, sobre todo, espero que transcenda tamén como obra técnica literario-turística que sirva de fundamento para que se creen visitas en Santiago inspiradas en Rosalía. *Espazos de Rosalía en Compostela* é unha achega nova e interesante que vén a incorporarse con mérito aos estudos sobre Rosalía.

V. VARIA

Follas novas e a data do nacemento de Rosalía de Castro

Lydia Fontoira Suris
lydia.fontoira@gmail.com

Os admiradores da obra de Rosalía de Castro estamos sempre atentos a calquera novidade que sobre ela se presente, sobre a súa vida, sobre a súa obra, ou calquera outra circunstancia con ela relacionada. Así mesmo nos interesan os estudos ou reflexións que suscita, tratando de coñecela mellor, de comprendela mellor.

Recentemente, en 2021, saíu do prelo, editada pola Xunta de Galicia, unha interesante obra froito das investigacións levadas a cabo por Sagrario Abelleira Méndez, que contén documentación orixinal e descoñecida sobre Rosalía de Castro e Manuel Murguía, titulada *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*[1].

Nesta obra edítase o conxunto do expediente necesario para levar a cabo o casamento de Rosalía e Murguía, que tivo lugar o 10 de outubro de 1858. En total son 12 os documentos. Pero do noso interese neste momento é o que na edición citada leva o número 2. Este documento é moi importante para o coñecemento das relacións entre Rosalía

e a súa nai, das que ata o ano 1997 había non só escaso coñecemento senón tamén unha visión deturpada sobre a actitude da nai de Rosalía, Teresa de Castro e Abadía, con respecto á súa maternidade. Nese ano de 1997 Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda[2] publica na revista *Grial*, o artigo titulado "Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro". O documento ao que fai referencia o título do traballo é o Padrón de habitantes do ano 1842 da vila de Padrón no que figura censada dona Teresa de Castro, convivindo coa súa filla Rosalía, recoñecida como tal no documento, e con María Francisca Martínez. Rosalía tiña daquela 5 anos, así que, dalgún modo, nese documento queda recoñecido que Teresa de Castro era a nai de Rosalía e que se ocupara dela polo menos desde esa idade, sendo aínda bastante pequena.

Pero o documento que nos interesa hoxe, o citado antes como número 2 do expediente de casamento, contén moita máis información, e moi relevante. Trátase dunha acta na que dona Teresa de Castro e Abadía declara que Rosalía é a súa filla natural, e que naceu **o día 23 de febreiro de 1837**, ás 4 da mañá. Esta acta foi outorgada por vontade da propia dona Teresa en favor dos dereitos da súa filla María Rosalía Rita o 13 de xuño de 1843, cando Rosalía tiña 6 anos. O feito de dona Teresa outorgar esta acta de recoñecemento de filla natural débese a que, na partida de bautismo, Rosalía fora inscrita como filla de pais incógnitos, e a nai, con este novo documento oficial, recoñécea legalmente. A acta outorgouse ante o "escribano por su Majestad, notario público" don Ángel Montero y Patiño, que era secretario contador do Gran Hospital de Santiago; (o citado notario foi o pai dos Montero Ríos).

Así pois, dous datos moi importantes, por unha banda o recoñecemento por parte de dona Teresa de que Rosalía é a súa filla, como acabamos de comentar. Pero hai outro dato importantísimo, a data de nacemento de Rosalía, o día 23 de febreiro, complementada ademais coa precisión da hora do nacemento, ás 4 da mañá.

Ata a publicación deste documento, a data que se tiña por certa era a do día 24 do mesmo mes e ano por ser, en realidade, a do bautizo. Chama a atención que xa Manuel Murguía, o seu marido, no *Diccionario de escritores gallegos*[3], publicado en Vigo por J. Compañel en 1862, cando fai a recensión como autora de Rosalía, pp. 148-149, dá a data do día 23 (Fig. 1). Enténdese que Murguía coñecía de primeira man, e previsiblemente tamén pola documentación que comentamos, xa que tiñan recente o seu casamento, ocorrido 4 anos antes, pero o día que callou na sociedade foi o do 24, non sabemos ben por que, xa que o dato non era difícil de conseguir; quizais porque había un documento que aparentemente o mostraba, a citada partida de bautismo, coñecida desde 1944 en que a publicou Victoriano García Martí na súa edición das *Obras completas*[4] da autora, chamándoa erroneamente "certificado de


CASTRO DE MURGUIA (D.ª ROSALIA). Nació en Sántiago el 23 de febrero de 1837, y pasó sus primeros años, en la pintoresca villa de Padron, de donde era natural su madre. En el año de 1858, se casó en Madrid, con el autor de este Diccionario, quien se cree dispensado, por esto mismo, de emitir su juicio, acerca

Figura 1.
Entrada da recensión de Rosalía de Castro na que figura a súa data de nacemento, no *Diccionario de escritores gallegos* de Manuel Murguía, ed. J. Compañel, Vigo, 1862; páx. 148.

nacimiento". É curioso que o mesmo caso se deu co día de nacemento de Castelao, que sempre se considerou que nacera o 30 de xaneiro de 1886, data da súa partida de bautismo, cando en realidade naceu o 29, como demostra a documentación coñecida hoxe.

Este novo dato, o cambio para o día 23 como data do seu nacemento, suscita nova comprensión e nova análise sobre un aspecto concreto dunha obra tan importante dentro do palmarés rosaliano como é *Follas novas*[5], deitando nova luz e novidades de interpretación. Como se sabe por varios documentos, *Follas novas* estaba preparada para se editar xa en 1872, pero non verá a luz ata o ano 1880 en que La Propaganda Literaria a edita, en La Habana, imprentándose en Madrid nos talleres de Aurelio J. Alaria. Rosalía amosa o seu agradecemento á Sociedade de Beneficencia dos naturales de Galicia na Habana por nomeala socia honoraria no momento en que se creara dita asociación, dedicándolles agora esta obra. A dedicatoria abre o libro a toda páxina. Rosalía asina a dedicatoria en Santiago, a 23 de febreiro de 1880 (Fig. 2). Parece claro que a data da dedicatoria (23 febreiro 1880) foi escollida por Rosalía polo seu contido vital. A data da dedicatoria antecede no tempo a outros textos que forman parte do libro: un poema, "San Lourenzo", datado en marzo de 1880, e a introdución á obra, "Dúas palabras da autora", que leva a data do 30 de marzo do mesmo ano. Tal como sabemos hoxe, e como acabamos de comentar, ese día, o día 23 de febreiro, coincide co do seu nacemento.

Coñecemos, por outro lado, que Rosalía firmou a dedicatoria de *Cantares gallegos*[6] á escritora Fernán Caballero o día 17 de maio de 1863, día e mes que coinciden cos do nacemento de Manuel Murguía.

Isto non pode ser ningunha coincidencia. Creo que non debemos albergar ningunha dúbida de que Rosalía deixou encriptada a data do seu propio nacemento na dedicatoria de *Follas novas*, do mesmo modo que en *Cantares* deixara a do seu marido.

OS SEÑORES DA XUNTA DIRECTIVA

E MAIS INDIVIDUOS QUE COMPÓREN A

SOCIEDADE DE BENEFICENCIA D'OS NATURALES DE GALICIA

N'HABANA

Un sentimento de gratitude faime oxe dedicarlles este meu libro. O dia en qu'os fillos de Galicia levaban á cabo n'Habana un d'os seus máis gloriosos feitos (permitaseme chamarlle así, porque tal o creio); o día en qu'entr'o aplauso de todos, fundouse en tan lexana rexion á Sociedade de beneficencia d'os naturales de Galicia, houbo quen quixo santifical'ó seu modo volcando pr'á súa patria os ollos y o corazon, unindo n'aquela obra de patriotismo ó recordo d'un libro que foi tamen ó exaltado fruto d'amor ó noso país.

O xuntar ós nomes d'os fundadores d'a Sociedade, o d'autora d'os CANTARES GALLEGOS *(cousa que lles agradecín por que me vía así unida á obra de caridade máis grata ó meu corazon) xa sey que non foy máis que como un-ha espresion d'amor pr'á patria ausente, qu'eu cantara xa que non en bós versos, ó menos en versos afortunados. Séino ben; máis non por eso deixo de ter n'o que val aquel recordo, e de crérme obrigada á dar á esa Sociedade un-ha pubrica muestra d'o meu agradecemento, xa que pública foy tamen á proba d'estimacion que á mia vez me deron n'aquel día os meus paisanos n'Habana.*

Recíban pois á dedicatoria d'este meu novo libro: trata d'as cousas d'a terra, e vay escrita n'a nosa lengoa. Recíbana, non pó-lo que val, sinon pó-lo que significa.

ROSALÍA CASTRO DE MURGUIA

Socia honoraria da *Sociedade de beneficencia d'os naturales de Galicia n'Habana*

Santiago 23 Febreiro 1880.

Fig. 2
Dedicatoria de *Follas novas* datada o día do nacemento da autora.

Rosalía establece con este acto un elemento máis de vinculación entre a súa obra, as súas vidas, e a loita que desenvolveron ambos pola dignificación e o coñecemento do pobo galego e da súa lingua. É evidente que escolle as datas do nacemento dos dous como unha marca textual que une os dous poemarios, ampliando e pechando ao mesmo tempo aquel círculo estrutural que establecera a "meniña gaiteira" nos *Cantares gallego*s.

BIBLIOGRAFÍA CITADA:

[1] Abelleira Méndez, Sagrario. Seixas Seoane, Miguel Anxo. *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 2021.

[2] Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria. "Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro". *Grial* 1997; 136: 479-501.

[3] Murguía, Manuel. *Diccionario de escritores gallegos*. J. Compañel. Vigo. 1862: 148-49.

[4] García Martí, Victoriano. *Rosalía de Castro, Obras completas*. Aguilar. Madrid. 1944

[5] Castro de Murguía, Rosalía de. *Follas novas*. La Propaganda Literaria. La Habana. 1880.

[6] Castro, Rosalía de. *Poesías: Cantares gallegos, Follas novas, En las orillas del Sar*. 3ª edición, ao cuidado de Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Suris. Patronato Rosalía de Castro. Vigo, 1982.

Ou ti!, roxa estrela: interpretación astronómica dun verso de Rosalía

Martin Pawley
Xabier Pérez Couto
Agrupación Astronómica
Coruñesa Ío

A obra de Rosalía de Castro está chea de alusións á noite e aos obxectos celestes. A muller que escribiu "a luz do día asómbrame, pásmame a das estrelas" debeu ser unha observadora curiosa do firmamento e das súas variacións diarias e estacionais, e por iso a súa voz cantou as mañás ("Vaite noi-/te-vai fuxin-/ do-vente auro-/ra vente abrin-do") mais tamén os solpores, coa luz que agoniza "saludando la estrella del véspero", mención inequívoca a Venus, e as noites negras e escuras.

Unha das máis intrigantes referencias ao ceo da escrita rosaliana atopámola no libro II de *Follas novas*, "Do íntimo", no poema cuxo primeiro verso é "Por que, miña almiña" e cuxos últimos dous tercetos reproducimos segundo a edición crítica da colección Xerais Clásicos (Edicións Xerais, 2016):

> Ou ti!, roxa estrela
> que din que comigo
> naciche, poideras
> por sempre apagarte,
> xa que non pudeche
> por sempre alumarme...!

No seu comentario ao poema, Anxo Angueira desbota interpretacións esotéricas e intúe algunha conexión astronómica: "Máis que indicar a boa sorte no nacemento mediante as crenzas astrolóxicas (nacer con boa estrela), o que aquí cremos interpretar é que sobre a persoa da autora houbo, segundo ela mesma recolle, o dito de que con ela naceu unha estrela e ademais unha estrela especial, roxa. Polo tanto naceu cunha estrela, canda unha estrela". A estratexia, entón, é clara: hai que analizar como era o ceo na altura en que Rosalía naceu e identificar que cousa había digna de mención.

Reparamos, para empezar, na data de nacemento, durante décadas asociada, de xeito errado, á data do bautizo, o 24 de febreiro de 1837. Resolveu de forma definitiva esta cuestión o traballo da investigadora Sagrario Abelleira Méndez, quen localizou o expediente matrimonial de Rosalía de Castro e Manuel Murguía no Arquivo Histórico Diocesano de Madrid. Entre os documentos achegados para o casamento hai unha copia certificada dunha acta de xuño de 1843 na cal dona Teresa de Castro recoñece como filla natural a Rosalía: "la referida niña María Rosalía Rita es la misma que la que otorga dio a luz en el día referido veinte y tres de febrero de mil ochocientos treinta y siete y hora de las cuatro de la mañana". O nacemento de Rosalía sitúanos nun típico ceo invernal, dominado nas primeiras horas da noite polas constelacións dos Xemelgos, o Auriga, o Touro, Orión, o Can Menor e o Can Maior, cuxos astros máis brillantes debuxan o asterismo que chamamos, non por casualidade, "hexágono do inverno". Vermella é Betelgeuse, unha estrela superxigante na constelación de Orión, como tamén o é Antares, no Escorpión, que asomaba sobre o sueste á hora do paristallo. Mais a súa presenza aquel día a aquela hora non ten nada de singular nin de temporal, como parece apuntar o propio poema ("xa que non pudeche / por sempre alumarme"): no que atinxe ás constelacións o ceo non cambia a non ser que consideremos períodos moi longos. Excluíndo a Lúa e os planetas, o ceo dun día calquera de 2022 é idéntico ao equivalente no tempo de Rosalía, coa diferenza -esa si, infelizmente grande- de que na actualidade a contaminación luminosa nos rouba a maior parte da paisaxe nocturna.

Mais o inverno en que naceu Rosalía trouxo unhas efemérides astronómicas que non podían pasar inadvertidas. O 2 de febreiro de 1837 Xúpiter entraba en oposición[1] e uns días despois, o 6, facía o propio Marte, o planeta vermello. Cando se encontran nesta posición os planetas acadan a mínima distancia a nós e vémolos a noite enteira, de principio a fin, co máximo brillo anual. As oposicións de Marte non son fenómenos excepcionais, pois se repiten cada algo máis de dous anos, mais a medida que se aproxima a elas a súa aparencia varía

[1] Dicimos que un planeta está en oposición cando na súa órbita arredor do Sol se sitúa nunha mesma liña recta coa Terra e coa estrela.

notabelmente e fai que pase de ter un brillo discreto a ser un obxecto realmente rechamante. A presenza de Xúpiter a carón de Marte, e aínda máis refulxente, facía a vista merecedora de atención. Os dous planetas fóronse achegando a partir do final do verán de 1836 e xa a mediados de novembro estiveron en conxunción[2]. Durante varias semanas Marte e Xúpiter continuaron próximos no ceo, para entraren en conxunción dúas veces máis en marzo de 1837: foi unha conxunción tripla que non se repetiu até o bienio 1979-1980.

Paga a pena fixarse ben en como foi cambiando o seu brillo nos meses anteriores e posteriores ao nacemento de Rosalía. Valéndonos do planetario de código aberto Stellarium[3], simulamos o firmamento entre agosto de 1836 e setembro de 1837, un intervalo máis ou menos centrado arredor do 23 de febreiro, e recollemos as estimacións de magnitude aparente dos dous planetas, isto é, o brillo con que os veriamos na Terra. A figura 1 representa as correspondentes curvas de variación de brillo: a liña negra representa a de Marte e a liña gris a de Xúpiter. Recordamos que a magnitude segue unha escala logarítmica inversa, de tal xeito que canto máis brillante é un corpo, máis pequeno é o número que indica o seu brillo (e mesmo pode ser negativo). Unha unidade de diferenza na magnitude correspóndese cun brillo 2,512 veces maior (ou, para sermos precisos, a raíz quinta de cen).

Entre o 1 de agosto de 1836 e a oposición do 6 de febreiro de 1837 Marte multiplicou o seu brillo por dez. De



Figura 1.
As liñas negra (Marte) e gris (Xúpiter) amosan a evolución do brillo dos dous planetas arredor do nacemento de Rosalía (liña vertical central), momento no que refulxían con rechamante intensidade no ceo.

[2] Dous planetas están en conxunción cando teñen a mesma ascensión recta, isto é, a mesma distancia angular sobre o plano do ecuador respecto do chamado "punto vernal", a intersección do plano do ecuador co da eclíptica na que o Sol pasa do hemisferio Sur celeste ao Norte. Cando isto acontece os dous astros están moi preto un do outro vistos desde un terceiro que, no noso caso, é a Terra.

[3] https://stellarium.org/

madrugada era neses meses o terceiro obxecto puntual máis relucente, por detrás de Xúpiter e da estrela Sirio (o máis luminoso sempre, Venus, erguíase só ao final da noite como luceiro matutino). O embarazo de Teresa de Castro estivo marcado, pois, polo encontro de dous planetas con crecente esplendor, un deles de clara cor encarnada, e aínda que os respectivos máximos aconteceron unhas semanas antes do parto a súa caída de luz nese período foi pequena. Nunha sociedade moi ligada aos ritmos da natureza parece imposíbel que tal fenómeno celeste fose ignorado, así que non é en absoluto insólito que á nena Rosalía lle contasen que cando naceu resplandecía no alto unha "roxa estrela" (e non esquezamos que na lingua común o substantivo "estrela" pode referirse a un planeta, como ocorre coas formas populares para Venus "estrela panadeira" ou "estrela da fartura"). A falta de sabermos por boca da nosa autora nacional que quixo dicir con ese verso, propoñemos nós como hipótese esta interpretación astronómica.

Achegamos como complemento o mapa do ceo do 23 de febreiro de 1837 ás catro da mañá (figura 2), elaborado a partir da aplicación en liña "Heavens Above", https://heavens-above.com/. Ten algo de xustiza poética constatarmos que a esa hora xa se levantara por completo a constelación do Serpentario e dentro dela a estrela que desde 2019 chamamos Rosalíadecastro, visíbel con prismáticos xunto a Marfik. Isto si que non é unha hipótese, senón un feito: cando naceu Rosalía de Castro estaba no ceo a que agora é a súa estrela.



Figura 2.
Mapa do ceo do 23 de febreiro de 1837 ás 4:00 en Santiago de Compostela.

“Rosalía abríu a fiestra”

Margarita Viso Soto

O autor do poema: o gaiteiro de Soutelo.

Avelino Cachafeiro Bugallo (Soutelo de Montes 26-V-1899; 13-IV-1972) era o director do grupo de lenda “Os gaiteiros de Soutelo” formado por membros da mesma familia. Gaiteiro da Sociedade Artística de Pontevedra, en xullo de 1924 gaña o certame celebrado en Compostela para elixir ó mellor gaiteiro de Galicia. Chegan a gravar seis discos no 1928 en Ourense. Ademais de tocar por toda Galicia, en 1930 realizan unha exitosísima xira por importantes cidades arxentinas como Buenos Aires, Rosario e Córdoba e mais Montevideo levando decorados de Castelao e Camilo Díaz Baliño para as funcións. Estando en Barcelona en 1936 coñecen que estalara a guerra e a agrupación Cultural Obrera de Madrid trasládaos a esta capital para animar a xente. Conseguido pasaporte para ir aos Xogos Olímpicos de Berlín, non pasan de París xa que a parella de baile que os acompañaba non puidera saír de Madrid. Despois dunha azarosa

viaxe de regreso por Portugal, chegan de volta a Soutelo. A partir desta data o grupo vaise disolvendo e a gaita de Avelino enmudece.

No longo silencio musical ata a súa morte, o mellor gaiteiro de Galicia dedicouse a actividades máis prosaicas coma montar un surtidor de gasolina, unha sala de baile, un cine ou unha funeraria. Pero o artista tamén pintaba e escribía poemas. Os poemas foron publicados en 1969 no libro *Voando cas aas da vida*, que levaba unha fermosa portada de Urbano Lugrís e prólogo de Ramón Otero Pedrayo.

O poema

Rosalía abriu a fiestra,
bícana os raios do sol:
mira mulleres con feixes
de xuncos cara ó Padrón.
Elas habían ser de Laiño,
aló o bon xunco se cría
no amor da froeira braña
na lameiriña esquencida.
Rosalía delorida
i amantiña matinaba:
"¡Quen fora como isas mozas
ledas como a frol da ialba!
E choendo as suas vidreiras
o sol e á lua se pechaba...
e nunca máis ¡miña rula!
a doce veiga enxergaba.
Ficou a fala chorosa
que ela, como filla amou.
Erguéndoa a raiña das falas
onde ouvera un curazón...
¡Campanas de Bastabales,
despertai diantes do día,
e voade a bicar os vidros
da Casa de Rosalía!

O autor da canción: Xoán Antón Vázquez Casas

Xoán Antón Vázquez Casas, naceu en Ourense en 1964, aínda que ten as súas raíces en Sobrado do Bispo (Barbadás). No Seminario Menor de Ourense, onde ingresou no ano 1975, contou coa docencia no piano de D. Ánxel Losada Nine, á parte das clases de música normais regulamentadas no ensino oficial. No Seminario Maior contou coa axuda, orientación e referencia de D. Xosé Ramón Estévez Gómez. Ó abandonar os estudos eclesiásticos dedícase por enteiro á música estudando nos conservatorios de Ourense, Barcelona, Santiago de Compostela, Vigo e Madrid, ademais de profesores privados, coma o compositor sevillano D. José María Benavente.
No ano 1993 volve á súa terra dende Barcelona (de onde garda un recordo imborrable do gran compositor Carles Guinovart e a súa dona) e emprende a súa carreira docente no Conservatorio de Ribadavia. No ano 1997 entra como docente de Composición no conservatorio de Ourense, onde estará ininterrumpidamente, salvo no curso 1998- 1999, no que impartirá clases no conservatorio de Vigo. No ano 2006 aproba as oposicións de Composición cun tribunal presidido polo gran compositor galego Juan Durán. Non se pode esquecer da súa

etapa de músico de orquestra de baile, coa Orquesta Melodía de Ribadavia, no ano 1985 e seguintes, xusto ó sair do Seminario, e logo tamén en Barcelona coa Orquesta Discorama. Paralelamente vén exercendo tamén de director coral, practicamente dende que saíu do Seminario, no ano 1985. Actualmente é director da coral Rondalla Alecrín dende o ano 2001. Foi director da Coral De Ruada dende o ano 2009 ó 2021. Paralelamente a estas actividades desenvolve o seu labor compositivo na Asociación Galega de Compositores (dende o ano 2002), á parte da composión para os seus grupos corais-instrumentais e para os alumnos do Conservatorio de Ourense.

A xénese da canción sobre deste poema

Esta obra xurdiu froito da coñecida inquedanza do benquerido Xulio Mosquera pola figura da Matriarca das nosas Letras: Rosalía de Castro. O sacerdote que fora grande activista musical e arquiveiro da Federación Coral Galega era un grande experto e recopilador de música escrita sobre versos de Rosalía así como de poemas de diversos escritores feitos na súa honra. E foi precisamente Xulio quen me propuxo musicar este poema do egrexio Gaiteiro de Soutelo de Montes: Avelino Cachafeiro. Xa dende o primeiro momento me cativou a imaxe de Rosalía que Avelino pretendía amosar: Unha Rosalía na etapa final da súa vida, triste e dorida pola súa enfermidade e outros sucesos, que olla dende a ventá, cunha certa melancolía, as mozas, presumiblemente de Laíño, con feixes de xuncos para vender en Padrón. De aí o ton xeral da obra, en modo menor, aínda que con incursións a tons máis ou menos veciños, maiores. A estrutura xeral da obra achégase a forma Rondó: un Retrouso (non declarado) que se vai alternando con distintas coplas tamén entendidas dun xeito xenérico.

Estrea

Esta canción foi estreada o 28 de decembro de 2011 no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música da Coruña, dentro do Ciclo de Canción Galega de Concerto da Asociación Galega de Compositores. Foron os seus intérpretes o tenor Ramón Farto e mais a pianista Vanesa Salgado.

Nas páxinas seguintes partitura de “Rosalía abríu a fiestra” e, a continuación, unha versión para soprano.

A Xulio Mosquera,
con agarimo. In memoriam.

Rosalía abríu a fiestra

Canto e Piano

Letra: A. Cachafeiro
Música: X. A. Vázquez Casas

2011
Rev. 2021




24
a tempo
mf
p
E - las ha - bí - an ser de La - í - ño, a -
mf
29
lí bon xun - co se crí - a no_a - mor da fro - ei - ra bra - ña na la-mei-
34
rit.
a tempo
ri - ña_es quen-ci - da.
39
pp
mf
Ro - sa - lí - - - a de - lo - - -


45
ri - - - - da i a - man - ti - ña ma - ti -
rit.
50
a tempo
mf
na - ba: "¡Quen fo - ra co-mo i-sas mo - za, le - das co -
f
55
mo_a frol da ial - ba!"
p
E cho - en - do_as suas - vi -
rit.
p
61
mf
driei-ras o sol e_á chu - via se pe - cha - ba...


69
f
p
e nun-ca máis ¡mi-ña ru - la! a do-ce vei - ga_en-xer - ga - ba.
76
p
Fi - cou a fa - la cho -
84
pp
rit.
a tempo
ro - - - - sa que_e - la, co - mo fi-lla_a - mou.
90
mf
p
Er-guén - do-a a ra-í - ña das fa - las on-de ou ve - ra un cu-ra -


96
mf
rit.
♩=82
zón,
on-de_ou-ve-ra un cu - ra-zón.
mf
rit.
p
102
mf
¡Cam - pa - nas de Bas - ta - ba - - -
110
p
mf
les, des - per - tai dian - te do dí - - - - a, e vo-a-de a bi-
116
f
rit.
car os vi-dros da ca - sa de Ro - sa - lí - a
rit.

A Xulio Mosquera,
con agarimo. In memoriam.

Rosalía abríu a fiestra

Canto e Piano

Letra: A. Cachafeiro
Música: X. A. Vázquez Casas

2011
Rev. 2021




2
Rosalía abríu a fiestra
- Canto-
57
E cho - en - do_as suas - vi - driei-ras o sol e_á
64
chu - via se pe - cha - ba... e nun-ca máis ¡mi-ña ru - la!
72
a do-ce vei-ga_en-xer - ga - ba. Fi - cou a fa - la
83
rit. a tempo
cho - ro - sa que_e-la, co - mo fi-lla_a-mou. Er-guén-do-a
91
a ra-í-ña das fa - las on-de ou ve - ra un cu-ra - zón,
98
rit.
on-de_ou-ve-ra un cu - ra-zón. ¡Cam - pa - nas de
108
Bas - ta - ba - les, des - per-tai dian-te do dí - a, e vo-a-de a bi-
116
rit.
car os vi-dros da ca-sa de Ro - sa - lí - a

VI. CASA DE ROSALÍA

Xardíns, plantas e monumentos onomásticos rosalianos en Galicia e alén das fronteiras

Carlos R. Dacal

No Paseo da Ferradura / Compostela, está o monumento onomástico por excelencia da cultura rosaliana en Galicia e alén das fronteiras (Arquivo Fotográfico José Luis Cernadas Iglesias / Wikimedia Commons)

Pensando en verde

Rosalía de Castro foi a Voz da Natureza da Terra Galega no tempo que lle tocou vivir, chea de trazos, de atributos, de singularidades, de esencias, de feitizos, de dons xenuínos. A persoa que mellor cantou e contou o mundo verde do país natal a través das súas paisaxes, dos seus bosques, dos seus campos, dos seus agros, das súas hortas, dos seus xardíns, das súas plantas. Sen esquecer, no caso que nos ocupa e pola importancia que ten, que ninguén como ela retratou e relatou o fenómeno da emigración, triste situación produtora dun éxodo masivo de galegos -forzados pola pobreza, pola fame e pola miseria- á procura dun porvir con máis expectativas e posibilidades.

A comuñón entre Rosalía e as plantas é unha constante na súa vida e na súa obra, cunha cantidade infinda de referencias: "Adiós, ríos; adiós, fontes", "Has de cantar" e "Terra a Nosa" (Rosalía de Castro, 1982), sen dúbida, son composicións modélicas. Entre moito onde elixir, no remate do prólogo de *Cantares Gallegos* (Rosalía de Castro, 1982), a resultas de viaxes e de visitas, a Escritora da Vila do Sar fai unha comparación con outras rexións españolas, que non compiten -así pensa e escribe- coas excelencias e os atractivos de Galicia, onde todo é espontáneo na Natureza e na que a man do home cede o seu posto á man de Deus. Neste contexto, dedica palabras memorables e eloxiosas para a súa terra natal: "¿Qué direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en toda-las estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos, de robres e de salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaíños, vran e inverno, xa polos risoños campos xa en profundas e sombrizas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía».

Como demostración para estimar e medir o grao de conexión e de identificación de Rosalía coa realidade natural do seu país, nada mellor que a reprodución dos primeiros versos dunha poesía entrañable publicada en *En las Orillas del Sar* (Rosalía de Castro, 1982):

> *Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los [pájaros,*
> *ni el onda con sus rumores, ni con su brillo los astros:*
> *lo dicen pero no es cierto, pues siempre cuando yo paso*
> *de mí murmuran y exclaman: Ahí va la loca, soñando*
> *con la eterna primavera de la vida y de los campos...*

Versos reveladores dunha sintonía que se mantivo agarimosamente vixente nas súas entrañas corporais. Rosalía escoita a Natureza, fala e entende a linguaxe secreta das plantas, das fontes e dos paxaros. E a Natureza respóndelle: Ahí vai a louca, soñando... Recoñecendo que quizais haxa que ser un pouco tolo para poder oír e comprender esta linguaxe.

Tanto por razóns de coñecemento, de querenza, de loanza e de gozo, como de defensa, de conservación e de uso como recurso literario, Rosalía é considerada como adiantada e pioneira da ciencia ecolóxica nos lares galegos, como expón e mantén Celso Almuiña (1986) no artigo «Rosalía, Precursora del Ecologismo». Movemento ó que se anticipa coa visión e a descrición

dos valores e das virtudes que caracterizan o medio ambiente, co compromiso acadado cos elementos biolóxicos e xeolóxicos constituíntes, deixando ben patente unha postura e unha mensaxe de inquedanza e de responsabilidade pola problemática derivada de actuacións irresponsables ligadas a intereses humanos. Como botón de mostra, hai que mencionar o poema «Los Robles», onde se amosa a firme e decidida vocación ecoloxista, que se deixa ver pola exaltación das formacións boscosas autóctonas e polo desasosego e o lamento ante a destrución / talla de árbores deforestadora incontrolada.

Desde o seu pasamento, en 1885, ata a actualidade, o universo rosaliano atesoura un conxunto excepcional de manifestacións e de declaracións de memoria e de homenaxe. Evidencias palpables de que Rosalía segue entre nós, sendo obxecto dunha querenza sen igual, mediante sentimentos indescritibles, sensacións perceptibles, emocións entusiastas, evocacións nostálxicas, confesións íntimas. Neste relatorio inxente, a modo de agradable sorpresa, resulta que moitos dos testemuños están conectados co Reino Vexetal, como escenario xeográfico e como fonte de recursos. Testemuños que, debido ó seu amor e á súa inclinación polas plantas, son fáciles de interpretar e de explicar, como xusta e recíproca correspondencia. Polo que se ve, non caeu en saco roto o sentir, o pensar, o facer, o dicir e o escribir de Rosalía dentro e fóra da súa patria. Por ende, ningún escaparate mellor que os xardíns, no Fogar de Breogán e en localizacións do exterior, para honrar e recordar a Rosalía de Castro. Dito con outras palabras, o cosmos rosaliano encontrou na Natureza Verde un instrumento ideal para ambientar e visualizar o culto e a veneración reservados e destinados á Escritora de Galicia.

Libro onomástico rosaliano

Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe (Rodríguez Dacal, 2021) é unha publicación nova, atractiva e suxestiva, que dá a coñecer e pon en valor un tema ata hoxe non estudado nin investigado polo miúdo, cuxo obxecto é o descubrimento, a catalogación e a descrición dos rexistros onomásticos rosalianos, artísticos e botánicos, espallados polo mundo. Rexistros onomásticos integrantes dun patrimonio sen parangón, en número e calidade, avalado tecnicamente pola riqueza e a diversidade, cargado humanamente de sentimento e de morriña, impregnado emocionalmente dunha orla de distinción e de lembranza arredor da vida, do traballo e da herdanza que nos deixou a nosa benquerida Poetisa do Fogar de Breogán. En *Rosalía en Verde* falan os espazos axardinados (parques, xardíns, alamedas, prazas, paseos, cemiterios) por boca das institucións propietarias e do pobo galego. Falan, un por un e todos á vez, como proba da fama e da celebridade desta novelista de elite da literatura española. Falan ó pronunciar os seus nomes, falan coas súas creacións artísticas, falan con árbores e con flores que lles son propias. Desde a erección do Monumento a Rosalía de Castro do Paseo da Ferradura / Santiago de Compostela ata a actualidade, transcorreu un século que deu moito de si no concernente ó acervo onomástico

rosaliano depositado en parques e xardíns, cunha preponderancia máxima para os proxectos e as realizacións do Finisterrae.

Rosalía de Castro non forma parte do mundo dos vivos desde 1885, ano do seu falecemento, pero superado con fartura o século de ausencia física, en verdade, está máis viva que nunca. E iso é así porque a inmorredoira Rosalía, como embaixadora por antonomasia do pobo e da cultura, é motivo continuado de seguimento, de respecto, de empatía e de apego por parte de paisanos, de devotos e de partidarios. Como escenarios de celebración -para expresión de parabéns, de agradecemento e de recoñecemento-, desde sempre, polo uso popular como lugar de memoria e de homenaxe, nada mellor que os establecementos verdes, que acaparan, por unanimidade, a atención de autoridades e de xentes.

Parques e xardíns, monumentos artísticos, árbores e flores... Arte e Natureza Verde en estado puro e sen fronteiras, compoñentes dun catálogo onomástico sen igual, en esencia espiritual e con presenza material, co nome de Rosalía de Castro. Pódese pedir máis? Catálogo que fala moito e ben da resposta cidadá polo mundo adiante, para recordo e como mérito, no contexto da herdanza da incomparable Escritora Galega Universal.

A sabendas de que non están todos os que son, a listaxe seleccionada en *Rosalía en Verde* dá cabida á práctica totalidade de manifestacións, con inclusión das máis sobranceiras e prevalecentes. A pesar dos esforzos e dos empeños levados a cabo no traballo de campo, somos conscientes de que quedan mostras que non fomos capaces de rexistrar, polo que o cómputo total, en boa lóxica, acada cifras maiores. Esta circunstancia, que non mingua nin un ápice a magnitude e o lustre da publicación, convén sinalala e á vez deixar constancia de que a empresa editorial evidencia sen ambaxes un feito incontestable: o legado da Cantora da Vila do Sar ten moitas olladas inexploradas e inéditas hogano. Olladas que, sen présa pero sen pausa, son abordadas desde o mundo do saber mediante novos proxectos profesionais que revelan ata onde chegan a repercusión e a proxección da realidade rosaliana.

Ante este panorama, é o momento de formular unha pregunta. Cal é a causa que xustifica -desde finais do século XIX, poucos anos despois da súa morte, ata os nosos días- a xénese e a produción de monumentos escultóricos, de creacións xardinísticas e de plantacións arboradas que levan o seu nome? Rexistros artísticos e naturais que, un ano si e outro tamén, van crecendo en efectivos, constatando unha práctica recorrente, encomiable e exemplar, sen límites temporais, que mide o nivel de recoñecemento e de afección popular pola benquerida Escritora dos Lares Galegos.

Pregunta obrigada que ten certeira resposta. Co reino vexetal como pano de fondo -emulando o pensamento de Rosalía, que lle outorga á Terra Galega a fisionomía e a condición de xardín-, o inventario onomástico é un argumento sen precedentes de memoria e de homenaxe, de saudade e de lembranza, de amor e de cariño dos galegos e as xentes forasteiras para a embaixadora máis reputada do seu

país, da súa cultura e do seu idioma. Unha patria que transcende do noroeste peninsular español adquirindo carácter universal, espallándose por mor da emigración intrapeninsular e transoceánica.

Patrimonio artístico e natural

Mírese como se mire, polo mostrario de producións, rico e diverso, o mundo é un Museo de Arte e unha Aula da Natureza que confirman a gloria e a grandeza de Rosalía. Producións, repartidas por nacións e continentes (Galicia, España, Portugal, Arxentina, Uruguai, Venezuela), que teñen que ver co papel prestado polas institucións -nas súas distintas entidades (local, provincial, comarcal, autonómica) e sectores (público e privado) con liderado, a teor das actuacións practicadas, para os concellos no plano xeral, e para a Fundación Rosalía de Castro / Casa de Rosalía no dominio particular- e co quefacer dos artistas -arquitectos, escultores, canteiros, técnicos- en favor e para gozo de xentes, entregadas á causa por todo e por tanto, con incontables colectivos e infindas persoas, ateigados de ideas e de propostas, para dar satisfacción ós seus anhelos e ás súas querenzas, de cara ó encargo e á consecución dos proxectos. Entre todos fomos quen de catalogar e de detallar o senlleiro patrimonio rosaliano, para poñelo ó servizo e á disposición do mundo do saber, do tecido social e da colectividade cidadá de países e de pobos, sabedores da favorable acollida nos tempos actuais e pensando na necesidade e na obriga para as xeracións vindeiras.

Sorprenden agradablemente as tipoloxías de expresións artísticas e naturais que compoñen o patrimonio onomástico rosaliano. O cómputo total recollido no traballo de campo contabiliza 85 rexistros. 85 probas de culto e de veneración palpables e contundentes de que Rosalía, en espírito e en esencia, está entre nós, xustificando de sobra o porqué do epíteto dado de «inmorredoira» despois do seu pasamento. 31 son creacións xardinísticas, 23 no país galego e 8 alén das fronteiras. 42 son monumentos artísticos, 30 nos nosos lares e 12 en terras alleas. Os restantes, unha ducia, son elementos florísticos, maiormente en Galicia cunha cita no País Vasco.

No eido artístico, as producións se reparten entre monumentos, estatuas, bustos, monólitos, lápidas, placas, *cenadores*, bancos e tronos. No tocante á bagaxe natural, as creacións xardinísticas están representadas por xardíns, parques, alamedas, prazas, praciñas, paseos e cemiterios. Mentres que as plantacións arboradas destacan polo número de individuos e pola diversidade específica, con figueiras, loureiros, camelias, ombús, eritrinas, sequoias, érbedos, eucaliptos, rosas e formacións boscosas.

Cadro de parques e xardíns onomásticos rosalianos galegos

1	Xardín da Casa de Rosalía	Padrón
2	Xardín de Rosalía de Castro	Fene
3	Xardíns de Rosalía de Castro	Maceda
4	Xardín de Rosalía de Castro	Vilagarcía de Arousa
5	Parque de Rosalía de Castro	Cabanas
6	Parque de Rosalía de Castro	Ares
7	Parque de Rosalía de Castro	Mugardos
8	Parque de Rosalía de Castro	Melide
9	Parque de Rosalía de Castro	Friol
10	Parque de Rosalía de Castro	Lugo
11	Parque de Rosalía de Castro	Burela
12	Parque de Rosalía de Castro	Pontevedra
13	Alameda de Rosalía de Castro	Marín
14	Alameda de Rosalía de Castro	Chapela/Redondela
15	Praza de Rosalía de Castro	Pontedeume
16	Praza de Rosalía de Castro	Ferrol
17	Praza de Rosalía de Castro	Foz
18	Praciña Rosalía de Castro	Chantada
19	Praza de Rosalía de Castro	Vilamartín de Valdeorras
20	Praza de Rosalía de Castro	Nigrán
21	Paseo de Rosalía de Castro	Vigo
22	Cemiterio de Adina	Padrón
23	Xardín Literario da Cidade da Cultura	Santiago de Compostela

Cadro de parques e xardíns onomásticos rosalianos alén das fronteiras

1	Xardín dos Poetas / Parque Tres de Febreiro	Palermo / Buenos Aires
2	Xardín dos Poetas	Miranda de Arga
3	Parque de Rosalía de Castro	Sant Andreu de la Barca
4	Parque de Rosalía de Castro	Villanueva del Pardillo
5	Parque de Rosalía de Castro	Logroño
6	Praza de Rosalía de Castro	San Juan del Puerto
7	Praciña de Rosalía de Castro	Braga
8	Praciña de Rosalía de Castro	Salamanca

Cadro de monumentos xardinísticos rosalianos galegos

1	Monumento a Rosalía de Castro	Paseo do Espolón / Padrón
2	Monumento a Rosalía de Castro	Paseo da Ferradura / Santiago
3	Monumento a Rosalía de Castro	Praza de Vigo / Santiago
4	Monumento a Rosalía de Castro	Parque de Rosalía / Pontevedra
5	Monumentos a Rosalía de Castro	Rúa de Rosalía de Castro / Vigo
6	Monumento ao Rexurdimento	A Ínsua dos Poetas / O Carballiño
7	Estatua de Rosalía de Castro	Avenida Alfonso Molina / A Coruña
8	Estatua de Rosalía de Castro	Praza de Rosalía de Castro / Ferrol
9	Estatua de Rosalía de Castro	Alameda de Rosalía / Chapela-Redondela
10	Busto de Rosalía de Castro	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
11	Busto de Rosalía de Castro	Paseo da Ribeira / Rianxo
12	Busto de Rosalía de Castro	Parque de Rosalía de Castro / Lugo
13	Busto de Rosalía de Castro	Praciña de Rosalía de Castro / Chantada
14	Busto de Rosalía de Castro	Xardín de Rosalía de Castro / Vilagarcía
15	Busto de Rosalía de Castro	Xardíns do Centro Cultural / Moaña
16	Monólito do Xardín do Centenario	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
17	Monólito de Rosalía de Castro	Xardín Botánico de Fonseca / Santiago
18	Monólito de Rosalía de Castro	Praza de Rosalía de Castro / Pontedeume
19	Monólito de Rosalía de Castro	Parque de Rosalía de Castro / Cabanas
20	Monólito de Rosalía de Castro	Xardín de Joaquín Loriga / Lalín
21	Monólito de Rosalía de Castro	Parque da Memoria / Poio
22	Lápida de Rosalía de Castro	Cemiterio de Adina / Padrón
23	Lápida de Rosalía de Castro	Igrexa de Bastavales / Brión
24	Lápida de John Moore	Xardín de San Carlos / A Coruña
25	Lápida de Rosalía de Castro	Praza de España / Lugo
26	Placa de Rosalía de Castro	Alameda Rosalía de Castro / Marín
27	Placa de Rosalía de Castro	Rúa de Rosalía de Castro / Salceda
28	Cenador de Rosalía de Castro	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
29	Banco de Rosalía de Castro	Xardín do Camiñante Descoñecido / Fene
30	Trono de Rosalía de Castro	Alameda de Rosalía de Castro / Marín

Cadro de monumentos xardinísticos rosalianos alén das fronteiras

1	Monumento a Rosalía do Centro Galego	Maracaibo
2	Monumento a Rosalía da Praza de Galicia	Punta del Este
3	Monumento a Rosalía da Praza de Galicia	Barakaldo
4	Estatua de Rosalía da Praza de Galicia	O Porto
5	Busto de Rosalía do Parque Tres de Febreiro	Palermo / Buenos Aires
6	Busto de Rosalía do Parque Independencia	Rosario / Santa Fe
7	Busto de Rosalía da Praza de Galicia	Montevideo
8	Busto de Rosalía da Praza de Padrón	Mollet del Vallés
9	Busto de Rosalía do Parque de Can Mercader	Cornellá de Llobregat
10	Monólito da Praza de Galicia	Tres Cantos
11	Placas do Parque de Rosalía de Castro	Sant Andreu de la Barca
12	Placas da Praciña de Rosalía de Castro	Braga

Cadro de flora onomástica rosaliana

1	Figueira da Casa de Rosalía	Casa de Rosalía / Padrón
2	Loureiro dos Poetas	Casa de Rosalía / Padrón
3	Camelia Híbrida Rosalía de Castro	Casa de Rosalía / Padrón
4	Árbores Onomásticas Bonaerenses	Casa de Rosalía / Padrón
5	Camelias e Rosas da Cama de Rosalía	Casa de Rosalía / Padrón
6	Sequoia Vermella de Rosalía de Castro	Xardín Botánico-Artístico / Padrón
7	Figueira de Rosalía de Castro	Xardín Botánico-Artístico / Padrón
8	Érbedo de Rosalía de Castro	Torres de Hermida / Dodro
9	Bosque de Rosalía de Castro	Monte Veciñal de Extramundi / Padrón
10	Eucalipto de Rosalía de Castro	Paseo da Ferradura / Santiago
11	Figueira de Rosalía de Castro	A Gándara / Narón
12	Figueira de Rosalía de Castro	Viveiro de Martintxune / Erandio

Escenarios xeográficos

Aínda que, en liñas xerais, a distancia e o afastamento con respecto ó lugar de vida do destinatario poden influír negativamente na creación e na instalación de producións conmemorativas, no caso de Rosalía de Castro non ocorre así senón todo o contrario, resultando ser unha circunstancia beneficiosa que xustifica a súa aparición en lugares separados por milleiros de quilómetros do Fogar de Breogán.

A emigración dos galegos -xeradora dun estado de morriña e de nostalxia permanente, lonxe da terra natal, no que Rosalía, por ocupación e preocupación, é referente a seguir- vai propiciar, durante décadas e centurias, unha presenza significativa en xeografías estranxeiras. No caso da emigración transoceánica, liderada polos países suramericanos, sobre todo Arxentina, Uruguai e Venezuela, que achegan excelentes obras artísticas. No tocante á emigración intrapeninsular, a maioría en España e algún en Portugal, tamén temos rexistros, asentados sobre todo na Comunidade de Madrid e en Cataluña, onde a preponderancia adquirida por Sant Andreu de la Barca deixa unha pegada rosaliana inesquecible.

Na Terra Galega -que, en todas as categorías (xardíns, monumentos e plantas), atesoura boa parte dos rexistros-, a medida que nos achegamos ós enclaves vivenciais que marcan o ser e existir da nosa Escritora, a conta aumenta substancialmente, presididos por Padrón e Santiago de Compostela, que comparten os primeiros postos na vida familiar e no traballo cotián. Polo seu patrimonio, Padrón é o núcleo poboacional por excelencia, representado pola Casa de Rosalía -con elementos florísticos (Figueira, Loureiro dos Poetas, Árbores Bonaerenses, Camelia Híbrida e Flores da Cama) e obras escultóricas (bustos e monólito)-, polo Xardín Botánico-Artístico e polo Cemiterio de Adina. Na compaña, por suposto, da Cidade do Apóstolo, que incorpora espléndidas realizacións ó compoñente artístico e á natureza vexetal.

Autorías

Falando de autorías, sobre as creacións xardinísticas e as plantacións vexetais -dedicadas a Rosalía desde o principio ou froito de bautizos nomenclaturais posteriores-, cómpre salientarmos o impagable e plausible papel institucional, público e privado, tanto na Terra Galega como fóra dela. O dominio público está abandeirado polos concellos e as deputacións, mentres que o eido privado ten a Fundación Rosalía de Castro e os centros galegos como valedores primordiais. A implicación das entidades institucionais resulta imprescindible para entender o realce que ostenta a Cultura Rosaliana, sendo determinante na subscrición dos proxectos enumerados e descritos no libro *Rosalía en Verde*.

No patrimonio escultórico, en todas as clases, figura unha relación numerosa de artistas: escultores, arquitectos, canteiros, técnicos. Especialistas, de aquí e de alá, artífices da valiosa colección, ós que o libro lles dá o tratamento e o recoñecemento que merecen. Entre moito onde elixir, citamos a Isidro de Benito e Francisco Clevillés

(Santiago / 1917), a Lorenzo Coullaut Valera (Mondariz / comezo do século XX), a José María Mateos (Padrón / 1957), a Manuel Mallo Mallo (Lugo / 1971), a Manuel Ferreiro Badía (A Coruña / 1991 e Ferrol / 1993) e a Camilo Rodríguez Vidal «Camilo Seira» (Rianxo / 1997). Pola contribución, en termos cuantitativos e cualitativos, é de xustiza resaltar a Escola de Cantería de Poio / Deputación de Pontevedra. O repertorio quedaría incompleto sen alusión ós escultores de producións en terras foráneas (españolas, portuguesas e suramericanas), con nomes reputados do talle de Salvador Barata Feyo (Porto / 1954), Erminio Antonio Blotta Mainieri (Rosario - Santa Fe) / 1966), Julio Manuel Barreiro Rivas «Farandulo» (Maracaibo / 1976) e Juan Carlos Ferraro (Buenos Aires / 1981).

Producións memorables

Vaia por diante a importancia que teñen todos e cada un dos rexistros onomásticos rosalianos, cuxo concurso e concorrencia dan sentido e razón de ser á publicación. Dito isto, a modo de adianto e como invitación, procede facer, nos distintos grupos onomásticos, unha escolla de producións memorables nas que se concentran os trazos fundamentais do acervo patrimonial, que os lectores poden atopar ó abrir as páxinas do libro.

Entre os establecementos xardinísticos, por estrutura e equipamento, o Xardín da Casa de Rosalía / Padrón, o Parque de Rosalía de Castro / Lugo, o Parque de Rosalía de Castro / Sant Andreu de la Barca, a Alameda de Rosalía de Castro / Marín, o Paseo de Rosalía de Castro / Vigo e o Cemiterio de Adina / Padrón son escenarios esenciais. Do inventario florístico, por prestancia e resonancia, no patrimonio vivo, nada é comparable, na Casa de Rosalía / Padrón, á Figueira de Rosalía, ó Loureiro dos Poetas, á Camelia de Rosalía e ás Árbores Bonaerenses (Ombú e Eritrina); e, no Xardín Botánico-Artístico / Padrón, á Sequoia de Rosalía; sen esquecérmonos, no patrimonio perdido, do Érbedo de Rosalía, nas Torres de Hermida / Dodro.

Da inmensa colección artística, por estima e ostentación, temos moito que anotar: Monumento do Paseo da Ferradura / Santiago de Compostela, Monumento do Paseo do Espolón / Padrón, Monumento do Centro Galego / Maracaibo, Estatua da Praza de Galicia / O Porto, Busto do Xardín de Rosalía / Vilagarcía de Arousa, Busto do Paseo da Ribeira / Rianxo, Busto do Parque Tres de Febreiro (Palermo / Buenos Aires), Busto do Parque Independencia (Rosario / Santa Fe), Monólito da Casa de Rosalía / Padrón, Lápida do Xardín de San Carlos / A Coruña, Placas do Parque de Rosalía de Castro / Sant Andreu de la Barca, *Cenador* do Xardín da Casa de Rosalía / Padrón, Banco do Xardín do Camiñante Descoñecido / Fene e Trono da Alameda de Rosalía / Marín.

Cartografía rosaliana universal

En palabras de Anxo Angueira (2021), na presentación de *Rosalía en Verde* -para quen o libro dá conta da proxección da autora tanto a nivel galego como a nivel internacional-, «non deixa de ser así esta obra unha verdadeira cartografía do rosalianismo universal». Frase que di moito,

polos obxectivos e o contido, do alcance da publicación, proxecto ambicioso, ilusionante, entrañable, sentimental.

Consciente da grande envergadura e a difícil abordaxe, no arranque, a empresa parecía pouco menos que unha misión imposible. Reto convertido en realidade grazas ó concurso e a receptividade unánimes de institucións, de agrupacións e de persoas, dos lares galegos e de alén das fronteiras. Testemuño fidedigno de que a nosa «inmorredoira» Rosalía, máis que nunca, segue viva e querida por nós. Tratándose de Rosalía, por ser a receptora e a beneficiaria, ó manifestar as miras e as pretensións do proxecto, encontrei todas as portas abertas, sempre houbo interese e resposta positiva, facilitando en extremo o complexo e laborioso traballo de campo.

Pola listaxe de colaboradores -institucionais e persoais-, que non se reduce a número, quero expresar un agradecemento imperecedoiro por todo e por tanto. Sendo máis explícito, falei con alcaldes, con concelleiros, con secretarios, con bibliotecarios, con arquiveiros, con funcionarios, con escultores, con arquitectos, con técnicos, con xardineiros, con profesores, con istoriadores, con cronistas e demais partícipes. Contactei con consellerías e delegacións da Xunta de Galicia; e con centros galegos, en España e Latinoamérica. Sentindo de preto o amparo da Fundación Rosalía de Castro, pendente do meu quefacer.

O 30 de setembro de 2021 tivo lugar a presentación do libro no auditorio da Casa de Rosalía, cunha grande asistencia de público, cumprindo coa normativa establecida pola Covid-19. Acto no que interviron o autor, Carlos Rodríguez Dacal, o presidente da Fundación, Anxo Angueira, e o responsable de Cultura da Deputación da Coruña, Xurxo Couto. Evento publicitado debidamente pola Fundación e recollido nos medios de comunicación e nas redes sociais. Mención especial para os artigos periodísticos, encabezados por titulares consoantes. *La Voz de Galicia* (Uxía López, 2021): ««Rosalía en Verde» aborda a presenza da escritora en parques e monumentos». *El Correo Gallego* (M. Rendueles, 2021): ««Rosalía en Verde», un libro que percorre a presenza da escritora en parques e xardíns». *Crónicas de la Emigración* (Isaac Otero, 2021): ««Rosalía en Verde», obra del botánico Carlos Rodríguez Dacal».

A publicación do proxecto pola Fundación Rosalía de Castro mete en circulación por dereito propio, entrando pola porta grande, en loor de multitudes, unha historia interminable, con sentido de xesta e a modo de fito. *Rosalía en Verde* descobre, describe e valora o patrimonio botánico e artístico da orbe rosaliana, expandido polo mundo, composto por xardíns onomásticos, por monumentos conmemorativos e por plantas que levan o nome da ilustre escritora. Xentes e institucións, nunha demostración incomparable, son responsables dun inventario de rexistros que expresa a razón de ser e de existir deste libro, no que Rosalía é unha personaxe cosmopolita omnipresente a través de parques, de xardíns, de alamedas, de prazas, de praciñas, de paseos, de cemiterios, de monumentos, de estatuas, de bustos, de monólitos, de lápidas, de placas, de *cenadores*, de bancos, de tronos e de plantas.

Certamente, obras son amores.

DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA

Almuiña, C. (1986). «Rosalía. Precursora del Ecologismo». *La Voz de Galicia* / Colaboraciones, 30 de xaneiro.

Angueira, A. (2021). «Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe». Presentación. Fundación Rosalía de Castro.

Arquivo Fotográfico José Luis Cernadas Iglesias. «A Poetisa Rosalía de Castro na Alameda de Santiago de Compostela». Fotografía / 20 de Xuño de 2010. Wikimedia Commons.

Castro, R. de (1982). *Poesías. Cantares Gallegos. Follas Novas. En las Orillas del Sar. Edición ó cuidado de Ricardo Carballo Calero e Lidia Fontoira Suris*. Patronato Rosalía de Castro.

López, U. (2021). ««Rosalía en Verde» aborda a presenza da escritora en parques e monumentos». *La Voz de Galicia*, 1 de Outubro.

Otero, I. (2021). ««Rosalía en Verde», obra del botánico Carlos Rodríguez Dacal». *Crónicas de la Emigración*, 8 de Novembro. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia. Xunta de Galicia.

Rendueles, M. (2021). ««Rosalía en Verde», un libro que percorre a presenza da escritora en parques e xardíns». *El Correo Gallego*, 3 de Outubro.

Rodríguez Dacal, C. (2021). *Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe*. Fundación Rosalía de Castro.

Un ano moi especial

Hai 50 anos, en 1971, abría as portas a Casa de Rosalía e ó ano seguinte inaugurábase a Casa Museo. A Fundación puxo en marcha a celebración do cincuentenario dun fito que consideramos histórico na Galicia contemporánea.

En pleno franquismo, contra vento e maré, todo o espectro de significación galeguista, desde abaixo, conseguiu primeiro adquirir e logo dignificar e converter nun auténtico referente a casa na que Rosalía falecera en 1885. Foi un proxecto e un proceso que rematou nunha extraordinaria vitoria porque nel se implicou toda a sociedade galega.

Por iso, ademais das celebracións e actividades habituais como o Día de Rosalía ou a Inchadiña branca vela, o propio día do cincuentenario, o 15 de xullo, lembramos as palabras clave do chamamento que fixera Xosé Manuel Rey de Viana no Pedrón de Ouro de 1970 e as de Agustín Sixto Seco reclamando diante das autoridades franquistas a presenza do galego no ensino. Foi un momento realmente emotivo, como emotiva foi a lembranza de Xosé Ramón Barreiro Fernández, expresidente da Real Academia Galega, membro da Fundación Rosalía de Castro e máxima autoridade na figura de Manuel Murguía, que nos deixaba o 17 de marzo. A Rosa de Galicia, póstuma, foi para a súa memoria.

Volvemos este ano co programa "Rosalía en Camiño", que fixemos cadrar co acto institucional do 15 de xullo e co Festival Abride a Fiestra. Nesta edición estivo coordinado por Chus Pato, pertencente á executiva da Fundación, que xuntou un grupo representativo da poesía peninsular, coa presenza de Antón Blanco Casás, Alba Cid, Genaro da Silva e Luz Pichel por Galicia, Anna Gas por Cataluña, Berta Piñán por Asturias, José Rui por Portugal e Tere Irastortza por Euskadi. A publicación dá boa conta da alta calidade destes poetas e do seu diálogo con Rosalía.

Para a conmemoración dos 50 anos puxemos en marcha unha exposición itinerante e exterior, para levar polas prazas e alamedas de Galicia a historia da Casa de Rosalía e que está tendo unha



extraordinaria acollida. Inaugurouse nos Xardíns de Méndez Núñez, na Coruña. O motivo foi que precisamente na Coruña tamén se conmemoraban os 150 anos da presenza de Rosalía e a súa familia na cidade da Torre de Breogán. Alí participamos de diferentes actividades en colaboración co Concello da Coruña e a Asociación Alexandre Bóveda.

Con motivo do Día das Letras Galegas a Casa de Rosalía lembrouse de Xela Arias. A autora viguesa formaba parte do proxecto "Daquelas que cantan", ideado por Ana Blanco con motivo dos 50 anos do Padroado Rosalía de Castro e fraguado nun libro-CD. Con Xela estaban Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Helena Villar, Chus Pato, Pilar Pallarés, Ana Romaní e Yolanda Castaño. Con tal motivo, a Fundación recuperou o arquivo fotográfico de María Esteirán, no que figuraban varias imaxes inéditas de Xela Arias, e celebrou un recital no mesmo espazo en que as poetas foran retratadas. Nel participaron María Xosé Queizán, Chus Pato, Pilar Pallarés, Ana Romaní e Yolanda Castaño. A parte musical do acto estivo a cargo de Rodrigo Romaní, autor da música do proxecto "Daquelas que cantan". Por suposto tamén tivemos ocasión de escoitar a voz de Xela no impresionante poema dedicado a Rosalía: "A de quen comprende non é / palabra feliz".

Pero non todo foi mirar para o pasado. Cadrando tamén coa celebración do cincuentenario, o 15 de xullo púxose en marcha a visita virtual da Casa de Rosalía. Trátase dunha colaboración coa empresa Orestes Comunicación que nos permite abrir portas e fiestras a unha visita inmersiva do interior e do exterior da Casa en 3D, coa tecnoloxía máis avanzada e que se pode realizar en galego, castelán, inglés e francés. Por outro lado conta con corenta puntos de información onde o visitante virtual pode achegarse moi polo miúdo a tódolos contidos da Casa Museo. Pola cantidade de información que se pode atopar no percorrido, é o proxecto máis ambicioso para percorrer un espazo físico, xa non só un museo, que se fixo en Galicia ata a data.

Anxo Angueira –presidente da Fundación– e Xurxo Couto –deputado de Cultura da Deputación da Coruña– nunha visita ás obras do auditorio.

Por outro lado, a Fundación segue a traballar no proxecto europeo *Open Museums*, programa de formación que lideramos e compartimos con socios de Italia, Países Baixos ou Grecia, ademais da consultora Eidosd e a Fundación Novoneyra. Trátase dun proxecto que ten como obxectivo actualizar os coñecementos e competencias dixitais dos traballadores dos museos. Vimos de rematar unha Guía de Competencias que inclúe os coñecementos necesarios para crear visitas virtuais, dotarse dunha política de comunicación dixital e desenvolver tendas virtuais e agora estamos a traballar nun curso en liña a través de módulos prácticos e inclusivos, con casos reais e exercicios prácticos. A finais de ano acolleremos unhas xornadas internacionais en Padrón.

Por último conseguimos o financiamento por parte da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña para que, conxuntamente cos nosos propios fondos, poidamos afrontar a renovación tan necesaria do auditorio. As obras comezaron e está previsto que na primavera deste 2022 se inaugure e celebremos con esta modernización un cincuentenario que é un orgullo e unha alta responsabilidade ó ter presente todo o esforzo e xenerosidade colectiva que houbo e hai detrás da Casa de Rosalía.

Tamén nos fixemos eco da triste nova da morte dun especial amigo desta Casa, Darío Xohán Cabana, e enviamos unha carta de adhesión á Universidade de Granada pola homenaxe que lle rendeu a Andrés Pociña e a Aurora López pola súa extraordinaria traxectoria.

ACUARELAS E DEBUXOS DE ALEJANDRA MURGUÍA

Anexo ao artigo de Patricia Carballal Miñán (páx. 10)

As imaxes incluidas neste anexo foron cedidas pola Real Academia Galega

Fig. 2

En páxina anterior fig.1

En páxinas seguintes figuras 3 e 4

Fig. 5

Fig. 6

Fig. 7

En páxina
seguinte, fig.8

31

Fig. 9.

En páxina
seguinte, fig 10.

Figura 11.

Día de Rosalía

23 de febreiro

*Pazo de Goiáns - Boiro

CONCELLO DE
BOIRO

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Boiro

CONCELLO
DE
BOIRO

CASA DE ROSALÍA
CINCUENTA ANIVERSARIO 50

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO